

CRÓNICAS

DESDE O OUTRO MUNDO



O CURMÁN DE UNDOCHÁN

***Gallaecia:
Quantum magis se
devovet
Tantum in melius floret***

*(Galiza:
canto máis se ofrece
tanto máis se engrandece)*

CRÓNICAS DESDE O OUTRO MUNDO

Se eu fose literato imaxinativo pariría unha serie de improvisadas e máis ou menos desordenadas estampas impresionistas da paisaxe e a paisanaxe que me arrodean. Mais, como apenas, si algo son, é cronista dunha realidade, por máis subxectiva que ela for, limitareime a expor, con tentativa ordenazón lóxica, aspectos que, por contraste, xulgo capaces de orixinaren algún divertimento ou evasión mentais nos máis que improbábeis lectores desta miña tenza de OS CHANZOS.

E logo está o tema: ata que punto pode interesar esta temática ao lector galego? Pois o tempo o dirá: só quero puntualizar que estoutro mundo, que foi chamado Novo Mundo, ten recibido millóns de inmigrantes galegos, desde EE.UU. e Cuba até a Arxentina, coa particularidade de ser este concreto país, o Uruguai, o que, en proporción, ten maior poboación de orixe galaica, moito por riba da denominada Quinta provincia galega, que ven sendo a veciña e desmesurada Buenos Aires, que si, absolutamente, é a que máis dos nosos ten albergado.

* * *

Vintedous meses máis acá... en rematando estas Crónicas, o autor dáse de fuciños co título “Un año en el otro mundo”, de Julio Camba. Cabe supor que ese achádego humorístico que consideraba seu, agardaría durmido no cerebro deste Curmán de Undochán ata que, décadas despóis de telo coñecido, aflorou á superficie, sorrateiramente, para facelo aparecer como un vil imitador...

(Compre reparar, a maiores, como, o que o eurocentrismo chamou o Novo Mundo, o outro mundo deixa de ser esoutro para se tornar este mundo, en canto o viaxeiro chega a el, trocada agora Eurasia, o Vello Continente, na condición de outro mundo, o Grande Charco a separalos... ou unilos).

O Curmán de Undochán

É obrigado deixar constancia do noso aproveitamento de imaxes tomadas de Google, que constituén grande parte das aquí contidas.

ÍNDICE DE TÍTULOS

1. Montevideo: descripción xeográfica
2. Uruguai: descripción xeográfica
3. Inmigración galega I
4. Inmigración galega II: o porto, os boliches
5. Flora I
6. Inmigración galega III: os exiliados
7. Fauna
8. Portunhol I. O tango I
9. Toponimia americana
10. Montevideo: nomenclátor galego I
11. Máis tangos II. Baioneses
12. ¡Gallego! Colectivos galegos
13. Papaventos no solpor
14. O mate
15. As duas Galicias americanas
16. Portunhol II
17. Tres bustos de galegos
18. Apelidos galegos no Uruguai I
19. Batallas bélicas e culturáis
20. O país menos español e menos americano
21. Os uruguaioes escriben sobre Galicia I
22. Os correos coloniáis. A Patagonia
23. Flora II

24. Unha capital provinciana. A *art déco*
25. Uruguai laico I. Montevideo papal
26. O fútbol
27. Dous galegos asasinados
28. Os masóns galaico-uruguaianos
29. Os palacios galegos I
30. Uruguaio en España
31. Uruguai laico II. O calendario
32. Vellas pedras. A farola barcelonesa
33. Os tres Pepes
34. Inmigración galega IV: os comercios
35. Galegos de paso I
36. O cóndor e outros bechos no armorial universal
37. Montevideo: grupos escultóricos
38. Azul ou celeste na Vexiloloxía
39. Os palacios galegos II
40. Médicos galegos no Uruguai
41. Borges. A auga tónica *Paso de los Toros*
42. Apelidos galegos no Uruguai II
43. Flora III
44. Galegos de paso II
45. Os falsos maragatos
46. Montevideo: nomenclátor galego II
47. Escritores uruguaio de orixe galega
48. O tango III. O *vesre*
49. Os obxectos migrantes

50. O *vals criollo*. O floclor musical
51. Domingos Ferreiro, gaiteiro
52. O que América déu, o que déu Europa
53. Uruguaio polo mundo
54. Lautréamont, Dumas, Hudson
55. Darwin
56. Nomes de pía uruguaio
57. Maroñas en Montevideo
58. Miñenses en Montevideo
59. Galegos con apelidos non galegos
60. Teatro galego en Montevideo
61. Dous futbolistas. Os Varela
62. Media ducia de editores galegos
63. Un país cosmopolita
64. Prensa galega en Montevideo
65. Unha de cemiterios
66. Os uruguaio escriben sobre Galicia II
67. Dous coleccionistas
68. Dous revolucionarios
69. Dous emprendedores
70. Dous fotógrafos
71. Cristos, virxes e santos
72. O Río da Prata
73. 4 + 4 pintores
74. Dixeron sobre Montevideo
75. Dous galegos *realistas*

76. 4 mulleres 4
77. Apelidos galegos? E apelidos galegos!
78. Intelectuáis e artistas españois por Montevideo
79. Os uruguaioes escriben sobre Galicia III. E desde Compostela
80. Dous cegos de antano
81. Presidentes: 11 + 3 non dá 14
82. Castelao e o Uruguai
83. Tres, seis e trinta e tres
84. Fidalgos emigrantes
85. Unha Iberia americana?
86. Algúns mexicanos, peruanos, uruguaianos
87. Cantigas de onte e de antonte
88. 7 apelidos galegos históricos e persistentes
89. 4 exiliados de luxo
90. *Estancieros* e filántropos
91. Músicos uruguaioes de xinea galega
92. Lorca e o Uruguai
93. 12 + 1 narradores uruguaioes do XX
94. Nomes galegos do Uruguai
95. A coruñesa Celedonia: de vitimaria a vítima
96. Antigas familias galegas... *repetidas*
97. Dous docentes precursores
98. De *boliches* e cafés
99. As Xornadas Patrióticas Galegas de Montevideo
100. A cidade uruguaia vai-vén e a galega Tui

I. Montevideo: descripción xeográfica

Esta realidade é o que estou vivindo nun noveno e último andar dunha *torre* esquineira e marítima orientada ao sul, val dicir ao Rio da Prata, de xeito que teño á dereita, a 3 quilómetros, a cidade vella de Montevideo e á esquerda e á fronte, a primeira dunha chea de praias que se prolongan até o quilómetro 16, contidas pola Rambla (paseo marítimo).



Nesta praciña fronteira da miña vivenda, ubícase e albíscase un busto de Amado Nervo, que morreu aquí ao lado, sendo embaixador do seu país (1919).

Neste hemisferio o sul é o desapacíbel e o norte o amábel: ao meridión fican a lonxincua Patagonia arxentina ata o polo austral, e a setentrión todo o cálido subcontinente sulamericano, señoreado pola Amazonía brasileira e prolongado ata o Caribe de tan boa sona turística, dun océano ao outro, claro é.

O vento daquí –que cando é violento chega a moverme o piso- en nada desmerece ao da Coruña, por pór un exemplo ben coñecido. A climatoloxía é abondo variada:



segundo o dito popular, nesta cidade ben se poden dar nun mesmo día as catro estacións... Para compensar, o sol é algo máis queimante que na nosa Galiza, e máis tendo en conta que no sul do planeta é particularmente agresivo o burato de ozono.

Para rematar con esta descripción xeográfica, compre explicar que a urbe que teño á dereita comprende dúas zonas ben definidas: a “Ciudad Vieja” na península propiamente dita, e a que foi “Ciudad Nueva” e acabou sendo o Centro, seguida, ata este punto onde escribo, polo barrio de “El Cordón” (cordón que denominaba a corda imaxinaria que antano separaba o campo de marte do resto da urbe en expansión).

A porción costeira do Centro denomínase “barrio Sur”, entanto “El Cordón” sur comprende o “barrio Palermo”. (Este Palermo orixinouse nun establecemento comercial, “Nuevo Palermo” propiedade dun indubidábel palermitano, ao contrario do Palermo porteño, cuxo nome tivo orixe nun dos primeiros poboadores, en 1580, que, procedendo da capital siciliana, levaba ese topónimo por alcume).

En falando de países independentes, o Uruguai viña sendo o máis pequeno de Sud América... ata que Surinam se independizou (1975). Pola sua banda, Benedetti escribiu que Montevideo era a capital máis austral do planeta... obviando a Wellington neozelandesa.

II. Uruguai: descripción xeográfica

O Rio da Prata! Marítimo, dixeran antes. E é que pouco ten de río e moito de mar: o seu nome prehispánico ben o definía: Paraná Guasú, é dicir, Paraná grande, porque, na realidade, é o estuario deste río argentino. De tal xeito é grande, que non se dá visto desde unha ribeira a oposta. Así é como digo que a min me parece máis mar que calquera das nosas rías, que, sendo entradas do mar, teñen a beira da outra banda ben á vista.

Falei da capital do país (equivalente en demografía a 5 Coruñas ou Vigos) que é o



concreto que teño para describir, e agora tócalle ao país, que ven sendo (no seu grande resto) o abstracto, ou por millor falar, o que non vexo. País pequeno, para as enormes magnitudes americanas, máis aínda ao estar enclavado entre os dous xigantes, Brasil (ao norte) e

Arxentina (a oeste e sul). Mais, en comparándoo coas dimensións dos estados europeos, non é tan cativo: fai por dous Portugal e, en tempos escolares, faciánnos ver como nel collerían, en conxunto, países tales o Benelux máis Suíza e Dinamarca... (Algo semellante, na chovinista visión, do que co citado Portugal acontecía ata a fin da súa ditadura, o cal, sumado a Angola e Mozambique, abranguía Europa toda).

Como a Galiza, país dos mil ríos, mais sen a potente orografía galega, é fértil e frecuentemente inundábel, maismente polas crecidas dos dous grandes caudais (o Uruguai, que o separa do país arxentino, e o Negro, que o parte á metade) e os seus afluentes, modestamente calificados de "arroyos", mentres na nosa terra chamamos río

(outra volta as magnitudes diferentes) a tanto pequeno curso fluvial.

Na mesma medida, as serras e "cuchillas" do país apenas superan os 500 metros de altura, e iso as máis elevadas (o emblemático Cerro montevideano é ben cativo). Por iso é que non hai, como si pasa co veciño do oeste, fronteiras naturais co inmenso país brasileiro, que de sempre tentou,

mesmo cando colonia portuguesa, incorporar ao seu este territorio feraz, ata topar co Rio da Prata (como testemuña máis chamante aí está a polos lusos

fundada en 1680, Nova Colónia do Sacramento -ver mapa-, hoxe simplemente Colonia del Sacramento), o que provocou a mesmísima fundación de Montevideo (1726-1730). Mesmo caíndo o territorio, recién liberado da coroa española, en mans do daquela reino de Portugal e, a seguido, do flamante imperio do Brasil: (como Gibraltar en España, o só enclave colonial dun país europeo noutro país europeo) único caso de colonia sulamericana doutro país sulamericano... endebén fose por contados anos.




O Cerro que deu nome a Montevideo e a súa fortaleza

Frase extemporánea (traducimos): “Os galegos non só trouxeron con eles as suas romaxes e as suas gaitas. Chegaron coa súa inquietude cultural superior, a súa vocación humanística. Ombreiro con ombreiro, os galegos e os uruguaio constrúen un país, edifican un destino colectivo, petan nas portas do futuro”. Daniel Vidart, 1961.

III. Inmigración galega I

Redondeando o dito e malia o dito: este Río da Prata tórnase río cabal cando as tormentas do pai Paraná arrastran as súas augas medradas ata aquí, facendo do Prata un “río marrón”, como intitulou (“Poemas del río marrón”) o finado amigo Rolando Faget, un uruguaio que por certa ponla viña dun Tajes camariñán emigrado no século XVIII: moi impresionado quedou cando o levei polas terras do seu ancestro, impresión reflectida nunha súa conferencia que deu en Montevideo, baixo o título de “El alma está en Galicia”.

Aquelas tormentas, cando operan no propio Prata chegan a crear ondaxes moi grandes, tales as do Orzán coruñés, cos destrozos urbanos inevitábeis. Entón, este río marrón (ou leonado como gustan eufemistizar outros), non é apto para o baño en tanto



non recupere a cor grisazulada decotío e a salinidade que o mar lle devolve.

A este río como mar chegaron, durante dous séculos longos, miles e milleiros de galegos: daí que sexan chamados *gayegos*, *gaitas* ou *yoyegas* -isto no argot do vesre/revés rioplatense- todos os españois. Con todo, as nosas xentes non estiveron na fundación desta capital, que foi formada con porteños veciños e afastados canarios, estes en moita maior medida no XIX, lonxe das primeiras dúas camadas sucesivas (1726, 1729).

Será apenas vinte anos despois desa fundación, cando chegan galegos, primeiro en goteo (maiormente soldados), logo en masa. E tamén moito canario máis, ata o punto de hoxe chamarlles canarios aos habitantes dos territorios rurais colindantes (a formaren

o departamento -digamos provincia- de Canelones, eminentemente hortofrutícola)... e, ben máis adiante, dándolle apelativo de canario, cun chisco de bulra, a todo individuo do interior. Aclarando: do interior é todo o que non é da capital, equivalendo, daquela, ao que por aí se chama provinciano.

Curiosamente, logo dunha primeira etapa, en que os galegos se internaron no Uruguai profundo (antes e despois da independencia -1828-1830), en moitos casos convertidos en *estancieros* pioneiros (terratenentes), acabaron en grande parte abandonando o terreno, entre outros, aos bascos e, por suposto, aos brasileiros, que seguiron invadindo (agora pacíficamente) o norte desta república limítrofe do seu Rio Grande do Sul, estado (un 150% máis extenso que o Uruguai...) creado a costa de territorios que foran españois e, portanto, destinados a seren uruguaíos (ou uruguaianos como eu prefiro).



Así foi como Montevideo
reuníu o groso daquela
inmigración nosa... ata os

Velaí unha romaxe galega en Capilla de Farruco, no departamento de Durazno, monumento histórico, parte da estancia-fortaleza de Francisco Rodríguez (natural de Paraños-O Coveló, 1746).

anos 1960, que marcan o cabo do Uruguai como destino, desde esas datas suplantado por Venezuela e máis tamén por Europa.

Nota extemporánea sobre os femicidios: España, 1/1.000.000; Uruguai, 1/100.000...

IV. Inmigración galega II: o porto, os boliches

Non me queda outra que tornar ao mar! (Será a miña afeizón que me fai dicir que, así sexa París, unha cidade sen mar non me serve). Esa mar oceánica que fica 130 km. ao leste desta capital, onde as convencións xeográficas determinan que o Río da Prata (nome, por certo, que lle daban e dan os lusobrasileiros) remata no accidente xeográfico onde se



asenta a cidade de Punta del Este que, con Mar del Plata (Arxentina) e Viña del Mar (no Pacífico chileno), conforma a triada dos balnearios do chamado Cono Sul. O océano uruguaio, pois, chega ata os límites co Brasil.

O porto de Montevideo está ao norte da Cidade Vella. E nel xa marcaron presenza os galegos decimonónicos, formando na colla de estibadores (*pandilla de changadores*). Mesmo no aspecto estritamente marítimo, famoso foi Benito Borrazás (Coruña, 1854), capitán que dedicou longos anos ao salvamento de náufragos, ao punto de co tempo

(1957) levar o seu nome a embarcación que a tal cometido se dedicaba.

Se non for no peirao, moitos galegos xa se instalaban na propia Cidade Vella,



primeiro como dependentes, despois como donos de *almacenes* e *boliches*, isto ata ben entrado o século XX. Almacén é o equivalente ao ultramarinos español. Boliche denomina unha vinería, que tamén podía facer parte do almacén (logo se chamou baar ou bar). A *pulpería* viña a

De 1931 é este bar fundado polo galego Jesús Tasende

ser un almacén e boliche, todo en un, no medio rural.

(Como non lembrar a un *almacenero* eminente, ao que lle quedaba pequeno o negocio, cal foi D. Antón Crestar Faraldo, un culto activista fundamental do galeguismo nesta beira do Prata, que nos anos 80 foi homenaxeado no seu Miño natal: ideas suas foron as Xornadas de Cultura Galega -desde 1956- ou o encargo da cabeza de Castelao que acabou instalada en Rianxo, pola primeira volta na nosa terra. Como exemplo de *bolichero* venme ás mentes Manolo Touriño, de Agudelo-Barro, ao que o lexendario cantautor Alfredo Zitarrosa lle dedicou unha peza, na que intercala anacos en galego tales "Polo río abaixo vai"... ou "Tua nai non o ten"...).

Moreas de boliches esquineiros, dos que aínda resta un comprido número, marcaron a vida dos montevidEOS: difícil era que tras do mostrador (ou *estaño*) non estivese un pachorrudo galego. E os nomes de onte e de hoxe, quer do apelido, quer da aldea do dono, así o cantan: Outes, Don Trigo, Castrobó, Facal, Torrado, Coristanco, Tasende, Añón, etc., etc. Aí se catába e cata a grapa (italianismo que se impuxo ao noso

augardente ou oruxo), grapa con limón; mais tamén a cana brasileira, amén da infinita gama de beberaxes de toda caste... isto sen saírmonos do consumo tradicional e enxebre.

Nota extemporánea: "El lunes remata Taibo/ y cuando Taibo remata/ todo el mundo gana plata" (rematador ou martillero: subastador de toda clase de enseres; o anuncio é histórico).

V. Flora I



Plátanos centenarios desde o meu 9º andar...

Esta primavera austral madrugou o florecemento das árbores. Tanto, que ao chegar eu xa pasara o tempo florido dos *plátanos* que protagonizan a flora urbana montevideana, xeralmente rexeitados pola peluxe cor de ouro vello que

botan xenerosamente e causa

conxuntivites a cachón. A maiores, as suas e as raiceiras horizontais doutras árbores, como os autóctonos *paraísos*, esbandallan os paseos das ruas (*veredas* no español do país), levantando as lousas que é un mal endémico nesta tan dispersa como hiper arbórea urbanización.

Si puiden gozar da florescencia lila das *jacarandás*, miñas predilectas, seguida da amarela das *tipas*, a estraren aceras e calzadas cun manto tan vistoso como molesto para os porteiros de fincas e barrendeiros. Como amoladora é a caída das follas en toda estación, agás no desfollado inverno, por mor dos fortes ventos a quebraren as ponlas... por suposto moito máis mesta a follaxe no outono.

Logo, cara a ese outono, virán os *paloborrachos*, coa sua espectacular eclosión de grandes flores rosadas e os seus troncos espiñentos e cun feitío abombado, semellante a unha botella, que foi tal vez o causante do seu nome popular... e son aínda máis invasivos do chan, mesmo a produciren perigosos esbaramentos dos peóns. Todas tres árbores autóctonas das Américas, como o *ombú* (a *bela sombra* dos brasileiros, do cal temos un

exemplar nos xardíns coruñeses, sen dúbida prantado por algún *americano*), o ceibo (do que tamén hai un representante na Casa de Rosalía) ou a palmeira, esta con máis dunha variedade americana.

Hai, porén, un arbusto do que só vemos nas ruas capitalinas as suas flores, pois pertence ao ámbito dos xardíns privados (sendo moi explotados comercialmente), cal é o xasmineiro, que dá esas a xeito de gardenias xigantes chamadas *jasmín del Cabo* (por proceder antano do Cabo de Boa Esperanza, beiras dun país que fica á mesma latitude xeográfica que este que nos ocupa). O seu recendo findaneiro nas esquinas urbanas é ben gorenteiro, tal o doutras variedades locais, como o delicado *jasmín del país* ou *de lluvia*, coas suas pequeniñas flores tamén brancas. Hibiscos e adelfas completan sen a esgotar a flora da cidade.

Tamén madrugueira por estes lares é a luz do día: pergúntome por que para uns poucos amañece ás 5'30... sendo que para uns moitos anoitece xa ás 20'30, isto cando os días máis longos? Aqueles madrugóns da flora son naturais, en canto este adiamento nos reloxios é artificial, como produto de quen mando no conto... e tan deslocado como o atraso horario da Galiza nas interminábeis tardiñas de xullo...

Todo este arborado, a formar as típicas bóvedas –máis propias que serían de estradas rurais que de ruas urbanas-, asombra aos visitantes, mesmo aos veciños do sul, e entre eles a aquel coruñés porteño, Adolfo Rey. que rexistrou no seu ampuloso e retórico “Notas de verano” (Buenos Aires, 1914), “el arbolado magnífico” de Montevideo... frondosidade da que lle falei ao alcalde Gelo Seoane, ao admirar a luxuriante riqueza vexetal de Oleiros, cando a festa en celebración do meu amigo Nacho Taibo.



Versos ad hoc: “Jacarandás de mi pueblo/viento lila entre las ramas...”, que dixo o poeta.

VI. Inmigración galega III: os exiliados

Despóis do telón botánico destoutro día, tornarei ao elemento humano do Uruguai e concretamente aos inmigrantes a estas ribeiras. Penso, máis unha volta, nos que aquí arribaron no tempo da I República española, exiliados non tan dramáticos como os do franquismo de seis décadas posteriores (é de mencionar o ensaio de Marañón acerca das periódicas expulsións dos seus mellores elementos que España fixo durante a súa axitada historia de país en tanta medida malogrado).

Esa cumprida camada estaba composta por profesionais que exerceron un papel



Figura case heroica, José P. Varela Berro, o Reformador do ensino, neto do coruñés Jacobo Varela

fillos daqueloutros, que levaban nomes de pía evocadores das glorias españolas, recentes ou remotas, tales os irmáns Daoíz, Velarde, Ibero, Sagunto e Medulio Pérez, fillos dun Pérez Bugallo noso, exemplos abondo contundentes!).

Está por facer, que eu saiba, a historia desta inmigración se non masiva si influínte no seu tempo. Aí están os mestres, galegos ou non, Frade, Campos ou Nieto; profesores ou avogados como Becerro de Bengoa ou Suñer i Capdevila; médicos tal Espínola, editores como Vázquez Cores... por non dar máis que unha manchea ben curta, que me leva, inevitabelmente, ao famoso Castro López de Buenos Aires. Non é de estrañar, pois,

fundamental no
erguemento do nivel
cultural do Uruguai,
cando aínda se
estaba fundando a
Universidade da
República. (Aí atrás
había intelectuais, xa



que aquí, aos meus pés, xunto á praza Galicia esté o espazo I República española.

Coa caída da II República (que tamén ten a súa grande praza na vila

veciña de Santiago Vázquez, onde, por certo, se ergue un monolito, gêmeo do que hai en Morata de Tajuña-Madrid, en honra dos brigadistas uruguaiois na guerra española) pasou algo semellante, inda que, respecto dos intelectuais, agora outros foran os países principais de destino, particularmente, como é ben sabido, Arxentina e México.

Tamén está por construírse o estudo dos encadeamentos de emigrantes en base ás zonas de procedencia: uns primeiros deslocados decimonónicos chaman a familiares e paisanos; os sobriños galegos veñen xunta os tíos xa ben situados... e tantas veces acaban casando coa curmá crioula: así os importantes De Castro de Dodro, afastados parentes de Rosalía.

A bisbarra estradense no XVIII e o Val Miñor e Bergantiños no XIX e XX son algunhas das áreas que deron milleiros de valentes en procura dunha vida millor; primeiro homes, máis tarde mulleres e cativos. Mais tamén Coruña-capital, que ten tanto protagonismo na historia uruguaiana, como o demostran os que eu dei en chamar “Os sete de San Nicolás”, por teren sido ali batizados, resultando próceres eles mesmos, xunto a outros que fundaron familias con membros de moito destaque.

Entre aqueles: José Pérez Brito (nado en 1753), Antonio Pereira Moscoso (de 1756), Joaquín de la Sagra (de 1784, irmán maior de Ramón) e Antonio Díaz Castañón (nado en 1789), e, entre os últimos: Manuel Vázquez Senra (de 1752), Jacobo Adrián Varela (de 1758) e Pablo Blanco Agruña (nado en 1812): as familias Brito del Pino, Pereira Buxareu ou Acevedo Díaz, Vásquez Acevedo (sic), Varela Berro ou Blanco Acevedo deles

proceden e marcaron fitos no devir da novel república platense.

Frase publicitaria de antano (non sabendo a que se dedicaría este galego oriundo): “En la vía asombrado/se paró el ferrocarril/para ver a Morgade/lo que tiene por allí”.

VII. Fauna

Falei de botánica: agora quero dar algunha pincelada de zooloxía americana



(uruguaia sería reducionista: os bichos, como os castros, non saben de fronteiras).

Velaí o *benteveo*: estamos perante un termo do portuñol, o coerente sería *bienteveo* –como reza o cartel do bar coruñés fronte ao estadio, imaxe incluída-, vocábulo inexistente, ou ben *bentevejo* (portugués)... tamén non usado... mais é o caso que os brasileiros din bem-te-vi, que é o máis achegado ao canto do animalíño do antifaz, val dicir, évos un sustantivo onomatopeico endosado a este simpático paxaro con nome científico do máis pavelo: *pitangus sulphuratus*,

da familia *tyrannidae*! A verdade é que o seu forte berro se pode escoitar en toda a Sulamérica atlántica e, por suposto, nas cidades verdecentes como esta. Outro bichiño alado senlleiro é o *hornero* (portugués: forneiro/Joao-de-barro): pasma o seu niño esférico simulando un forno!

A *cotorra argentina* (así a vin denominar en España!) é outra ave abundante na urbe e en Sulamérica toda, que aquí é tamén chamada *lora*: polo seu coñecemento universal non merece agora unha descrición, somente establecer que o de arxentina é un outro reducionismo xeográfico para este estridente parlanchín que non chega a ter a policromía do papagaio.



Ave menos urbana, inda que domesticábel, é o *terutero* ou *tero* (portugués: *quero-quero*), con esoutro nome onomatopeico: é unha zancuda pequena moi simpática. Si se poden albiscar acotío, nas rochas, igual que nas penas galegas, os corvos mariños, aquí chamados *biguás* (guaraní) e no mundo castelán-falante *cormoranes*, comúns, como as gaivotas nestas ribeiras. (Nada direi das pombas, rulas e gorrións de patria universal).

Anecdótico é o nome do “güisqui de la perdiz” que se lle dá nas Américas ao *The famous grouse*, que en bó idioma noso non é outro que a pita de monte (o castelán *urogallo*), que os escoceses fixeron así mundialmente coñecida: quen comezaría con tal despropósito, en que punto do subcontinente hispano-falante? (Isto para compensar as inexactitudes do colonizador español, como veremos xa).

Pois aí están, desde os remotos días da conquista, as traslaciós dos nomes españois a animais americanos, así: o león (*puma*), o tigre (*jaguar*, cos seus parentes *jagueté* e *jaguaritica*) –hoxe extinguidos



Preséntovos ao bó do capivara

no país e aquí escritos *yagueté*, etc.-, o zorrillo cheirento (*jaguané*), a avestruz (*ñandú*) ou a *comadreja* –por outras latitudes *zarigüeya*-, un marsupial que non é tal no caso da nosa doniña ou donicela. E a *mulita*, nome abondo inapropiado dado ao *armadillo*. Outro bicho curioso, segundo din, “o roedor máis grande do mundo”, é o *carpincho* ou *capivara*, manso e abundante habitante das ribeiras fluviais... sen esquecermos seus veciños os *coipus*, tamén chamados *nutrias*, que nada teñen que ver coas homónimas lontras europeas.

Por suposto que cos mamíferos adentrámonos, sen querelo, no ámbito estritamente

rural.

Pero non quero rematar sen falarvos doutro ser de nome en portugués e tradición europea trasplantada -e tan nosa!-, aonde lobos non hai: o lobizón (lobishome), é aquel sétimo fillo varón consecutivo que, os venres de luar, se torna en monstruoso animal depredador... fenómeno e nome que dá a pista da viaxe lingüística do licántropo desde Galiza e Portugal-Brasil: o carnívoro cánido máis semellante sería o *aguará-guasú*, unha mestura de raposo e lobo, case extinguido... como o propio mito.

Lobos hai, mais lobos mariños (que mesmo dan nome á *Isla de Lobos* platense), cuxa pel foi industrializada e moito, despóis de grande carnicería, hoxe afortunadamente enmendada. E, outra vez terra adentro, apenas resta, nesta síntese subjectiva, o *guasú-virá*, especie autóctona de veado.

Frase extemporánea: Parafraseando “El sur (do continente) también existe”... O norte (do país) tamén existe (pois o Uruguai setentrional, como a Galiza oriental, é o menos avanzado).

VIII. Portunhol I. O tango I



“Since 1881”


Veríades como a linguaxe fronteiriza uruguaiano-brasileira chamada portunhol está presente na fauna. Pois tamén o está na toponimia. Velaí a cidade de Fray Bentos, que nos está a falar dun misioneiro luso-brasileiro, frei, coa versión Bentos (tales os nosos Mingos ou Paulos) equivalente ao Bieito galego. (Famosa foi, nas fames da II Guerra Mundial, a carne e mais o

extracto de carne enlatados procedentes da fábrica local, o Frigorífico Anglo, hoxe xa somente museo, declarado Patrimonio da Humanidade en 2015). Isto lémbreme un bar do Ventorrillo coruñés, dalgún retornado *americano* da década dos 60, que dicía: Fray Vento, o que nos dirixe de cabeza ao Mesón do Vento (que se adoita explicitar como un establecemento cuxo dono sería un Bento, probabelmente portugués).

Algo disto sucede coa vila (e departamento) de Paysandú, que se quer orixinario dun outro misioneiro padre Sandú (nome este guaraní), e nós aventuramos proceda dun pai-de-santo, isto é, dun a xeito de sacerdote-curandeiro do culto afrobrasileiro, culto vixente e vizoso aínda hoxe. Aí temos os paes e maes-de-santo protagonizando, estoutro día 2 de febreiro, a festa marítima de Iemanjá, que non é outra que a sincretización da Stella Maris cristiá, quer con aparencia indíxena, quer con aspecto afroamericano: esa noite as praias éñense con ofrendas, ritos e fogueiras, estas evocando irremediabelmente as luminarias europeas do sanxoán.

Outros portuñolismos danse, tan cotiáns como inadvertidos, por exemplo, nas expresións “yacumensa” (já começa, dos candombes afrouruguaiois) ou “La cumparsita” (diminutivo de “comparsa”), con esa pronuncia propia de portugués e catalán, que fai “u” o “o” átono, verbigracia, apelidos como Coelho/Cuello ou Colomer/Culomé, respectivamente (ambos relacionados con senllos animais: *conejo*, *paloma*), segundamente pronunciados nas linguas nais e eventualmente escritos así en español. Outro exemplo é a erva e té “marcela” (sic), deturpación de macela=*manzanilla*.

O “rei dos tangos” lévame a clarificar o termo “tango argentino”, unha apropiación



Bandoneón en aceiro-cortén homenaxeando a “La Cumparsita” centenaria, na céntrica praza de Gerardo Matos Rodríguez, seu autor (de oriundezluso-canaria). (Colouse meu curmán!).

polo peixe grande (Arxentina) dun ben creado en colaboración co peixe pequeno (Uruguai). Máis alá de que, polo número, os tangos son de moita natureza porteña, hai moitos, e moi clásicos, tamén de nacencia uruguaiana, sendo este o caso do emblemático que nos ocupa. (Como

esquecer a dona Maruxa de Seoane, na vella Caixa Galicia –no soto da Rúa Nova 30-, en ocasión de que, sentado ao seu carón, me murmurou “El himno uruguayo” cando o bandoneonista René Marino Rivero anunciou “La cumparsita”). Pasa que Buenos Aires foi e é o foco de atracción de todo uruguaio que ambiciona triunfar.

“A milonga é filla do candombe, como o tango é fillo da milonga”, no dicir, traducido, do inmortal cantautor Alfredo Zitarrosa. E así é. A milonga campeira acabou se transformando nunha acelerada peza urbana e o tango, absolutamente urbano el, é unha milonga ralentizada, todo isto simplificando e arriscando rigurosidade. Por outra banda,

que privilexiar nesta danza, a música, a letra, o canto, o/a cantor/a, a orquestra?

Para valorarmos o tango, con máis de cen anos de supervivencia, compre escoitalo en todo o seu ricaz abano: instrumental (con bandoneóns e/ou violíns) que se fixo cantado –e aí radica, por veces, o seu actual anacronismo machista! Malia habelos con moito humor e retranca, mesmo con cariz filosófico e trazos nados na *universidade da vida*-, con etapas desde “la Guardia Vieja” histórica ata “el Joven Tango” de hoxe, pasando polo tango dos 40-60, con letristas verdadeiros poetas: tema para longo palique do que só vos informarei que, xunto co candombe afrouruguaiano, foi declarado patrimonio intanxíbel o mesmo ano 2009 que a nosa superlativamente tanxíbel Torre de Hércules.

(Algúns títulos a maiores que me permito recomendar: Barrio de tango, Garufa, Tinta roja, La maleva, Cambalache, Aquel tapado de armiño, Sur, El patio de la morocha, Grisel, Uno, Balada para un loco, Chorra!, Un boliche, Milonga de mis amores, La puñalada, Bandoneón arrabalero, Golondrinas, Como dos extraños, Se dice de mí, Toda mi vida, Milonguita...)

IX. Toponimia americana

Isto das toponimias ten moita gracia e dá para todo –dada a súa case imposíbel sistematización. Parécenos un feito imperialista máis o autochamárense “americanos” os estadounidenses (pior mo pós!), cando americanos son os das Américas todas. Mais a súa razón teñen ao teren sido os únicos que adoptaron, ben cedo, fins do XVIII, para o seu país recén nado, o nome do continente. Así como Colombia tomou para si o nome do



Mapa da rexión platense, que igual serve para indicar as etnias propias, como para exemplificar a cultura gaucha/gaúcha (a abranger a porción inferior deste territorio)... como para informar dos países fundacionais do Mercosul, malia de Arxentina e Brasil apenas anacos

almirante, cando debéu ser, segundo moitos, o verdadeiro nome da América.

Máis adiante, os próceres tiveron o seu posto con Bolivia... que ben puido ser, con máis propiedade, o nome de Venezuela. E innumerábeis nomes de provincias e cidades, tales Morelia (por Morelos, tal vez un Mourelos galego castellanizado tempo atrás)... Logo están os países con nome de río (ao xeito dos Níxer e Congo africanos), tales Paraguay e Uruguay, os cales comparten enxebrismo amerindio (outra opción para aborixen destoutro mundo) cos autóctonos Chile, Brasil, Panamá, Perú, Surinam, Guaianas ou México, Nicaragua ou Guatemala, etc., etc.

Neste sentido acho absolutamente legal algúns países da África recuperaren nomes anteriores á conquista europea e así non me parece loucura que Filipinas queira iniciar ese camiño (alén das circunstancias do mandamáis de turno), desbancando o nome de Felipe II. Tamén Montevideo (e xa eran horas!) se iniciou co antenome de San Felipe (por Felipe V), engadíndolle, anos despois a Santiago (o menor, irmán daquel), por se celebraren o mesmo día 1º de maio. Parella homenaxe rendeuse con outras cidades como San Carlos (por Carlos III, xentilicio: carolinos) ou San Fernando de Maldonado (por Fernando VII, xentilicio: fernandinos).

Capitais departamentais (provinciais) e entidades menores foron baptizadas con nomes santos, tales San Eugenio (polo Xral. E. Garzón), San Máximo (polo presidente Xral. M. Tajes) ou San Fructuoso (polo presidente Xral. F. Rivera), ás que se foron sumando outras que aínda permanecen, a formaren o “santoral” (todas no departamento de Canelones: Santa Lucía –polo río homónimo-, San Bautista, San Ramón...) e máis outras como San Gregorio de Polanco (polo Xral. G. Suárez) ou Santa Clara de Olimar, ou Santa Isabel. Algunhas daquelas, coa chegada da laicidade no século XX, pasaron a ser Artigas (S. Eugenio), Curtina (portuñol por Cortinha, exS. Máximo), Tacuarembó (S. Fructuoso) ou Paso de los Toros (de Benedetti, exSta. Isabel).

Houbo un tempo, aínda, e ata a actualidade, en que os grandes establecementos

rurais (*estancias*) se santificaban santificando o nome de pia da dona consorte: Santa Elena, Santa Blanca... E. por último, moito núcleo tomou nome de persoeiros máis ou menos importantes, así: Batlle y Ordóñez, Juan José Castro, Elías Regules, Carlos Reyles, Ismael Cortinas, Santiago Vázquez... e míranos como natural (?)... remedando os tempos coloniais, en que se fundaron as actuais capitais Melo (polo virrei de apelido portugués) e Florida (polo conde de Floridablanca)... por máis que esta tamén tivo como antenome S. Fernando (outra homenaxe indebida ao Fernando VII).

E de onde a eufónica toponimia guaraní, por deturpada que ela esté –alén da súa pegada en fauna e flora-, lingua de importación como ela é? Pois porque aquí houbo non só conquistadores ou colonos europeos, ou escravos africanos; tamén se incorporaron ao territorio (antes e despois da independencia) aboríxenes do norte, val dicir, das antigas e destruídas *Misiones* xesuíticas (1770...): os chamados *missioneros* (como xentilicio, non como actividade relixiosa) e tamén *tapes*, e máismente en 1828, seguindo cara ao sul ao caudillo *oriental* Fructuoso Rivera, que os asentou, sedentarios agricultores como eran, en núcleos máis ou menos duradeiros.

Nuns campos, malia a súa amabilidade, pouco poboados, (os aboríxenes uruguaianos máis recuados –charrúas, minuanes, chanaes, etc.-, como nómadas cazadores, nunca ateigaron a paisaxe), de xeito que os recién chegados, se non deron transmitido o doce idioma –hoxe cooficial co español no Paraguai-, deixárono ata estes días nos cerros, ríos e mesmo núcleos, cuxo significado apenas se coñece, así: Tacuarembó, Carabuatá, Cuaraí, Queguaí, Arapeí, Sapucaí, Batoví, Sandú, Tacuarí, Marmarajá, Tupambaé... case todos vocábulos de acentuación aguda, que, como Uruguay e Paraguay, se tornaron incorrectamente graves, dada a preguizosa pronuncia do home rural, que fai pais (por país), maiz (por maíz), sandia (por sandía), tenia (por tenía) etc., etc. (Só aclarar que “i”, quer no principio, quer no final, é a palabra guaraní para auga ou mesmo río: lembre Iguasú=auga grande).

Dato extemporáneo: Sóubenvos de dúas galego-uruguaías que adoptaron as aldeas natais (Esmelle, Luou) para o seu e-mail. Outros haberá... Pois si, aí temos Coristanco...

X. Montevideo: nomenclátor galego I

Décadas levaba chamándose Odense: que demos facía unha cidade isleña



dinamarquesa (por moi berce de Andersen que fose, se tal, por que non lla dedicaron directamente ao autor) no nomenclátor montevidеоano? Misterios da proverbial incultura concelleiril! Logo estaba o resto das nosas catro provincias (Lugo, Pontevedra, Coruña) que tiñan ruas na capital uruguaia (Coruña, así sen La, chegou a figurar como destino dunha liña de buses urbanos).

Odense, sita no popular barrio de La Unión, ten, alén do nome que lle cambiaron estes días para

Orense, un feitío semicircular, como reminiscencia da derradeira praza de touros demolida (cara a 1910) a raíz da abolición das touradas. Con isto fica exposto que finalmente se fixo xustiza. Ora, por sobre as catro provincias e/ou cidades (e algunha cidade a maiores como Santiago de Compostela e Vigo) –todas en barrios non céntricos- está a rua Galicia, sobranceira pola sua historia como vía e pola sua situación xeográfica.

Pois que data de 1918 e déuse á que ata daquela se chamaba Orillas del Plata... ficando, é obvio, beiras do Prata, no barrio céntrico Galicia Chica, que, antes dos costumeiros recheos de toda cidade marítima, sufría continuas inundacións. Tan era así, que o veciño Juan Vicente Arcos Sabarís (Nogueira-Meis, 1838), pola sua constante acción solidaria, foi homenaxeado polos veciños reiteradamente removidos por aquela causa, como “padre de los españoles residente en esta República”.

Naquel 1918 Arcos levaba anos finado, mais os galegos montevidеоanos botaron

toda a sua fogaxe para conseguir esta rua e máis que o Día de Galicia fose oficializado (como complemento do Día de España -2 de maio- e do por entón chamado Día da Raza -12 de outubro, denominación que sobreviviu até mediados da pasada centuria). Así se alcanzou, coa autorización gubernativa de ergueren a nosa bandeira xunto da uruguaia e máis da española, e así se adiantou esta Galiza da diáspora á Galiza metropolitana con esa celebración.

En fin, son as ditas algunhas das cincuenta vías urbanas de Montevideo a lembraren fillos destacados da Galiza de alá e de aquí.

Outra aínda témola na praza Galicia, sita en paraxe privilexiada, fronte ao mar e veciña de edificios senlleiros, tal a sede do Mercosul, e así batizada en 1988. Aí foi instalado, anos despois, o busto de Rosalía de Castro... que ata entón estaba... na praza España, moi perto da efíxie da raíña Isabel a Católica (se Castelao acordase!).

E aínda temos a *Escuela Galicia*. Onde é costume dar a certas escolas nomes de países do mundo, conseguíuse, en 1962, que unha delas levase o nome de Galicia, agasallo excepcional por non sermos país con estado propio.

A Luís Seoane chamoulle tanto a atención presenciar o canto do hino galego por alumnos de tal institución, que o fixo constar nunha das súas “figuraciós”.

Todo isto a dar idea da singularidade da nosa Terra nestoutra terra tan nosa.

Dato extemporáneo: Uruguai, humanos, 3 millóns e

pico; ovinos, máis de 6 millóns, bovinos, 12 millóns de cabezas.



Coas desculpas debidas ao defuntiño, por omitirle o texto da figuración (La Voz de Galicia, setembro/1972)

XI. Máis tango II. Baioneses montevidEOS

Lembrades o caso da *Cántiga* de Curros? Que comenza “No xardín unha noite sentada/ó refrexo do branco luar...”? E que nalgún momento (saberá alguén?) foi trocado en “Unha noite na eira do trigo”? Desde logo, dá para toda unha análise sociolóxica, digo eu. Porque con esa lixeira alteración sustraíuse o ambiente urbano e tal vez de cariz burguesoide, en beneficio doutra realidade rural esta e ben máis popular... tamén máis críbel, por seren os máis abaixados os que máis emigraban, nonsí?



Pois, e tornamos ao tema tanguero, unha deslocalización similar deuse co tango *Garufa*. Esta peza ten música de Juan Antonio Collazo e letra de Roberto Fontaina e Víctor Soliño, aludindo o título a un mozo que anda de esmorga (garufa) ata o punto de facerse el mesmo merecente de cargar co sustantivo... personalizado. Agora vaíamos por partes.

Collazo e seu irmán Ramón (a) El Loro -cuxo nome leva o monumental teatro de verán montevidEO- eran fillos de galego e basca... como o era Soliño, sendo el propio baionés de nacencia. Canto a Fontaina, era fillo dunha italo-uruguaia e dun outro galego Fontaiña de Cotobade. (Soliño, que apelido tan evocador histórico-literario como el é, sendo como foi o da desditada María Soliña –Soliño, dado que as mulleres levaban o apelido feminizado-, canguesa do século XVII, que Celso Emilio poetizou e, dantes, Barreiro de W documentara tan eloxiosamente).

Ora, a letra de *Garufa* refírese a dous lugares da capital: o barrio La Mondiola e a

céntrica e, no tempo, golfa rua San José. Cando foi levado a Buenos Aires substituíron o segundo topónimo montevidео polo porteño Parque Japonés... mais conservándose aquel primeiro, que tamén lles resultaría extraño aos arxentinos da capital. Sonvos esas mudanzas que acotío fan os intérpretes, mesmo, por veces, por olvido da letra orixinal, cambiando “tu vieja” por “tu mama”, como acontece noutro tramo do tango que comentamos.



Soliño foi un dos tres baioneses que fixeron historia no Montevideo do século pasado. Os dous restantes, Gandós e Barreiro, ben merecen un lostregazo informativo.

O que foi un verdadeiro lóstrego socio-cultural foivos José María Rodríguez Barreiro (1871), como Castelao, coñecido polo segundo apelido (o primeiro descubríramolo nós): nos poucos anos que aquí morou (poisque voltou á Terra, onde morréu), fundou (1917) *Casa de Galicia*, a institución nosa, despois do *Centro Gallego* (de 1879) máis importante do Uruguai, materializada na mutualista co seu sanatorio aínda florecente hoxe en día. E tamén tivo tempo de crear obras de teatro.

Leoncio Gandós (1851), en troques, era capitalista, dono do *Gran Hotel Colón*, sito na *Ciudad Vieja* -chamado posteriormente e ata a actualidade (ver estampilla) *Palacio Gandós*, desde hai anos sede do *Banco Interamericano de Desarrollo* (BID)-, e mesmo benfeitor da igrexa-colexiata da súa fermosa vila. (Gandós, como Pailós –un destacado pintor aquí de berce cormelán- constitúen un exemplo máis de cambio de acento en apelidos que serían orixinalmente Gandos e Pailos, desfeita habitual por estes lares).

Frase extemporánea: Uruguai, o único país de América que carece de aboríxenes... Si, mais cada volta cénsanse máis e máis mestizos de guaraní...

XII. Gallego! Colectivos galegos

Nestes países a palabra *gallego*, amáis de abranguer a todos os españois



(exercendo un involuntario imperialismo conceptual), tivo connotacións máis que pexorativas. Era un reflexo da aparencia que moitos fillos de Galiza daban de persoas incultas e rudas. Todo por proviren, na maioría, do medio rural

e por non dominaren o idioma español, expresándose nun castrapo, aquí aínda máis agudizado polo contraste co español do Uruguai, diferente, no seu vocabulario e pronuncia, do que na Nosa Terra se falaba e fala. (Racismo lingüístico tamén exercido con outras etnias: italianos, árabes...).

Cando, coa millor intención, se pretendía non ofender ao interlocutor galego, isto traducíase no feito de evitar chamalo *gallego*, para pasar a englobalo ou difuminalo no xentilicio ampliador de español. Algo similar ao eufemismo *moreno* para se referiren ao negro ou preto (pois nestes lares o equivalente ao *moreno* de España é *morocho*). Mais se querían ofender ao galego, entón si chamábanlle *gayego*, enfatizando o calificativo talmente como se facía co negro: ben sabemos que todo radica no ton ou xesto con que se di calquera palabra.



Entón había un certo número dos nosos connacionáis que, ao supostamente insultalos con *¡gayego!* ou *¡gayego cuadrado!*... respondía: *¡Gallego, y a mucha honra!*,



expresión de dignidade que deixaba ao outro sen argumento. Así facía, disque, o noso Soliño da crónica anterior.

Pasaron os anos. A xente foise informando. Veu o masivo exilio, económico primeiro, político despois, dos rioplatenses en xeral. Moitos fillos ou netos de galegos, deron cos seus osos en Galiza e descubriron todo o bo que Galicia tiña para lles ofrecer. Foron, daquela, rectificando as suas rancias certidumes pexorativas.

Hoxe, e desde hai décadas, o termo *gayego* deixou de ser ofensivo. Ninguén ousaría nestes tempos utilizalo como necio insulto. É máis, pasou a ser cariñoso de vez e chamouse e chámase *gayego* (e *yoyega*, en vesre, ou *gaita*, ver Crónicas 3) ao fillo ou mesmo ao neto do galego... e este acéptao con total naturalidade, diría máis, con lexítimo orgullo, unha vez demostrado que o país dos ancestros é un lugar como calquer outro e ben máis fermoso e ricaz en bens e en historia que moitos do ancho mundo.

Non foi menor o labor que unha institución como o *Patronato da Cultura Galega* (fundado en 1964 polos últimos galegos galeguistas da

CONCIERTO DE LA REAL BANDA de GAITAS da DEPUTACIÓN PROVINCIAL de OURENSE



**COMO PARTE DE LA ENTREGA DEL PREMIO
“ OURENSANÍA 2018 “
AL CENTRO OURENSAN de MONTEVIDEO**

**LUNES 12 NOVIEMBRE - hora 15 -
Salón de Actos de CASA de GALICIA
18 de Julio 1457 bis**

ENTRADA LIBRE

A linguaxe híbrida a que nos teñen afeitos, igual permítenos saber que, desde 2010, o Centro Orensano cambiou para Centro Ourensán...

posguerra) e a audición radiofónica *Sempre en Galicia* (de 1950 ata hoxe) fixesen campaña tras campaña informando da decisiva impronta galega nesta república: José A. y Trelles (Ribadeo, 1857, poeta gauchesco), Adrián Troitiño (Moalde-Silleda, 1869, sindicalista) ou Juana de Ibarbourou (1892, filla de Vicente Fernández, de Vilanova de Lourenzá), no século XX... entre centos de galegos e galegos-fillos, varios deles próceres fundadores, sonvos exemplo desa pegada que, alén diso, dá a pauta dun país acolledor como poucos.

Frase extemporánea: Algúns logros do Uruguai como país: 8º no mundo en inclusión social (1º en Latinoamérica); 1º en Latinoamérica en maior desenvolvemento democrático.

XIII. Papaventos no solpor



O cincuentón pousaba no peitoril da rambla (paseo marítimo) a izar unha cometa (papaventos), tan, mais tan orixinal que talmente representaba un polbo, coa súa face no corpo do artiluxio e os tentáculos a xeito dos farrapos habituais... Facíao coa sabencia que dan, non sempre!, os anos e ben se apañaba coa lixeira brisa do empardecer destes derradeiros días do

verán austral.

Chamaba a atención de todos. Primeiro, polo feitío do papaventos. Despois, pola idade e soidade do individuo –estes trebellos eran, en tempos, monopolio dos nenos: o adulto aí desempeñaba apenas o papel de asesor, e antes, de construtor da cometa. Terceiramente, porque cada ano se ven menos cativos a ergueren eses xoguetes e pelexaren cos ventos máis fortes do desexábel. Évos algo así como os surfistas, outros aliados de Eolo, ou como os practicantes doutros tan variados deportes náuticos ou aéreos, ou, mellor, aeronáuticos.

O por do sol estaba aí, a poucos metros, e fíxome cavilar no gracioso que é seguirmos falando da posta do astro... a quiñentos anos de Copérnico, dándolle máis valor á nosa enganosa vista, como se dun *trompe l'oeil* se tratase. A xente, máis ou menos dispersa no amplo varandal do paseo, sen chegar a multitude, multitudón -ou moitedume que dicíamos naqueles tempos de invencións lingüísticas-, concepto que, ao meu ver,

implica certa densidade, un mínimo amoreamento para ser considerada tal.

É un rito universal propio das xeografías costeiras ou ribeirás suspender uns instantes a actividade que for, non para se volver á Meca, senón para se



dedicar algo absortamente a contemplar ese fenómeno que, por milenios, tanto engaiolou ao xénero humano (e é de supor que mesmo aos instintivos animais). Eses adoradores do sol –outros que os que se deitan ao sol, que o adoran doutro xeito por ventura máis egoísta-, entre admirativos e temerosos, é de crer que gañarían por goleada aos devotos da lua, que alcanzan o seu culmen cando o luar se deixa ver... que non sempre.

Eu son máis destes últimos e igual gosto da lua chea, pequena ou comprida, que da lua con gume, con ese feitío arábigo -tanta forza teñen os símbolos.

(Todo o dito déume para pensar que o home se servira do papaventos para facer visíbel o vento, do que xa o seu sentido do tacto gozaba: o cometa era para el o intermediario, intermediario legal, sen dúbida, entre el e ese vento invisíbel e tan presente. En tanto eu, nós, púñamos estoutro sentido da vista, ben máis directo, para desfrutarmos do sol).

Compre aclarar que o que antecede non vos é cousa miña: todo mo confesou estoutro día meu curmán do título, un tío pintoresco, que un diría non ten mellor cousa que facer e o bó é que esta volta foi el quen fixo a miña crónica e, daquela, quen a ha cobrar...

Curiosidades lingüísticas: No Uruguai temos o Arenal Grande e o Hervidero, na Galiza están a Area Grande (de Laxe) e a Area Longa (de Vilagarcía), e tamén as Fervenzas varias.

XIV. O mate



O mate é algo omnipresente na sociedade, para ben e para mal, abondo provinciana deste país. Orixinario do norteo Paraguai –país que os non moi informados tantas veces confunden, pola similitude verbal, co Uruguai-, chegou a estar prohibido antano polos propios xesuítas que rexentaban as Misións das que xa vos teño falado, quen o consideraban droga –algo semellante ao tema da folla de coca na cultura andina-... ata acabar implantándose e extendéndose a todo o

que algún tempo fora o vicerreinado do Rio da Prata e tamén ao sul brasileiro, onde é chamado chimarrao (cimarrón), este termo aplicado concretamente ao mate ao natural, sen aditivos tales o azúcar e outros.

O nome ven da cabaciña desa árbore que, unha vez valeirada e curada, pasa a se usar como recipiente, a xeito de taza... sin que falten os sucedáneos como mates de madeira, mesmo forrando a cabaza con metal ou coiro, ou sendo directamente de metal ou louza.

Nos tempos coloniais había mates e bombillas en prata e aplicacións de ouro, moi



Bombillas son estes caniños das fotos de enriba. (Canto ás outras, as de iluminar, chamáselles bombitas ou lamparillas).

proprios da arte indoamericana, que é máismente coñecida no mundo polas mostras de



Luxoso mate antigo, colonial ou imitado

arte sacra: retábulos e cadros *piadosos*.

Vaiamos agora ao que é a erva-mate ou simplemente *yerba*: lonxe de ser unha erva, está constituída pola folla da planta esmiuzada, cabendo nese proceso a selección da folla só u a mestura coas ramiñas da mesma planta (esta mestura é habitual na erva arxentina; contrariamente á brasileira, que é de folla só e é a que prefiren os uruguaio).

Prepárase a infusión deixando un oco na *yerba* para ir incorporando a auga quente. (Os paraguaio, por mor das altas temperaturas, afixéronse a tomar mate frío, unha especie de *cold-*

tea, o que aquí, máis ao sul, non se adoita). E absórbese o amargo líquido por ese canuto ou *pajilla* que é a citada *bombilla*... ata que o sabor se vai esfumando e compre entón reencher a cabaza: isto a calquera hora do día, por máis que haxa xente que prefire *matear* cedo, sabedores de que a apenas excitante beberaxe lles impide conciliar o sono.

Fonda pegada ten o mate na sociedade rioplatense, agudizada no Uruguai e revitalizada co crecente empoderamento das clases populares. É que, en tempos, as clases altas e máis urbanizadas e globalizadas, foron desplazando o vezo de matear por consideralo pouco fino, demasiado rústico (onde se iría a comparar co *tea* ou *chá*!).

Curioso é que os emigrantes retornados, fins do XIX e comezos do XX, chegaron a importar o costume en lugares tan inesperados como Laxe e Fisterra.

E foi o pobo de base o que, mesmo como un acto de rebeldía implícito, reforzou o uso que, nos comezos das eras, fora privativo de indios e gauchos, ata facerse hoxe universalmente visíbel, mesmo levándoo pola rua, nas oficinas, ata nos solenes lugares de goberno, o que se fixo posíbel mercé ao invento do *termo*, que veu substituír a tradicional caldeira ou *pava*.

Todo o significado antropolóxico deste hábito crioulo é imposíbel de desenvolver neste curto texto.

Dito de M. Riveiro Loureiro: Quen toma mate e come zapallo... volve alá... polo carallo! (Zapallo, hortaliza variante da cabaza).

XV. As dúas Galiciaas americanas



“Pascual Ignacio de Oyarsun, natural de Santiago de Castro, reyno de Galicia, en la América Meridional” escribe Benito Alonso Covián, párroco da igrexa “del Cordón” de Monte-Video (así escrito no tempo), o 5 de xuño de 1823, en redixindo a acta de matrimonio do individuo cunha montevideana. El aínda era español americano, pois a actual provincia de Chiloé (daquela chamada Nueva Galicia) sería incorporada ao Chile independente non antes de 1826. Canto a ela era nese ano súbdita brasileira, pois o Uruguai se achaba soportando o dominio circunstancial de tal

imperio herdeiro do portugués.

Esa Nueva Galicia tiña tal nome desde 1567, máis de 250 anos atrás, ano aquel en que fora fundada a cidade de Santiago de Castro –nome que homenaxeaba ao ponferradino Lope García de Castro, gobernador do vicerreinado do Perú. Realidade esta á que se ten referido repetidamente Edmundo Moure, chileno de pai galego, colaborador habitual da revista “Areal”, de Sada. E antes del o noso Eduardo Blanco-Amor, no seu “Chile a la vista”, estes e outros a coincidiren nas semallanzas paisaxísticas e humanas coa nosa Galicia europea.



Mais houbo outro reino de Galicia americano, tamén sobre o Pacífico, creado

Ollade a autonomía daquela Galicia na Nueva España



Nova Hispania et Nova Galicia, di a cartela

anos antes do austral, este na Norteamérica mexicana. En 1531, no territorio dos actuais estados de Nayarit, Jalisco, Aguascalientes y Zacatecas, fundouse o reino de Nueva Galicia coa sua capital (1540) en Santiago de Compostela, despóis substituída pola actual Guadalajara... existindo ata 1786 en que o vicerreinado de Nueva España alterou a organización administrativa do territorio: outra vida, como a chilena, de 250 anos. Raro é que coexistisen os dous reinos coloniais co mesmo nome... (ben que Chiloé non era tal reino).

Historia pintoresca que tería o seu reflexo na Galiza metropolitana desque, coa nova división provincial –e municipal– á francesa de 1833, desapareceu á sua vez como entidade oficial... para recuperar parcialmente a sua virtualidade case 150 anos máis tarde baixo a condición de *nacionalidade histórica*.

Nós non nos cansamos de repetir, particularmente cando se está a falar da necesaria supresión das deputacións provinciais, que o que realmente compre suprimir son as mesmas provincias, para lle dar carácter administrativo ás comarcas e máis ás freguesías... Non fica evidente que o proceso autonómico se parou nun paso intermedio, sen ousar desembocar no rexime federal, ao conservar esa figura propia do centralismo borbónico que é a provincia?

Ollade en que foi dar a nosa crónica de hoxe... a partir do casamento dun *chileno-euskaldun* –dado que o seu apelido procede do topónimo natal da nai do noso Murguía– daquela Galicia austral cunha *uruguaiana* da Província Cisplatina do imperio do Brasil... ambas nacionalidades aínda non operativas nese 1823, dúas centurias atrás!

Reflexión extemporánea: “Voto rogado”, “ruegos y preguntas”... resabios do ancien régime onde hai apenas súbditos dunha monarquía que non dan acadado a condición de cidadáns dunha república...

XVI. Máis portunhol II



“El sol **alumeia** mis **paso**. No sé si el sueño me **fez** despertar o la **isperanza** creció con el rocío de la **noite** y me plantó estas **gana** de salir. **Despós** de tantos **mes** me afeité, busqué la camisa a **cuadro** que le gustaba a mi madre, preparé el mate y salí...”. Así se expresa Fabi, o Chicharra (“Mi madre me llamaba Chicharra porque yo **impezaba hablar** y no paraba. Era una matraca de **palabra**. Cuando **nosotro ía hacer** algún mandado, yo **ía** hablando. Cuando mi madre me llevaba **en la iscuela**, yo **ía falando**. ‘Para um pouquinho, Chicharra, tas me

aturdindo”).

Fabi ficou orfo da nai, fillo único de muller abandonada, a vivir na cidade nortina de Artigas, no punto máis afastado do país, limítrofe, rio por medio, coa brasileira Quaraí. E reflicte a fala fronteiriza nunha novela intitulada *Viralata* (2015), sendo *viralata* o can sen dono que vira as latas do lixo en procura de restos comestíbeis. Ese texto foi Premio Nacional de Literatura en Narrativa édita 2017, ata acadar a fortuna dun filme a máis da representación teatral, todo en pouco máis de dous anos, para ventura do seu autor, Fabio Severo (1981).


Isto viría pór de relevo, alén da calidade literaria que se lle supón, o interese crecente por ese fenómeno lingüístico coñecido como portunhol/portuñol: seique Undochán tentou dálo a coñecer en Galicia “van alá máis de trinta anos”, dime o vellouco.

(De xeito que aí vai a publicidade, o menos que debo brindarlle a meu curmán, despois de me apadriñar).

O caso é que esta súa fronteira uruguaiana (de feito Uruguaiana é unha cidade brasileira na beira do río Uruguai, que naquel territorio nace) é, con moito, a máis poboada do inmenso país, que limita con todas as nacións sulamericanas, agás Chile e Ecuador. Sumado a iso que dita zona limítrofe non presenta ningunha barreira natural entre as dúas repúblicas, resulta unha penetración incesante do grande no pequeno, primeiro bélica, despois económico-territorial (compra de terras, a certa altura atacada por leis uruguaías) e poboamento en base a establecementos rurais, case sempre latifundios (*estancias*).

Tal pacífica invasión de colonos, masiva na metade norte, deu pé a unha cultura mixta manifesta nos costumes, lingua, música e aínda máis. Multitude de palabras portuguesas entraron na fala e despois nos dicionarios (o último o *Diccionario del español del Uruguay* da Academia Nacional de Letras, 2011), sen que isto impida que moitos xiros e voces pasen desapercibidos, val dicir, son tan familiares, que a xente non se decata da súa orixe foránea.

Algúns exemplos: o personaxe *Chico Carlo* (que dá título a este clásico xuvenil de Juana de Ibarbourou) refírese a un rapaz de evidente nome oficial Francisco Carlos, que pon á vista o hipocorístico Chico e máis esa prescindencia do “s” final que víamos antes. Outro: *Cerro Largo*, departamento fronteirizo, expresa o *largo* portugués equivalente ao *ancho* español. Xa falamos da erba *marcela* (*macela*, español *manzanilla*), alteración produto da ignorancia desa palabra allea á lingua oficial do Uruguai...



Máis: *lombada* chámanlle á lomada ou badén. *Jeito* é palabra habitual aquí. Como *lambeta* (larpeiro). Como *mormazo* (*mormaço*, recalmón, bochorno climático). Igual pasa coas construcións *más nada*, *más nadie*, *más nunca*... *Curuya* (coruja), *cayuera* (cachoeira) ou *ticholo/chicholo* (tijolo, *ladrillo* oco) úsanse habitualmente, dependendo dos ambientes, tal pasando con *bencer* (benzer, abençoar, *bendecir* un curandeiro) ou o comunísimo *vichar* (vigiar, *espiar*)...

Olive(i)ra, Ribe(i)ro ou So(u)sa e Saraiva (tornado Saravia) son apelidos popularísimos neste país, derivados dos portugueses homónimos, castellanizados con perda daquel ditongo... moita culpa diso téndoa a pronuncia relaxada dese ditongo polo portugués do Brasil: Oliveeera, etc. Só resta citarmos o caso de moitos autores clásicos do Uruguai con fragmentos en portuñol nos seus textos castellanos (*Chico Carlo* é un exemplo, máis tamén Eduardo Dieste na súa obra dramática *El Viejo*: ollade que dous galegos-fillos).

Copla brasileira relacionada: Menina dos olhos verdes/ me dá mate p'ra beber/ Nao é sede, nao é nada/ e vontade de te ver.

XVII. Tres bustos de galegos

Entre moitiños bustos e/ou cabezas de personaxes nacionais e extranxeiras que pululan pola xeografía capitalina neste país crisol de nacións, tres hai que nos afectan aos galegos por seren de connacionais nosos: Magariños (1967), El Viejo Pancho (1979) e Rosalía (1986), un por década, situados en senllas prazas ou espazos públicos privilexiados.




Outras están en lugares privados, tales: o médico viveirense Manuel Albo (*Asociación Española Primera de Socorros Mutuos*), o sindicalista de Silleda Adrián Troitiño (*PIT-CNT: Plenario Intersindical de Trabajadores-*

Manuel Magariños Castaño

Convención Nacional de Trabajadores), José Ma. R. Barreiro (*Casa de Galicia*) ou Castelao (institucións galegas diversas), e poida que non as teña inventariado todas!

(Curiosamente, a Asociación Española citada foi fundada por un tal José María Buyo –sen segundo-, que se ten por orixinario de Cádiz -1829-, co seu correspondente busto, este na propia fachada -con o cal, malia dun instituto médico privado, ven a ser semipúblico-, Buyo que, con ese apelido e sabida a masiva presenza de galegos na capital andaluza, ou galego era ou o eran os seus maiores paternos... morrendo o home en B. Aires onde deixou descendencia... iniciador que foi de varias outras entidades de saúde no Rio da Prata, das que a montevideana ten o mérito de ter sido a pioneira,).



Daquelas esculturas públicas, comencemos, por imperativo cronolóxico, por Magariños (quen tamén ten dedicado selo de correos). Pouco e nada sei da súa vida, só que nacéu en Valga (1864), que o seu apelido materno era Castaño (e non Castaños como pon no pedestal) e que, velaí o seu mérito, fundou *El Diario Español*, medio que acadou, xa moi diminuído, o século máis un ano de circulación (1906-2007), sempre en mans da familia Magariños.

A

cabeza en bronce que vemos enriba, é da autoría do famoso Pablo Serrano (quen nos anos uruguaiois deixou obra abonda) e, feito no cincuentenario do xornal, acadou estar na rua no ano indicado.

De José Alonso y Trelles (a súa descendencia é simplemente Trelles), “El Viejo Pancho”, xa temos dito que é o máximo exemplo de adaptación ao mundo crioulo, ata se destacar como poeta gauchesco este ribadense de 1857. Do seu centenario data o busto da praza de Ribadeo, obra do uruguaio José L. Zorrilla de San Martín (sendo o promotor o lembrado Dionisio Gamallo Fierros). Copia dese é o que aquí se ergue desde a data sinalada. No íterin (1960) erguéraselle outra copia na vila *canaria* de Tala (canarios son



os habitantes do departamento de Canelones e Tala é nome dunha árbore), onde el morou moitos anos e está sepultado: a súa casa abríuse en 2010 como *Centro Cultural Gallego-Uruguayo*, máis ou menos operativo. (Cada ano celébrase alí unha romaxe galega).

De Rosalía, busto feito polo uruguaio Juan Habegger, podemos dicir que outra igual se instalou na praza Galicia da cidade de Maldonado (capital do departamento homónimo, case á entrada do balneario internacional Punta del Este). Xa temos comentado que o de Montevideo emplazárase na praza España, de onde foi removido para a praza Galicia en 2002. A nosa poeta, única personaxe dos tres que non tivo vínculo algún co Uruguai, é malia iso, fora o ribadense, unha figura moi coñecida no país socio-cultural. (Lembremos o ceibo uruguaio prantado na Casa da Matanza e o monumento do Espolón padronés - 1957, mesmo ano do de Trelles en Ribadeo, doado, como aquel, polos galegos do Uruguai).

Alén de todo isto, ruas varias dedicáronse a estes tres como a moitos galegos máis ata completar un número de cincuenta e pico...

Reflexión extemporánea (un chisco supremacista?): Parecería que a informalidade crioula (impuntualidade, lentitude, preguiza...) procedería do desaparecido e libérrimo gaucho, en canto a formalidade deberíaase ao inmigrante europeo...

XVIII. Apelidos galegos no Uruguai I



Falaba estoutro día da realidade portuñólica do Uruguai... E por qué “do” Uruguai? Porque o de “el” Uruguay é un arcaísmo frecuente na toponimia americana, a convivir con “el” Brasil, “el” Perú ou “el” Paraguay –non así cos demais países: Chile, Bolivia, Colombia, Ecuador, Venezuela, etc.-,

ata actualizárense, a certa altura da pasada centuria, coa supresión dese artigo definido... sen que, aos que nos criamos naquel mundo, non nos siga costando dicir, mesmo soándonos mal, “a realidade ‘de’ Uruguai”... (Mesmo no español peninsular dicíase antano “la” China, “la” India, etc.).

Pois, ao que ía, dentro desa realidade relacionaba uns poucos apelidos lusos aquí abundantes... faltándonos informar como os nosos específicos apelativos galegos tamén son máis que numerosos numerosísimos. Alén dos comúns a ambas marxes do Miño, dos que escollemos, a voapruma: Pereira, Aguiar, Carvalho/Carballo, Pinheiro/Piñeiro, Barreiro, Nogueira, Gago ou Colaço/Collazo, Moreira... temos neste país moreas de apelidos da Galiza, dos que paso a enumerar alfabéticamente unha mínima parte deles, omitindo aqueles patronímicos que coinciden co español (Domínguez, Gómez, Márquez, Pérez...), ilustrados con algunhas firmas comerciais que aluden a eles.



A pequena aldea de Mazaricos deu nome a unha familia da Baña: un dos integrantes seus emigrado no XVIII nomeou a unha zona



montevideana... onde se alza o Hipódromo Nacional de Maroñas, que ten varios casinos na capital. O cerralleiro Abelenda non ten tan ilustre historia, apenas é do século XX

Abal, Abelenda, Amoedo, Ameijenda, Ameixeiras, Andrade, Añón, Ardao, Arijón, Bacelo, Baldomir, Barcala, Barcia, Bardanca, Beceiro, Bello (sic), Berdía (sic), Bermúdez, Bolón, Borrazás, Botana, Bouza, Buela, Caamaño, Cabano, Caldeiro, Calo, Calvete, Canabal, Cancela, Canoura, Capelán, Caruncho, Casal, Casaravilla (sic), Castriz, Castro, Castromán, Cerdeiras, Cerviño, Chaín, Chenlo, Chouciño, Corbillón, Cores, Cortiñas, Cotelo, Dobarro, Docampo, Doldán, Dubra, Esmorís, Estévez, Estramil...

... Facal, Fajardo, Ferreiro, Fervenza, Figueroa, Filgueira, Fonseca, Fontaina (sic), Fontela, Formoso, Frade, Fraga, Fregeiro (sic), Freire, Gandós (sic), Gestal, Gestido, Gesto, Gestoso, Ginzo, Gonda, Gondar, Graña, Grela (sic), Guianze (sic), Hermida (sic), Insúa (sic), Lage, Lamas, Lamela, Lapidó, Laureiro (sic), Lema, Lestido, Lodeiro, Lorenzo (sic), Losada (sic), Magariños, Mahía, Maroñas, Mato, Meilán, Mella, Mígues, Moldes, Montemuíño, Montero (sic), Monterroso, Morgade, Mosquera (sic)...

... Neira, Nieto (sic), Novoa (sic), Oreiro, Ortoño, Otero (sic), Pailos, Palleiro, Parada, Pardeiro, Paseiro, Paz, Pazos, Peirallo, Pena, Pernas, Pichel, Piedracueva (sic), Pita, Pombo, Portela, Prego, Puga, Quián, Quintela, Quiroga, Rama, Raña, Reboledo, Reino, Rial, Roibal, Saavedra, Salgado, Salgueiro, Sanjurjo, Santiago, Sedes, Seoane, Soliño, Solla, Soneira, Sóñora,



Que ten os meus anos...

Tajes, Tomé, Tosar, Touriño, Tourón, Trigo, Trobo, Troitiño, Varela, Vázquez, Vilariño, Villar (sic), Vitureira, Zás (sic)...

Elocuente, nonsí? Tantos deles de personaxes de primeira liña intelectual, científica, artística, sindical, política, empresarial, etc., etc., xunto a outros anónimos que, igualmente, trouxeron a nosa onomástica, a nosa lingua tan lonxe: non sería o primeiro caso de apelido desaparecido na Galiza que nas Américas permanece, algún que outro desfigurado, iso tamén hai que dicilo, e outros portados por individuos que non teñen a mínima noción da procedencia e menos aínda do significado dos mesmos.

(Frase extemporánea, traducimos): “Hai que lograr que o montevideano se sorprenda todos os días coa beleza do arborado da súa cidade, tal como acontece cos estranxeiros cando chegan a Montevideo, que ten sido chamada a Cidade das Árbores, e que aprezan o verde non só nas prazas e parques, mais tamén en ruas e avenidas”. (Expósito e Mérica).

XIX. Batallas bélicas e culturais

Aí atrás dicíame meu curmán Un como o barco que o trouxera “a estas praias



australes” en 1951, o *Highland Chieftain* –Capitán das Montañas en versión libre-, acabou afundido nestas mesmas ribeiras nove anos máis tarde –cambiada a sua función e máis o seu nome en *Calpean Star*, val dicir, Estrela de Calpe ou Xibraltar-, permanecendo

aínda no fondo. Iso levoume, lirismos aparte, a evocar a multitude de naufraxios acontecidos neste mar-río traicionero de vez, cos seus bancos e correntes, ventos fortes e brétemas súbitas, mestura de río e mar... con todo e ser tantísimo menos bravío ca a nosa brava Costa da Morte...

O investigador Varese ten catalogado un número superior a 60 afundementos: 3 no século XVI, 6 no XVIII, 33 no XIX (grande parte deles sendo os últimos veleiros) e uns 20 na centuria pasada (desta non temos constancia), entre estes, dous “vapores de la carrera” –Buenos Aires-Montevideo-... algún deles mesmo colidindo con navíos afundidos antes!



Naquela lista non se inclúe o acourazado de bolsillo alemán *Admiral Graf Spee* (Alte. Conde Spee), afundido (1939) polo propio capitán no trance de se ver



arrodeado por outros buques de guerra británicos no que se chamou até hoxe “Batalla del

Río de la Plata”... Mais, de certo, non ven a conto desenvolver este dramático episodio dos inicios da II Guerra mundial.

O que si, isto lévanos á “Batalla de Montevideo”, ben outra cousa, esta virtual, denominada así polo Prof. Alonso Montero, dando título ao seu libro “A batalla de Montevideo: os agravios lingüísticos denunciados na UNESCO en 1954” (Eds. Xerais, 2003), a historiar neste ensaio a campaña Buenos Aires-Montevideo contra a represión do idioma galego, culminada coa presentación dun escrito de denuncia perante a Asemblea Xeral da UNESCO reunida ese ano na capital uruguaiana.



*Inicio de dous documentos do evento de 1954,
o de embaixo redixido por F.L.Bernárdez*

*Curiosa fusión de dous (1967) que moi logo
quebraron, xa sen independencia aquel noso*

Estoutro día, en falando sobre Luís Seoane, citou meu curmán –do que son fiel seguidor- o feito da fundación (1963) do Laboratorio de Formas de Sargadelos na Magdalena-Buenos Aires, como un outro fito dos múltiples galego-americanos... ao que habería que sumar este de 1954, no tempo da Galiza (da España) amordazada. Pois el dicía que nunca se consideraba entre os clásicos fitos galegos da diáspora o citado arxentino. E eu engado que tamén non se fai memoria entre aqueles destoutro uruguaio.

Ano este de 1954 que inicia no Uruguai galego unha *década prodixiosa*, marcada por algún destes logros:

Fundación do *Banco de Galicia* (1956), hoxe desaparecido –non confundir co *Banco Galicia* (sic) arxentino, aínda existente- e celebración da primeira das *Jornadas de Cultura Gallega*... (tamén coincidindo co I Congreso da Emigración Galega na capital porteña, como resposta a outras iniciativas oficiais do réxime franquista); creación do *Teatro popular gallego* (1958); publicación aquí de dous dos tres tomos da monumental “Historia de Galicia” (dirixida por Otero Pedrayo) e máis o bautizo da *Escuela Galicia* (1962); creación (1963) da AUHGA (*Asociación Uruguaya de Hijos de Gallegos*); fundación do *Hogar Español* (1964, maismente nutrido con vellos galegos, institución de bandeira hoxe); e, finalmente, inauguración (1965) na *Universidad de la República* do primeiro curso de idioma galego que no mundo se deu, ano este seguinte ao da creación do Patronato da Cultura Galega de que xa temos falado.

Dato extemporáneo: O finado político uruguaio Hugo Cores (descendente de galegos) chamou “paro gallego” a un xeito de boicó plantexado polos comercios minoristas a produtos de fábricas en conflito laboral.

XX. O país menos español e menos americano

É de crer que este paisiño, pequeno para as enormes Américas, mediano para as Europas, ten, entre outras, dúas características que moito influíron na sua idiosincrasia. Para abreviar: ven sendo, ao meu xuízo, o menos americano e ao tempo o menos hispano deste torturado continente.



Razoemos.

“Os últimos charrúas” déronse por extintos en 1832, recén nada a República -de xeito que, neste caso concreto, non se lle pode reclamar a este último Borbón que pida perdón-, nun combate desigual, sendo estes catro do monumento sobrevivintes vendidos a un feirante francés –que os levou a París, so pretexto de os utilizar para un estudo antropolóxico, onde foron morrendo aos poucos... despois de pasaren por un ominoso período circense (está a lenda urbana de que o Mitterrand era descendente seu).

Eis o pecado orixinal do Uruguai, aínda hoxe esgrimido polos indixenistas, moitos deles procedentes xeneticamente dos aboríxenes –mais non só dos charrúas- e aí vou para aclarar, unha vez máis, que cos estudos xenéticos actuais van medrando os americano-descendentes... se ben *indios* puros non os hai, a diferenza do que acontece no resto de países da rexión –Cuba e o resto dos caribenses serían outra excepción. Isto polo que toca ao enunciado concepto de *país menos americano das Américas*.



O Templo Inglés montevidеоano (Holy Trinity Church), símbolo da antiga presenza imperial británica nesta terra (coa torre de Correos ao fondo)

Ora, por que, ao tempo, o menos español? Primeiro, por (falta de) antiguidade: o que foi *conquista* temperá nas áreas da América do Caribe e do Pacífico (século XVI), por estas latitudes sulinas (Arxentina, Uruguai), que non ofrecían o atractivo dos cobizados ouro e prata, o que chegou foi unha

serodia *colonización*. (Fago salvedade do acontecido cos nativos arxentino-chilenos, esquilados na famosa *guerra del desierto*, da segunda metade do XIX, que está moi fresca na mente e na acción dos actuais aboríxenes).


Cinguíndonos ao país que nos ocupa, primeiro se introducíu o gando desde o Paraguai (século XVII), para logo írense instalando tímidamente viliñas como Santo Domingo Soriano (1624) e Colonia do Sacramento (1680, fundación dos invasores lusos), ambas no sul do territorio... ata que o gobernador de Buenos Aires (segundamente fundada aínda en 1580), se víu obrigado polo primeiro Borbón a fundar Montevideo (1726-1730). (Paréceme estarlle dando excesivo protagonismo aos dous Borbóns!).

Se repararmos en que, a pouco da semi frustrada invasión inglesa -1807, como a francesa en Galiza, 6 meses de 1809, apenas durando sete meses- se expulsou (1814) ao dominador español... temos que esa dominación efectiva durou apenas escasos 90 anos... e se a isto engadimos as posteriores intensas camadas de canarios, bascos e, sobre todo, galegos... -algúns dos pobos menos típicamente españois da España-, invadindo pacíficamente esta República –seguidos polo *melting pot* de brasileiros limítrofes e de europeos (britanos, galos, ítalos, gregos, croatas, xudeus...) e asiáticos

ocidentais (armenios, libaneses, árabes...)-, aí temos a demostración da segunda parte da miña ousada hipótese: *país menos español das Américas*.

Vocabulario extemporáneo: Cruceiros chamámoslle aos “cruise ships” turísticos. O estelar Cruzeiro do Sul devéu en símbolo do Brasil, mesmo dando antano nome á sua moeda... En tanto cruceiros galegos hai media ducia en Montevideo, entre os cales dous históricos (ourensáns oriundos de comezos do XIX).

XXI. Os uruguaioes escriben sobre Galicia I




Co pasamento de Daniel Vidart, aos case 99 lúcidos anos, vaise un dos valedores uruguaioes da nosa Galicia. Este antropólogo, membro correspondente da Real Academia Galega, publicara (1961) un interesante estudo co título “Regionalismo y universalismo de la cultura gallega”: a través dos seus sete capítulos trata de: “El paisaje gallego y su habitante”, “Raíces prehistóricas del pueblo gallego”, “El camino de Santiago y el espíritu de Occidente”, “Galicia, encrucijada de dos mundos”, “Constantes literarias del lirismo gallego”, “Diálogo entre la ironía y la saudade” e “Los gallegos en el Uruguay”. (De onde lle viría a este intelectual cos seus dous primeiros apelidos franco-euskeras a dedicación a Galicia? Porventura da nai de seus fillos, de apelido Novo?).


Tense tornado clásica a frase deste ensaio: “Los gallegos no sólo han traído consigo sus romerías y sus gaitas. Han llegado con su



inquietud cultural superior, su vocación humanística. Esta lejana orilla atlántica está bañada por el mismo Océano que penetra en las rías gallegas y golpea sus espigones graníticos...” “Bolboreta de aliñas douradas...” recitárame, lembrando a Curros, a vez que máis falei con el, haberá dez anos...



O título do seu último capítulo tal vez inspirase outro importante estudo dun uruguaio sobre a nosa realidade emigrante: “Los gallegos en el Uruguay” (1966), da autoría do daquela mozote Carlos Zubillaga Barrera, afortunadamente aínda entre nós, tamén correspondente da Galega e el si neto materno de galegos de Cubelas-Ribadeo, quen ben se pode calificar como o nacional deste país que máis traballou e sabe de Galicia. Outro ensaio seu, “Los cruceiros del Montevideo antiguo” (1967) desvenda a orixe ata entón mal transmitida de dúas cruces galegas traídas desde as terras de Amarante-Maside a estas lonxíncuas ribeiras por conta dos irmáns Fernández Bermello, que hoxe contan entre as pedras máis antigas da capital platense, datados entre fins do XVIII e comezos do XIX.



Capa: Luís Seoane, *Muller sentada* (1953)

Outros seus traballos posteriores: “El problema nacional de Galicia” (1974), “A prensa galega en Uruguai” (Compostela, 1996) ou “Castelao y Uruguay” (2004) revestén o maior interese. Mais o que compre agora salientar é a súa iniciativa do *Centro de Estudios Gallegos* (inserido na *Universidad de la República*) no marco do cal se viñeron celebrando ata dez *Coloquios de Cultura Gallega* logo volcados en senllos Anuarios (1997-2010), con participación maioritaria de uruguaaios.

Acarón destes dous tratadistas é de citar unha serie de publicacións uruguaias que, ao longo dos cen anos que van de 1918 a 2018, trataron

sobre Galicia ou algún dos seus fillos de destaque, desde o pouco coñecido título “La familia Gutiérrez” ou o ben presente “Doñarramona” (ambos daquel 1918), de Mateo Magariños Borja e José Pedro Bellán, respectivamente... ata a recente monografía “Piñeyrúa. La génesis del apellido”, de Juan J. Piñeyrúa.

Entre tales publicacións, fora as xa citadas, poderíamos destacar: “Con pecado concebida” (1955), “Tierra sin mapa” (1961, con varias reedicións), “Rosendo y sus manos” (1976), “El hórreo gallego” (Fund. Barrié, 1979), “El gallego-portugués” (1979), “Ángeles apasionados” (1996), “Queridos gallegos” (1999), “Galleguito” (2005), “Galicia en Uruguay” (2009), “Á beira do lar” (2013, caso excepcional, redixido en galego por un fillo de pais de Trazo), ou “Don Candinho” (2014)... Aforrámoslle ao posíbel lector a enumeración dos autores, que poderá atopar en calquer lugar da rede.

...Sen esquecermos monografías puntuais sobre personaxes galegas de Sábat Pebet (“El Viejo Pancho”: ver Crónicas 17), Juana de Ibarbourou (Afonso X), L. Gil Salguero (Francisco Sánchez), Arturo Ardao (Padre Feijoo), Apolant (José Cornide), Bayardo (C. Arenal), C. Samuelle (Manuel Meilán, Eds. Xerais), J.L. O. Taranco (Los Ortiz de Taranco), J.A. Varese (J.M. Silva, fotógrafo), Carmen Posadas (Bella Otero, ed. española), Agó Páez (Camiño de Santiago), H. Rosales (poemario dedicado a Castelao) ou L.M. Astigarraga (sobre o histórico cura Amenedo), etc., etc.

Non nos resistimos a citar o caso de M. Benedetti, que utiliza senllos apelidos nosos en dúas das suas maiores novelas: Budiño (“Gracias por el fuego”) e Santomé (“La tregua”).

Frase extemporánea: Uruguai, terceiro país no mundo en ofrecer tecnoloxía en telefonía móbil 5G (Xa me explicaredes o que isto é!).

XXII. Os correos coloniais. A Patagonia

Haivos tanta confluencia histórica entre A Coruña e Montevideo, que ben merecían, moito máis que noutros casos, irmandarse, para pechar o triángulo de cidades xa xemelgas (*jumellées* que din os franceses): Montevideo-Cádiz e Cádiz-Coruña. Para empezar, aí van dous exemplos.

Un. Os correos marítimos oficiais entre as dúas cidades (1767/1768), que foran moi precedidos polos destinados a Falmouth (1689) e máis despois á Habana (1764), correos, hoxe substituídos (cando non pola *internet*) polo correo aéreo, que comezara a cohabitar co marítimo nos últimos 40 (final da II Guerra) do século pasado. Na Coruña tiñan a sua base no que logo foi Fábrica de Tabacos... cos seus afamados “fárias”... que eran a versión macarrónica do apelido portugués Farías do mexicano seu inventor.



España en 1977, Uruguai en 1998... celebraron filatélicamente o máis que bicentenario dos correos marítimos

A carga humana e sentimental deses correos polo que atinxe aos emigrantes


dedúcese doadamente e ven sendo fonte de estudos migratorios do maior interese: nós adoitábamos agardar o carteiro naqueles provincianos anos 50 da nosa infancia con inocultable ansiedade: cartas e fotos -"que viaxaban o que nós non"-, posteriormente suplantadas por cassettes e video-cassetes en tempos que o teléfono non era para calquera...

Dous. Deuse no mesmo século XVIII, entre 1778 e 1784, o importantísimo fenómeno que alguén denominou "Operativo Patagonia", e que no seu tempo se chamou "*Expedición de las Familias*": doce veleiros transportando perto de dous mil colonos para aquela afastada rexión da coroa española cobizada polos ingleses, a figurar nalgúns libros parroquiais coruñeses como a "Tierra Noba" (sic).

Porque é fácil imaxinar que tales familias -castellano-leonesas, asturianas e galegas-, previo ao embarque, apousentaron nesa cidade durante meses, aí morrendo, aí casando, aí parindo... sen sospeitar que a maior parte non se daría aclimatado a tan inhóspita rexión (a maiores co rexeitamento dos indíxenas), e acabarían se deslocando a terras ben máis benignas climatoloxicamente falando como as actuais Arxentina (máis próxima) e Uruguai.

(Rexión, por certo, que varias décadas despois da independencia arxentina, foi tardiamente incorporada a sangue e lume, co conseguinte exterminio dos naturais -situación aínda persistente cos mapuches chileno-arxentinos- no que se chamou a "guerra del desierto", tantas veces comparada coa conquista do *Farwest* americano, sen ter esa repercusión cinematográfica, claro: ver Crónicas 20).

Asombra comprobar que de aquel proceso de seis anos apenas haxa un par de estudos -un aquí, outro aí-, mais paralelamente ningún fito recordatorio na cidade




herculina, que se debéu ver desbordada como nunca, moito máis do que hoxe están sufrindo as grandes cidades turísticas europeas. (O propio noso Cornide fixera un informe “Sobre el establecimiento de colonias en las Provincias del Río de la Plata y Tucumán” - 1778-, publicadas pola primeira volta aquí en Montevideo en 1970).

Dun xeito semellante, A Coruña foi durante décadas (posteriormente sucedida por Vigo) o grande porto de saída daquela marea de emigrantes dos séculos XIX e XX rumbo por entón ás Américas todas, mais nomeadamente ao Prata. Os fotógrafos Ferrol e Martí, entre outros, ilustrárono con dramático xeito.

Frase oposta á tese anterior: Curiosamente, a Expedición da vacina, que da Coruña saíu, non chegou a Montevideo, aonde si trouxo a vacina un barco negreiro portugués, nos brazos de tres dos trinta e oito malpocados escravos.

XXIII. Flora II



Hoxe toca falarmos de árbores desmesuradas, ben propias dos climas tropi e subtropicais, que este é o caso do uruguaio. Aí tedes o ombú/umbu (segundo se diga en español ou portugués, em ambos casos palabra tupí-guaraní, bela sombra por nome *cristián*... e *Phytolacca dioica* polo seu

nome científico)... que, contra o que pareza, non é senón un arbusto, entón máis desmesurado aínda.

E veume á memoria e reitéroo (ver Crónicas 5), o ombú que se atopa nos xardíns coruñeses, á beira da estrada do porto, coas suas elefantiásicas raiceiras a sobardaren a superficie coa sua madeira mol e coa chuvia de espiguiñas de semente aló pola primavera. Quén o levaría daqui, haberá tal vez un século? Candidato sería un



Ombú da Coruña, as suas raíces elefantiásicas: 16 mts. de altor, 100 anos de vida?

emigrante retornado, ou un indiano de paso. Foi sorte que prendese e maior que permanecese ata agora intacto e vizoso!

É que as árbores, coas calores, adquiren por aquí unhas dimensións espectaculares. Así o hibisco, así o loureiro de xardín ou adelfa e así tanto outro exemplar botánico, como o xigantesco ficus ou *gomero* dos parques porteños como nesta Montevideo non se ven tan grandísimos. O ombú pulula nos espazos montevideanos, terra onde de sempre se lle outorgou especial cariño á flora: mesmo houbo antano unha *Junta Honoraria Forestal* que dedicaba árbores a poetas coa sua correspondente placa



Ombú montevidéano

informativa.

Algo que casa co costume de atribuír a cada país a súa flor nacional, a xeito dun reforzo simbólico a maiores do tan sensíbel nacionalismo, xeralmente san, por defensivo, cando de países pequenos se tratar, destas repúblicas novas: a flor do ceibo (*Erythrina crista-galli*), co seu vermello luxurioso, é

compartida, como tantas cousas, polos dous países platenses. Xa vos teño comentado como outro indiano, seique venezolano, levou un ceibo a ornar a Casa de Rosalía, onde o ombú foi da Repca. Arxentina (1971)... e o uruguaio Benedetti prantou connosco (1998), na súa xira co cantautor Daniel Viglietti (ambos xa mortiños), un outro ceibo no parque do pazo de Mariñán, en Bergondo.



Ceibo de Montevideu

(Tamén O Facho herculino chantaba -1984- un carballiño no Recheo, en lembranza do cónsul-poeta uruguaiano Julio J. Casal, o principal impulsor da sonada revista *Alfar*, arboriña que non deu logrado... se foi que non a arrincou algunha man aleve)... Porque souben de xente que, tamén aí, lle botaba sal ás árbores da súa porta, supoño que temendo que, en medrando, lles restaría sol e visibilidade ao seu primeiro ou segundo andar de vivenda! E se non vin tal falcatruada, si vin a un finado *pulpeiro* da mesma rua

regar esas prantiñas tenras para contrarrestar o que fixera o arboricida... e así ata hoxe.

(Por certo, dinme que o derradeiro salgueiro pingón que sombreaba o pétreo asento canda os canóns do Parrote coruñés foi arrincado: como nos leva isto aos incendiarios rurais de cada verán aquí e aló!).

“Apousei a cabeza no tronco do carballo./ Descíame ata o espírito/ o celme dunha música de estrelas.”

(Julio J. Casal, Árbol, Coruña, 1925, traducido por meu curmán).

XXIV. Unha capital provinciana. A art déco



Esta cidade de millón e medio de habitantes, ou cinco Coruñas, é das capitais máis pequenas de Sud América (só menores Asunción del Paraguay e esas tres urbes ben cativas das Guianas -cales son Georgetown e Paramaribo e máis Cayenne, esta apenas capital dunha colonia francesa- que, pola súa tardía incorporación ao conxunto de países independentes, adoitan non ser tidas en conta no concerto das capitais nacionais). Será por iso e tamén polo tradicional carácter crioulo, que Montevideo ten uns aires decididamente provincianos, o que a un a fai comparar, só un pouco, coa vosa veciña Lisboa, ela mesma tan tocada, alén do africano, por ese certo cariz americano.



Só un pouco, digo, porque, ben o sabemos, non hai dúas persoas iguais, nin dúas cidades semellantes, mesmo cando



Tres exemplos dos milleiros da art déco: o primeiro acaba de ser derrubado...

ciudades novas e estandarizadas por obra da arquitectura global. A arquitectura! Vede aí algo que fai Montevideo unha capital ecléctica con algunha maior inclinación ou preferencia pola art déco, da que é xenerosa exponente, disque superando á Buenos Aires irmá.

Despois dos edificios decimonónicos postcoloniais, pranta única con patio interior e azotea, moi ao estilo meridional hispano e canario, viñeron as pretenciosas mansións do vinte, da época florecente da nova burguesía



Palacio Estévez (que foi Casa de Gobierno)

que, ao exemplo da porteña da outra banda do Prata, medrou coa explotación gandeira: aí, tamén axudado pola inmigración italiana e francesa, e con ela os vellos oficios europeos, xurdiron edificios eclécticos de arquitectura-mix, con grande influencia da Europa e, máis adiante, da América

septentrional... e, case simultaneamente, inmóbeis menos espectaculares co dito delicado feitío art déco do que vai a mostra enriba.

Xa na segunda metade do XX, esa arquitectura tomou o camiño do racionalismo, ostentando algúns exemplares realmente relevantes, a partir do labor dos arquitectos maiormente nacionais. Mais voltemos ao provincianismo que define en grande medida a alma desta cidade.

Fora as horas trepidantes do comercio en torno á City (Ciudad Vieja) e a media ducia de ruas céntricas, un quietismo e valeiramento apoderáanse do centro, con contada vida nocturna: só a raíz da forte lexislación antitabaco foi



Palacio Salvo (desa familia italiana, edificio emblemático de Montevideo, outro exemplo de art déco)



Palacio Díaz: tres épocas sucesivas (o primeiro e terceiro de xentes galegas ou fillas)

que agromaron, aquí e alá, terrazas gastronómicas ou restauradoras.

Parelo a isto, o barrio ten aínda hoxe plena vixencia como lugar tradicional de convivencia, onde os habitantes de casas a rentes do chan, algunhas con bancos fixos para a hora da fresca, coñécense habitualmente como se de calquera cidade de

provincias se tratase.

Ruas pouco entregues á circulación motorizada, permiten que as xentes mesmo se desplacen morosamente pola calzada, mate e termo en man. Os pregóns que van sobrevivindo: o asubote do afiador en bicicleta, o camión repartidor de supergás (butano) coas suas notas do paraelisa betoveniano, o xeladeiro co seu carriño, o vendedor ambulante de xornais (cada volta menos frecuente), a camioneta co altofalante acoplado a anunciar a carnicería da zona ou a parrillada que se estrea...

E agora que ven o inverno, os rapaces (varóns) sustituíndo as bermudas de en baixo polas capuchas de enriba (capuchinos que lles chamo eu)... sin por iso deixar de se deslizaren nas táboas ou, ao ritmo do mundo mundial, nos novidosos monopatins eléctricos...

Nin mellor nin peor, o provincianismo non colide coa independencia do poboador da grande urbe, hoxe en día que ninguén xa está pendente do que fai ninguén, absorto como adoita acharse nos seus problemas pessoais cotidianos.

Frase extemporánea: Se A Coruña foi “Cabeza, guarda y llave, fuerza y antemural del Reino de Galicia”, Montevideo, nalgún breve momento, coñeceuse como “Antemural de las Provincias del Perú”.

XXV. Uruguai laico I. Montevideo papal

Este dia falaba dos costumes provincianos dos montevidéanos capitalinos, dos capitalinos tipo medio ou común. País pioneiro sociopolítico no mundo con leis tan



madrugueiras como a do divorcio e a abolición da pena de morte (1907) ou a lei das oito horas no eido laboral (1915) -non así a do voto feminino, un ano posterior (1932) á efímera lei española... mostra, como contradicción aspectos nos que a muller aínda non está á par do home. Feminicidios fora (ver Crónica 3 ao pé), outras carencias subsisten nunha sociedade complexa, onde o pudor feminino non concibe o *topless* nas praias -a convivir con algunha que outra praia

nudista, tamén é verdade-, fronte ao home, maiormente novo, moito menos inhibido, a lucir torso nu ondequer que o verán esté apertando (nun xesto raiando, se cadra, no machismo mental).

Hai un outro aspecto que sempre chamou a atención e é o feito de a muller actuar, hoxe case extinguido tal uso, como “señora de”, mesmo incorporando o apelido do home ao seu, unhas veces reducido a unha inicial (Juana F. de Pérez), outras abertamente explícito (Juana Fuentes de Pérez)... en ambos os casos coa incorporación do apelido do marido... marcando dependencia ou posesión con ese “de”... ao contrario que na patriarcal España da ditadura, onde a fémína, anulada xuridicamente, nunca usou o apelido marital.

En falando de laicidade, este país ten longa singladura laica, particularmente desde que a Constitución de 1917 separou Estado e Igrexa Católica: ben antes dérase a lei do

matrimonio civil obrigatorio (1885) e máis acá decretárase a laicidade no ensino (1909). Isto non impide que cada volta máis, pululen, xunto aos vellos templos protestantes (ver Crónica 20), novas igrexas evanxélicas marca USA e/ou Brasil, a rivalizaren cos mormóns ianquis de vella presenza no país. (Un dos presidentes especialmente belixerante na materia foi o case lexendario José Batlle y Ordóñez, fundamental reformador do Estado uruguaio na primeira década do século XX).



Dito isto, é rechamante como, no case centro da capital, en encrucillada moi visíbel, se ergue o enorme cruceiro -moi ao estilo de algunhas “cruces de los caídos” españolas-, instalado para a misa papal. Pois Xoán Paulo II visitou o país en 1987... e voltou, non sabemos por que, un ano máis tarde: non ficou o grandioso emblema alí sen debate e forte... que non deu evitado o agregado (2005) da estatua do propio pontífice.

Consonte con esta segunda visita, que o deslocou a cidades do interior da república,



estreouse, case vinte anos despois, un filme co confuso título “El baño del papa”, protagonizado por César Troncoso, galego-fillo, un dos actores máis destacados destes últimos anos. Dígoo, porque aquí baño refírese ao tradicional excusado ou recinto do retrete -tal como se ven chamando

tamén por aí, onde vai sustituíndo o anterior de “servizo”- e non a un baño de inmersión

ou de chuvia con finalidade hixienizante. A película reflicte, con tenro e corrosivo humor, as zozobras das xentes humildes dunha viliña por como vai quedar e se vai resultar o feitío dese vergonzante recinto hixiénico destinado a tan excelso visitante... que inalmente non chegou!

Frase extemporánea (traducimos): “Hai un verde novo, limpo, inxel nesta paisaxe galega que estou descubrindo, miles de matices dun verde como recién nacido. E chove como en Macondo... O granito galego, solidez, esplendor, coherencia. Hai un dourado dando luz profundísima ao granito. Ese dourado que provén duns líquens que sómente viven neste granito galego de Santiago de Compostela. Cánta luz. Al alma está en Galicia”. (Rolando Faget, 2002).

XXVI. O fútbol

Este país é tan apaixonadamente futbolero como os seus veciños Arxentina e Brasil. Unha longa tradición internacional de éxitos, moi madrugadora (campionatos/olimpíadas), da



Real Club Deportivo de La Coruña - Selección Uruguaya (partido xogado na Coruña o 4 de maio do 1924) (Foto do Arquivo Municipal da Coruña).

que aínda se vive sentimentalmente, así o reafirma. Topónimos como Colombes (de 1924), Amsterdam (de 1928) ou Maracanã (termo tupí-guaraní, de 1950) están presentes na historia do país, ao mesmo nivel que as

efemérides patrióticas... dando nome a ruas e ás tribunas do que foi o principal campo, o Estadio Centenario (de 1930).

Ao respecto, compre evocar, naquel primeiro ano, o equipo uruguaiano desembarcando en Vigo, onde tomaron terra europea no seu periplo cara a París... non sen antes ir quentando motores en encontros cos equipos vigués e coruñés, neste caso co saque de honra a cargo do cónsul-poeta Julio J. Casal. Así como na capital española son clásicos os *teams* Atlético (nesta América rin coa pronunciación madrileña de “at-lético, At-lántico”) e Real Madrid, con



similares connotacións sociolóxicas e ata políticas, sono aquí Peñarol (CAP) e Nacional

(CNF), -respectivamente aurinegros e tricolores-... alén dos outros equipos que, máis dunha vez, desbancaron aos nomeados de ambos países no triunfo deste deporte de masas.

Futbolistas uruguaiois en España e galegos-fillos no Uruguai son xa recorrentes. Abonda con lembrar a chamada “Orquesta Canaro” do Dépor dos primeiros 50, referíndose a ese afamado conxunto tanguero porteño



(dirixido polo uruguaio Francisco Canaro), como signo de excelencia deportiva. E aquí e hoxe, apelidos futbolísticos como Ariosa (sic), Balsas, Corujo, Filgueira, Lodeiro, Moas, Pouso, Rabuñal, Regueiro, Rivero (sic), precedidos polos Abeijón, Arigón (sic), Maceiras, Maneiro, Míguez, Santamaría ou Taibo, e estes polos históricos Castro, Cea e Lorenzo Fernández, Severino Varela, Buceta, Dacal, Figueroa, Gestido, Naya ou Nieto... dan fe do que dicimos.

A *vox populi*, certaíra moitas veces, apunta a que os españois aquí inmigrados (maioría de galegos, como é sabido) se afiliaron ao CNF (así como ao Partido Nacional ou Blanco -PN-, colectividade de maior implante no rural), en canto os italianos ao CAP (e ao Partido Colorado -PC-, maioritario na eleitoralmente decisiva capital).

A afiliación ao CNF viría dada pola figura do importante emprendedor da Laracha José Añón Canedo, directivo dese club, que chamou a moitos paisanos para integralos en CUTCSA (*Compañía Uruguay de Transportes Colectivos*), a principal empresa do ramo en Montevideo (canto a relación dos galegos co P.N., se for certa, ignoramos o porqué). Os italianos co Partido Colorado serían herdeiros, non só de Crosa (ver seguinte párrafo), mais tamén dos seus predecesores colaboradores de Garibaldi na súa etapa bélica rioplatense en contra dos federais *blancos*.

E debo comentar que o CAP surxíu (1891) nese barrio ferrocarrileiro, inicialmente


nutrido por ingleses empregados da empresa británica fundadora desoutro medio de transporte. Malia o seu nome provir dun soldado piamontés, Giambattista Crosa (alias) Pinerolo (do seu lugar natal), arribado ao nacente Montevideo procedente co seu rexemento da Coruña, onde casara (1763) con Francisca Recamán, paisana de Dumbría, dando orixe, a maiores do topónimo Peñarol, a numerosa descendencia. (Dous galegos dese mesmo tempo houbo que incorporaron temporalmente o berce orixinario ao seu apelido: Gerónimo Fernández (a) Fistera (sic) e máis José Santiago (a) Malpica... moi ao xeito habitual de nomear na milicia).

Información extemporánea: Inda que o xentilicio oriental foise sustituíndo por uruguayo, segue vixente nalgúns áreas como a policial, ao identificar ao individuo como N.N., oriental, soltero, etc. (Moita anécdota describe a confusión entre o oriental-uruguaio e o oriental de Oriente).

XXVII. Dous galegos asasinados

Dous feitos de sangue ocorreron en apenas catro anos, ambos a relacionaren Galiza e Uruguai, como sufridos con morte por dous galegos emigrantes entre 1897 e 1901. E os dous merecendo a publicación de senllos libros.

Neste ano produciuse o famoso *crime da Ferradura*, que recolleu (1985) Gonzalo Torrente Malvido na colección *La Sombra de Caín*. O padronés residente en Mercedes (bela capital de provincias uruguaia) Ángel María Lorenzo Ozores,




solteiro, 53 anos, masón e dono de boa fortuna, feita *Ángel Lorenzo na prensa da época* en base ao tráfico transatlántico de gando en pé, en viaxe pola Terra, procedente do balneario de Cuntis, caeu en Compostela na véspera do Apóstolo.

Con sona de mullereiro, citárase, no saudoso paseo compostelán cunha tal Manuela Carreira, 28 anos, prostituta, co consentemento e, máis aínda, co alento do home, un tal Celestino Rodríguez, 24 anos, ex emigrante en Cuba. Estes tiñan aquel seu *modus operandi*: mentres ela cumpría co cliente e lle roubaba, el vixiaba o encontro. Así foi como, en decatándose o tal indiano da manobra, reaxiu e o Celestino apuñalouno con resultado de morte, atopándose o cadáver na mañá seguinte.

Pouco e nada disfrutou a criminal parella do roubado, pois que foi apresada en cuestión de horas e finalmente (1903) condenada a morte, se ben se beneficiou dun indulto real, que permutou a morte pola cadea perpetua a raíz da asunción do mozo Alfonso XIII como monarca. Só réstanos preguntarnos que se faría da fortuna americana do infortunado, seguramente asumida polos pais, que inda vivían e moraban en Galicia.

Moi diverso é o caso de José Benito Castro Padín, tamén padronés, de Iria Flavia (1859-1897), que neste ano -o 12-09, en chegando a primavera austral- caeu morto no lonxano Tacuarembó, no afastado pago de Turupí, onde posuía unha *pulpería* (negocio de ultramarinos na área rural, do que xa temos informado). Segundo vemos, el andaba nos 38 anos, era casado (en segundas coa súa cuñada, mulleres ambas crioulas de orixe brasileira) e pai, respectivamente, de catro fillos (3 nenos e unha nena) e máis outra filla (Rosalía Castro) deses dous matrimonios, esta última apenas unha crianciña.



A pulpería de 1847, hoxe lugar patrimonial que visitan os escolares

Seique por mor de rivalidade comercial e outras contas pendentes, o seu paisano ourensán Domingo Formoso, tamén *pulpero* da zona e máis vello que el, mandou sicarios para lle dar un aviso ou intimidalo: non están claras aínda as motivacións porque é o día que non se fixo unha investigación seria para desvelar un século longo de

procurado silencio. Mais si se publicou unha novela (*Don Candinho*, 2014, do recentemente falecido e consagrado escritor uruguaiano Tomás de Mattos), con moita información oral do tema e a dose habitual de ficción.


O conto é que Castro atrincherouse no comercio-vivenda, cruzándose unha

balaceira, ata que as cousas se foron torcendo e acabaron co asalto dos delincuentes e a morte daquel e a conseguinte violación (na presenza dos cativos) da pobre muller (acto que se adoita atribuír á sociedade bárbara da época, onde se daba con certa frecuencia, mais que aínda se dá hoxe en entornos tan civilizados como ese primeiro mundo).

O Formoso acabou se suicidando e os sicarios foron morrendo a mans de Candinho dos Santos, o cuñado do arriscado galego, a quen lle encargou o pai lavar a honra coa vinganza. suscitando no mozo un grave problema de conciencia, cando menos así encarado maxistralmente na obra citada (que nos semella un honesto intento do autor por redimir a culpa de seu bisabó ourensán).

Frase extemporánea: Os arxentinos querenlle máis aos uruguaio do que os uruguaio aos arxentinos (oculta, tal vez, un cariño paternalista do grande fronte á suspicacia do pequeno, ciumento da súa independencia).

XXVIII.Os masóns galaico-uruguaianos



Joaquín de la Sagra

En falando do masón galaico-uruguaio asasinado na Ferradura compostelá, lembreime da importancia que os masóns tiveron, non só no nacemento dos novos países americanos, mais concretamente na nacente república uruguaiana. Non é do caso analisarmos este colectivo, tanto tempo clandestino fronte ao poder omnímodo da Igrexa Católica, que combatía con asañ e caloñas a filosofía librepensadora da masonería, malia esta organización internacional se basase á súa volta no deísmo representado polo seu deus particular, o *Gran Arquitecto do Universo*.

Hoxe xa a ceo aberto, estamos ao cabo de saber moito sobre eles e o que quero é particularizar a súa presenza no Uruguai decimonónico (por non falarmos do actual), tendo aquí implantación desde fins do XVIII e, polo que aos galegos nos atinxe, coa representación de moitos masóns connacionais nosos no surxemento desa institución neste país.

É así como a comezos do século XIX o ilustrado coruñés Joaquín de la Sagra (1784-1851), irmán maior de Ramón, instalado neste territorio xa desde antes da independencia, tivo destacada actuación filantrópica, sendo o verdadeiro refundador (1825) do vello hospital de caridade, chamado ata hoxe Hospital Maciel (polo seu fundador orixinal na centuria anterior).

Entre moreas deles, outros galegos masóns uruguaio (de algúns xa tendo falado en anteriores Crónicas) serían: Antonio Díaz (Coruña, 1789-1869), xeneral da

independencia; Senén M. Rodríguez Seoane (Viveiro, c. 1826-1872), iniciador, finalmente frustrado, do ferrocarril xa en 1869; Andrés Dubra y Seoane (carballés c. 1830), político, iniciador dunha familia moi presente no devenir do país (el mesmo cónsul do Uruguai na Coruña contra 1905); Francisco Vázquez Cores (Ferrol, 1843-1914), mestre, libreiro e impresor de primeira liña nos comezos da educación pública, tal como Antonio Barreiro y Ramos (Vilaño-A Laracha, 1851-1916), ou Adolfo Vázquez-Gómez (Ferrol, 1869-1950), figura fundacional do socialismo uruguaio (por certo, tio-abó de Leopoldo Calvo-Sotelo)...



E logo están os galegos fillos, formando no máis graúdo da masonería *oriental*: Santiago Vázquez Feijóo (1787-1847), político e diplomático (de pais de Ribadavia e Sada); Francisco Lecocq (1790-1852), político e empresario (fillo do enxeñeiro militar coruñés Bernardo L., protagonista nos inicios da capital uruguaia); Gabriel Antonio Pereira (1794-1861), presidente da República (de pai coruñés); José Brito del Pino (1797-1877), xeneral patriota, como Díaz (fillo do coruñés Pérez Brito); Leandro Gómez (1811-1865), heroi da defensa de Paysandú fronte aos brasileiros que o fusilaron, prócer case á par dos pais da patria (fillo de galego de Queiruga-Porto do Son); seguido por Carlos de Castro (1835-1911), avogado e político, presidente do *Gran Oriente* (de pai de Lestrove-Dodro, emparentado con Rosalía); ou por Joaquín Canabal (1869-1918), eminente médico, fundador da *Liga Masónica del Uruguay* (fillo de galego de Carril); etc., etc.

Cantiga carballesa: Hei d'ir a Montevideo/ anque sexa por un ano/ anque non traia diñeiro.../ serei sempre americano.

XIX. Os palacios galegos I

Falamos de algúns edificios montevidEOS polo seu significado arquitectónico e



Casa Vásquez ou “del Virrey”

xa demos pistas sobre determinados *palacios* galegos. Hoxe quero me internar nese ricaz acervo histórico do que, mercé a uns poucos fillos enriquecidos, dispón Galiza neste país (e non só neste país, naturalmente). O Uruguai -e moita da

Arxentina- non posúe unha antigüidade tal a dos

países do norte, centro e pacífico-América: México (a *Nueva España*), as illas caribenses e o Perú, sen desdeñarmos, por suposto, Colombia e Ecuador (a *Nueva Granada*), protagonizan o esplendor da arquitectura colonial, como nos tempos precolombinos o luxo azteca, maia, incaico...

Todo o antigo deste país remóntase apenas a finais do século XVIII. Con esta premisa poderemos citar e apreciar, alén duns poucos edificios relixiosos -Catedral ou Matriz, capela da Caridade, esta do compostelán Miguel Estévez-, os chamados palacios ou simplemente casas que na *Ciudad Vieja* ergueron os inmigrantes exitosos, galegos moitos deles.

Así, cronolóxicamente, temos como vella entre as vellas a Casa Lecocq, dacabalo dos séculos XVIII e XIX, na actual avenida portuaria -daquela beiramar-, construída polo xa coñecido noso,



Casa Montero: Museo Romántico

enxeñeiro Bernardo Lecocq O'Hennesy (1734-1820), coruñés de pais estranxeiros (belga

e irlandesa). Séguelle a veciña Casa Vázquez, chamada popularmente *Casa del Virrey*, mandada erguer, na primeira década do XIX, polo tamén coruñés Manuel Vázquez Senra (1752-1812), opulento comerciante que comprara o terreo á *Mariscala*, Ma. Francisca de Alzáibar, viuva do primeiro gobernador español de Montevideo, o navarro José Joaquín de Viana (daí a *virrey* pouco había na visión do pobo).



Palacio Gómez: Junta D. de Montevideo

A Casa de Montero é de 1831, feita coa república recén nada, por encargo do ferrolán da Graña Antonio Montero Remesil (1783-1853), hoxe a albergar o saudoso Museo Romántico. Outras mansións (enténdase, todas en pé a esta data), e só traemos



Palacio Taranco: Museo de Artes Decorativas
Departamental de Montevideo, algo así como a deputación provincial española).

un feixe delas, estas xa sendo debidas a fillos doutros galegos acomodados, serían as que seguen.

O palacio neogótico (de 1875) de Francisco Antonio Gómez, fillo de Roque Antonio Gómez (1767-1836), de Queiruga-Porto do Son, desde anos há sede do parlamento municipal (*Junta*


Dos mesmos anos é a Casa de Carlos de Castro, fillo de Agustín de Castro (1783-1838), de Lestrove-Dodro, de quen acabamos de falar en reseñando os masóns

uruguaianos. Compre avanzar ata a centuria pasada, para, no mesmo histórico ámbito xeográfico, dar con dous, estes si, de galegos nativos, chamados palacios: de 1909 e 1910 son o Palacio Gandós, do baionés Leoncio Gandós (1851-1932) (ver Crónicas 11), e o Palacio Taranco, do coruñés de Vilaboa-Culleredo Félix Ortiz de Taranco y Viñal (1866-1940), considerado o edificio privado máis suntuoso do país, hoxe Museo de Artes Decorativas.

Xusticieiramente, varios destes edificios están catalogados como *monumento histórico nacional*. Claro que hai moito máis para comentar. Xa falaremos.

Nota extemporánea: Así como o primitivo alcume de “cueva céltica” foi asumido polos integrantes da Cova Céltica... tamén os hinchas de Peñarol asumiron o insulto de “manya mierda” (do italiano mangiare=comer) como un dos seus alcumes preferidos, manyas.

Permitídemme cavilar esta volta sobre os uruguaiois que, como outros latinoamericanos, foron dar á Galiza dos seus antepasados, ou ben á España diversa,




moitos primeiro por razóns políticas (fuxindo da represión da *Operación Cóndor*) e moitos, entón e despois, por razóns económicas (afogados pola corrupción capitalista e a pouta imperialista do *amigo americano*).

E entre eles non podo evitar falar dos escritores, tales Onetti, Castillo, Benedetti, Peri Rossi, Marra ou Larreta - todos menos P. Rossi mortos-, mesmo dunha transterrada *sui generis* como Carmen Posadas ou, posteriormente, o amigo poeta Héctor Rosales. (A Carmen os galegos debémolle unha semblanza da Bela Otero -2001-; a Héctor -cos catro abós galegos- un poemario, *Mientras la lluvia no borre las huellas* -2002-, baseado en estampas de Castelao).

Mais tamén houbo actores como Margot Cottens ou Walter Vidarte (o propio Chicho Ibáñez nado aquí foi), ou a actual cineasta Manane Rodríguez. Nin que dicir de uruguaiois que chegaron a se implicar na política española e máis na galega.


Aquel período represivo retrotráeme ao outro terríbel tramo da guerra española, que tan apaixonadamente foi seguida nesta república, con



representación dos dous bandos, mesmo enviando os leais unha chea dos seus fillos a formaren nas Brigadas Internacionais... como conmemora cadanseu monolito na vila Santiago Vázquez (Montevideo) e en Morata de Tajuña (Madrid), varios deles galegos ou fillos/netos (Ladra, irmáns López Silveira, Cotelo...), hai ben pouco historiados documentalmente no libro *Papeles de plomo* (2017).

Feito que me achega a memoria de dous diplomáticos que apoiaron decididamente a causa republicana legal, como foron os uruguaio José María Perelló, cónsul en Vigo (1928-1941) e Edmundo Nóvoa, cónsul en Vilagarcía naqueles anos de triste recordación. Nóvoa, uruguaio fillo de galego e pai de galego-uruguaio, este o pintor e escultor Leopoldo Nóvoa (cuxos murais ornan Montevideo e Coruña), axudou a fuxir, por exemplo, ao *Siñor Afránio* (o deputado Alonso Ríos). Perelló, non galego, é lembrado aquí desde o seu cabodano (1944, cuxa placa en Casa de Galicia mostra a súa efixie flanqueada polo escudo da Repca. Española e a cruz de Sant'lago), mesmo visitando a súa tumba Castelao (1945).

Noutro sentido, como operativo na década anterior (1913-1926), temos o cónsul uruguaio na Coruña, Julio J. Casal (tamén fillo de galego) a fundar a importante revista artístico-literaria *Alfar*.



Un dos últimos números da etapa uruguaia



Finalmente, outro grupo fórmano os creadores artísticos ou literarios nados neste Montevideo e radicados nesa Galicia desde nenos, levados polos seus pais retornados, case todos nados no período 1950-1970. Aí está o crego Alfonso Blanco Torrado, activista cultural, fillo adoptivo de Guitiriz; o economista José Antonio Varela; a escultora Luz Darriba; a violinista, que foi de *Milladoiro*, Laura Quintillán; o poeta Alberte Suras; o historiador, poeta e pintor Carlos Pereira Martínez; o animador sociocultural e empresario Manuel Iglesias Vilas; os xornalistas Silvia Gaspar e Jorge Gómez Caramés; ou Breogán Riveiro, escritor e realizador e guionista de audiovisual... por citar uns poucos ao chou.

A propósito de Breogán, seu pai, o amigo Manuel Riveiro Loureiro e seu fillo máis vello, Bruno, participaron activamente na creación da praza Manuel Curros Enríquez (no barrio montevidео de Villa Colón), coa inauguración dun monólito, e particularmente na plantación de árbores (agosto de 1972): deste xeito permanece nestas árbores a presenza daquel home comprometido que no ano seguinte retornaría coa familia á Coruña.

Observación extemporánea: Outros uruguaiois déronlle orixe ao conxunto de tamborileiros da Coruña chamados “Os quilombeiros do Monte Alto”; dime meu curmán que hoxe seguen, mais substituíron os ritmos afrouruguaiois polo afrobrasileiro do samba...

XXXI. Uruguai laico II. O calendario



Comunidade que vence a outra tenta lle impor o seu selo, máis ou menos intelixentemente, máis ou menos violentamente. Tal fixeron, un tras do outro, todos os imperios que no mundo “han sido”. E tamén as relixións, estas con maior fanatismo, se repararmos en que se rexen por un dogma. Sabemos como a igrexa católica adoptou e adaptou certas

pautas dos cultos anteriores en pende que xeografías ou momentos. Así, na Galiza, disque foron cristianizadas en cruceiros as pedras sagras dos aboríxenes... e alí onde houbera un castro se instalou un templo ou un cenobio, sempre procurando erguerse no alto, na atalaia da contorna.

Como reacción a este proceder milenario, como que desmontándoo e ao tempo utilizando criterios semellantes, no Uruguai de comezos do XX (que, xa no XIX, retirara os santos do nomenclátor urbano) houbo un intento de secularizar o calendario de vella raigame española, europea en fin. Abreviando: mantivéronse certas datas relixiosas, as máis arraigadas, renomeándooas con nomenclatura cívica. Así: *Día de los Niños* (Reis), *Día de la Familia* (Nadal), *Día de las Playas* (“aunque Vd. no lo crea”, a Inmaculada, pois era a esa altura do 8 de decembro cando soía arrincar a temporada praieira) ou *Semana*

de Turismo (Semana Santa), esta con absoluto realismo, e que ven sendo a única denominación subsistente, tal a forza ou peso do calendario católico no país máis laico das Américas.

(Aclaremos que *Difuntos* tamén é *feriado*, mais non substituído polos Santos do día precedente, como se acostuma aí. Iso si, desapareceron,



naquelas datas, todas as festas do santoral hispano -Santa María, San José, el Pilar, Santiago...- e, por suposto, todo isto convivindo cos días patrios -19-IV, 18-V, 19-VI, 18-VII, 25-VIII, 12-X-, non todos *feriados* -este 18 de xullo, que lle dá nome á principal vía montevideana, como día da primeira Constitución, a de 1830, non ten nada que ver con aquel outro 18 de xullo español!)- sen esquecer os univrsais 01-I e 01-V.


A propósito do 25 de xullo, non está de máis informaros sobre un feito abondo esquecido e merecente de ser aquí evocado. Antes daquela data de 1918, un grupo de galegos de Montevideo -máis ben fillos-, constituídos con tal finalidade, en comité executivo, elevou ao goberno da República unha petición para que fose oficializado como *Día de Galicia* cada 25 de xullo (digno complemento, dicían, do *Día de España* -2 de maio- e do *Día de la Raza* -12 de outubro). Dita institucionalización, que foi autorizada, consistiu na potestade de izar tal día, xunto á uruguaia e á española, a bandeira galega. Isto -que se foi perdendo co paso do tempo- fai que a capital uruguaiana se adiantase dous anos a igual proposta das Irmandades da Fala (efectivizada na Galiza metropolitana aínda en 1920).

Por certo, sabíades que a *bandera de la Raza* (1932) -hoxe tamén desaparecidas esa festa da raza como tal e esa bandeira- se debe ao uruguaio de orixe astur, Cap. Ángel Cambor (1899-1969)?... cuxos fillos chamáronse: Cuautémoc Méjico, Liropeya

Aconcagua, Yuquerí Argentina, Guáscar, Xoxhitl e Bolivia Guayaquil... segundo se nos informa en *google*... e vaia como curiosidade.

Dato extravagante: Outro capitán, tamén uruguaio e moito anterior a este, Pedro Estévez (1808-1859), fillo do compostelán Miguel (construtor da Capela da Caridade montevideana), nun alarde de laicismo, puxo aos seus decimonónicos fillos: Febrero, Marza, Abril, Mayo, Junia, Agosto e Agosta, Septembrina, Octubre e Noviembrina.

XXXII. Vellas pedras. A farola barcelonesa



En falando de vellas pedras neste país, non podemos soslaiar as tres grandes fortalezas subsistentes, ben que sexa en grande parte reconstruídas no século pasado, a exemplo desa Santillana cántabra, con criterio oposto ao de, verbigracia, os

italianos, que adoitan respeitar moito as ruínas e por non restar xenuinidade, evitan, no posíbel, reconstruír, so pena de caer no *pastiche*.

A fortaleza mais cercana de nós, no tempo e no espazo, é a do Cerro montevideano (ver Crónicas 2). Mais, derrubada a cidadela, como se fixo coa muralla coruñesa, na XIX centuria, restan outras dúas, ambas no leste e no departamento de Rocha (atentos a este topónimo orixinado nuns faeneiros luso-porteños, a xente ignorando o seu equivalente español Roca), testemuñas da inacabábel guerra colonial hispano-lusa: Santa Teresa (esquerda, hoxe lugar de ocio co seu fermoso parque) e San Miguel (dereita), este considerado simple fortín, case no límite co Brasil.



Mais tamén están as *Bóvedas* montevidéanas, resto moi arruinado da santabárbara española. (Coa porta da cidadela pasou o que co pórtico coruñés de Santo André, trasladada a outra zona da cidade, mais, co tempo, reinstalada aquela no seu lugar primitivo, na entrada da *Ciudad Vieja*).

Ora, hai unha vellísima pedra que pasa desapercibida, erguéndose na fachada da moderna facultade de Arquitectura, unha columna romano-alxeriana que o goberno francés doara (1938), procedente de Djémila. (Naquel período, mesmo Italia doou varias estatuas a Montevideo, as mais espectaculares: Il Colleoni -por Verrocchio, de Venezia-, Il Gattamelata -por Donatello, de Padova- e o Davide -por Michelangelo, de Firenze-, todas tres reproducidas en bronce, esta a presidir o palacio municipal... doacións hoxe impensábeis).



A de Montevideo

Outra, esta contemporánea, da que ninguén ten aquí noticia cabal, évos a farola-fonte porcedente dunha das ramblas barcelonesas, que, resituada recentemente no adro do *Mercado del Puerto* (un dos puntos turísticos) fora doada (1988) polo presidente Pujol, como compensación pola repatriación dos restos de Margarita Xirgu (1888-1969), que na súa casa do Leste morrera, despois dun froitoso maxisterio de vinte anos, nos que formou importantes representantes do prestixioso teatro uruguaio (entre os cales, dito como simple anécdota, “el Gayego Félix”, segundo era coñecido na súa adolescencia montevideana o futuro Sancho Gracia).



A de Barcelona

(Esta bela peza da arte catalá non ten indicación algunha da súa singular

procedencia, por certo non funcionando na súa parcela de fonte). A propósito de Xirgu, é memorábel a coincidencia en Montevideo coa nosa María Casares, cando, formando no elenco do *Théâtre National Populaire*, visitou esta capital (1957).

Dato extemporáneo: En 2008 o cineasta compostelán Pablo Iglesias Rendo estreouse co film “Pedro e o capitán”, versión galega da obra do uruguaio Mario Benedetti.

XXXIII. Os tres Pepes

Certo embaixador arxentino (kirschnerista) no Uruguai, de apelido (galego) Patiño déu en reparar e publicitar a coincidencia de “los tres Pepes” eminentes do país nordplatense: D. Pepe Artigas, D. Pepe Batlle e máis “el Pepe” Mujica... co conseguinte escándalo da oposición ao goberno deste último. Claro que respecto de “el Pepe” lle faltaba ao diplomático sudplatense o que se dá en definir como a necesaria perspectiva histórica.



A Liga Federal, integrada por 5 provincias argentinas(ocidentais) e a P. Oriental (do Uruguai)


O primeiro don Pepe, José Artigas, do século XIX (1764-1850), de abó aragonés -que formara no grupo porteño que, xunto co grupo canario, fundou Montevideo- resultou un señorito desclasado, ao se mergullar na difícil vida do campo, en convivencia con feros indíxenas e contrabandistas de gando, ata se integrar no corpo militar de campaña. Isto fogueouno ao tempo que lle déu un grande coñecemento da idiosincrasia popular.

Co tempo e a axuda ou non dos (futuros) arxentinos -daquela (1814) todos un cos *orientales* (futuros) uruguaios- contribuíu á expulsión dos españois europeos deste seu último reduto rioplatense -desde 1810 xa borrados de Buenos Aires. En fulgurante carreira, Artigas pasou a ser o *caudillo* destes orientales, adaíl do federalismo contra o centralismo ou unitarismo porteño, ata o punto de se lle pregar varias provincias argentinas a formaren a efémera Liga Federal, con el como *Protector de los Pueblos Libres* e cunha curta gobernación da propia Banda Oriental.

Non o soportaron os de B. Aires que, en alianza cos portugueses do Brasil, deron

con el no chan e nun exilio (no Paraguai xa autónomo) no que acabaría os seus días... trinta anos despois, sen ter máis nunca intervido na política dun país que el non quixera independente, mais si a facer parte dunha federación platense co mesmo Paraguai: un soño de adiantado, como a sua sensibilidade republicana e case socialista. (Pouco máis tarde, o Uruguai sería liberado polos que foran nun tempo os seus tenentes: o derrotado asistiu desde lonxe ao triunfo dun nacionalismo por el mesmo fomentado).

Recolleu moita desta filosofía humanista don Pepe Batlle (1856-1929), neto de catalán, fillo de presidente e el mesmo presidente, polo *Partido Colorado* (ver Crónicas 26) dunha República a navegar en solitario a comezos do XX, impelindo unha lexislación cun claro sotaque socialdemócrata, marcando a temperá singularidade deste pequeno país no mundo, que o eurocentrismo alcumou de *Suiza de América*. Xigantesca foi a obra *batllista* transformando para sempre esta nación sulamericana (ver Crónicas 25).



Unha das bandeiras artiguistas e a do partido político Frente Amplio, a xogaren coas mesmas cores

No último tercio do século pasado, o país xa era outro, lonxe daquel tempo de vacas grosas. En paz desde 1904 (derradeira revolución do *Partido Blanco*, esta contra Batlle), tornou a saber o que era guerra, esa guerrilla urbana de certa esquerda guevarista (o MLN-tupamaros), enfrontada á opinión do propio Che, que desaconsellara tal método para o Uruguai, finalmente derrotada e seguida dunha ditadura militar, que, alén da brutal represión, acabou por arruinar de todo a feble economía uruguaia. Durante os trece anos que durou, o núcleo duro dos *tupas* estivo preso nun réxime especialmente inhumano.

Un deses guerrilleiros *escolleitos* foi “el Pepe” Mujica (nado en 1935, bisneto de basco), chegado a presidente da República da man da histórica coalición (de 1971) *Frente Amplio*, de reclamadas raíces *artiguistas*, que tentou aplicar o seu ideario sen dalo feito en moita medida. Iso si, alcanzou unha sona mundial polo seu humanismo de mandatario máis que austero e defensor en todos os foros da felicidade como primeiro dereito humano e condición *sine qua non* dunha verdadeira democracia: ningún uruguaio antes (agás Carlos Gardel, aínda disputado polos arxentinos como francés de nación) chegou a ser tan popular neste mundo globalizado para ben e para mal.

Frase extemporánea (doutro socialista uruguaio): “Sombras gloriosas de Concepción Arenal, Curros Enríquez y Rosalía de Castro: la primera tuvo el corazón en el genio y los segundos tuvieron el genio en el corazón. Por ellos tres Galicia es también un poco la patria de muchos que no somos gallegos.” (Emilio Frugoni, 1925).

XXXIV. Inmigración galega IV



Daríase para analizar psicolóxicamente o abano de actitudes do emigrante, aquí inmigrante, galego no noso caso, a respecto da memoria persoal da súa patria. Para comezarmos, partindo da premisa de unha abrumadora maioría seren varóns - paulatinamente se incorporando mulleres e máis mulleres a esa corrente demográfica-, ocorrensenos tres tipos de migrantes: o que viaxa só, casado, a deixar muller e tal vez fillos na Terra, para despois reclamalos; aquel que viaxa só solteiro e casa no país receptor con connacional; e, finalmente, o que, con idéntica soltería, casa aquí con uruguaia ou estranxeira, filla ou non galega filla.



(A todo iso compre sumarmos o carácter de cada quen, máis ou menos comunicador). Entón está o inmigrante galego aillado que non conta nada do seu pasado, da súa Terra: dáse abondo este tipo que, como que corta coa Galiza, pasa páxina e nada



transmite dela aos fillos, borra a súa historia persoal, mesmo para si, que acha impropia ou insignificante para a contar.

Logo está o outro que, máis no caso de casar ou vir casado en orixe cunha galega, e millor se son ambos cónxuxes do mesmo lugar, si evoca



e recrea para a prole non somente a Terra perdida, tamén a fala, que practica acotío na intimidade do lar familiar. (Outro tema a ter en conta é se en vida o emigrante dá ou non dá retornado á Galiza, de visita, el ou o conxunto doméstico).

Este último tipo é o que dá pé a unha serie de feitos tales: dar nomes da Terra a

emprendementos comerciais ou habitacionais, e mesmo pór aos fillos nomes galegos, supondo isto xa unha consciencia proactiva cun trasfondo case ou non necesariamente político. Coñecemos uruguaios que van de pasada a Galicia e contan emozoados, cando voltan, o que os seus ollos confirmaron dos contos dos pais de cando eran mozos.

Exemplos de nomes de persoas, temos no Uruguai varios individuos Galicia e Galiza, Celta (para ambos sexos) e Céltigo, Breogán, Suevia, Lugo... e, nun campo decididamente político, nomes de pía Castelao, Líster, Rosalía (pola poeta), Flavia (por Iria-Flavia)... estes tendo sido comprobado por nós que foran impostos con ditas motivacións concretas.

Exemplos de comercios (fora os baseados no apelido do propietario): Galicia, La Coruñesa, Bergantiños, La Estradense, La Portonovesa, Orense, Pontevedra, Petín, Rianjo (sic), Silleda, La Compostelana, Castrobo, El Ferrol, La Flor de Galicia... e ducias máis.



Para rematar cos edificios a levaren nomes da Terra tales: Amenal, Mesoiro, Vigo, Pontecesures, Mugardos, María Pita, La Coruña...

É dicir, todas denominacións privadas, non sendo o caso do nomenclátor onde, máis alá de peticións particulares, está a acción oficial uruguaia rendendo homenaxe a persoeiros e cidades de Galicia. Mais isto é fariña para outra amasadeira.

Nota extemporánea: O historiador Vedía -euskaldun de importante familia porteña- era fillo do oriental Lorenzo de Vedia (atención ao acento trocado nas Américas), o morgado que retornou á terra basca.


XXXV. Galegos de paso I



“Patria de mi padre, luminosa y grande...” comeza Juana de Ibarbourou (1892-1979) o seu poema “Galicia”, un dos dous (o outro, “Morriña”: “Quiero sentirme, Galicia,/ recibida por tus gaitas...”) dedicados á terra paterna, para rematar dicindo “Con el niño mío, que también te ama/ oh, Galicia mía, hemos de traer/ a la patria india que amparó a mi padre/ algo de tu hechizo y tu placidez”. (De sempre achamos que aquel verso primeiro parece máis ben definir a España).

Xa tendo falado do seu “Chico Carlo” (Crónicas 16), hoxe quixera traer aquí outros aspectos da calificada como Juana de América. Segundo se expresou por miúdo nas xornadas galaico-uruguaias de Ribadeo e Lourenzá (2007: sesquicentenario de Alonso y Trelles), a poeta uruguaia, filla do lourenzanés Vicente Fernández, tivo, ao longo da súa longa vida varios contactos intelectuais con Galiza: o seu estudo sobre as cantigas de Santa María (1930), o seu anterior (1928) prólogo a “Cantigas e verbas ao ar”, de Xulio Sigüenza (Ed. Lar, Coruña, que cremos traducido ao galego polo editor D. Leandro, con capa de Lolita Díaz Baliño), etc., etc.

(Temos unha gravación coa súa voz agradecendo a imposición do seu nome -1963- á biblioteca municipal de Lourenzá, sendo que, no citado 2007, foi nomeada filla adoptiva da vila, a



título póstumo). O menos coñecido escritor uruguaio, este narrador, Valentín García Sáiz (1894-1974), fillo dun mindoniense, foi outro lembrado na ocasión.

Falando de poetas, e alén de Trelles, *El Viejo Pancho* (Crónicas 17), o coruñés Xulio Sigüenza Raimúndez (1898-1965) residira en Montevideo c. 1927-1934. O betanceiro Ángel Aller (1887-1977), como o citado Trelles, radicouse neste país de por vida. E. Blanco-Amor, desde Buenos Aires, foi recorrente visitante veranceiro e conferenciou xa desde 1923 e actuou como axente reservado da República española en guerra, tendo declarado que case toda a súa poesía aquí nacera e aquí tamén se iniciara na novelística con “La catedral y el niño”...

Outro que no Rio da Prata ficou, en ambas capitais, foi o corcubionés, de familia malpicá, Arturo Carril (1902-1990), escritor mais non poeta. O propio Celso Emilio Ferreiro por aquí pasou, publicando (1955) “Voz y voto” e aquí asinando (1968) o poema “Terra de ningures”, do seu libro homónimo. (Miguel González Garcés publicou en Montevideo nese tempo -1956- o opúsculo “Diez poetas gallegos”, con poetas nas dúas linguas de uso no país).

Capítulo aparte merece o vilagarcían Juan García Durán (1915-1986), Luis Costa García de seu verdadeiro nome: ácrata moi activo na clandestinidade, preso (1936-1943) nas cadeas franquistas, exiliado (desde 1950: París, Camberra, Detroit, Texas, Houston, Washington...), morou en Montevideo onde se titulou de bibliotecario e onde, sobre iso, impartiu (1965 na *Facultad de Humanidades*) o primeiro curso de Língua e Literatura galega neste país e no mundo. Cursos que, trinta anos despois, o goberno de Galicia recreou durante dúas décadas, e polos que pasaron profesores nativos tales Modesto Hermida, X.M. Dobarro, Luis Pérez, E. Vázquez Souza, Ma. José Lojo, Francisco Maseda ou Élida Abal, entre os que lembramos.

Outros visitantes galegos costumeiros foron, nas décadas de 30 e 40, Maruja Mallo e Castelao. Pola súa parte, o noso fotógrafo José Suárez (1902-1974) residíu

permanentemente en Punta del Este (ao igual que Rafael Alberti e os seus), durante os anos 40, na sua casa “El Yelmo de Mambrino”, nome cervantino, Mambrino, tamén do seu can.

Frase extemporánea: Uruguai é, con moito, o país latinoamericano que máis utiliza tarxetas de crédito, diñeiro plástico, vamos: diagnóstico?

XXXVI. O cóndor e outros bechos no armorial universal



Armas de Ecuador

Como neste hemisferio é inverno, temos máis e millor tempo para nos concentrar nas nosas crónicas e este día decatámonos da homonimia, ao redor desa ave de rapina, que se dá entre a Lexión Cóndor e a Operación Cóndor - trinta anos de separación non son nada!-, aquela matando na terra basca, esta multidelinquindo nas terras sulamericanas.

Vella teima do home esta de se apropiar dos bechos para neles reflectir os seus complexos, a sua maldade ou bondade, os seus talantes e talentos: desde os fabulistas antigos ata os modernos e ata os creadores dos deseños animados ou non... toda unha zoofilia (amor polos animais, ollo á primeira acepción hispano-académica, nada que ver coa máis vulgar segunda significación de desviación sexual!) que se veu manifestando desde sempre, lonxe de divertimentos cinexéticos ou de aproveitamentos comerciais-alimentarios (baleas, *lobos de mar* destas paraxes, elefantes... por só falar de mamíferos, entre os máis exterminados).

Haivos outro campo cal é o heráldico, cos seus cuarteis e máis elementos do escudo, concretamente no que atinxe ás armas simbólicas dos países: examinada unha morea destas, correspondentes a uns noventa países, advertimos unha fascinación polo animal (curiosamente aquela suposta veneración pola vaca non se traslada ao escudo de Unión India... mais si ao de Andorra), ben lonxe da crueldade que tamén se dá en



Armas de Malasia

espazos e tempos supostamente civilizados, como as touradas e outras festas salvaxes.

Ora, foinos de moita diversión observar, alén do cóndor das repúblicas andinas, animais fantásticos ou míticos tales o unicornio anglo ou o dragón islandés, que estes si semellan inventados mesmo para esta función ornamental e simbólica dos escudos nacionais. Ou animais, por autóctonos, nada comúns, como o canguro e o emú (Australia), o armadillo (de Grenada), a llama e a vicuña andinas... e até un sapo e unha tartaruga de cadanseu país exótico.

Aquel cóndor lévanos a outras aves de rapina, tal o abutre (de Malí) ou o falcón, habitual das armas dos países da Asia máis próxima e da África mediterránea, áreas maiormente musulmanas, e sobre todo diríxenos cara á aguia, nas suas diversas posturas, omnipresente nos símbolos de uns 25 países... Aves outras facendo lexión na heráldica mundial: pombas, papagaios, pelícanos, fragatas... Sen esquecer os varios bichos mariños: golfinhos, tiburóns...

Só superada a aguia polo león que, xa desbotado das armas etíopes o milenar león de Xudá, aínda domina nunha trintena de estados, comezando por ese reino borbónico dos vosos e nosos pecados. Os seus parentes felinos, decorativos como poucos, en retrato, e elegantes de vez en presenza: o tigre, o leopardo, o guepardo, a pantera, o xaguar... tamén teñen o seu lugar de honra.

Disque o león europeo ou euroasiático prehistórico é o culpábel deste abuso gráfico universal e que o león do reino homónimo é un disparate filolóxico-heráldico dos moitos que hai, dado que o topónimo sería deturpación do latín *legio/legionis*... lexión en cristián (sen quere-lo, voltamos ao principio!) dos romanos da época imperial, e a sorte que tivo na heráldica xa raia co aborrecemento.

O cavalo, pola contra, escasea e témolo no escudo deste país que nos acolle (representando a liberdade), que tamén ten, no cuartel limítrofe, un boi (na acepción de touro manso e produtivo como símbolo da riqueza), completados coa balanza da xustiza

e a fortaleza da forza (valla a redundancia). O touro, mesmo o búfalo, teñen presenza, mais ben pouca, noutras armas nacionais.



O loro e o armadillo autóctonos de Grenada



Armas do Uruguai

Información extemporánea: tres uruguaiois, un historiador (Andrés Vázquez Romero, no Ordes paterno), un narrador e crítico (Ángel Rama, de pais galegos, en Madrid, de accidente) e unha poeta (Esther de Cáceres, no lar rianxeiro dos Dieste), morreron dun xeito repentino, cando estaban visitando esta banda do mar, respectivamente en 1985, 1983 e 1971.

XXXVII. Montevideo: grupos escultóricos



La carreta, no parque Batlle, é lugar tradicional para fotos de turistas e vecinos

Aí atrás falamos do cabalo do escudo uruguaio. Tamén das esculturas europeas doadas ao Uruguai, entre as cales dúas ecuestres: Colleoni e Gattamelata. Pois ben, facendo inventario, resulta que en Montevideo temos nada menos que once xinetes máis -entre eles o noso Artigas e os herois estranxeiros San Martín, Solano López e Bolívar-, que xa veñen sumando trece... sen contarmos os cabalos presentes noutros grupos escultóricos tales “Nuevos rumbos” -parella campesina dacabalo-, “El entrevero” -combate trenzado de homes dacabalo-, “La carreta” e “La diligencia”. (E é que o nobre cuadrúpedo estivo presente, especialmente aquí, en moita parte da historia bélica do país).

Tales catro debidos ao escultor José Belloni (1882-1965), un dos dous nomes protagónicos, con diferenza, no embelecemento da paisaxe urbana da capital, sendo o outro José Luis Zorrilla de San Martín (1891-1975): aquel Garaicoechea e este Blanco dos seus apelidos maternos, basco e galego respectivamente, e este descendendo de Alonso da Contiña Blanco, da zona de Vila de Cruces. Se o filoitalico Belloni logrou con carreta e


diligencia -dous meios de transporte sucesivos- sitos en cadanseu parque da cidade, unha



La diligencia emerxendo da canada do parque El Prado

grande visibilidade, o filocántabro Zorrilla ten o seu “Gaucha” emplazado en pleno centro.

Realmente, Montevideo, con amplos parques e belos grupos escultóricos, con delongada mariña e fermosos edificios, combina harmoniosa e cumpridamente arte con natureza... entre cuxa escultura quero mencionar o ben máis modesto monumento a Camoens... do mesmo autor (João Fragoso) e feito que o sito na coruñesa praza de Portugal.



O prestixio do uruguaio alcanza a países tan afastados como unha das repúblicas da illa caribense (ollo a “Gervacio”!), retrato imaxinado polo pintor nacional Juan Manuel Blanes (1830-1901)

Ora, co pai da patria, José Artigas, acontece, como co Reformador do Ensino, José Pedro Varela, que os seus bustos proliferan ata

o aborrecemento en comisaría e escolas, mesmo nestas con frecuencia coincidindo á vez ambos persoeiros... máis alá de estar aquel no lugar de honra de calquera ente público,

como na filatelia e na numismática, esta volta en retrato. (O curioso é que todos os retratos do prócer son inventados, pois non resta del máis que un deseño da sua efíxie anciá, no exilio paraguaio de tres décadas).

O bo do caso é que, co culto a Artigas, evítase o culto á personalidade de calquera presidente (ou rei fora das Américas). Por certo, que pintarán os reis na numismática e na filatelia dos seus reinos? Isto mostra o pouco que evoluiron os estados monárquicos dese primeiro mundo nesta materia. Ao respecto, rexe aquí unha vella lei que prohibe erguer estatuas ou nomear ruas ata transcurrida unha década do pasamento do personaxe, algo, ao noso ver, exaxerado se se tratar de persoeiro artístico ou literario ou científico, alleo á posíbel soberba ou endeusamento, previsibelmente nocivos para os gobernados, do político que ostentar o poder e manexar o goberno de turno.

Ripio extemporáneo, absolutamente decimonónico: “Quien por comer se interese/ o por masticar se afane/ busque al dentista Seoane:/ el hombre bien lo merece. (Por Antonio Seoane Pita, coruñés de 1858, a exercer en San Carlos de Maldonado, Uruguai).

XXXVIII. Azul ou celeste na Vexiloloxía

Neste inverno morrente, un frecuentemente bota en falta o azul celeste de ceo (valla a redundancia), e foi así como isto me levou a reparar novamente nas cores da bandeira uruguaia: branca e azul... como a galega?, diredes, pois veredes que non, cando menos segundo interpreto eu.

Partamos de que as bandeiras non teñen culpa do mal uso que o home fai delas: igual pasa cos símbolos todos, con todos os logotipos (vulgo: logos), creados para oficiar como tarxeta de visita para propios e guieiro para alleos: daí o de guións ou estandartes do Medievo. Claro que gallardetes, banderíns, cocares, pendóns, insignias, todas a locir as cores patrias ou locais ou mesmo familiares, non só eran usadas nos xogos, festas, torneos ou xustas cabaleirescas, senon tamén nas guerras.

O curioso é ver como en cada canto do mundo falan aquelas cores diversos idiomas, ao igual que pasa coas linguas dos humanos: aí tedes, por exemplo, o vermello, que igual val para a China comunista que para o monárquico Marrocos... aquela nación obviando o seu antigo nome de Celeste Imperio... por máis que aquí celeste equivalla a celestial ou cerúleo. E non ten graza que españois e cataláns compartan ese charramanguero “rojo y gualda”? (Con perdón da sua cara!).




Ben se advirten os matices entre o celeste das primeiras e o azul da uruguaia

E logo estavos os matices. Así, a bandeira galega, como a arxentina, ou mesmo

a da ONU e, se cadra, a escocesa, ostentan o azul celeste, porventura turquesa, en canto a uruguaia mostra un azul máis intenso: estas diversas tonalidades de azul, témolo comprobado agora, comportan unha confusión universal nos propios países, o que non imos resolver nós neste curto espazo... sen sermos, por riba, expertos en vexiloloxía.

Malia o dito, *celeste*, como *charrúa*, identifica aos uruguaiois sendo que non é celeste xa (foino moi brevemente no seu comenzo decimonónico) o seu pabellón, nen é especialmente charrúa o seu sangue. No primeiro caso tense falado da dificultade de conseguiren teas daquela cor, por ser máis corrente o azul (outros teñen aducido que o celeste foi desbotado por evocar a cor borbónica).

Canto aos charrúas (ver Crónica 20), incorporarános ao imaxinario os uruguaiois recén independizados tal vez na má conciencia por telos case exterminado, dada a presión dos terratenentes amolados por aquela mancha de autóctonos indómitos. (Non podo menos que evocar aos modernos fazendeiros amazónicos que exterminan canto poden, floresta e, tanto peor aínda, aboríxenes nada agresivos, apenas á defensiva).



Tamén é certo que o pabellón galego é acotío azul, ata nos poemas (“azul e branca”), como tamén o é que na linguaxe hispana e galega en xeral a palabra *celeste* como substantivo solto non se utiliza hogano, antano operando como adxectivo do substantivo *azul* no inseparábel *azul celeste*.

Outra cousa pavera é o tema das estrelas: os Estados Unidos da América, a medida que ían incorporando estados novos, ían aumentando as estrelas na súa bandeira... ata se plantaren nas 50 no ano 60. Europa, en troca, parouse nas 12 que xa non representan a suma de países componentes, mas si un número meramente simbólico... cabalístico se cadra.

Dato extemporáneo: Segundo o *International Centre for Asset Recovery*, Uruguai é o país latinoamericano que mostra menor nivel de risco en materia de lavado de activos e financiación do terrorismo: posto 118 en 125 países do mundo examinados, apenas superado por Finlandia... e poucos máis.

XXXIX. Os palacios galegos II

Na Crónica 29 falábamnos de edificios históricos da Cidade Vella montevidéana,



Palacio Santos

totalmente promovidos por galegos ou fillos. E prometíamos máis. Pois alá van. Algúns deles mesmo son chamados palacios: Estévez, Santos, Lapido, Iglesias, Díaz... na en certo tempo chamada

Ciudad Nueva, continuación daqueloutra histórica,

no que outrora fora Campo de Marte. Como pasa tamén aí, aquí esta foise erixindo, xa no século XX, en dominio da nova burguesía.

Limitándonos a aqueles edificios relacionados coa nosa colectividade, obviando, polo tanto, algún tan emblemático como o Palacio Salvo (de itálica orixe, co seu parente menor porteño, o Palacio Barolo da Avda. de Maio: ver Crónica 24), fronte a el Estévez, na praza Independencia, o grande espazo republicano creado no emprazamento da cidadela colonial. Este Estévez, Francisco, fillo do coruñés José Ma. Estévez Vázquez (dono da casa-quinta do Prado, hoxe convertida no complexo habitacional Parque Posadas), mandou



Palacio Santos (exterior)

construir (1874) o que, tempo despois, reformado, e por cen anos, operou como sede do Goberno e hoxe alberga o *Museo de los Presidentes*.



Internándonos de cheo no territorio do actual Centro urbano e xa no século XX, temos o Palacio Lapidó (1933), verdadeira torre que marcou un fito na moderna arquitectura da capital e é recordado como sede do xornal *La Tribuna Popular*, fundado cincuenta anos antes por José Anto. Lapidó Basoco, fillo de pai galego, albergando, ben máis acá (1957) o semanario esquerdista *El Popular* (en cuxo faiado permaneceron escondidas fotos que recolleran a represión naquela avenida 18 de Julio da nacente ditadura 1973-1985).

Palacio Lapidó

Nesta propia via principal de Montevideo atópanse dous outros monumentos: o Palacio Iglesias Montero (1925, de descendentes do dono do Palacio Montero da Cidade Vella), na praza Cagancha, en cuxos baixos se situou, durante medio século, o popular e intelectual Café Sorocabana (desa marca do cafeteiro e brasileiro estado de Sao Paulo, co seu río Sorocaba), e máis o Palacio Díaz, do que falaremos axiña.

Pois intermedio no espazo e anterior no tempo está o Palacio Santos (de 1886), do feitío de andar único a rentes do chan (ao estilo dos seus semellantes da Cidade Vella), malia o cal é o máis luxoso, como encargado que foi e apenas disfrutado polo



Palacio Iglesias Montero

Petit Napoléon, o ditador Xral. Máximo Santos (1847-1889), neto do ferrolterrán Bartolomé dos Santos Seixas. Acabou sendo sede do *Ministerio de Relaciones Exteriores*. (A finca do mesmo Santos, no extrarradio, é hoxe o *Museo de la Memoria*).

Finalmente, o Palacio Díaz (1930), esoutro fito arquitectónico da escola de rañaceos *art déco* neoiorquina, foi encargo dos irmáns dese apelido, fillos de Manuel Díaz e Díaz (acabamos de descubri-lo: nativo de Neda). (Para todos estes edificios, ver fotos na Crónica 24).

Por suposto que hai outras construcións dignas de seren mencionadas fora de Montevideo: aí están o moderno Edificio Míguez, de Punta del Este, ou o antigo Palacio Tajés, en Canelones, ambos de xentes de orixe galega.

Esta cuadra é de Xavestre: Virtudes ten a ruda/ virtudes o roméu/ virtudes as mociñas/ que van pra Montevideu.


XL. Médicos galegos do Uruguai



Cando aquí se fala da *región* estáse a falar dunha ampla zona da América do Sul, case que de toda Sudamérica. Nos anos das vacas gordas -dito que ben puido ter orixe nestes países gandeiros- era proverbial o grande número de estudantes da rexión que

chegaban a Montevideo para cursaren estudos superiores na daquela única institución dese nivel no país: a *Universidad de la República* (hoxe UdelaR, con esta paixón que teñen os uruguaios polas siglas): é que nesta avanzada república esa educación universitaria, como a dos niveis inferiores, tamén era gratuita. Voces erguíanse para denunciar esa sangría económica en beneficio duns alumnos que acababan voltando aos seus países a exercer a súa profesión.

Nestas décadas de vacas nin gordas nin fracas -as vacas fracas reinaron xa demasiado tempo!-, déuse un feito moi singular: médicos oftalmólogos cubanos, máis adiante secundados por profesionais nativos, brindaron a súa solidariedade atendendo gratuitamente a miles de uruguaios economicamente deficitarios: un labor extraordinario desenvolvido no *Hospital de*



Locomotora (1958), de Manuel Pailós, tal vez emparentada coa outra súa Locomotora de 1944

Ojos “José Martí”, creado (2007) con tal finalidade nas instalacións do *Hospital Gustavo St. Bois* do barrio de Villa Colón: máis de 50.000 uruguaianos (nunha poboación de tres millóns e piquiño) se teñen beneficiado desta iniciativa.



Dr. Manuel Albo polo escultor español Pablo Serrano (1953), residente durante anos no Uruguai

Curiosamente, un médico nado en Pamplona, mais vivendo aquí desde neno, o Dr. Pablo Purriel, tivo (1944) unha idea orixinal: decorar as frías paredes daquel sanatorio público con ata 35 murais a cargo do obradoiro “Torres García”, co obxecto de humanizar o establecemento. (Purriel, socialista, sería, nos anos 70, o último ministro de *Salud Pública* previo á ditadura 73-85). Este mesmo ano fomos informados do rocambolesco proceso que significou transportar diariamente varias decenas de artistas plásticos para depositalos horas naquel lugar, tentando o seu profiláctico aillamento, dado o carácter de centro para infecciosos que naquela época tiña o sanatorio... (Entre eses pintores estaba Manuel Pailós, un cormelán -que cambiou o acento do apelido-, criado desde cativo en Montevideo, pertencente á escola construtivista).

Outros centros sanitarios capitalinos de importancia, fora o enorme Hospital de Clínicas (universitario), foron e son, pola parte que nos toca como galegos, o Hospital Español (nutrido con varios médicos nosos, tal o laxés de 1866, Dr. Ramón S. Vázquez), a *Sociedad Española Primera de Socorros Mutuos* (vulgo, *La Española*, fundada en 1853 por José M^a Buyo -suposto gaditano con ese apelido tan betanceiro e ferrolterrán-, onde se ostenta o busto do Dr. Albo), ou o Hospital de Casa de Galicia (ver Crónica 12), ou mesmo o Hospital Pereira Rossell (ver Crónica 6), entre unha ducia máis.


En falando de médicos galegos ou fillos operantes (e nunca tan ben dito) no Uruguai, aí están os nomes de Serafín Rivas (Nogueira-Meis, 1833, un dos pioneiros, tendo en

conta que a Faculdade de Medicina nacional aínda naceu en 1875), Joaquín Canabal (Montevideo, 1860), Prudencio de Pena (Montevideo, 1875), Manuel Albo (Viveiro, 1886, de quen tanto sabía o finado amigo Dr. Fausto Galdo), ou, máis acá, Roberto Caldeyro Barcia (con tres abós galegos, el mesmo “doutor honoris causa” da universidade compostelá)..

Poema extemporáneo: “Ciudad que se oye como un verso. Calles con luz de patio. La noche nueva es como un ala sobre tus azoteas” (“Montevideo”, fragmentos, por Jorge Luis Borges).

XLI. Borges. A auga tónica *Paso de los Toros*


O poema de Borges, “Montevideo” do que estraimos uns anacos na última nosa



Crónica, pertencente a *Luna de enfrente* (1925), apenas é unha cativa mostra da frecuentísima presenza deste país na obra do arxentino. Desde *Cuaderno San Martín* (1929, co seu poema “La Recoleta”), ata *Atlas* (1984: “Colonia del Sacramento”) o Uruguai aparece en libros de prosa e ensaio ou verso como *Discusión* (1932), *Ficciones* (1944: “Funes el memorioso”), *El Aleph* (1949: “El muerto” e “La otra muerte”), *El hacedor* (1960: “Susana Soca”), *Para las seis cuerdas* (1965: “Milonga para los orientales”), *El informe de Brodie*

(1970), *El libro de arena* (1975: “Avelino Arredondo”), *La moneda de hierro* (1976: “Coronel Suárez”), ou *Historia de la noche* (1977: “Milonga del forastero”)...

Por que tanta dedicación? Pois é que don Jorge Luis tiña dous abós *orientales*: Francisco Borges (paterno) e Leonor Suárez (materna, esta, filla do citado Coronel Suárez) e o propio escritor ten pasado tempadas desta banda do Prata. Mesmo dous núcleos, Tacuarembó e Paso de los Toros, son mencionados especialmente, aquel, e non só, en “El muerto”, que dera orixe (1975, polo director arxentino Héctor Olivera, o mesmo de “La Patagonia





rebelde”) ao filme con ese dobre nome, un fiel ao do conto, o outro “Cacique Bandeira” aludindo ao personaxe do mesmo, encarnado por Paco Rabal. Fita que, supervisada por J. C. Onetti, fora en parte filmada en campos tacuarembenses.

No mesmo departamento (lembrade: municipio con extensión de provincia) radica Paso de los Toros (pasos son as pasaxes ou vaus, neste caso do grande Río Negro), berce, por exemplo, de Mario Benedetti e de algo menos literario mais igualmente famoso como é a auga tónica “Paso de los Toros”: nada aquí foi adquirida posteriormente por unha multinacional e, como aquel extracto de carne “Fray Bentos” (Crónica 8), universalmente coñecidos ambos os produtos.

Ora, o caso de Borges repítese en multitude de individuos de ambas as beiras dos ríos Uruguai e Prata. E moita vez derivado da política e os seus exilios. Houbo e hai moreas de xentes que cruzaban e cruzan nos dous sentidos este charco rexional, fuxindo de gobernos ditatoriais adversos... ou mesmo da Xustiza. Se ben en bastantes outras ocasións a pasaxe era en sentido Montevideo-Buenos Aires, por razóns de traballo ou, artistas e escritores, procurando a fortuna cultural na megaurbe porteña: é rara a familia montevideana que non ten ligazón de sangue con outras familias bonaerenses e viceversa.

Estes cruzamentos fluviais tamén se teñen dado polo litoral do río Uruguai, de norte a sul, suposto das cidades máis ou menos enfrontadas de Salto (Uruguai) e



Concordia (Arxentina), Paysandú (Uruguai) e Colón (Arxentina) e Fray Bentos (Uruguai) e Gualaguaychú (Arxentina), ficando neste ponto a ponte internacional máis importante (hai

un proxecto, moito máis ambicioso e nunca abordado seriamente, para unir Colonia con B. Aires).

Tamén cos brasileiros se ten dado ese trasego político-económico: uruguaianos en procura de porvir na populosa Sao Paulo (aquí chamada San Pablo) e antano revolucionarios de unha e outra parte da difusa *liña* a pediren asilo en cadanséu país veciño (paradigmáticos foron os “farroupilhas” decimonónicos republicanos e separatistas do Río Grande do Sul)... eventos, alén diso, habituais en todas as fronteiras do mundo.

Outra de Borges: “A orillas del Uruguay/ Me acuerdo de aquel matrero/ Que lo atravesó prendido/ de la cola de su overo” (de “Milonga para los orientales” en *Para las seis cuerdas*). (Matrero: bandido, overo: pelaxe de cabalo).

XLII. Apelidos galegos no Uruguai II



Casaravilla (con Bosé en Muerte de un ciclista 1955)

Na crónica 18 despregamos unha cativa mostra de apelidos galegos do Uruguai. Daquela incluimos Casaravilla, mais non outros tales Riverós, Ortuño, Sotuyo, Fregeiro ou Salguero, nomes de familia nosos deformados neste país.

Casaravilla procede dun Juan Caxaraville/Cajaravilla de Oza-Teo,


lugar de Vilanova, chegado a Montevideo en 1780, reescrito aquí Cacharavilla: o que fica claro é que o home pronunciaba correctamente *sha* e non como hoxe, castellanizado, *ja*. Aquí é de salientar seu descendente o poeta Enrique Casaravilla Lemos (1889-1968), grande amigo de Julio J. Casal (o cónsul-poeta uruguaio na Coruña, 1913-1926)... e aí lembraredes o actor, tamén uruguaiano e tamén descendente daquel galego, Carlos Casaravilla (1900-1981), contemporáneo e colega doutra montevidéana en España, Margot Cottens (1922-1999), esta de abós maternos vigueses, Costas.



Miguel Jacinto

Ribeiros/Riveiros, de Monfero,

Cottens, 1955



De Jondar (enriba) a Fondar (embaixo)

casou en Brest (1801) e dalí viu paulatinamente afrancesado o seu apelido, a comezar pola contumaz acentuación aguda gala: Riveirós, ata dar en

Riverós, con perda do ditongo. Un seu descendente foi o xeneral

uruguaio Roberto P. Riverós (1874-1942), fundador da arma de Enxeñeiros e ministro. Fillo ou sobriño deste sería Roberto M. Riverós, cónsul do Uruguai na Coruña (1951-1967).

Miguel Ortoño, “natural del reino de Galicia, obispado de Santiago, como de 60 años” morréu en San José de Mayo en 1816: os seus descendentes acabaron adoptando o euskera apelido... Ortuño! (E así se chama Casa de Ortuño, a actual sede da cultura desa capital departamental). Juan José Sotuyo é un arquitecto contemporáneo cuxo apelido está clamando por un ancestro Soutullo. Clemente Fregeiro (1853-1933) foi un historiador cuxo apelido orixinal (Freixeiro? Fragueiro?) é un misterio. Non o é, por certo, Luis Gil Salguero (1898-1974), filósofo, que era neto do ferrolán Pedro Salgueiro. (Que nos pode estrañar se na nosa propia terra aconteceu tal cos Outeiros e Monteiros, Lourenzos e Ribeiras -este na orixe dos cervexeiros Rivera-, Mosqueiras ou Lousadas -con esa perda do típico ditongo galego-portugués-... ou cos Teijeiro, Queijo, Fajardo, Gestal, Ginzo, Lage, Araújo ou Ameijeiras pronunciados con J, á española!).

Precisamente este complexo antigheada dos galegos emigrados, limitado a un par de apelidos, fíxoos



trocar os seus en Sangurgo e Arigón. Mais hai un caso de gheada incombustíbel cal foi o

do iletrado galego Francisco Gerónimo de Gondar, que en 1801 encabeza, con éxito, a solicitude para erguer un oratorio, embrión da cidade de Trinidad, co tempo capital do departamento de Flores: pois o que asinou por el a solicitude escribêu Jondar (como Francisco pronunciaba) de xeito tal que ese J parece un F: así foi como, séculos andados, os trinitarios bautizaron a principal via da cidade Francisco Fondar. (E máis val non intentar rectificalo, pois é, de entrada, unha loita perdida, seguros estamos).

Neste crisol de apelidos que o Uruguai é, decatarédesvos que dá para todo, moito alén do que podades imaxinar. Curiosamente hai aquí apelidos das Canarias (que foron un día luso ou galaico canarios) que entraron neste país xa castellanizados: Calleros (Calheiros), Marrero (Marreiro), Acosta (Da Costa) ou Rivero (Ribeiro). Mais tamén outros incólumes cal Corujo ou o Fajardo que dixemos antes.

Olivera, moi común, é deturpación do brasileiro Oliveira. Ora, hai outros apelidos tamén isleños, mais estes dos Azores, que entraron nesta terra precisamente via Brasil, como Da Terra e Da Silveira... que xa viñan disfrazados desde o arquipiélago, onde os introduciran colonos flamengos, que traduciron daquel xeito os seus Van Aard e Van Hagen.

Cantos paralelos de sul a norte: “Los ejes de mi carreta/ nunca los voy a engrasar...” e máis: “Carriño que cando cantas/ é cando levas máis peso...”

XLIII. Flora III



Coruña, axencias... bó, na realidade é o meu curmán o informante: dime que empezou a florescencia do paloborracho dos xardíns de Méndez Núñez. Fiquei pampo, pois ignoraba houbese aí esa *chorisia speciosa* polo seu aristocrático nome (ver Crónica 5),

tan escondida está que mesmo non foi descrita nun libro específico sobre a flora dese espazo, saído ben haberá trinta anos... Tan alta e tan recoleta se ergue que pasa desapercibida, mesmo a sua espectacular floración a estrar o céspede. Pois o certo é que ela florece no outono.


E así como o meu curmán me avisara da perda do salgueiro pingón do Parrote, agora, agoireiro como el é, fálame doutro exemplar exótico, o *cordia boissieri* ou falso pementeiro que había, si señor, na fronte da que



foi biblioteca Menéndez Pidal, veciña a árbore á cafetería “Atalaya”. Pasa que eu pasaba

por alí e, ao igual que aquí fago, frotaba as mans nas follas baixas para obter un recendo gorenteiro... por máis que algo pegañento: anacahuita chamámoslle nesta rexión sudamericana, con palabra nahuatl, cando deberíamos aludila co seu guaraní nome aguaribay (ou aguaribaí). Pois tamén xa non está, dime Un.

Todas estas morriñentas reflexións botánicas trasladáronme a unha historia conmovente. Cóntanola Luis Moure-Mariño (1915-1999) en *Fantasías reales. Almas de un protocolo* (1961), no que verte aconteceres acontecidos no



decorrer da súa profesión de notario. Intitúlase a historia que nos move “El poder de Montevideo”.

Évos unha historia máis de emigrantes, do emigrante chantadino Samuel María Montes que, non tendo nunca voltado e á hora de labrar testamento, deu poder transoceánico ao cura local para vender as suas leiras “con excepción de la rama que mira hacia el poniente del Roble Grande de Basán”. Chantado o xigante na noite dos tempos en terras do común, e protagonista anual da Romaxe do Carballo, esa sua ponla invadía amigabelmente a leira ou tenza do agora xardineiro montevideano Samuel e así o explicaba el en carta a Moure:

“Mis huesos se quedarán en este lado del charco... y, sin embargo, ¿cómo decírselo?, mi alma estuvo siempre ahí... la dejé ahí para siempre aquel día en que, a la sombra del roble de Basán, me dio mi madre el adiós de despedida”. Para que engadirmos nada?

Tamén está o adéus, esta volta da moza, nos versos de Manuel Martínez y

González (1849-1894), xeitosamente musicados por Canuto Berea (1836-1891): “Un suspiro” deste composto sobre a “Rima” daquel, que comeza “A noite que salín da patria miña...” e segue “Do castaño das citas no cortizo/ unha cruz coa navalla che imprimín.../ Todo, muller, xa se enterrou no olvido... /A cruz inda está alí!”

Vede aí dúas árbores nosas e dúas alleas... de certo xeito tamén nosas desde aquel ombú (da Crónica 23) e este paloborracho levan décadas nutríndose da terra coruñesa.

Da retranscrición popular uruguaia: “-¿Cómo anda? -Aquí andamo” (como o galego, non solta prenda!).

XLIV. Galegos de paso II

En crónicas varias temos falado de galegos avecindados no Uruguai, nalgunha



Galo Salinas

concretándonos aos que tal fixeran no século XX: mais hai algúns do século anterior que tamén mereceron a nosa atención, hoxe traendo unha mostra, ordenada segundo o inicio dos seus anos de residencia neste país.

Galo Salinas Rodríguez (Coruña, 1852-1926) é o máis coñecido polo seu papel no Rexurdimento. Residían en Montevideo, desde mediados de século, José Williman Lugrís (con ese apelido paterno alsaciano, oriundo de Mera-Oleiros, 1819-1886) e sua dona Antonia González Otoño, natural de Caión, tendo


familiares na Coruña. Tal vez recomendado por estes a aqueles, con doce anos Galo emigra acá, onde morou doce anos máis (1864-1876), sen lle dar tempo a facerse aquí dun nome... mais cabería preguntármonos o que aquel ambiente republicano puido pousar na mente daquel mozote coruñés...

Radicado na Coruña, integrou a Cova Céltica e publicou o primeiro drama histórico en verso galego, *A torre de Peito Burdelo* (1891, reeditado non hai tanto pola *Escola Dramática Galega*). Con todo, seique o que máis lle merece memoria é a fundación da “Revista Gallega” (1895-1907), que dirixiu e sostivo economicamente e que marcou un



José Ma. Riguera

fito fundamental no noso renacemento cultural e político. Deixouna nesta última data polo



seu traslado a Madrid, onde fora nomeado canceller do consulado uruguaio... xusto no ano en que asumía, como presidente da República, o fillo dos seus protectores, Claudio Williman González. Retornado á Coruña, acabaría aí a súa vida, despois de ter publicado obra abondo.

Natural de Muras (1844) ou Oourol (1845), a traxectoria de José María Riguera Montero (seique Rigueira, morto en Viveiro en 1922) ten, esta si, parte salientábel no Uruguai, onde morou nos anos 1870-

c.1893, co cal algúns coincidiu con Salinas mozo. Aquí fundou o “Instituto Oriental” e doutorouse en Dereito, desempeñando varios postos na Maxistratura e exercendo a docencia universitaria do Latín, ao tempo que daba a lume textos de diversa índole. (Onda el tamén residía seu irmán Manuel, que exercéu o maxisterio).

De volta en Galiza e establecido na Coruña, colabora, como Salinas, nos medios de comunicación e participa en tanta iniciativa nace na daquela activísima cidade (“Liga de Amigos”, presidente de “El Eco”...), mesmo en feitos de carácter filantrópico, chegando a financiar (en Viveiro, 1911) os actos do centenario de Pastor Díaz. (Nada disto, por certo, na lingua do país).

Na Crónica 6 falábamos daqueles exiliados da I República española. Agora tócanos dedicar unhas liñas a un exiliado do bando contrario, o monárquico e conservador compostelán Antonio Varela Stolle (1821-1889), o único do trío que ficou nestas terras, ás que arribara, anos despois do triunfo da “Gloriosa” (1868), en 1873 (dito ano, entón, residían estes tres na capital uruguaiana, ignorando se entre os dous últimos chegou a se dar relación).

Así que Varela chegou xa como avogado pola USC (onde exercera e tivera cátedra), con obra publicada (ver ilustración), sendo nomeado “Fiscal de lo Civil y del Crimen” (1875), cargo no que xa se demostrou instrumento do poder político. Chegado 1879 é elixido primeiro presidente do Centro Gallego de Montevideo. E. a seguido, é destinado a Tacuarembó como xuíz letrado (1880-1883): neste cometido foi que lle tocou o caso de Manuel Sánchez Caballero, xoven procurador español que mantiña unha agre disputa coa autoridade local, condenándoo á cadea. No traslado do preso para a capital, este desaparece para sempre (nunca encontrándose o cadáver), no que se entende ter sido vítima da aplicación da célebre “ley de fugas”. O asunto, malia ter enorme repercusión a nivel diplomático e tamén entre a colectividade española e galega, ficou definitivamente *tapado*.

Varela foi destinado a Cerro Largo, onde, aí si, sentenciou a favor dos veciños nun dos preitos sobre o “ejido” da nova vila de Treinta y Tres (1883), en contra do reclamante suposto dono dos terreos. O galego acabaría morrendo na capital, xa apartado da actividade xurídica.

Máis da sabiduría popular: -¿Cómo **dice** que le va? (dando por feito a habitual e mecánica resposta do interpelado: -*Bien...* -moitas veces simplemente ocultando posíbeis males que non quer revelar ou compartir).

XLV. Os falsos maragatos

Na crónica 42 asistimos á inxustiza cometida co galego Gondar, ao lle por o seu nome, trastrocado, a unha rua de Trinidad (capital de Flores). Hoxe asistiremos a outro gazapo histórico duplo, se non estritamente galego, si relacionado tamén co nomenclátor, neste caso da capital do departamento de San José, unha cuxa praza leva o nome de Ciudad de Astorga, homenaxe retribuida en Astorga coa rua San José de Mayo.



Rua San José de Mayo en Astorga... e as suas larpeiradas

Pois vede aí que, pretendendo render tributo aos primeiros poboadores-fundadores desta progresista cidade uruguaia, tomaron para seren representados a unha única familia maragata entre outras poucas galegas e moitas, abrumadoramente, asturianas. Ben é sabida a relación entre a Maragatería e a urbe astorgana, mais o que na realidade administrativa se dá é a pertenza desa



Tamén Carmen de Patagones ten esta pasaxe San José de Mayo

comarca ao partido xudicial de Astorga e, como di o documento, tamén, en relacionando a este único fundador: “del obispado de Astorga”... A ignorancia municipal fixo o resto: desprazar o nome da diocese para a cidade-sede da mesma, ambas Astorga. Primeiro




gazapo.

Voltando á documentación antiga, o cabeza de tal familia maragata, Benito Pérez, era natural de Luyego de Somoza... que está a uns vinte quilómetros ao suroeste da cidade astorgana, no municipio de Quintanilla de Somoza, integrando a Maragatería... E aí imos agora: os habitantes de San José de Mayo son chamados josefinos, mais tamén

maragatos... a raíz daquela mesma confusión histórico-municipal... en detrimento da grandísima maioría dos poboadores doutra orixe. Segundo gazapo.

Resultando así seren irmandados con outros maragatos ben máis reais (arxentinos e ata brasileiros), vexamos. Unha revolución federalista do Río Grande do Sul (1893, diferente da que temos citado guerra dos Farrapos de cincuenta anos antes), foi alcumada de Revolución dos Maragatos, dado que este era o nome con que se coñecía parte dos combatentes procedentes do Uruguai limítrofe.

Pola súa parte, na Arxentina e provincia de Buenos Aires radica Carmen de Patagones, cuxos habitantes tamén son nomeados maragatos... poboada, fins do XVIII, pola Expedición das Familias á que xa nos temos referido... familias moitas que saíron correndo de tan inhóspita paraxe e foron dar (caso do noso San José) a territorios máis habitábeis do vicerreinado do Río da Prata.



A todo isto, andan por aí cancións, en xeito de tango, con referencias a maragatas


namoradeiras, entre elas a que leva por título “Maragata”, cantada xa en 1921 por Carlos Gardel: mais é ás maragatas arxentinas que está dedicada:

“Juntando unos macachines/ una mañana te vi:/ Desde entonces, maragata,/ me muero pensando en tí”... comeza e nós explicamos que *macachín* é unha erviña que se arrinca para zugar no seu talo, de doce sabor. (Tamén outro tango hai intitulado “El maragato”, de 1935 e da autoría do compositor uruguaio e maragato F. Canaro, de quen xa falamos). É David Andrés Fernández quen, no “Faro Astorgano” (2009), nos informaba do dato curioso de teren os ponferradinos adaptado aquela toada, previos algúns arranxos da letra -trocando maragata por Morenica, etc.-, para llo dedicar á *Virgen de la Encina*. Todo moi pintoresco.

Aínda temos noticia, para nós recente, doutros inmigrantes maragatos de Nueva Palmira (no lindeiro departamento de Colonia), logrando impor no primeiro templo da vila o culto da *Virgen de los Remedios de Luyego* (!). (Perto desta cidade está a Punta Gorda, promontorio e cabo que marca o inicio do Río da Prata, onde se atopa o belo Rincón de Darwin, lembrando o sabio inglés que por aquí pasou).

Dato extemporáneo: Segundo *Freedom House* (*A liberdade no mundo*, 1918), o Uruguai é o sexto millor país en dereitos políticos e liberdades civís, so por baixo dos países escandinavos, Holanda e Canadá. (Como dicimos por aquí, ¿Será, che?).

XLVI. Montevideo: nomenclátor galego II



Na crónica 10 despachámonos a xeito con algunhas ruas montevidéanas dedicadas a capitais galegas e mesmo a Galicia. Agora queremos avanzar por unha morea delas que lembran a persoeiros nosos. Uns polo seu prestixio propio, sen nada teren que ver con esta terra, así: Pondal, Rosalía ou Curros, mesmo Castelao, tamén Concepción Arenal, Emilia Pardo-Bazán ou Valle-Inclán, Méndez Núñez ou Ramón Franco... Rosalía sería unha excepción polo moito coñecida que é, mercé ao seu, digamos, culto rendido pola nosa colectividade, ata ter máis dúas vías dedicadas a *Cantares Gallegos* e a *Follas Novas* -coa guinda do seu busto xa citado. Franco tamén tivo protagonismo por aquí, como veremos axiña. E Castelao pasou e repasou por Montevideo nos anos 40.

Mesmo Concepción Arenal, pola sua difusión universal (cuxa rua data xa de 1923, impulsada pola uruguaia Dra. Luisi, quen falou en 1928 no Circo de Artesáns da Coruña), e ata Valle-Inclán dada a difusión da sua obra e particularmente do seu teatro nas Américas.

Non entenderíamos o caso da rua montevidéana ao marino vigués -hiperhomenaxeado en toda Galiza como galego ao servizo do decadente imperio español, por ter bombardeado Valparaíso (en Chile, 1866)-;

mais compre explicar que a rua é supervivencia do nome de todo un barrio capitalino sito



nesa zona, que así fora bautizado, dito en palabras actuais, por un emprendemento inmobiliario de orixe española e, incomprensíbelmente, refrendado polo municipio montevideano daquela fin de século.

Si enténdese ás primeiras o impacto que causara nos dous países do Prata o arribo do hidroavión capitaneado polo ferrolán (1926, con tangos e coplas, en ambas as beiras do río, para el e para o *Plus Ultra*), a compartiren o nomenclátor cos outros tres tripulantes, Alda, Durán e Rada, tendo dito fito o seu monumento no porto de Montevideo... (e podéndose, desde hai trinta anos, admirar o aeroplano no museo da bonaerense vila de Luján).

Ora, o que é realmente resaltábel é a cantidade de ruas chamadas cos nomes de ducias de galegos ilustres do Uruguai. Vaia como exemplo (de moitos deles xa temos falado): médicos como Albo e Varela Fuentes; o boticario Piedracueva; o sindicalista Troitiño; benfeitores tales De la Sagra ou Arcos; políticos como Álvarez Bengochea; militares tales Antonio Díaz e Neira; arquitectos como Estévez; funcionarios coloniais tales Gil de Lemos, Lemos ou Pereira; empresarios como Fariña e Taranco; músicos como Soliño; profesores como Fontaina; impresores tales Vázquez Cores ou Claudio García; fundadores de xornais tal Magariños; en fin, terratenentes pioneiros como “Farruco” Rodríguez (da crónica 3)... Máis: fundadores de familias patricias como Platero, os irmáns García Fernández, Roque Gómez, Antonio Pérez, Dionisio Fernández ou Marcos Monterroso... e, por suposto, *El Viejo Pancho* quen, como Rosalía, ten vías mesmo con nomes de obra sua, o seu libro *Paja Brava*, ou o seu poema *Hopa, hopa!...*



Mais é chegada a hora de nos deter brevemente na importante figura doutro vigués con rua, Daniel Granada (1847-1929). Arribado acá de curta idade con seus pais, fíxose avogado, exercendo a docencia na *Universidad de la República* e desempeñándose como xuíz en diversos destinos. Un deles foi a cidade litoralense de Salto, onde se radicou e onde se dedicou ao estudo do idioma español do Uruguai, o que deu por froito o “Vocabulario rioplatense razonado” (1889, reeditado a última vez en 1957), moi ben acollido, polo novidoso, nas Américas e mesmo na Europa, tornándose un clásico, ata ser considerado Granada, por este e polo posterior “Reseña de antiguas y modernas supersticiones del Río de la Plata” (1896), como o fundador da Lexicografía e máis da Etnografía rioplatenses. (En 1904 volta para aí, finando en Madrid).

Frase de Andrea Camillieri transmitida polo xefe do blogue a este escribidor: “O tango fornece un pasado a quen non o ten e un futuro a quen non o espera”.

XLVII. Escritores uruguaaios de orixe galega

Ocorréuseme facer unha ensalada de intelectuais uruguaianos con algún ancestro galego (delatado nun dos seus apelidos)... -fora Juana de Ibarbourou e posteriores a ela. Mais non só os une esta ancestralía, tamén relaciónanse por esa característica cultural, máis ou menos relevante, sendo coetáneos entre si, destacando, por certo, catro mulleres.

Unha foi Susana Soca (1907-1959) quen, tal esoutras duas, pertencía á burguesía ilustrada, filla do eminente médico




Soca Blanco-Acevedo

Francisco Soca (1856-1922) e neta materna do destacado político Juan Carlos Blanco (1847-1910) –este, fillo dun coruñés xa lembrado nestas crónicas, Pablo Blanco.



Esta muller -á que Onetti lle dedicou póstumamente (1964) a sua novela *Juntacadáveres*, “por ser la más desnuda forma de la piedad que he conocido, por su talento” e da que xa citamos o poema que lle compuxo Borges (Crónica 41)-, rica herdeira aos 15 anos, empregouse en mover o ambiente literario desde París (revista *La Licorne*) ata Montevideo

(*Entregas de La Licorne*), cidade esta onde tiña no seu lar unha interesante tertulia e exercía mecenazgo cultural... o que non lle impediu, radicada na capital francesa en 1938, participar na Resistencia dentro do seu círculo artístico e literario. Morta en accidente aéreo sobre o Brasil, cando retornaba de Europa, aínda despois se publicou a sua obra, poesía e prosa, parte dela o título *Noche cerrada*.



Ángel Rama


Este accidente relaciona obrigadamente a Susana con outros dous compatriotas: alguén non literato cal foi o médico de sona Raúl Piaggio Blanco (1905-1952), tamén morto noutro evento aéreo sobre o Brasil –quen era fillo da galega Generosa Blanco-, e máis o literato Ángel Rama Facal (1926-1983), do que igualmente temos falado (Crónica 36), primeiro esposo da

galardoada poeta Ida Vitale e pai dos seus dous fillos; logo unido á crítica literaria arxentina Marta Traba Taín (de pais galegos e morta con el na traxedia de Mejorada del Campo-Madrid, e con outros escritores latinoamericanos, por exemplo, Manuel Scorza, no voo Francoforte-Bogotá).

É doutras tres féminas das que quero falar finalmente, dúas delas apenas coñecidas do grande público. Unha destas é Ema Risso Platero (1915-1981), diplomática e escritora que non pasou ao parnaso (tataraneta do ferrolán José María Platero), morta en París, tamén relacionada con Borges, que lle dedicou o conto *La escritura del dios* (El Aleph) e chegou a lle prologar os seus contos de *Arquitecturas del insomnio* (1948)... por certo, editados e ilustrados por Luis Seoane.

A outra é Beatriz García Lagos (1918-2016), filósofa e teóloga, a fundar, co seu home Julio Bayce, a revista *Escritura* (1947). (Sendo tataraneta doutros dous galegos, Ildefonso García, de Árbol-Vilalba, e José Antonio Lagos, de Saxamonde-Redondela).

Restaría comentarmos que Ángel era irmán doutro intelectual ben coñecido, Carlos Rama (1921-1983, como vedes, morto o mesmo ano que aquel e na Barcelona do seu



Nesta obra –a capa é da 4ª ed. 2015- o autor recrea a Galiza que sua nai lle evocaba

exilio), importante ensaísta político, ambos de pais de Cores-Ponteceso e Traba-Coristanco.


E esta xeografía bergantiñá lévanos á grande Idea Vilariño (1920-2000), poeta, ensaísta, crítica literaria, figura emblemática da xeración do 45. Irmá de Alma, Azul, Poema e Numen, fillos do anarquista e poeta Leandro Vilariño Labandeira, el mesmo de pais de Ponteceso de Cabana-Cesullas-Cabana de Bergantiños. (Idea chegou a manter unha breve e íntima relación co tan citado Onetti).



Onetti e Vilariño (cortina metálica dun comercio do centro montevidеоano en domingo)

Di Idea nas suas memorias: [Por mi abuela aprendí] a escandir los versos de gaita gallega [cuando me cantaba]: “-Toca a fruta, Domingo gaiteiro [Ferreiro]/ Toca a fruta. –Non quero, non quero./ Non é que non queiras, é que non sabes/ O que che falta é habilidade”...

XLVIII. O tango III. O vesre



Tito Cabano Bello fixo famoso o seu tango Un boliche

Esta volta recuncaremos no tema da Crónica 8, lembrando ao amigo Manuel Suárez Suárez, que publicou (2000) *A emigración galega no tango*: nomes como os clásicos Soliño, Collazo ou Fontaina, polo que toca ao tango uruguaio, xa os trouxemos aquí (Crónica 11). Pero hai moitos máis: bem sexa de

compositores, letristas ou intérpretes: Cabano e Maquieira, antano, ou Canoura (moito máis que

tangueira) hoxe, galegos fillos ou netos, son apenas unha mostra.

En falando de letristas, se algo hai que sinalar é a responsabilidade que os autores de moitas letras da “guardia vieja”, no primeiro tercio do século pasado (o tango ten máis de un século e segue “vivito e coleando”) levan na idea mundial e vulgar deste xénero como “o canto do cornudo” e a posterior calificación, igualmente desafortunada, como “a apoloxía do macho”, como muestrario do máis rancio machismo. Machismo que, por outra parte, non é exclusivo de tal xénero nen deste mundo, desde temos exemplos preclaros na nosa cantiga popular, logo recreada decimonónicamente por Rosalía —“... dádeme un home/ anque me mate, anque me esfole...”, que se diría antecedente daquel “C’est mon homme” popularizado, no XX, pola afroamericana afrancesada Joséphine Baker (1900-1975).



Habería que facer un estudo –que, se cadra, xa se fixo- sobre a porcentaxe desta temática no cómputo total dos textos tangueros. E tamén deternos no feito, insólito, de que o tango comezou como danza, para despois, sen deixar de ser danza, se converter no tango-canción... -daí procede todo- ata o punto de ter dado, xunto a aqueles, textos perennes, tal *El día que me quieras* –que o amigo Javier García



Pena fai fillo de igual verso de Nervo-, ou *Volver* como os máis famosos

O tango Sombras, nada más! é moito máis coñecido como bolero

mundialmente, produto do xenio poético-sentimental de Alfredo Lepera (1900-1935) -que musicalmente non consideramos tangos puros- e que, nas décadas de 40, 50 e 60 tivo representantes tan rescatábeis como os dous Contursi ou Homero Manzi, por darmos apenas tres nomes entre moitos, arxentinos a maior parte deles.


Con Contursi (fillo, 1911-1972), José María, venenos a lembranza dunha cuestión pouco sabida polas Europas: *Sombras nada más!*, que por aí adiante se popularizou como bolero, é un belo tango de Lomuto, con letra daquel (1943). Mesmo é de destacarmos como Joan Manuel Serrat tomou, aparentemente, da milonga *La milonga y yo*, de Ribero y Díaz Vélez, aqueles versos da súa *Fiesta*, apenas alterados: “Vamos subiendo la cuesta/ que arriba mi calle [la noche]/ se viste de fiesta”: que nós saibamos, a ninguén se lle ocorreu chamar plaxiario ao admirado cantante catalán...

Claro é que, mercé á letra, o tango é excepcional muestrario do español rioplatense, con dúas patas fundamentais no lunfardo e o *vesre*. Xa teño me referido a esta última e simpática xerga a xogar coas palabras: lorca, gotán, trompa, sope, feca, lope, cotur, grone, rioba, tovén (calor, tango, patrón, peso, café, pelo, turco, negro, barrio, vento –dinero:

lunfardo-vesre coincidindo), ou bolonqui, zabeca, yoyega, yorugua, chochamus (quilombo, cabeza, *gayego*, uruguayo, muchachos)... etc., etc.

Dato extemporáneo: O D9 é o grupo de países líderes en goberno dixital a nivel mundial: Corea do Sul, Estonia, Israel, Nova Zelandia, Reino Unido, Canadá, México, Portugal e Uruguai, que actualmente preside o clube.


XLIX. Os obxectos migrantes



Coido que xa nos referimos á sorte dos papeis e fotos a viaxaren durante séculos por riba do mar, obxectos inanimados a acadaren o que non podían os humanos que os remitían. Eu podo testemuñar dun curioso ou insólito cruzamento de correspondencia entre dúas irmás, logo sucedidas polas fillas-curmás... durante medio século, así como volo conto, desde 1898 ata 1950, entre o Uruguai e a Galiza... e sen máis nunca se veren aquelas e estas.

E as fotos, nun tempo en que, segundo xa temos comentado, apenas se daba o servizo telefónico, e menos había outros medios como os audiovisuais, eran verdadeiras xoias que mantiñan como nada a dificultosa vinculación entre as dúas beiras do océano.

O máis parecido ás cartas, os telegramas, case eran monopolio da prensa escrita e as súas axencias. A radio, coa súa *onda curta*, proporcionaba a oportunidade de escoitar pasivamente voces da terra lonxincua, mais non daban conectado ás persoas.



Vaiamos agora a esoutros elementos materiais de pequena entidade coa súa inagotábel variedade, desde certos artigos de ornato, como os azulexos, ata as porcelás máis refinadas, canto os cristáis, todos vindos da Europa; mesmo os móbeis (malia estaren feitos con nobres madeiras brasileiras) e os mármoreos ou alabastros ou marfíns ou óleos

*Os azulexos pas de calais
facían furor nestas
latitudes, dos que é un
exemplo clásico este de
sinxelo deseño, coas cores
branca e azul da marca.
Ainda señorean vestíbulos
de mansións e cúpulas de
igrejas*

exquisitos: todo un despregue de luxos burgueses longamente importados (por non falarmos das roupaxes e teas, en xeral, tapices e cortinas, do que nada entendemos).

Foi máis adiante cando algúns deses obxectos comezaron a se fabricar nestes países, concretamente os móbeis, tan a miúdo por man de artesáns de procedencia europea, en tempos en que os mesmos escultores aínda enviaban os seus xesos para


tornalos bronces nas fundicións dese vello mundo.

Tamén por entón se iniciaron aquí os traballadores en coiros locais e labradores autóctonos dos metáis: temos así álbuns de fotos, mesmo libros forrados en pel ou en nacre.. (Eu ben sei dalgún misal ou biblia francesa que cruzou o mar de vinda e de volta).

Con todo, non se interrompíu a importación do europeo, máis elaborado, asemade máis caro, a dar basamento á vaidade do que pensa que máis val canto máis ten ou pode mostrar. Agora cavilamos en canta desa batería de luxos foi dar ás almonedas ou *casas de remate*... algo que só con visitar algunha delas atristura ("la vidriera irrespetuosa de los cambalaches"), do mesmo xeito que ao vermos aquelas mansións en ruína,

compensados, por veces, coa súa reconstrución, que tanto pracer produz.

Un dá en cismar como todo ese enorme volume de obxectos suntuarios de procedencia europea non era disfrutado polos inmigrantes pobres da mesma orixe xeográfica, senon polos ricos do país, iso si, na súa maioría fillos doutros emigrantes da xeración anterior: aos inmigrantes traballadores, se cadra empregados destes novos ricos, maiormente



Esta obra, clásico levado reiteradamente ao teatro, fala dunha gobernanta compostelá nun lar burgués montevideano: non se trataba, pois, dunha humilde servidora doméstica.

aquelas mulleres que desempeñaban o servizo doméstico, non lles restaba máis que admirar tanta beleza sen posuila: tal o cativo esfameado a cantar o fuciño no escaparate da pastelería ou da charcutería do barrio... que ben podería dicir, por se consolar, como a raposa coas uvas: Estánche verdes!

Algúns apelidos galegos nos personaxes da literatura uruguaia: Budiño, Santomé (in Benedetti), Seoane (in Onetti)...


L. O vals *criollo*. O folclore musical



“Caballero?” é unha das fórmulas interrogativas que, cada volta máis substituída por “Señor?”, utilizan nalgúns comercios para saber que é o que vas procurando neles... A mín sempre me soubo a reminiscencia de “outras eras” –como di a canción “Lisboa antiga”- e estes días estáse crecentemente escoitando co acento caribense de tanto inmigrante venezolano, dominicano ou cubano, -só que pronunciado “cabaiero” no lugar do nativo “cabashero”-, o cal tal vez contribúa á súa supervivencia. Hoxe, co risco de que me xulguedes

reiterativo, e cumprindo a entrega número 50 –que para este escribidor de base é todo un récord-, vouna facer musical tal a Crónica 48. É que a palabra *caballero* –os portugueses distinguen entre o castellanismo *cavalheiro* e o luso cavaleiro- transpórtame ao exquisito vals peruano “Fina estampa”, de Chabuca Granda, opacado en parte polo moito máis divulgado seu “La flor de la canela”. Que son dúas caras dun mesmo fenómeno: a apoloxía do ser humano, muller e home, con esa mestura de graza verbal e riqueza musical.

Acho que o máis orixinal do poema é que, fronte a millenta requebros masculinos para a muller, este é xustamente o contrario, o piropo dunha muller para o home. Malia non vir moi a conto, un dá en cavar se isto é machismo ou feminismo feminino... ou ningún dos dous ismos. A maiores, a música é singularmente ricaz polo seu dinamismo case acrobático.



O xénero musical latinoamericano chamado *vals criollo* é o que abrangue estes do Perú (peruano é mesmo o famoso “Nube gris”), en cada país co seu *tempo* especial, máis ou menos lento (amodiño báilase o brasileiro “Luciana”, de Jobim) e os do resto de nacións, entre eles a nosa: “Desde el alma” é dos que máis gostamos. E todos con ese cheiriño de cousa antiga que aos mozos se lles figurará aínda mais vella. E, por suposto, a Arxentina, representada nesta crónica por “La pulpera de Santa Lucía”, todo un clásico rioplatense (*pulpera*: muller a cargo dunha

pulpería, ou ultramarinos rural).

Coidamos que estes últimos valse nunca deron chegado ás Europas como si lograron aqueles de Chabuca (acaso mercé á voz de españolas como Ma. Dolores Pradera).

Este era o xénero que me estaba faltando cando tratei do tango e, pouco, da milonga, a conformaren a música típica (urbana) fronte á música folclórica (rural) de que xa temos falado, Compre, por certo, disterar a milonga de natureza campesina (por exemplo, “Los ejes de mi carreta”) da milonga nada nos arrabaldos citadinos, a xeito de tango acelerado (escoitade “La puñalada”). Aquela milonga, como outros ritmos campeiros, serviu de inspiración a compositores clásicos como o arxentino Ginastera: a súa “Canción del olvido”, con letra do uruguaio Fernán Silva Valdés, habita todos os repertorios dos cantantes líricos ao máis alto nivel. (O nacionalismo musical ten nomes egrexios no Uruguai e máis na Arxentina).



W. Benavides, poeta fundamental da música folc uruguaia, ten escrito sobre a nova poesía galega

Mais aquí temos os “cielitos” e os “tristes”, e tamén, ao norte do río Negro, ritmos comúns co Brasil como a “chamarrita”, que disque véu dos Azores, ou o “shote” (que supomos etimolóxica versión do *schottisch* que mesmo déu pé ao *chotis* matritense)... co protagonismo do acordeón (chamado “gaita” polos riograndenses), e inspiradores de poetas tal Wáshington Benavides (1930-2017).

En falando de música folclórica: se ben hai unha marcada identidade uruguaio-arxentina, haivos modalidades exclusiva desta banda do Prata. A zamba –tan a miúdo confundida con “o samba” brasileiro-, xunto coa citada milonga, serían un exemplo do primeiro:

Yupanqui, Falú ou Rodríguez Castillos son, entre outros, nomes inmortais que as cultivaron en ambas beiras.



Amalia de la Vega

Precisamente estáse a celebrar este ano, no seu centenario, a Amalia de la Vega (1919-2000), precursora do folclore uruguaio en tempos en que a muller, contrariamente ao campo tanguero, era pouco vista neste eido da canción crioula. Algo esquecida

durante décadas, omnipresente na nosa nenez, hoxe está a ser reivindicada, dedicándoselle o Día do Patrimonio 2019.

Frase extemporánea: Segundo o Banco Mundial, o primeiro país do continente en materia de ingreso per cápita anual en 2018 foi o Uruguai.


LI. Domingos Ferreiro, gaiteiro

Como se dan por veces as cousas para os que non somos letrados rigorosos nen melómanos adoito! Na crónica 47 recollíamos a quarteta en endecasílabo de gaita galega que lembraba Idea Vilariño de sua aboa cabanesa. Quarteta a falar de Domingo Ferreiro (aí disfarzado como Domingo gaiteiro... pode que por unha memoria non de todo fiel da neta). Agora un amigo nos dá, sen nós mencionar o tema, a punta do novelo. E para contárvolo ordenadamente, vou ao que vin en google. (Quixera saber onde e cando naceu este D. F.... se é que foi real, poisque algúns identifícano co “gaiteiro de Texas”!).



Raúl González Tuñón

O caso é que o poeta arxentino Raúl González Tuñón (1905-1974), que participou



como corresponsal na guerra española, trabando relación cos poetas dese terríbel tempo, compuxo, polo 1937, un poema inspirado en D. F., desenvolvido con ese ritmo poético citado: “Toca la gaita, Domingo Ferreiro/ toca la gaita. –Non queiro, non queiro” (sic)... hiperenxebrismo co cal o cantaron e recitaron varios intérpretes rioplatenses (lembrade o que dicíamos na Crónica 4 sobre versos galegos na canción uruguaia, e tamén sobre a alteración polos cantantes, Crónica 11,

das letras dos poemas).

A partir desa poesía -que tivo resposta o mesmo ano en Buenos Aires polo poeta galego Avelino Díaz (1894-1971) e que foi recollida polo tacuarembense Ildefonso



Pereda Valdés (1899-1996) no seu “Cancionero de la guerra civil española” –dese mesmo 1937, publicado en Montevideo polo famoso editor galego Claudio García (1878-1949)- os cantautores uruguaiois Juan José de Mello e Pablo Estramín musicalizárono para o seu disco “Cantacaminos” (1981)... e, agora enterámonos, con certo retraso!, que Luar na Lubre o incluíu,

traducido á nosa lingua e vintecinco anos despois, no seu disco “Saudade” (2005).

Pereda Valdés, o lonxevo poeta e ensaísta, comendo unha ampla “Antología de la poesía negra americana” (1936), foi pioneiro na consideración da temática lírica de creación negra, da que o cubano Nicolás Guillén sería unha das figuras principais. El mesmo cultivando tal temática, ao punto de facerse famosa a súa “Canción de cuna para dormir a un negrito”, con música do catalán Xavier Montsalvatge, a que di “Ninghe, ninghe, ninghe... cabeza de coco, grano de café...” e que cantaba como ninguén Victoria de los Ángeles (quen, por certo, tamén fixo sonada “As froliñas dos toxos”, de Noriega, musicalizada por Frederic Mompou).

Entón, agardando que alguén nos poda ilustrar sobre o tal gaiteiro, tornamos a nos asombrar coas voltas da cultura popular: un cantar noso –cuxa toada non coñecemos- do que dous versos se fixeron universais nun poema español... e que, á vez, foi traducido para o galego polo grupo coruñés, tamén de sona mundial... O que nos leva ao noso curmán Un, que fixera unha tradución ao galego dunhas cancións de María del Mar Bonet en mallorquín, pero partindo da súa versión española: dicíame o tal parente que nunca chegou a saber se o produto galego se parecía algo ao catalán orixinal.



Para iso aqueles tempos, non tan recuados, en que se verquían ao español poemas persas ou arábigos, chineses ou xaponeses... a partir de versións francesas! Que lle pregunten á nosa boa condesa dona Emilia se leu os novelistas rusos desde a súa lingua nativa ou se o fixo desde a tradución francesa dos mesmos).

Celestino Pichel, onte, Ramón Baliñas, Carlos González, (este, uruguaio), hoxe: algúns dos máis importantes gaiteiros de Montevideo. (A pouco de redactada esta crónica -2020- morre Baliñas).

LII. O que América déu, o que déu Europa

Tornan a florecer as máis madrugueiras *jacarandás*. Amoréanse os *biguás* nas



rochas. Os *benteveos* teiman nos seus estridentes chios. Os *tamborís*, a ensaiaren para o vindeiro carnaval, enchen as noites de africanidade. As praias comezan a ser desfrutadas polo home (e a muller!), pois chegaron xa as primeiras calores. As

Os biguás na ribeira do Prata, na miña viciñanza... eleccións quinquenáis a presidente da República están a se celebrar, con casas embandeiradas, mentres, aí ao lado, América latina está ardendo ou está para arder... e o fútbol segue a reinar.

Todo isto e a tenaz evidencia dos números faime ver que levo un ano cabaliño cos meus lectores: enigmático concepto, tamén moi matemático, que igual pode significar un guarismo avultado como unha facareña relación de leis a esta sección dos amicais *chanzos*.



Estaba en débeda coa miña árbore predilecta: vede aí a jacarandá

Unha cuerda de tambores no carnaval de las llamadas



Meses levo argallando o que hoxe me decido a analizar, pondo por diante o meu amorismo en tema tan complexo. Isto é, tentando resumirvos, o que as Américas lle deron ás Europas e ao resto do mundo, fronte ao que esoutros mundos lle agasallaron a estoutro mundo... á marxe de imposíbeis balanços reclamadeiros de “contas vellas” (como diría o noso Leiras Pulpeiro).

Por unha banda temos o cúmulo de comestíbeis americanos, máis ou menos a integraren a “canastra básica”: a pataca (que chegou case a definir Galiza e Irlanda, sendo inimaxinábel un galego non pataqueiro), ou o millo/maínzo (a suplantar o noso millo miúdo, sen podermos obviar os seus supostos efectos nocivos, segundo, a través do amigo X.M.M.Oca, nos ilustra o M.A.Murado), ou o apetitoso tomate, ou os tan nosos pementos de Padrón, o, en fin, exquisito chocolate, e máis a reste de froitos tropicais que nas últimas décadas, moi precedidos polo ananá (piña), invaden os nosos mercados, dous exemplos entre ducias: a palta (aguacate) e o mango, a faceren parte de ensaladas e outros caprichos culinarios...

Ora, no outro prato da balanza, aí temos a dupla maldición moderna das drogas universalizadas desde o seu berce indiano, a competiren coas outras pragas tales o tráfico de persoas e de armas, a explotación infantil, e un longo etc.: o maléfico tabaco –a fornecer o rapé de antano- e a mortífera coca (entre outros narcoproductos non americanos, tales o opio –das nosas adormideiras-, a heroína ou a marihuana, máis acá ou máis alá da ponzoñosa influencia dos seus derivados a partir da posterior manipulación laboratoriana)... sabendo que a folla de coca, en estado puro e no seu contexto natural, non ten nada de vituperábel.

Mais velaquí que, máis unha volta, nestes países do Prata temos unha realidade ben diferente: daquí non saíu ningunha desas prantas inocentes, de culposa derivación. E, curiosamente, foron estes países, que non deron nen prata nen ouro á cobiza hispánica, os que receberam daí cousas como a vide dos famosos caldos chileno-arxentinos (últimamente secundados polos uruguaiois, mesmo coa importación recente da variedade albariño) e, sobre iso, o gando, que é base da súa economía (bovinos, ovinos e porcinos) e da súa realidade rural (equinos e cánidos euroasiáticos) e urbana (felinos domésticos e máis os cans e os cabalos para uso deportivo), xunto con outros fáunidos –tales a galiña- e flóridos...

Que outros máis *duchos* completen e/ou corrixan o cadro!

Ciencia recreativa: Mentres nese hemisferio boreal, segundo a *vox populi*, a lua “é mentireira”, nestoutro “é verdadeira”: aquí confírmase o grafismo C/D para [C]recente (abalo) e [D]ecrecente (deballo).

LIII. Uruguaio polo mundo

Na crónica 30 observábamnos determinados aspectos da diáspora uruguaiana ocorrida de cincuenta anos a esta parte, ou sexa, desde o momento no que o *Estado do benestar* comezou o seu derrubamento. Nestora quixéramos complementar con outros exemplos deste drama. E é que esta sangría está composta polos mellores elementos da sociedade, non somente os máis novos, senon, o que é se cadra peor, os máis



Horacio Quiroga

preparados cultural e científicamente: algo moi similar co que está a acontecer aí, só que con décadas de adianto sobre o caso español e galego.

É desta xente intelectualmente destacada que quero falar aquí, moi outra da masa

traballadora tradicional, na sua inmensa maioría pouco preparada culturalmente, que nutriu a nosa secular emigración; sen que isto supoña desprezo por esta. Adiantemos que os destinos preferidos por aquela, elexidos ou forzosos, son os máis cercanos: a consabida capital arxentina ou Sao Paulo, a megaurbe brasileira; esa expatriación tiña a ventaxe de poder tornar con certa asiduidade á terra natal, á familia e aos amigos.



Díaz Pardo por Sábat

Ignoramos se no chamado *Departamento Veinte* do *Ministerio de Relaciones Exteriores* (lembra: a

República está dividida administrativamente en 19 departamentos) hai o necesario rexistro de naturais emigrados no mundo. Pero, a ollo de bo cubeiro, podemos dar algúns nomes e lugares da maior presenza de uruguaiois -fora



L'Opéra de la Bastille, París, obra de Carlos Ott

Australia (e Sidney), onde van, na maioría, os que procuran simplemente un choio para sobrevivir, e agás os futbolistas, cuxos nomes e realidades son abondo coñecidos- e que están encabezados por Arxentina, España e USA, seguidos, a boa distancia, por países como Suecia (refuxio habitual de exiliados da ditadura), Francia, Italia ou México.

Logo se pode advertir que uns destinos atraen pola lingua, outros por conteren urbes enormes con máis oportunidades, outros, en fin, por razón de sangue: milleiros tramitaron o pasaporte europeo, como fillos (e, por veces, netos) de españois ou italianos, os máis numerosos nos países platenses. (É curioso como a existencia de apelidos itálicos na Galiza, ao igual que a moda da *pizza*, case nunca proceden de Italia, e si da Arxentina e do Uruguai).

Algúns antigos emigrantes morreron fora, outros moitos, particularmente os exiliados, voltaron, e uns cantos só veñen de pasada (ao igual que facían antano os nosos “indianos” exitosos). Non ven a conto explicar o que todos sabemos: as razóns (a miúdo económicas!) que atan ou non aos que marcharon aos seus países de adopción, nen nos laiar polo que eles gañan (ou perden) e perde (ou gaña) o país natal...

Quixera, entón, moi discrecionalmente, dar un feixe de nomes entre os motísimos uruguaiois de primeiro nivel ciscados polo mundo antano e hogano, facendo, deste xeito, unha *mélange* abondo atrevida.

Escritores (fora os nomeados na citada crónica) tales: Espina, Vitale, Rodríguez Monegal, Ruffinelli, Fierro, Moraña ou Majfud (USA), Gravina ou Chavarría (Cuba), Fressia (Brasil), **H. Quiroga**, Florencio Sánchez, C. Vigil ou Martínez Cuitiño (Arxentina), Quijano, Martínez Moreno, Ibargoyen ou E. Milán (México), Paseyro (Francia, xenro do poeta franco-uruguaio Supervielle, que se declarou apátrida), Trobo ou Ulive (Venezuela)... Músicos e intérpretes como Canaro, De Nava, Gardel, Roldán, Feria, Sosa ou Oreiro (Arxentina), Damiani (con destinos varios), J. Serebrier, Batlle Ibáñez ou Jaurena (USA), Chenlo, Cabrera, Palacios ou Drexler (España), R.M.Rivero ou Fdz. Bardesio (Alemaña), Passarella (Italia) ou Sampayo (Suecia).



Entre os numerosos artistas plásticos (todos contemporáneos), mencionemos a: **H. Sábat** (Arxentina), Achugarry (Italia), Fonseca (USA, Italia), Cardillo ou Ojeda (USA), Canosa (España), Capelán (Suecia), Armando González (Bulgaria), Palleiro (México) ou os arquitectos **Carlos Ott** (Canadá) ou Viñoly (Arxentina). Xornalistas, cineastas, actores... ata científicos, apenas vai aquí unha mínima mostra... E veredes que moitos delatan raíces galegas...

Dato extemporáneo: O Uruguai ten a maior tasa en Latinoamérica de doantes de órganos e tecidos biolóxicos... case un 24 por millón de habitantes, máis do dobre da media do subcontinente.

LIV. Lautréamont, Dumas, Hudson


Dumas, Hudson, Lautréamont, Laforgue, Supervielle... A que ven esta exótica enumeración? Que ten que ver coa nosa materia adoito?

Comezando polo máis comprido, aí temos os tres poetas calificados como franco-uruguaio, pois que nados nesta capital: Ducasse, Laforgue e Supervielle: os dous primeiros, mortos novos, con limitada vivencia no Montevideo natal, antes de se radicaren en Francia; o terceiro, de familia abastada e arraigada no Uruguai, con idas e voltas ao país (por exemplo, durante a II Guerra que aquí se exiliou) e o único de vida prolongada.



A 1ª ed. dos Cantos ía sen autor, a 2ª co seudónimo definitivo

Isidore Ducasse (a) Conde de Lautréamont (1846-1870), que algún quixo ver como *L'autre à Mont[evidéo]* –igual que xa se ten xogado con Shakespeare/Jacques Pierre! ou co que os franceses lle chamaban a Ma. Antonieta (l'autrichienne): *L'autre chienne*, a outra cadela- é, sen dúbida, o máis universal cos seus desenfadados, irreverentes e anovadores



“Les chants de Maldoror” (1ª ed. 1868, traducido aínda en 1941), dos que se ten rastreado influencias no Lorca neiorquino ou no Maio francés, en Godard, Houellebecq ou Cortázar. Jules Laforgue (1860-1887), con tres anos máis de vida e algo posterior, é poeta, tamén orixinal, precursor do novo dicir poético francés do século seguinte.

Jules Supervielle (1884-1960), xa home do XX, é fillo de nai do país, non sendo, entón, *ave de paso* como os anteriores que, máis que uruguaianos de

nación poderían ser considerados apenas montevidéanos de berce –tal o coruñés Menéndez Pidal ou o compostelán etnógrafo, pai dos poetas irmáns Machado- e foi intitulado en Francia *Prince des poètes*.

Voltemos agora ao século XIX co outro francés, Alexandre Dumas (1803-1870), o prolífico novelista de *Os tres mosqueteiros*, de sangue mestizo, e tráemolo aquí por mor da súa novela histórica menor “Montévideo, ou une nouvelle Troie” (1850), na que narra -en base a informes do uruguaio Melchor Pacheco (1809-1855), de quen sería o *negro*... mais neste caso negro exposto- o sitio de sete anos desta capital polo exército federal, durante a nosa Guerra Grande (1843-1851).

Nesta panorámica de determinadas obras clásicas uruguaias ou sobre o Uruguai en outros idiomas temos que mencionar a máis divulgada: “The Purple Land” (1885), do estadounidense William Henry Hudson (nado en Quilmes-B.Aires, 1841-1922) ocupa ese lugar preferencial na Literatura rioplatense, con innúmeras traducións ao español (“La tierra purpúrea”, 1ª trad. 1928). El viviu nestas paraxes ata os 33 anos, anos dunha activa

intensidade, mesmo nesta banda do Prata (por 1868-1869), curto período que lle inspirou a obra citada, parte dunha inxente produción, toda escrita na G. Bretaña e en idioma inglés. Produción que, na súa parcela de temática americana, foi traducida en títulos tales “Días de ocio en la Patagonia”, “El ombú” ou “Allá lejos y hace tiempo”, e que enalteceron, entre outros, Quiroga e Borges, e da que F. Arocena sinalou radicar a súa orixinalidade na visión auténtica de paisaxe e paisanaxe: “Na pampa era o *gringo acriollado*, en Inglaterra, un bárbaro do que tiraron sabencia os máis civilizados”.

Dans l’Uruguay sur l’Atlantique/ l’air était si liant, si facile/ que les couleurs de l’horizon/ s’approchaient pour voir les maisons”. (J. Supervielle, “Montevideo” de “Gravitations”, 1932).

LV. Darwin



A Punta Gorda...

Unha endécada antes (1839) da obra montevidéana de Dumas (ver crónica anterior) temos o “Viaje de un naturalista alrededor del mundo”, “Narrative of the surveying voyages of His Majesty’s Ships Adventure and Beagle between the years 1826 and 1836, describing their examination of the southern shores

of South America, and de Beagle’s circumnavigation of the globe. The Voyage of the Beagle (Journal and remarks). 1832-1836”, polo seu nome orixinal (!), onde o eminente inglés Charles Darwin (1809-1882), embarcado no “Beagle”, relata as súas observacións do que vira nas Américas, entre o Rio de Janeiro e as illas Galápagos, durante o período que vai de 1832 a 1835, tendo el apenas vinte e poucos anos, parte dun periplo que comezara na G. Bretaña (últimos días de 1831) e chegara ata Nova Zelandia e Australia (1836).

Xa neses anos mozos, o futuro expositor da *orixe das especies* auguraba nas súas agudas notas o sabio que comezaba o seu arduo camiño, notas que acabou publicando o citado ano baixo o non menos



...e o seu Rincón de Darwin

árdigo título de enriba. Claro que aquí o traemos para reseñarmos a parte que toca a esta Banda Oriental, daquela recén estreada (1830) como República Oriental del Uruguay.

Sen termos noción algunha sobre tales materias científicas, a maiores de transmitir



a curiosa noticia no que respecta a este país, preferimos transcribir, retraducidas libremente do español, algunhas das suas raras reflexións socio-sicolóxicas:

“Os gauchos son xeralmente guapos e acotío usan cabelo e bigode longos, mais teñen no seu rostro os signos da altivez e o desenfreo. Con todo, son extremamente corteses, xamáis bebendo sen antes convidar aos presentes... malia estaren prontos a clavarche o coitelo se for do caso... Así é que, amáis de grandes e soantes esporas, locen

na faixa a infaltable faca.

“O liberalismo extremo destes países promete frutos no futuro: tolerancia coas relixións foráneas, o amor pola instrución, a liberdade de prensa, as consideracións cos estranxeiros sonvos mostra daquilo.

“A guerra contra o Brasil (1825-1828) deixou como mal supremo a proliferación de militares, dispostos a participar en disturbios e ata en derrubamentos de gobernantes. A cantidade de xeneráis é maior aquí que no Reino Unido.


“A estancia (facenda) do meu anfitrión estaba situada no *arroyo* de San Juan, concretamente no que aquí chaman *rincón*, por dar, por unha banda co Río da Prata e por outras con cadanseu río de grande porte. Pola mañá cabalgamos cara a un promontorio sobre dito Prata chamado Punta Gorda. Procurábamnos algún *jaguar* mais, malia os rastros, non o demos atopado.”

Pois esta Punta Gorda e o chamado Rincón de Darwin, no departamento de Colonia, e no seu límite co de Soriano, marcan a fin da viaxe de tres homes de tres xeracións e tres niveis socioeconómicos, a protagonizaren a excelente *road movie* “Rincón de Darwin” (Uruguay/Portugal, 2012) do uruguaio Diego Fernández Pujol.

A Punta Gorda, paraxe paradisíaca, coa sua verde barranca sobre o río, tómase como o comezo (km. 0) do Río da Prata que, desde os case 2 km. aquí, alcanza os 220 de comprimento no seu convencional remate nunha liña imaxinaria entre Punta del Este (Ur.) e Punta Rasa (Arx.). E entre este Montevideo e aquela Punta Gorda transcorre esa aventura dun día, na que, de cando en vez se deixa ouvir, en inglés e en *off*, a voz de Sir Charles, dicindo algunhas das cousas que nós evocamos nesta crónica.

Copla cantada aos españois que resistían (1814) o sitio de Montevideo: “Cielito de los gallegos,/ay, cielito del dios Baco,/ que salgan al campo limpio/ y verán lo que es tabaco” (Bartolomé Hidalgo).

LVI. Nomes de pía uruguaiois




Cómo as palabras nos levan e traen a escenarios ou tempos da nosa memoria, unha areíña entre a memoria colectiva. O Darwin da crónica anterior fíxome lembrar este nome de pía utilizado neste país... e levoume a outros. Entón achei oportuno dar un pantallazo sobre determinados nomes que eran habituais aquí, poñamos, nos séculos pasados, entre 1860 e 1960, val dicir, clásicos, despois, na súa maioría, caídos en desgraza e tristemente suplantados por outros, sempre alleos ao xenio local e, por iso e por ignorancia, frecuentemente malescritos... como, na realidade, acontece tamén

aí e dos que aforro exemplos por seren de xeral coñecemento.

Mais esta nosa descalificación da estrafalaria onomástica contemporánea non implica unha aceptación daquela anterior, que apenas tratamos como un elemento máis para albiscarmos a idiosincrasia destes países novos, polo seu esnobismo pro europeo de entón obxecto pasivo das e compracente coas influencias alleas de todo tipo, non sempre adoptadas con cabal comprensión do seu significado.


Con apelidos como os ingleses Darwin, Nelson e Milton, ou nomes como Winston, ou os ianquis Edison, Franklin, Lincoln,

Wilson ou Washington -especialmente favorito-, todos da mesma orixe lingüística, foron



inscritos uruguaíños nados
naquel período que hoxe
“peinan canas” ou xa non
están, por pais
admiradores de tales
persoeiros.

En troques, para as
nenas privaron nomes da



Música, como Aída, Norma ou Zelmira (en tempos nos que a ópera causaba furor, mesmo traída ao Prata desde Europa), ou da Literatura, tales Haydée, Mireya ou Renée (Renata, compartido co masculino René, de Chateaubriand).

En concordancia, houbo centos de nenos chamados Homero e Dante (particularmente en familias itálicas), Milton (xa citado) ou Bécquer... Varóns eran os esperables portadores de nomes (apelidos como case todos os anteriores) políticos tales Litvinoff (pais comunistas) ou Barret (de anarquistas), ou mesmo, de heróis ou deuses gregos: Aquiles, Héctor, Alcides, Néstor, Héctor, Helios ou Hermes... e até romanos, como o comunísimo Julio César... sen que faltasen os numerosos Aníbal e Asdrúbal cartaxineses!

E, xa que estamos na Historia antiga, non citemos os Ciro e Daríos. Claro é que Darío pode vir do grande Rubén... Rubén que aquí, cando procedente da biblia hebrea, se acentuaba Rúben. Como de tal mamotreto se derivaban nomes femeninos moitiños: Agar, Edith, Judith, Esther, Myriam ou Noemi (canto máis rebuscada a versión, mellor)... máis modernamente a conviviren cos xermánicos Loreley ou Ilse... non faltando outros anglosaxóns de actrices como Shirley, Doris e os diminutivos Betty e o pseudoinglés Zully (por Zulema).

Para compensar, homes houbo chamados Rubens ou Schubert; tamén tributarios

dos heróis nacionais (Artigas, Lavalleja) ou da rexión (Bolívar) –aquí fago aforro daqueles da crónica 6-, ou evocadores de individuos reais e/ou personaxes literarios autóctonos como Tabaré, Abayubá, Yamandú... mesmo de árbores (e vilas) tal Sarandí, non ficando atrás as mulleres de nomes indíxenas: Gualconda ou Liropeya.

Outros moitos, non sempre explicábeis: Gladys (disque galés), Brenda (xermánico), Mirta (grego), Mabel, Irma, Liliana/Lilián, Perla, Nelly, Nancy (polo topónimo francés, mais pronunciado grave), ou Selva, xunto a masculinos como Edgard/o, Heber, Ariel (hebreo), Óscar (escandinavo), Omar (árabe), Fredy (dim. de Alfredo ou Frederico)...moitos deles consustanciados de tal xeito co país que é difícil non sacar un uruguaio polo nome de pía que o identifica de vez.

E, para finalizar, os agardables Uruguay e Uruguaya, como, noutra orde, Ítalo ou Italia, mesmo España... Un nome moi uruguaiano foi e é Walter, como o foi Gualberto, ambos seique xermánicos, mais seguindo normas diferentes na súa transcripción, poisque o primeiro ben puido implantarse como Gualterio...

Dito ou refrán considerado crioulo: ¿Para qué decir Gre-Gre/ pudiendo decir Gregorio? (pedindo contundencia ou claridade expresiva ao outro que afirma algo a medias).

LVII. Maroñas en Montevideo



Hipódromo Nacional de Maroñas – Montevideo

En 1742 e na Baña, Val de Barcala, nace Francisco Maroñas Manteiga. O seu apelido paterno sería orixinario da cercana parroquia de Santa María de Maroñas, no actual municipio de Mazaricos e Terra de Xallas, e non da outra

Maroñas, ben máis lonxe, aldea da freguesía de Obre, no concello de Noia.

En 1765, formando no *Regimiento de Mallorca*, arriba a Montevideo, onde permanecerá ata 1772, en que retorna a España. Mais o noso mozo algo debéu deixar nestas terras cando, pola sua conta, volta a elas e xa o achamos, en 1774, casando, en San Carlos de Maldonado, coa riograndense María Espíndola Sosa. Pasados cinco anos trasládanse a esta capital, onde Maroñas exercerá como “Visitador de las Rentas de Tabaco y Naipes”, algo así como inspector fiscal. E morre en 1812, dous anos antes de España deixar esta colonia.

A filla, María Francisca Maroñas Espíndola, xa viuva, adquire do dominio público, en 1834, as terras que hoxe comprenden a zona nordeste da capital uruguiaia onde se dá un abano de variantes do topónimo: Curva de



Maroñas, barrio Flor de Maroñas, os clubs deportivos Defensores de Maroñas e Maroñas

F.C., e o máis importante do todos, o Hipódromo Nacional de Maroñas, o primeiro do país, coas suas sedes urbanas de xogos, baixo a firma Maroñas Entertainment (ver Crónica 18).




Nesa Maroñas galega serán poucos ou se cadra ningún quen saiban da importancia que o nome da sua aldeíña alcanzou alén mar. E aquí menos (uns poucos si, por obra do meu curmán Un)



son os que saben que nome tan popular provén de Galicia. Non virá directamente da parroquia, mais si do individuo que trouxo como apelido tal topónimo aquén océano.

Que dicir da “linda Maroñas” que poetizou o noso bardo Pondal? Apenas coñecida por un fato de galegos do Uruguai que, nalgún momento, deberon dar noticia do poeta para que lle dedicasen unha rua montevideana no barrio de Sayago, moi próxima, por certo, ao grande sanatorio de Casa de Galicia, na mesma zona onde se sitúan as xa mencionadas ruas Follas Novas e Cantares Gallegos.

Quen lle ía dicir ao galego don Pancho, controlador do tabaco e do xogo e os seus productos fiscais, como funcionario da




administración colonial española, que o seu nome iría asociado, un século despois, a un lugar de deporte, si, mais tamén de xogo –“burreros” chámasele aos afeizoados ás carreiras de cabalos-, nunha nova república que el non chegou a ver!

“Maroñas, virgen intrépida/ de magestüoso andar/das fillas dos nobres celtas/ a máis valente, en verdá” (Pondal: “Queixumes dos pinos”).

LVIII. Miñenses en Montevideo

O dato pintoresco da “Ciudad de Astorga” (Crónica 45), confundindo o territorio do bispado coa cidade sede, ten dado e segue a dar apreciacións erróneas, máxime neste país de organización simple (a raíz da súa cativa demografía e do seu carácter laico), onde o concepto territorial de diócese non ten uso documental, como xa non o ten aí, nos tempos que corren. (Ainda nestes anos implantáronse os actuais municipios, subdivisión dos departamentos, que eran os municipios ata agora, algún destes, como o de Tacuarembó cunha superficie equivalente a media Galicia).



*Pazo de Bañobre (Castro-Miño).
“Armas de Jvan Martínez Tenreiro i
su muger María Piñeiro de Lago”.*

Outro cantar cantábase, en falando de España, nos séculos anteriores á creación das provincias e dos municipios rurais, estes aglutinando parroquias ou freguesías. Así é como, a estarmos na documentación hispana do XVIII e primeiro tercio do XIX, que é a que atinxía a aqueles galegos primeiros inmigrantes nestas terras, é frecuente constar: “natural del obispado de Mondoñedo, en el reino de Galicia”, e así sempre. Entón aquí, os descendentes, a procuraren raíces, interpretaban neste caso “Mondoñedo”, pensando na cidade. Isto no tocante aos uruguaiois de ancestros galegos. Porque logo están os propios connacionais nosos a camuflaren a súa aldea natal en beneficio da vila máis cercana: así aconteceunos co histórico editor A. Barreiro y Ramos, que se dicía da Laracha... sendo como era dunha freguesía larachesa, a de Vilaño.

Voltando aos descendentes, aí temos o caso do actual presidente da República, Tabaré Vázquez, de quen se dicía, e dio el mesmo: abós paternos Vázquez Edreira de Ourense e de Santiago, cando, na realidade, eran de Vilar de Astrés (municipio e diócese de Ourense, Vázquez) e de Requián (concello de Betanzos e diócese de Santiago, Edreira).

Caso ben máis recuado évos o do considerado primeiro boticario de Montevideo: Gabriel Piedracueva, do “obispado de Santiago” ou da “provincia de Betanzos” (nesta mención xa con cariz laico e aparente concreción)... non mentindo, dado que o bó do home era de Bemantes-Miño (1736), daquela na vella provincia betanceira; sendo a sua condición fidalga e o apelido ancestral Pedracova. Descendentes Vázquez Piedracueva chegan ata hoxe, con persoeiros destacados no século XIX, por sua volta procedentes dun Vázquez de Tapia-Ames... mais mesmo hai Piedracueva de primeiro.

Outro miñense houbo, este de Leiro (1754), emigrado ao futuro Uruguai, tal Pedro José Díaz quen, casado coa coruñesa circunstancial María Jordán (Giordano), deu orixe a numerosa familia, con membros importantes nas dúas centurias pasadas. Fillo seu foi “Don Pascualón”, rico comerciante e neto o intelectual Teófilo E. Díaz... así como tataranetas as primeiras beatas uruguaias da Igrexa Católica, Dolores e Consuelo Aguiar-Mella Díaz, asasinadas no Madrid do 36.

E velaí que a nosa amiga Sabela púxonos, via mail, na pista doutro leirense, este adoptivo, cal foi o cántabro Ángel del Arenal, pai da egrexia dona Concha, morto el alí e sepultado na desaparecida igrexa vella en 1828; aínda lembrado nestes



Nesta alegoría (detalle) do español Pablo Serrano, sita na entrada de Casa de Galicia, o labrego (primeiro da esquerda) retrata a Antón Crestar

anos nos dicires da parroquia, por ter morado na chamada “casa do ministro” (na realidade militar)... e é que dalí era sua dona, Concepción Ponte Tenreiro, familiar destes Tenreiro miñenses cuxas armas se poden apreciar na ilustración debida ao finado amigo Xosé-Antón.

Modernamente (de 1896) temos un miñense da propia cabeza do municipio, con imprescindíbel actuación no Montevideo do exilio galego, o xa citado Antón Crestar (Crónica 4), o único non nado na desaparecida provincia de Betanzos, con quen completamos este variopinto cuarteto.

Algúns apodos típicos aquí: Pelusa (fem.) e Bocha (masc., pola cabeciña dos cativos); Cacho, Coco e Coca, Toto e Tota; Cholo, Pocholo e Chola; Pibe e Piba; Bebe e Beba; Nene e Nena (os fillos primoxénitos) e Chiquita (a máis nova); Chiche e Chicha, e máis Chichí e Chichita; Pocho e Pocha (sic); Viejo e Vieja (afect. para pais e cónxuxes); Negro e Negra (afect. non racial); China e Chino (en orixe, por faccións de tipo mestizo, despois afect.); Morocha e Morocho, Flaco e Flaca, Gordo e Gorda... (sempre afectuosamente , como é o caso de Gallego e Gallega...).

LIX. Galegos con apelidos non galegos




Eminente xurista, neto dun coruñés de Oza

Como diría miña nai: Un tolo fai un cento!, e é que meu curmán Un, de un tempo acá contaxioume esa cousa que el chama Onomatoloxía e que, alén de ser susceptíbel de tolemia –como as moitas leituras para o Sr. Quijano, q.d.g.-, levada con tino pode dar algunha que outra sorpresa e aportarnos máis de unha satisfacción.

Foi el que me deu pé a pousar a atención nos apelidos non nosos que levan moitos galegos, poisque, como afirma o Un, Galicia é, de lonxe, país de emigración, mais tamén é e foi, como costeiro dos océanos, destino de inmigrantes doutras ribeiras ou vales da Europa: irmáns portugueses (disque Dos Santos), curmáns asturianos (Aller), cataláns (Massó) e bascos (Murguía), astorganos (Macías), riojanos (Risco)... mesmo italianos (Companioni) e franceses (Barrié)... E eses apelidos foráneos, co tempo naturalizados entre nós, tamén emigraron a estas Américas.

Así, polo que ao Uruguai toca, temos, xa desde cedo, xente como os coruñeses Bernardo Lecocq, José Pérez Brito e Juan Ximénez de Aréchaga (este de S.M. de Oza), nados, respectivamente, en 1736, 1753 e 1780, e deles somente o primeiro –como tamén seu fillo criollo Francisco- con



Victorino Abente y Lago

destaque persoal, limitándose os restantes a crear familias, a operaren, xunto coas

mulleres, como o que se dá en chamar xenearcas... sendo os tres de pais non galegos,



A Eladio Dieste (neto) dedicóuselle o Dia do Patrimonio 2006: velaí a súa capela do Cristo Obreiro en Estación Atlántida (Canelones, Uruguai)

os do primeiro absolutamente estranxeiros e o último actuante xa no século XIX.

Deste XIX e máis do XX é o resto de personaxes galegos que traemos hoxe e que tiveron aquí presenza máis ou menos destacada, eles ou seus fillos. Seguen, en orde cronolóxica aproximada, o tamén noso coñecido filántropo coruñés Joaquín

de la Sagra (de 1784) e José Williman Lugrís (de Mera, 1819, pai dun presidente da República; outro Lugrís posterior sería ancestro do actual embaixador uruguaio na China, Fernando Lugrís).

Logo temos aos irmáns laxeses Juega (Joaquín, de 1823, e Ramón, de 1845, aquel exitoso comerciante, este médico), ao lexicógrafo vigués, tamén xa citado, Daniel Granada e ao esquecido e



pioneiro fotógrafo A. Cousillas (titular da Compañía Fotográfica La Oriental, operante en Montevideo, 1894), de quen nen o nome sabemos.

Despóis virán ao Uruguai os irmáns paraguaios Luis e Fernando Abente Haedo (de 1879 e 1893), respectivamente diplomático e médico, fillos do médico e poeta muxián, radicado no país guaraní, Victorino Abente y Lago (irmán este de Ezequiel, o que lle deu nome ao hospital coruñés), e máis o pontevedrés Eladio Dieste Muriel, pai dos escritores

Eduardo e Rafael, abó do mundialmente coñecido enxeñeiro-arquitecto uruguaiano Eladio Dieste (de 1917).

Para rematarmos, nesta rápida visión, cos irmáns Ortiz de Taranco Viñal, José, Félix e Hermenegildo (do Portazgo de Vilaboa, 1857, 1866 e 1870) e os irmáns Manuel e Máximo Manzanares Martínez (de Donas-Gondomar, 1871 e 1880), todos estes comerciantes de alto nivel económico, destacando daqueles o Félix que mandou facer, como xa temos comentado, o suntuoso palacio familiar da Cidade Vella e máis a villa El Portazgo (onde se filmaron capítulos de “Curro Jiménez”).

Pois ao que íamos: todos estes sonvos apelidos importados na Galiza. Sobre algúns sábese a orixe, próxima ou afastada: portugués Brito, francés (bretón?) Lecocq, Aréchaga basco, Juega (antes Jueguen e Güeguen) bretón Gwegen agalegado; Williman, alsaciano, val dicir, alemán (debería levar dobre nn)... Doutros barrúntase a procedencia: Lugris (ao igual que Tobío, quen tamén aquí morou), británico, como tal vez o sexa Cousillas (Cowsill); canto ao Abente seméllanos francés (onde existe o apelido Avent, igual ao noso Advento); Granada parece vir dun Granata italiano; Dieste disque é flamengo; Taranco é basco pasado por Castela... como castelán é Manzanares (orixinado nun soldado mobilizado a Tui a comezos do século XVIII), e La Sagra viría dun dos topónimos andaluz ou castellano.

(Remítovos ás crónicas 6, 21, 28, 29, 44 e 46, onde se fala, desde outro ponto de vista, dalgúns destes individuos).

E xa que falamos de familias, vellos e perdidos apelativos uruguaio: Tata e Mama (papá e mamá), e máis Tata viejo e Mama vieja (abós). “Del tiempo de tata con mama”, é dicir, moi antigo.

LX. Teatro galego en Montevideo

O achádego, entre os mil papeis de meu curmán, de tres programas de teatro galego en Montevideo, levoume a riscar catro liñas sobre o tema que, se cadra, debera abordar con maior idoneidade o amigo Prof. Luis Pérez, tan sensíbel a toda a materia emigrante. Apenas, pois, uns pantallazos –pantallazos de teatro non de cine– sobre un feito particularmente exótico para a rica realidade teatral uruguaia. Sempre coidando que podan ser útiles a aqueles que nalgún momento se queiran achegar á arte de Talía neste específico campo.

Os tres programas da obra en Montevideo, motivos de: Castelao (1958), Camilo Díaz (1989) e F. Asorei (2018), estes dous reproducindo senllas capas do libro

Se quixésemos falar de antecedentes, que millor que as obras que creou e levou

TEATRO POPULAR GALLEGO DE MONTEVIDEO
en conmemoración del vigésimo quinto aniversario del
"PATRONATO DA CULTURA GALEGA"
Presenta



SALA "VALLE INCLAN" del CENTRO GALLEGO de MONTEVIDEO
DIA SABADO 17 DE JUNIO DE 1989 — HORA 21.00.
SAN JOSE 870 - Montevideo
AUSPICIA: UNION de SOCIEDADES GALLEGAS

ao escenario o fundador de Casa de Galicia (1917), a nestas crónicas xa tratada (Crónica 11) excepcional figura de José Ma. Rz. Barreiro (Baiona, 1871-1923), quen alternou galego e español na súa creación teatral: La Virgen de la Barca (zarzuela), Pan quente...

Será en 1941 cando, como é ben sabido, reestréase en Montevideo e no máis importante escenario do país, o Teatro Solís, Os vellos non deben

de namorarse, chegada de Buenos Aires xunto coa voz do autor, grabación que constitúe

TEATRO ODEON
PAYRAN DU TOY TELS. 0 07 00 - 0 40 00

|| Extraordinario Exilo ||



TEATRO POPULAR GALLEGO


Vermouth y Noche

Sábado 29 de Noviembre de 1958 a las 18 y 15 y 21 y 45.

Presenta:

“O FIDALGO”

A BENEFICIO DEL MONUMENTO A
ROSALIA DE CASTRO A ERIGIRSE EN ESTA CIUDAD
ENTRADAS EN VENTA EN TODAS LAS INSTITUCIONES GALLEGAS



o único rexistro auditivo de Castelao, non comprindo extendernos máis sobre tema abondo coñecido.

O noso tan lembrado Antón Crestar (Miño, 1896-1983), funda en 1958 o Teatro Popular Gallego coa estrea americana, que el dirixe, de O fidalgo, de X. San Luis Romero, conmemorando os cuarenta anos da súa encenación na Terra. Obra que tornou a ser representada aquí baixo as direccións respectivas de Pepe Fernández e de Toni de Seárez, en 1989 e 2018 (ano do seu centenario). (O Castro reeditou a obra en

1986).

Nalgún ano cercano a aquel 1958, tamén coa dirección de Crestar, representouse na capital uruguaia Mal ano de lobos, tradución galega desa obra de Linares-Rivas.

Sen que tivese, que saibamos, malia o seu galeguismo militante, participación na escea galega do Uruguai, compre citar a Julio Castro Álvarez (1913-1973), alumno de Xirgu, que foi un dos



O fidalgo, versión 2018


iniciadores do teatro independente uruguaio, fundando o Teatro Experimental. Fillo de pais galegos retornados, criárase en Vigo, de onde, tendo exercido o maxisterio, debeu fuxir no 36.

Un verdadeiro pioneiro do teatro uruguaio moderno, creando (xa en 1937) o Teatro del Pueblo fora Manuel Domínguez Santamaría (Arnoia, 1908-1979), actuando mesmo como director daquel Teatro Popular Gallego e como activista republicano..

Canto a José Fernández Seivane (Pepe Fernández, 1911-1997), outro fillo de galegos, é figura fundamental no decorrer do noso teatro neste país: actor, recitador, impulsor de grupos de danza e coros, foi nomeado (1958, pola colectividade galega no Uruguai) Fillo adoptivo de Galiza. (Sua filla, Cristina Fernández, entre os máis destacados intérpretes da música folc, ten de seu un copioso repertorio galego).

Frase extemporánea: “Montevideo, como Nova Orleans, está na desembocadura dun dos ríos magníficos do globo que, cos seus afluentes, abrangue unha das máis vizosas rexións da Terra” (Xavier Marmier, *Lettres sur l’Amérique*, Bruxelas, 1851).

LXI. Dous futbolistas. Os Varela



Severino (Gallego) Varela, La boina fantasma nos seus tempos do Boca Porteño

Falábamos aí atrás (Crón. 59) dos galegos do Uruguai con apelido non galego. Hoxe queremos referirnos aos galegos Varela, que son multitude entre os nosos connacionáis no país norplatino... e, polo que sabemos, que non é moito, nas repúblicas americanas todas. Apelativo que viría derivado da súa representación heráldica: catro barras, varas ou varelas (mesmo paus, como se denota no escudo dos Varillas castellanos, mera tradución, segundo o Licenciado Molina, dos Varelas da Galiza), e que estaría representado na nosa

toponimia apenas polas Varelas melidenses.

Deixando a un lado as actuais Bodegas Varela Zarranz e os Varela aínda vivos varias ducias de famosos-, así como aos finados -contemporáneos ou case- Varela Stolle (Crón. 44), Varela Fuentes (médico), Varela Radío (José, industrial) e Varela Feijoo (médico)... vaíamos aos vedraños tales o xa citado boticario miñense Gabriel Piedracueva Varela (de 1736, Crón. 58), e máis o mariño e cartógrafo José Varela y Ulloa (Vilareda-Palas, 1739) quen, xunto co melidán Joaquín Varela Gundín (1745), formaron na expedición que, en colaboración



Obdulio Varela, El negro jefe

con homólogos lusos, tentou fixar os tan difusos límites de ambos imperios ibéricos nesta América do Sul.

Con Varela y Ulloa disque viaxou outro (terceiro) Varela, Jacobo Adrián Varela Suárez (Coruña, 1758) que, establecido en Buenos Aires -onde participaría no *Tercio Gallego* que defendeu esa capital da invasión inglesa-, fundou o máis ilustre clan Varela do Río da Prata, no que, concretándonos á futura República Oriental, destacaron seu fillo, o exiliado porteño Florencio Varela (de 1807) e, xa no Uruguai independente, seus netos Jacobo (de 1841) e José Pedro Varela Berro (de 1845, Crón. 6, ilustración), protagonistas da adiantada reforma uruguaia da educación (universal, gratuita e laica).

Estamos xa inmersos na demografía nativa americana. Vástagos de José Pedro, José Pedro (fillo, 1874) e Jacobo (de 1876) Varela Acevedo, xurisconsultos e políticos; e sobriños, os irmáns Vázquez Varela, Jacobo, arquitecto (de 1872) e Ramón, avogado e político, por ese Vázquez descendentes daquel Manuel Vz. Senra (coruñés de 1752).



Varela

Outros Varela a citarmos: o patriota Manuel Freire Varela (de 1792, galego por ambas partes) e o saladerista Antonio Fariña Varela (A Coruña? c. 1801), e máis o presidente da República, de triste sona, Pedro José Varela (de 1837, neto de *español*)

De intento deixamos para este tramo case final a dous escuros irmáns Varela da Rama, de Bértoa-Carballo: Mateo (de c. 1746) e Tomás (de c. 1751), arribados a Montevideo, aquel casado na Coruña, este aínda solteiro, nunha das famosas expedicións das familias, en 1782, indo daren a paraxes opostas tales Minas (no leste) e San José (no oeste), fundadores desas vilas e xenearcas, coas suas mulleres, de enorme descendencia.

Xa no século pasado temos máis Varelas a nomear, quen sabe se algún deles (Wenceslao ou Carlos Manuel) descendente dos dous galegos anteriores: Wenceslao

Varela (de 1908, poeta e narrador *nativista*), Severino e Obdulio Varela, famosos futbolistas, ou Carlos Manuel Varela (1940-2015, de actividade e creación dramática).

Severino Varela Puente (1913-1995), multicampeón en ambas beiras do Prata, máximo goleador histórico na Copa América, era fillo de pais galegos. “El Negro Jefe” Obdulio Jacinto [Muiños] Varela (1917-1996) foi o lexendario capitán do *team* uruguaio no triunfo de Maracaná (1950), e traémolo aquí polo seu galeguísimo apelido, a todas luces herdado de ancestros escravos (propiedade) dalgún patrón Varela.

Brincadeira lusa ou brasileira: Se é varón, manda el e ela non; se é Varela, ora manda el ora manda ela; se é varunca (home frouxo), manda ela e el nunca.

Outra versión supostamente galega: Varón (manda el, ela non), Varela (non manda el, manda ela) e Vareliña (manda o home... na cociña).

LXII. Media ducia de editores galegos



Francisco Vázquez Cores

Comentamos esta reveladora realidade a partir das palabras (traducidas agora) do especialista no mundo galego do Uruguai, Prof. Carlos Zubillaga: “Por oito décadas non houbo en Montevideo posibilidade de eludir a referencia a galegos no proceso de produción e comercialización de libros, editores comprometidos, en tempos de estreiteces, cos escritores uruguaios que estaban a xurdir, en competencia cos consagrados estranxeiros.”

O primeiro cronolóxicamente será Francisco Vázquez Cores (Ferrol, 1843-1914), mestre que colaborou na reforma escolar varelana, con ideoloxía liberal e antiescravista (abolicionista), cofundador do Centro Gallego, que se dedicou, durante décadas, á edición de textos para o ensino que complementaba o seu oficio de libreiro e que ousou co-publicar, con luxo, as obras completas de Francisco Acuña de Figueroa (1791-1862), o clásico vate autor da letra do himno nacional (fillo de pai de Salcedo-Pontevedra), feito heroico que contribuiría a arruinalo.

Moito contemporáneo deste, o larachés Antonio Barreiro y Ramos (Vilaño, 1851-1916, Crón.

58), xa en 1871 funda establecemento co nome de *Librería Nacional* e, anos despois, tamén se dedica á edición de libros escolares. Mais no que se destacaría foi na edición e

Conferencia sobre a figura de

**ANTONIO
BARREIRO Y RAMOS**

a cargo dos historiadores uruguaios
Leonardo Guedes e Alejandra Torres



Natural de Fraguande (Vilaño) e emigrado a Montevideo,
foi un dos máis importantes editores e libreiros de
Uruguai a finais do s. XIX e principio do s. XX

A Laracha, 2019

impresión de obras dos máis nomeados autores nacionais (Bauzá, Magariños Cervantes, Carlos Ma. Ramírez, [o galego] Daniel Granada –Crón. 46-, Zorrilla de San Martín...). Dacabalo dos séculos XIX e XX armóuse na súa libraría unha sonada tertulia do máis graúdo da intelectualidade local.

Menos lembrado é o carballés José María Serrano (1870-1945), que, se algunha gloria ostentou é a de ter sido o editor principal da obra do noso José Enrique Rodó (1871-1917), o pensador e estilista literario de magnitude americana, mais non se limitando a tal autor.



Claudio García polo humorista e caricaturista Julio E. Suárez "Peloduro"

Os irmáns Claudio (1878-1949) e Maximino García (1890-1969), maismente aquel, constitúen dous fitos inexcusábeis nese mundo editorial montevideano de ámbito nacional, case monopolizado polos galegos. Claudio (Crón. 51) fundou *La Bolsa de los Libros* e no seu cerne a *Biblioteca Rodó*, que editou os máis destacados nomes do país. Aliadófilo no internacional e no español republicano, foi outro que rematou en penosa situación económica. Maximino, primeiro no libro vello, foi posteriormente editor de toda caste de libros, chegando a doar moreas das súas edicións ás bibliotecas públicas de Galiza (en certo xeito a imitar a campaña do larañés de Buenos Aires Gumersindo Busto -1872-1937- a prol da *Biblioteca América* da Universidade compostelá: por certo que antes Busto residira algún tempo no Uruguai).

El Librero de la Feria foi a firma escollida por outro galego máis cercano, cal foi Manuel Lamas Ferreiro (Berdillo-Carballo, 1907 ou 1908-1970), quen comezou, en 1930 e no marco da tradicional *feria de Tristán Narvaja*, a súa actividade, moi focado nos bibliófilos e organizando as súas propias feiras semanais para servir ao comprador de

libros do común. Sen ser editor, tiraba folletos e ata boletíns bibliográficos que alcanzaron ampla difusión nas Américas, campo no que foi pioneiro.

(Barreiro, Cores e Claudio foron recoñecidos no nomenclátor capitalino).

Dato extemporáneo: Como *oleros* coñécese no norte aos moldeadores artesanais de tixolos, palabra que, a xuízo dalgúns, “probabelmente proveña do galego *olaría*, que significa alfarería ou cerámica”. (Nós achamos que é un caso máis de portunhol).

LXIII. Un país cosmopolita



El inmigrante, chámase esta escultura na Villa del Cerro

Que nós falemos, na maior parte destas crónicas, dun Uruguai galego, non habilita a negar que estamos perante un país cosmopolita: a capital que demográficamente alcanza a metade do que é a nación, é unha outra demostración de tal. A actual Villa del Cerro –lebrade: o cerro que está da outra banda da baía e que lle déu nome á cidade, sen ter sido nunca o centro dela- tentou denominarse Villa Cosmópolis, daquela habitada por un mosaico nacional de traballadores, como o seu nomenclátor revela: desde Vizcaya, Barcelona e Burdeos ata Egipto ou Patagonia, con Grecia como rua principal...

Isto rompe os ollos se repararmos nos apelidos – crisol de apelidos chamou alguén ao Uruguai- onde conviven ou

conviviron, xunto aos galegos que a temos abordado, armenios (Hagopian ou Aprahamian), alemáns (Müller, Buschental), ingleses (Jackson, Heber), euskalduns (Jáuregui, Echeverría), cataláns (Puig, Rossell), italianos (Ferrari, Bianchi), mesmo canarios (de diversa raíz: Betancur, Curbelo) ou azorianos (flamengos



Sintomática reunión de tres monstros: Dante (ao fondo), Cervantes e Sócrates (estes dous na fachada da Biblioteca Nacional)

aportuguesados: Brum, Dutra), ou propiamente españois (Herrera, Puentes) ou



Monumento Al Plus Ultra (coas escalas impresas) na zona portuaria (Crón. 46)

exclusivamente portugueses (Coelho, Machado), que, con dificultade, escollemos entre centos.

Outro síntoma plurinacional sería a gastronomía non autóctona (en base á carne, claro), como a italiana preponderante, ou mesmo a armenia (lemeyun) ou a galega (empanadas *sui generis*, cando de peixe).

Podemos, a título pintoresco, facermos unha listaxe dos monumentos –entre os numerosos de millor ou peor realización- que ornan Montevideo, dedicados a países e/ou persoeiros estranxeiros, así, polo seu número aproximado, destacando: Italia (con 10, entre eles os da Crón. 32 e máis a Loba do Capitolio), Chile (con 8: Mistral, Neruda, Allende), Alemaña (6: Einstein), Arxentina (6: Perón), Brasil (6: Vinícius, Tiradentes), México (5: Juárez), Israel (5: El Holocausto monumental)...

Abondo ilustrativa é a relación non exhaustiva que vos fornecemos de países, agás os xa nomeados, representados na estatuaria montevidéana (e xa non falemos do nomenclátor, como acabamos de ver); vedeaí, comezando polos extraamericanos:



Aos mártires armenios (víctimas do xenocidio de 1915)

Armenia (Hayastán de seu nome oficial), Chequia, China (Confucio), Corea Sul (moneco simbólico excesivo), Eslovenia, España, Francia, Grecia, Hungría, India, Líbano,

Lituania, Palestina, Polonia, R. Unido, Romenia, Rusia, Suiza, USA, mesmo Catalunya e Euzkadi foron homenaxeados nos monumentos a Companys e á Árbore de Gernika (que foron inaugurados coa presenza do noso Castelao).

(E consideraremos a cruz da Crón. 25 representación do Estado Vaticano ou sobre iso símbolo relixioso?).

Como era de esperar, os países da *rexión*, val dicir, os latinoamericanos, foron, eles ou os seus próceres, obxecto de monumentos: amáis dos veciños xa mencionados, temos a Paraguai, Bolivia, Perú, Colombia, Ecuador, Venezuela e os centroamericanos Nicaragua, Honduras e Guatemala, e mesmo o Canadá lonxano.

Dato extemporáneo: Entre 1835 e 1970 Galiza mandou ás Américas máis de un millón de seus fillos (1.130.000 calculou o Prof. Alejandro Vázquez González da UVIGO)

LXIV.Prensa galega en Montevideo

Os galegos de Montevideo téñense expresado, a través das suas institucións



societarias, polos órgaos de prensa destas, das maneiras máis dispares. Este tema está exhaustivamente tratado polo noso tan citado Zubillaga nun ensaio específico: *A prensa galega de inmigración en Uruguai* (1996). Desde 1880 a 1980 e aínda máis, desenvolveuse esta actividade publicista, acorde coa selva de xornais e periódicos que daban voz a toda a inquieta sociedade durante os dous primeiros tercios de dito período.

Montevideo, 1917

Perto de 35 cabeceiras, a maior parte en idioma español, móstrannos esa inquedaanza

expresiva dos nosos connacionais na diáspora uruguiaia. Desde a pioneira e efímera *La Voz de Galicia* (1880, pouco anterior á homónima coruñesa), compre destacar *La Unión Gallega* (1881), *Centro Gallego* (xa en 1917) ou *El Eco de Galicia* (1925), esta última órgao de Casa de Galicia, así como antes *Alma Gallega* (1919). (Algunhas reeditadas aí na primeira década da presente centuria... e para iso recorrendo á Biblioteca Nacional del Uruguay, cunha hemeroteca máis ricaz, nese campo, que a propia ben surtida da Real Academia Galega).


O *Irmandino* (sic, 1934) foi órgao da Irmandade Galeguista do Uruguai, á par de *Raza Celta* (do mesmo ano) que o foi do *Comité Autonomista Gallego del Uruguay*, ambas durando pouco, sendo aquela a única íntegramente en galego e da que poderíamos

considerar ideolóxicamente antecedente *O Fungueiro* (apenas de 1918). Algunhas cabeceiras, malia dilatadas interrupcións, prolongáronse ata fins do XX.

O nivel desta literatura xornalística foi ben diverso: desde xornalistas de raza (dos que excusamos dar nomes que atoparedes en internet), ata simples reprodutores de textos peninsulares, aquí e tamén nas outras colectividades das demais cidades americanas con presenza galega. Canto a ideoloxía, tema que non é do noso abreviado informe, podedes supor que “había de todo na viña d-El Señor”...

Caso singular é o da breve *Arazua* (1929-30), “Boletín de la Asociación Protectora de la Cultura Gallega” (vése que para eles a lingua non formaba na cultura). O nome (que nós, errando ao lle trocar o acento, acháramos versión primitiva do topónimo Arzúa!), explícase na editorial de arranque ser “una voz celta” cuxo “equivalente en castellano se encuentra en el vocablo *tumulto*”, e, adoptando eles o último significado: *inquietud*, “la inquietud aplicada a las altas especulaciones del espíritu”.

Blanco Torres (desde aí) e Sánchez Mosquera, Sigüenza ou Morenza (aquí) son algunhas das firmas que lle dan certo cariz cultural e galeguista... daquela maneira, e responde á mentada asociación fundada ese mesmo ano, e que foi saudada en Galicia por xentes como Peña Novo e propendía, na súa curta vida, a apoiar



Montevideo, 1922, celebrando, moi españolamente, a C. Arenal e nós recuncando neste seu bicentenario



Montevideo, 1934

a Universidade compostelá, o Seminario de Estudos Galegos e máis a Real Academia Galega.

É un feito –e que llo pregunten ao noso amigo E. Santos Gayoso- o nada doado que é facer a historia desta faceta literario-comunicacional, dada a limitada conservación e mesmo a reiteración dos títulos no tempo e no espazo: así a que sería a primeira *Tierra Gallega* (inda que “La Tierra Gallega”) nada na Habana (1894)... tivo homónima na Coruña (1903) e outra montevideana (1917), sendo a habaneira, segundo nos informaran hai décadas, inspiración para o comercio dese nome que ata hai pouco operaba na cidade herculina.

Para rematarmos con tema algo esgrevio, digamos que aínda vos é o día que se senten no ar os aleteos das follas dalgunhas das máis recentes publicacións tales *Ecos da Terra* e *Guieiro*...

“El gallego es: Probidad limpia, absoluta, sustancial; lealtad, laboriosidad, perseverancia; sabe dar, compartir y practicar la solidaridad. La fuerte mujer gallega, de soberana belleza, y de torrencial dulzura...” (Algúns dos retóricos xuízos do escritor uruguaiano Constancio C. Vigil -1876-1954- tentando compensar a visión pexorativa do seu tempo sobre o noso paisano).

LXV. Unha de cemiterios!




Cruceiro, do Cemiterio central de Montevideo, co mar ao fondo

Si, mais tentaremos non caer no puramente necrolóxico... O conto comeza polos xa citados (Crón. 21) irmáns Fernández Bermello (de Amarante-Maside), residentes en Montevideo desde o último tercio do XVIII, José (morto en 1819) e Luis, que tiñan vivenda e comercio de *pulpería* no *trívium* existente, aínda hoxe, na daquela paraxe extramuros do Cardal (actual barrio do Cordón, solar da primitiva Universidade, agora facultade de Dereito). Anos despois estes galegos instalan nesa encrucillada un cruceiro ourensán, coa única imaxe do Cristo no que reza: “Año 1800/a devoción de D. Luis y D. José/ Fernández, naturales del Reino de Galicia”; cruz, popularmente *Cristo del Cordón*, que foi trasladada finalmente (1905) e ata hoxe á igrexa do mesmo nome, máis próxima ao centro urbano.

A este sumemos outro cruceiro, este bifronte, moito máis elaborado, con Cristo e Virxe, que se chantou (1835) polo supervivinte dos irmáns, Luis, no recén inaugurado *Cementerio Central* e baixo o cal foi sepultado el (1838). Esta cruz foi trasladada ao segundo sector do camposanto (1860), non sen antes (1856-1859) ter acougado os restos (chegados do Paraguai) do prócer José Artigas, mentres non foi levado ao Panteón Nacional, sito no mesmo recinto (e actualmente no mausoleo da praza Independencia). Neste cruceiro, cada mes de xullo, reúnese a nosa colectividade en torno ao que opera como *cruceiro dos olvidados*. (Outras cruces hai, todas da segunda metade do século XX, nalgunhas institucións galegas do país).





“Neste sartego e cru/ceiro galego rende-/mos homaxe
ós galegos/mortos no Uruguai”

Máis connacionáis *habitantes* desta monumental necrópole: os Fistera (Crón. 26) do fisterrán Fernández de Castro; o benfeitor Juan Vicente Arcos (Crón. 10); e as varias xeracións Bermúdez oriundas de Ribadulla; así como o galego-fillo Julio J. Casal. No citado Panteón tamén xacen Juan Benito Blanco, o xeneral Aguiar, Juan María Pérez e Acuña de Figueroa, todos fillos de galego.

Somente nos resta introducirmos na traxedia en falando de galegos-fillos.

En 1858, nun trístísimo episodio desa convulsionada centuria na que a república moza sufría os vaivéns de todo país novo, dáse o que se chamou Hecatombe de Quinteros, sendo os seus protagonistas pasivos recoñecidos posteriormente como os Mártires de Quinteros: militares pertencentes a un grupo políticamente conservador, alzados contra o presidente legal da República, foron fusilados no Paso de Quinteros (sobre o río Negro, departamento de Durazno). Entre os mortos estaban catro que nos motivan agora: Francisco (Pancho) Tajés, Manuel Freire (e seu fillo Aurelio) e César Díaz.



Panteón dos Fernández Fistera: “Francisco F, Fistera”

En 1865 prodúcese o sitio de Paysandú (sobre o río Uruguai) que, desde o seu abatemento pasou a se apelidar *La Heroica*, onde foron masacrados, á cabeza deles Leandro Gómez (Crón. 28), os defensores do bando contrario aos de Quinteros, e fusilados á súa volta como o que se estima unha *vendetta* dos parciais de 1858. (Por certo, os restos do Xral. Gómez serían trasladados (1984) desde este cemiterio montevidéano, á praza principal da cidade *sanducera*... vencendo mesmo a oposición dos descendentes).

Dato extemporáneo: Nos anos 50 existían nesta capital máis de mil *boliches* (bares) a cargo de galegos. No ano 2012 aireouse a idea de declarar “de interés histórico” aos supervivintes, algúns centenarios.

LXVI. Os uruguaioes escriben sobre Galicia II

Aquí, cando se di *gallego*, a miúdo se está querendo dicir español. Pois, pola contra, cando se di español tede por seguro que, na maioría das veces, se está referindo a




galego... dada a grande e incomparábel proporción dos nosos paisanos, entre os peninsulares. Así, opostamente ao que se fixo en Buenos Aires fundando (1943), na localidade bonaerense de Domselaar, o *Hogar Gallego para Ancianos*... en Montevideo se creou o *Hogar Español de Ancianos*, finalmente *Hogar*

Español, unha das institucións de saúde de máis alto nivel do país, apoiada polos gobernos español e galego e máis pola Deputación da Coruña. (O mesmo poderíamos atribuir ao Hospital Español -1886- ou á vella *Asociación Española Primera de Socorros Mutuos* -1853).

Iniciado este fogar en 1961 na capital uruguaia, a partir da iniciativa do enfermeiro galego Gumersindo Álvarez Blanco, tivo a súa primeira sede na casona “Mi Delicia” –que fora propiedade doutro galego, este de Fisteus-Curtis, Benito Sánchez Seijas, que lle puxo tal nome en homenaxe á súa única filla, casa hoxe abandonada-, pertencente daquela ao estatal *Consejo del Niño*, será en 1973 cando inaugurará o actual amplo e arborado emplazamento. Dato: en 2005, de 458 ocupantes, 320 eran fillos de Galicia.

Con tan longo prolegómeno, que nada ten que ver co título desta crónica, tentamos informar sobre ese feito de o español ocultar acotío o galego “que vai por dentro”. Entón, pasemos ao tema do título, poisque queremos, complementando a Crónica 21, dar unha lixeira idea sobre obras, colectivas ou non, dos uruguaianos dedicadas aos galegos como colectividade, mesmo extendéndoas aos españois todos.


A primeira de que temos noticia é “Los españoles del Uruguay”, de 1918 e da autoría de



Valls & Moragues (españóis, uruguaiois?). É unha desas obras de luxo escritas a petición e co auspicio dos individuos cuxas biografías son incluídas, a maioría comerciantes e industriais, coa infaltábel presenza das autoridades de ambos estados e das institucións españolas locais.

Chegando a 1950, aparece un opúsculo (de apenas 100 páxinas) debido ao intelectual Juan Carlos Sabat Pebet (1903-1977, pai, por certo, do debuxante Hermenegildo Sabat da Crónica 53), co título “Contribución hispánica a la cultura uruguaya”, baixo o selo editorial da *Institución Cultural Española del Uruguay*, fundada que fora polo noiés Manuel Senra (1861-1927)... moi protagonizado o texto polos galegos. (Dito intelectual tivo importante vínculo connosco, afiuzado na sua obra “El cantor del Tala” (1929), sobre o ribadense J. A. y Trelles (a) El Viejo Pancho).

De 1961 é o ensaio de Daniel D. Vidart “Regionalismo y universalismo de la cultura gallega” (capa na Crón. 21). C. A. Zubillaga Barrera (1941), o uruguaio vivo que máis ten escrito sobre Galiza, iniciou a sua bibliografía moza con “Los gallegos en el Uruguay” (1966, capa íd.), que constitúe, por tanto, o primeiro esforzo literario dedicado exclusivamente aos nosos compatriotas, abranguendo un período



O gaiteiro Celestino Pichel (Crón. 51) e seu neto uruguaio

histórico que culmina co século XIX. (Dese tal ano é a monumental “Los gallegos en la Argentina”, do ourensán Alberto Vilanova Rodríguez –AUVERRE).

Aquel mesmo intelectual, membro de honra da RAG, ten promovido o *Centro de Estudios Gallegos* (dependente da *Facultad de Humanidades y Ciencias*), que editou ata 14 volumes do *Anuario de Estudios Gallegos* (1997-2010), e que podemos considerar, no seu conxunto, a segunda creación ensaística colectiva uruguaia con Galicia como tema. Hai que chegar a 2009 para termos nas mans outro título. de grande formato, “Galicia en Uruguay”, de Olveira & Naón, onde se trata, con profusión de gravados, o pretérito e a actualidade da presenza galega nesta república. Noventa anos separan estas publicacións, xenerosas en datos e máis que xenerosas en panexíricos, nas que, sen dúbida, se poden atopar valiosos antecedentes (ver ilustración da Crónica 31).

Dato non tan extemporáneo: CAMBADU (confundíbel con Cambados) é a sigla de *Centro de Almaceneros Minoristas, Baristas, Autoservicistas y Afines del Uruguay*: fundado en 1892, estaba integrado por unha grande maioría de galegos (lembrade: almacén é o ultramarinos). Ao igual que CUTCSA, a empresa privada de transporte colectivo máis importante da capital.

LXVII. Dous coleccionistas




*F. Ortiz de Taranco
Viñal*

Haivos moitos xeitos de detectar a presenza galega no exterior, e, xa que estamos, neste país. Unha que non é de desprezar é a filantropía artística, noutras palabras, a doación por un coleccionista do seu acervo de arte a algún organismo estatal. No noso caso imos tratar de dous millonarios que doaron as súas coleccións ao Estado, un, galego de berce, o outro, galego-fillo, ambos contemporáneos... E apoiámonos decisivamente no importante ensaio que ven de publicar a uruguaia Carolina

Porley.

Félix O. de Taranco (O Portazgo de Vilaboa, 1866-1940), a quen xa temos aludido a raíz de falarmos dos palacios de galegos de Montevideo (Crón. 29), precisamente para ornar a súa luxosa residencia da Cidade Vella, pasou trinta anos adquirindo arte (óleos, tapices, esculturas, móbeis en xeral) de procedencia europea e sinaladamente española e, entre esta (de Ribera a Sorolla), pezas galegas de Sotomayor como, por exemplo, *Bergantiñana*... ata redondear o medio centenar de óleos que, no 1940 do seu pasamento, a familia doou ao Estado uruguaio, ao tempo que lle vendía o inmóbel, coa condición de nel aloxar, como así foi, décadas andadas, o Museo de Artes Decorativas.



Pola súa parte, Fernando García (1887-1945, fillo do pontecaldelán Hipólito García Barros) acumulou máis de 350 pezas artísticas (a maiores doutras coleccións, a máis

Fernando García

(detalle da capa do libro de Porley)

destacada, a de coches que, gardados na súa *Casona* da paraxe rural de Carrasco, foi

doadas ao Municipio montevidense para formar o *Parque y Museo de Carruajes Fernando García*), expostas no 9º andar da súa moradía no Edificio García, por el mandado construír (1940), en pleno centro capitalino, cuxa colección legou ao Estado uruguaio.

Compre aclarar que estoutro coleccionista apenas posuía arte galega: cítase, como anecdótico, o agasallo a seu pai (1930) do óleo *Foliada*, de Roberto González del Blanco; o resto reúne pintores europeos e concretamente españois, mais tamén un copioso número de artistas uruguaio. Ao respecto, Porley resume así aos dous filántropos e o seu acervo artístico: Taranco, máis conservador e europeo e hispano; García, máis moderno e con predilección polos autores autóctonos, mesmo algún aínda non consagrado.

Como características comúns, orixe das súas fortunas, ambos eran exitosos comerciantes importadores, banqueiros e, o galego, cando menos, poderoso terratenente, en tanto o uruguaio actuou como industrial fabricante de cigarrillos... ambos formando parte de tanta institución española e mesmo galega do seu tempo.

É de destacar que Del Blanco ten aquí dúas obras de grande formato: o *Adiós*, de Casa de Galicia, e *Un jueves en Compostela*, do Museo Nal. de Artes Visuales (citándose un terceiro óleo noutro museo). Mais, amén da citada, hai máis arte galega en Montevideo: a famosa *Santa de Asorei* (que acaba de estar exposta en



Un jueves en Compostela, por R. González del Blanco

Galicia) e o seu busto de Cervantes; o mural de Nóvoa (a abrazar o estadio do Club

Atlético Cerro, do que el quixo considerar continuación, tantas décadas despóis, o mural do parque coruñés de Santa Margarida); e algún óleo de Villafínez e, como non, de Castelao.

(Outro día comentaremos os pintores galegos afincados no Uruguai: Méndez Magariños, Pailós, Otero...).

Dato extemporáneo: Na parroquia de *Nuestra Señora de los Remedios*, en Rocha (leste da república), áchase a *Virgen de Mondoñedo* ou *de la Fundación* (pequena advocación dos Remedios, representada sen Neno), chegada probabelmente desde o santuario mindoniense homónimo, durante o curato (1794-1829) do abegondense P. Amenedo Montenegro.

LXVIII. Dous revolucionarios

Évos do caso a existencia, entre moitas, de dúas figuras galegas que, con diversa



Florencio Sánchez

intensidade, tiveron decisiva actuación neste país na primeira metade do século XX. Un de Moalde-Silleda, Adrián Troitiño (1869-1941), de indubitábel orixe campesina. Outro de Ferrol, Adolfo Vázquez-Gómez (1869-1950), membro de familia burguesa. Contemporáneos dos millonarios da Crónica anterior.

A Adrián Troitiño (ver Cróns. 12 e 17) témolo no Uruguai xa en 1904. De filiación anarquista, tornouse dirixente sindical coa creación (1920) do *Sindicato de Vendedores de Diarios y Revistas*, en defensa dos que, moitos deles rapaces, exercían tal función ambulante, os populares *canillitas*. (O nome, popularizado polo dramaturgo uruguaio Florencio Sánchez -1875-1910-, creador do moderno teatro rioplatense, na súa obra “Canillita”, de 1904, seguramente fai referencia a aqueles pantalóns de perneira curta, que viñan de anos de uso, sobrepasados polo medre do usuario, deixando a “canilla” (canela) nú). O 26 de maio, data do pasamento de Troitiño é o *Día del Canillita* (sen xornais).

Se ben é esta a realización do galego que o perpetuou no tempo, é bó saber que, antes, en 1880, emigrara (de polizón e con só once anos) a B. Aires, onde xa destacara na organización dos panadeiros, panadeiro el mesmo, sendo deportado (1902) a



Busto de Troitiño na sede do sindicato único uruguaio (PIT-CNT)

España xunto con Julio Camba, onde houbo de cumprir servizo militar atrasado na Coruña.



Un mozo Adolfo Vázquez-Gómez

Despóis dunha vida de loita (con cadeas incluídas e que aquí fusilamos sen piedade), xornalista e orador, virou para o socialismo, chegando a actuar como representante dos traballadores uruguaiois na *Conferencia Latinoamericana del Trabajo* (México, 1938), “El Abuelo” (a semellanza do apelido que lle daban ao noso Pablo Iglesias) morre a pouco: a súa foi a primeira homenaxe que o Parlamento do Uruguai lle rendeu a un líder obreiro.


Adolfo Vázquez-Gómez (Crón. 28) é ben coñecido nesa súa terra de orixe, maiormente por man e pluma do investigador José Antonio Durán e tamén lembrado, na súa autobiografía, por seu sobriño-neto Leopoldo Calvo-Sotelo.

Librepensador que en 1892 se exiliou a raíz dunha disputa co arcebispo compostelán, por querer el casar só polo civil –tendo padecido anos atrás outro exilio como republicano-, esta volta con destino a B. Aires, pasando logo a Montevideo, sempre exercendo o xornalismo combativo: publica (1895) “Socialismo y libre pensamiento”, xa vinculado a esta altura coa masonería.

Adírese (1910) ao recién fundado Partido Socialista, de corte marxista, no que chega a desempeñar cargos de importancia, partido no que sería figura descollante Emilio Frugoni (Crón. 33).

Tamén houbo mulleres na loita sindical, amén de feminista, dos primeiros tempos, e mulleres galegas-fillas, tales María

Collazo (1884-1942), con activismo iniciado en B. Aires, e Juana (Rouco) Buela (1889-



O seu paisano Claudio García publicando a Vázquez-Gómez

1969), de parella traxectoria, con máis anos esta na capital arxentina, ambas de filiación anarquista.

Frase extemporánea: O drama uruguaio do século pasado consistíu, abreviadamente, en que pasou, en poucos anos, de ser país de inmigración a país de emigración.

LXIX. Dous emprendedores




Lavalleja, capital Minas, e os departamentos limítrofes. (Brasil, o territorio en gris da dereita)

Emprendedores na linguaxe de hogano. Pioneiros en tempos pretéritos. Vede aí dous entre miles que hoxe traemos a colación malia termos deles escasos datos, e ese é o desafío deste cronista. Os primeiros galegos en casar en Montevideo, quer dicir, dos primeiros en se establecer aquí, non eran migrantes senon simplemente soldados,

neste caso formando no *Regimiento de Infantería “Cantabria”*, primeiro corpo militar arribado a este porto (1737), cando aínda non tiña dez anos de fundado.

Temos localizado ata catro enlaces relixiosos de galegos neses anos: Álvarez Romero, Roque Araújo, Manuel Bermúdez e Alonso Puga, este o primeiro galego en casar (1740), morto a pouco, co cargo de sarxento e condición de inválido. Canto a Bermúdez, formou, coa sua muller –tía do futuro prócer Artigas– destacada familia.



Mais é a Cosme Álvarez Romero (galego sen berce concreto coñecido) que me referirei agora. Máis alá de que este paisano chegou a ostentar en Montevideo cargos públicos, tales Tesoureiro e *Procurador General* do Cabildo, emprendeu, a partir de 1759, a extracción de minerais na paraxe de Marmarajá no que, co tempo, sería o departamento

de Minas –logo bautizado de Lavalleja, conservando o nome Minas para a sua capital, nome que nos lembra a Minas Gerais brasileira.

Don Cosme, na realidade, precedeu en máis de 25 anos a fundación desta vila



Un mozo Eduardo Fabini

poboada con galegos e asturianos, ampliando, co tempo, a sua actividade co lavado de ouro, prata e chumbo. Debéu ser o continuo fustigamento dos indíxenas e dos portugueses o que o fixeron desistir, anos despois, da sua pioneira actividade. Tan pioneira, que Lavalleja é o departamento do país con maior explotación mineira, coa extracción de pedras (mármore, granito, dolomita, talco)...

130 anos máis tarde, fins do século XIX (1892) surxe no mesmo departamento a explotación da *Fuente del Puma*, un de tantos mananciais desa belísima zona serrana do leste uruguaiano, moi cercano á capital minuana, da man da sociedade Fabini & Puga (outro Puga!), que comenzou o envasado de auga mineral bicarbonatada baixo o nome de *Agua Salus*, agora coa firma Compañía Salus, S. A. (1902), a esa altura xa sen Puga na sociedade... e vendida a unha multinacional nos inicios deste milenio, sendo a auga de maior prestixio do Uruguai. (En torno á pranta industrial formouse o parque Salus, arboreda na que se acha ubicada unha hostería).

Duas derivacións do tema principal. Por unha banda, a figura dun neto deste pioneiro Clemente Antonio Puga García (de seu nome completo,

1854-1929), natural “de Figueroa, en Galicia” (ou Figueiroa? pois non demos localizado o



Xa aos seus 19 anos M. Quiroga vinculábase cos galegos de Montevideo

topónimo exacto), cal é o auténtico especialista en música típica Boris Puga, primeiro presidente da *Academia del Tango del Uruguay*.

Por outra parte, o socio de Puga, Santiago Fabini (1863-1939) era un dos sonados irmáns deste apelido: el, Juan Pedro (1876-1962), enxeñeiro e político, activísimo intendente de Montevideo, e, sobre eles, Eduardo Fabini (1882-1950), o principal expoñente do nacionalismo musical uruguaio... que estivo en moi boa sintonía co noso Manolo Quiroga (1892-1961), e que disque compuxo parte da súa obra nestes campos.

Dato *ad hoc*: Na súa xira sudamericana, o violinista Manuel Quiroga interpretou (no montevideano teatro Solís, 1929) a “Fantasía para violino e orquestra” de Eduardo Fabini, composta por este ao seu pedido.

LXX. Dous fotógrafos


Varias exposicións están dando conta dos “180 anos da fotografía no Uruguai”... contados desde o 29 de febreiro de 1840, cando se tomou a primeira –un daguerrotipo- e foi da catedral de Montevideo (vulgo: Matriz), ubicada na praza da Constitución (a conmemorar, en principio, a de Cádiz, este territorio aínda español daquela), en fronte do Cabildo montevidiano (hoxe museo e arquivo municipais).



Esa novísima técnica chegou, como era de esperar, nun buque-escola francés que, o ano anterior, iniciara unha viaxe polo mundo, coa precisa misión de divulgar o invento, a cargo neste navío do abade Louis Compte, xira que quedou limitada aos non menos novísimos estados: Brasil, Uruguai e Chile, saltándose Arxentina –daquela co bloqueo naval contra o seu gobernante-, en cuxo porto chileno de Valparaíso o veleiro naufragaría.

Entre os centos de fotógrafos operantes neste país e entre as suas varias especializacións (de estudo, de prensa, de sociedade...) cinxirémonos a falar de dous galegos de sona no oficio, ou millor, na arte, de dúas xeracións sucesivas: Jesús Cubela e José María Silva.

Sen ser dos primeiros –o xa citado A. Cousillas actuaba canda el, nos fins do XIX-, Jesús Cubela (provincia de Ourense, 1866-1925) foi dos primeiros destacábeis, ao dicir do estudoso J. A. Varese, “un dos pioneiros da reportaxe gráfica”, de quen “moito se coñece da sua obra canto ben pouco da sua persoa”, “cunha das traxectorias máis curiosas entre os fotógrafos”, non só limitada á xeografía capitalina.



“Documentalista do 900”, nun tempo en que parecía unha ousadía rexistrar as persoas –visto como invasión dun espazo privado- “captaba a xente nas suas ocupacións habituais”. Máis adiante pasouse ao campo da fotografía paisaxística ou panorámica. E foi importantísima a sua colección gráfica, gardada por el con esmero.

José María Silva (Montillón-Souto-A Estrada, 1897-2000), como el mesmo se publicitaba, “un fotógrafo entre los artistas y un artista entre los fotógrafos”, con esa tan longa vida, ben difícil de resumir, se por algo pasou á historia é por ter sido “o fotógrafo de Carlos Gardel”, quen, de artista a artista, lle comentaba que a sua foto preferida era “esa de medio perfil, sonriendo, con el gacho (chapéu) puesto, que le saqué en 1933”. Mais Silvita –como lle chamaba *El Mago*- xa o fotografiara desde dúas décadas atrás, cando apenas rompía a cantar tangos e milongas sen sospeitar a sua fulgurante carreira futura.



Silva, como Soliño ou Pailós (Crónicas 11, 12, 40), chegara ao Uruguai de pequeno, este da man de sua nai, morto o pai na guerra de Cuba: é o que se califica como emigrante pasivo, que, polo xeral, non sente moitas ansias por coñecer a terra (apenas) natal, morriña ausente.

Foi fotógrafo doutras importantes figuras, como León Felipe, os arxentinos Perón ou Mores, os uruguaio Herrera, Belloni ou Candeau... oficiando como reporteiro gráfico do exitoso mundial de fútbol de 1930. Presidíu a sua asociación gremial por case trinta anos e foi declarado “inmigrante do ano (1998)”.

Estrambote: o ferrolán José Romero Gómez (1914-1973) reuniu enorme acervo de máquinas fotográficas e de cine, ao punto de constituir, *post mortem*, o Museo Fotográfico “José Romero Gómez” (1991).

LXXI. Cristos, virxes e santos




Aí atrás (Cróns. 20, 25) falábamnos da presenza de cultos católicos e nom católicos neste país laico... “graciadió”. Hoxe tentounos a idea de darmos a coñecer, apenas esbozada, a diversa realidade relixiosa a incidir teimosamente no devir social uruguaio e montevideano, menos cativa do que se pensa, con eses ribetes de politeísmo en que acaban derivando todas as relixións pretensamente monoteístas, que rematan rendíndose á milenaria tendencia politeísta da especie humana.

Deixando aparte o culto umbandista (representado por lemanjá, a *stella maris* con estatua, viciña de Rosalía de Castro, e romaxe mariña cada 2 de febreiro), así como as confesións

protestantes (anglicanos, valdenses, luteranos, metodistas, adventistas... e mormóns ianquis) e pentecostais-espectáculo (*Dios es amor, El show de la fe, Jesucristo es el Señor...*), mesmo algúns católicos *sui generis* (p.e. armenios), vedaí casos católicos realmente populares... non tan distantes da relixiosidade galega.

É tradición que os libertadores (os “Treinta y tres orientales”) de 1825 se axionllaron diante da imaxe da *Virgen de Luján*, na vila de Florida, talla misioneira de fins do XVIII, en 1894 instalada na igrexa local (despóis catedral) e declarada pola curia patroa da República, con peregrinacións cada domingo



*Nai e fillo na devoción
dos católicos uruguaio*

de novembro. De similar época e procedencia é a *Virgen de Itatí* (vila da provincia



San Cono, santo italiano que agromou no Uruguai provinciano

arxentina de Corrientes), que fora traída á recién fundada vila de San Fructuoso (hoxe Tacuarembó), en 1832, e cuxo culto, logo de século e medio de abandono, foi recuperado en 1999, coa instalación da imaxe na tacuarembense Villa Ansina, e celebrada cada novembro, con festa floclórica (gaucha). Para rematarmos coas virxes, temos a *Virgen del Verdún*, instalada no cerro homónimo do

departamento de Lavalleja, visitada masivamente, desde 1902, cada 19 de abril. Moi posterior, de 1947 provén o culto, cada 11 de febreiro, da virxe venerada na “Gruta de Lourdes”, no barrio montevidеоano de Casavalle.

E, xa de cabeza no século XX, está o culto ao *Señor de la Paciencia*, talla peruana do XVIII que é venerada, cada venres, na cripta (de 1900) da capitalina igrexa de San Francisco, en plena Cidade Vella. Como cristiana (de Cristo) é, pola sua banda, antecedente involuntario da papal montevideana, a cruz de 30 metros, ergueita na década de 930 no cerro Pan de Azúcar (400 metros), no departamento de Maldonado, atraínte paraxe que, ao tempo, alberga unha reserva de fauna e flora americanas.

Deixando aos divinos señores, será nos permitido tratar aos santos servidores. Se algunha veneración é masiva no país, é a do mozo italiano San Cono, coa sua capela tamén en Florida, revestindo caracteres desviadamente económicos, pois que está ligado ao xogo da quiniela (nada que ver coa homónima española), apostando os xogadores ao 03 da sua data conmemorativa, o 3 de xuño.

Voltando á capital, en zona céntrica (barrio La Comercial) cadran dous santuarios moi populares aos que acuden os crentes cada 19 de abril e cada 12 de maio, senllas datas dos santos Expedito e Pancracio... como en La Unión se ubica a capela de San Cayetano, visitada masivamente cada 7 de agosto (como o outro Caitano na cidade de Salto)... todo isto sen esquecermos a inminente canonización da beata ítalo-uruguaia M^a Francisca Rubatto (1844-1904), que será así a primeira santa deste país.

Ora, por dedicarlle unhas liñas a Galicia, temos que nos referir a Agó Páez Vilaró, muller polifacética (como filla de Carlos P.V.), que ten demostrado reiterada predilección polo camiño de Santiago, ao punto de escribir “Buscando mi estrella, por el camino de Santiago” (2001), mesmo coa iniciativa de crear un camiño a pé polo interior do Uruguai, e seguida nese afán por seu fillo, Horacio Reyes, que filmou o documental “La creación divina, por los caminos de Santiago” (2019).

Dato *ad hoc*: En 1895, o luxoso vapor “Ciudad de Santander” encallou na illa de Lobos, en fronte de Maldonado, ata acabar afundíndose, tan lentamente que permitíu o salvamento de todos os pasaxeiros e máis da imaxe da Virxe do Carmo que, desde aquela, preside a catedral fernandina.

LXXII. O Río da Prata

A idea para esta crónica éravos outra... mais saíunos ao paso, reclamando o seu protagonismo indiscutíbel, o noso poderoso veciño cotián, o Río da Prata. Entón mergullámonos na súa historia e lenda ata nos empapar de tal xeito de compartírmolas nunha breve viaxata cos lectores que, supostamente, nos seguen aturando.

Nestes anos (2016-2026) deberíamos estar celebrando o quinto centenario do seu nome, por máis que a data do descubrimento destas augas seique foi recuada a comezos desa centuria XVI, a partir de diversas investigacións contemporáneas -entre as cales a do uruguaio Rolando Laguarda Trías (1902-1998)-, que falan, cando non, de avanzadas portuguesas precedendo á presenza española.



Teatro Solís, Montevideo

Ora, o máis divulgado refírese ás tres expedicións clásicas. A primeira (1516) a de Juan Díaz de Solís (sevillano de Lebrija, ou tal vez portugués, c. 1470-1516), que partira de Lepe o ano anterior, descubridor oficial do río -antes de ser morto polos aboríxenes no actual departamento de Colonia- ao cal lle puxo o poético e acaído nome de Mar Dulce,

corrente á que os indíxenas chamaban, con lóxica realista, Paraná Guasú (ver Crónica 2).



Lembran ao lebrixano o teatro Solís, o principal do Uruguai, así como os dous ríos Solís (afluentes do Prata) e máis o balneario ribeirán dese nome e outra vila interior, Solís de Mataojo... sendo, nos anos posteriores ao seu pasamento, batizado río de Solís o propio Mar Dulce.


Catro anos máis tarde (1520), e saídas de Sanlúcar, arribaran a estas costas, co seu cronista Pigafetta, nada menos que as naos do infortunado Fernao de Magalhaes (natural de Ponte da Barca ou do Porto, 1480-1521, com apelido orixinario da Galiza, como o de Camoens –Magaláns, Camos). De tal arribo quedou, como máis duradeira, a pintoresca versión da orixe do nome Montevideo –topónimo aínda hoxe explicado apenas na sua primeira parte: monte-, pondo en boca dun vixía luso o berro: “Monte vi eu!”

Será en 1526 cando o célebre Sebastián Gaboto ou Cabot (cuxa natureza veneciana, 1476-1557, está en discusión, como a xenovesa de Colón), tamén tendo partido de Sanlúcar, asoma o fuciño polo río de Solís que, dados os contos que lle contaron: ditoso Eldorado!- pasou por el a ser chamado Río de la Plata. (De Solís e Gaboto fala Del Barco na sua obra de 1602, segundo nos informara o amigo Xulio Veiga).

O curioso é que daquela Gaboto rescatou a Francisco del Puerto, mozo grumete de Solís que permanecera esa década convivindo cos aboríxenes: qué de historias podería ter contado! Outra curiosidade: antes de don Sebas, saíra da Coruña Diego García (Moguer, 1471-1535), mais, téndose enguedellado un ano na illa brasileira de S. Vicente (Santos), chegou ao noso Prata despois daquel: que andaría a facer o xandasbolas! (Faltou advertir que todas esas empresas marítimas viñan procurando a



comunicación entre o Atlántico e o Pacífico, mesmo esta, sendo como era posterior á descuberta de 1520 do difícil paso meridional, acariñaba atopar outra pasaxe máis doada e máis próxima... co importante obxectivo do Extremo Oriente fornecedor das especias).



Moita contradición nos feitos e nas datas: ollo a 1513!

Unha última reflexión: por que nos quedamos co economicista ou mercantil nome dun río que tivera aquel belo de Mar Dulce? Tanto éxito tivo este topónimo, o único europeo entre os ríos da rexión (Paraná, Uruguai, Paraguai...), que o propio vicerreinado con capital en Buenos Aires chamouse “del Río de la Plata”, e a Arxentina, antes de chamarse así, foi “Provincias Unidas del Río de la Plata”. Hoxe aluden ao noso grande río as arxentinas Mar del Plata e La Plata e a uruguiaia recentemente (2006) rebatizada Ciudad del Plata. Tamén o lembran os dous equipos de fútbol River Plate de ambas beiras... e non nos paramos noutras palabras derivadas (p.e. Platense, Cisplatino).

Nota ad hoc: Así como os uruguaianos son autochamados “orientales” (con respecto ao río Uruguai), ben puideron denominarse “setentrionales” con relación ao río da Prata...

LXXIII. 4 + 4 pintores



Méndez Magariños

Tentaremos dar cumprimento nesta do prometido crónicas atrás, a fuer de profanos na arte pictórica e os seus creadores. Con tal limitación ousaremos traer aquí a catro pintores galegos do Uruguai –todos chegados ao país de nenos- e a outros catro filogalaicos, non sen antes simplemente nomear algún importante escultor como Antonio Pena (e Rego, 1894-1947) de nai e pai galegos.

Melchor Méndez Magariños (Pontevedra, 1885-1945) é, con moito, o máis veterano, morando en Montevideo desde os 4 anos, sen sabermos nada dos seus antecedentes familiares. Formouse en B. Aires e, bolseiro do goberno deste país, seguíu a súa formación en París. Paisaxista representante do planismo uruguaio, expuxo na capital francesa e máis en Baltimore, dedicándose tamén á crítica de arte. Como muralista ten obra no porteño Teatro Colón e na catedral montevidéana e como gravador ilustrou varios libros e revistas.

Na xeración seguinte temos a Manuel Pailós (e Blanco, co apelido malacentuado, Corme, 1914-2004), seica arribado tamén aos 4 anos. Alumno destacado de Torres García, é un dos máximos representantes do construtivismo. Mesmo escultor galardoado en 1968, foi homenaxeado con senllas exposicións en Montevideo (1986) e Compostela (1991).



Norberto Berdía

Á mesma xeración pertencen os dous que seguen. Leopoldo Nóvoa (e García,




*Pailós nunha rua da Cidade
Vella montevideana*

Salcedo-Pontevedra, 1919- 2012) é un noso ben coñecido polo seu universalismo e por nunca ter deixado de todo a Galiza natal, que aínda abandonou en 1938, para se radicar en Montevideo. Fillo do cónsul Edmundo (Crónica 30) e pai e abó dos cineastas Joselo Nóvoa (“Sicario”, “Un lugar lejano”...) e Joel Nóvoa, estimamos innecesario relacionar a súa obra como pintor, caricaturista (militante antifranquista, acarón de L. Seoane), muralista ou escultor en ambas as beiras do Atlántico, finalmente compartindo vivencia entre París –o incendio de 1979!- e Armenteira, homenaxeado en Pontevedra (1996).

O outro é Manuel Otero (e Silva, nado non lonxe da Armenteira de Nóvoa, Xuviño-Combarro-Poio, 1921-2003), en Montevideo desde 1927, un máis a participar no obradoiro Torres García, pintor, gravador, escultor, ceramista, ferreiro, autor dos murais do grande Hospital de Clínicas, viaxou por América e Europa, tendo merecido importante mostra antolóxica en Pontevedra, 2001.

Apenas un pantallazo para os anunciados catro artistas plásticos de xinea galega. O máis recuado ancestralmente (como tataraneto dun Fonseca de Cangas), é o benxamín deste grupo. Gonzalo Fonseca (e Muñoz, 1922-1997) ven sendo considerado o artista uruguaio máis internacional da segunda metade do pasado século:



Washington Barcala

pintor, escultor, ceramista e ata arqueólogo e recorrente viaxeiro que acabou radicándose en USA, sendo pai da escritora Isabel

Fonseca Kaplan –casada co escritor británico Martin Amis, residentes alternativos no Uruguai- e dos pintores Bruno e Caio, todos ianquis.



*Fonseca: Torre de los Vientos,
Ciudad de México*

Outro descendente, este neto de Carlos de Castro (Crónica 28) e fillo do xenial pintor Pedro Figari, foi Juan Carlos Figari (e Castro, 1893-1927), arquitecto e malogrado pintor finado en París.

Algo posterior (1900-1983) é Norberto Berdía, confrontador das ideas estéticas do “chefe” Torres García, con viaxes a Europa e América (e radicación

temporal en México), foi multipremiado. (Non cremos fose descendente do médico galego Manuel Verdía, actuante no período colonial e poscolonial uruguaio).

Fillo de galego era Washington Barcala (e Marzadri, 1913 ou 1920-1993), tamén premiado abondo e residente (desde 1974) en Madrid, téndose antes formado en París, con obra moi creativa con selo propio.

Dato extemporáneo: O noso toxo dáse neste país, introducido quen sabe cando e por quen, tal vez por galegos, utilizado nun principio como contedor das areas, en combinación cos piñeiros, hai datos de Atlántida (1911) e doutros núcleos do interior, mesmo estando presente na beiramar montevideana... mais, posteriormente, tendo sido calificado de praga.

LXXIV. Dixeron sobre Montevideo...

Outra volta (ver Crón. 13) é o meu curmán Un quen vai cobrar esta, dado que é el quen a fai, seleccionou e traduciu a estoutros estranxeiros -a maioría do século pasado,



Albert Einstein e Carlos Vaz Ferreira, nunha praza montevideana.

dous deles coruñeses-, a opinaren, máis ou menos con xeito, do que lles parecêu esta cidade, moitas das veces estendendo esa opinión ao país todo... sen chegar a coñecelo. As versións galegas ben puideron evitarse pondo as citas no español orixinal, mais eu insistínlle ao Un que, por se trataren de

frases soltas e non de textos literarios acabados, non ía sufrir perda a fasquía estética dos autores nestes textos breves e nada significativos na súa obra. Excepción feita do “nica” don Darío, cuxo sonoro soneto fora pecadento traducir.

E, por riba, os restantes, sen dúbida, a gozaren así o privilexio, nunca por eles soñado, de ser versionados na nosa lingua. Outros numerosos houbo –Madariaga, Blanco-Amor, Lorca...- dos que Un non ten textos a man e xa lle puxen pena para os procurar.

“Non fagamos caso dos que califican Montevideo como unha cidade “griste”, a combinaren o tristón co grisallo. Será que non souberon disfrutar da súa bahía, que se abre ao xigantesco Rio da Prata, das suas praias de auga



Este filósofo uruguaio era neto dunha Freire de Andrade... brasileira... a bó entendedor...

doce, das suas librarías, das suas *parrillas* e o seu arsenal de lugares *retro* que lle outorgan identidade a esta cidade que decidiu non ter presa.” (Mercedes Cebrián, 2010).

“Unha tentadora visita a Montevideo sería a estritamente literaria, xustificada polo feito de que o Uruguai, un país de tres millóns e pico de habitantes, é, xunto con Irlanda, o que, no mundo todo, máis escritores ten producido por metro cadrado.” (Vicente Molina Foix, 2010).

“Cando nos vimos as caras pola primeira volta [1969], Montevideo, verdeabas polos catro puntos cardinais, e as rapazas se volcaban a dormiren na relva do parque Rodó. Gostei de ti desde o primeiro momento, mais foi despóis cando me namorei. Foi cando te exiliaron e te viñeches para a miña casa co posto. Aí, ollada tristeira, soños tortos, carnes torturadas; aí te coñecín, Montevideo, aí te sentín como algo meu, e aí foi que nos xuramos amor eterno.” (Joan Manuel Serrat, c. 2007).

“Montevideo ten algo do sixiloso cosmopolitismo de Lisboa e tamén ese ponto de desgaste de capital antiga, xunto ao gran estuario dun río que é xa case o mar.” (Antonio Muñoz Molina, 1996).

“Nas ruas de Montevideo, unha bela cidade, segue habendo, por fortuna, árbores: as grandes avenidas e as suas transversais adovíanse co único que pode alegrar a desolación do asfalto, do cemento e da pedra. Por outra banda, prodíganse os monumentos escultóricos que, amáis de lembraren feitos e persoeiros, son motivos ornamentais.” (Ramón Patiño, 1971).

“Despóis de saborear a doce e desolada nostalxia de Montevideo...” (María Casares, nalgunha das suas dúas presenzas, 1957 ou 1974).

“No Uruguai atopei unha cordialidade auténtica, como poucas veces na miña vida. Encontrei amor á terra propia, sen o menor delirio de grandeza. Que o díaño leve aos grandes estados coas suas obsesións: eu os dividiría a todos en máis pequenos, se tivese o poder para iso.” (Albert Einstein, 1925).

“Montevideo. O ceo esplendoroso, cunha nitidez patética, moi rara en América: un ceo nada indio, máis ben clásico, mediterráneo. Paseei polo parque, abandonado e provincial...”. (José Ortega y Gasset, 1917).


“Outro engado máis que me fai singularmente simpática esta cidade [Montevideo] é a de aparentar unha reprodución, en tamaño seis veces maior e en edición correxida e aumentada, da miña cidade natal [Coruña]. Ambas son penínsulas e ás dúas as arrola o mar... cando non as azouta.” (Adolfo Rey, 2014).

“Montevideo, copa de plata/ llena de encantos y de primores/ flor de ciudades, ciudad de flores/de cielos mágicos y tierra grata;/tus bravos héroes la Historia acata,/fervientes líricos dieron loores/a los centauros y a los pastores/cuyas proezas recuerda el Plata./Y ese tesoro de ritmo y gracia,/ rosas del pueblo o aristocracia/que en tus mujeres divinas veo;/¡son con tus almas de poesía/de tu corona la pedrería,/maravillosa Montevideo!” (Rubén Darío, 1912).

Con esta poética cita máis que centenaria, meu curmán deu por finalizado o seu labor e eu feliciteime de vacacionar por esta crónica...

Anécdota extemporánea: Otero Pedrayo estivo por dúas veces nesta cidade (1947 e 1959). Nunha delas, por desencontro cos anfitrións no aeroporto, veuse forzado a dirixirse ao hotel céntrico pola súa conta. En achegándose ao *Centro Gallego*, de absoluto incógnito, preguntoulle ao porteiro: “Buen hombre, ¿es aquí donde va a hablar esta noche un profesor gallego?” Ao que o retranqueiro do home bó respostoulle: “Bóh... aquí falan tantos!”...

LXXV. Dous galegos “realistas”



Autor: Fernando Aguerre Core

De “realistas” ou “godos” falaban os “patriotas” ou “insurxentes” para se referir a aqueles españois que, no tempo emancipador, ficaban fieis á coroa, atopándoos non só no ámbito militar, senon en calquera outra actividade, particularmente comercial ou pecuaria; na colectividade galega houbo algún fidalgo, como Antonio Baltasar Pérez e Rodríguez del

Villar (de Seavia-Coristanco, 1756), que se aderíu axiña ao movemento independentista, contrariamente a un “realista” de extracción campesina, cal foi Roque Antonio Gómez Pérez (de Tarela-Queiruga-Porto do Son, 1767)... Entre varios, entón, escollemos dous como foron Pampillo e Chaín.

Benito Chaín Fernández (Lua-Valonga-Pol, 1762), emigrado mozote, incorporouse cedo á milicia colonial a combater os indíxenas indomábeis, inimigos dos terratenentes, terratenente el mesmo. No seu currículum compre salientar a participación, como capitán de cabalaría, na derrota dos invasores ingleses de Buenos Aires (1807). Chegado 1811, casado e instalado cos seus en Montevideo, asiste ao sitio da capital polos patriotas, chegando a elaborar un plan contrarrevolucionario que non foi aceptado, e tendo el si que



*Joaquín de la Sagra y
Pérez coa filla Ramona*

aceptar a entrega da breve capital do vicerreinado –como último reduto hispano no Rio da Prata, xa liberada B. Aires desde 1810- ás forzas independentistas (1814, asinándose a capitulación, precisamente na casa daquel Pérez citado máis enriba).

Daí en diante voltou definitivamente a España, onde morrerá, en Medinasidonia, 1831, a un ano da fundación da república uruguaiana: deixara aquí toda a familia (¿!) –sua muller, Juana Troitiño, era filla de pai de Sarandón-Vedra-, con descendencia ata hoxe e cun estendido apelido que os montevidEOSanos se empeñan en acentuar Cháin!

Deixando de lado a outros “leais” –tal o caso do tamén *estanciero* Pedro Manuel García Rodiz, de Sorrizo-Arteixo, 1755-, temos que, vinte anos máis novo que Chaín, e tamén da zona luguesa (Piñeiro-A Pastoriza, 1782), foi Bernardo Pampillo Teijeiro, emigrado, con vinte anos, a Buenos Aires, onde, co grao de capitán, coincide con aquel na defensa da capital do vicerreinado. (Este Bernardo era curmán do célebre Xral. José Ramón Rodil Pampillo, Trobo-Begonte, 1789-1853, louvado por Bolívar cando o derrotou).

1811 píllao xa en Montevideo, co grao de tenente coronel, e protagonizando unha acción pola que, sobrepóndose ao seu



Así o plasmou Diógenes Héquet (1866-1902)

positivo accionar anterior, pasou á Historia miúda desta nación. A exemplo do que, séculos máis tarde, sería norma de parte da cregaxe galega, os eclesiásticos (curas, frades) da daquela posesión española norplatense, neste caso maioritariamente, uníronse e mesmo encabezaron por veces a causa antiimperialista. Tales eran os franciscanos do convento montevidEOano e iso non podía ser tolerado polo gobernador (e futuro efímero vicerrei) Elío, de tal xeito que delegou en Pampillo a expulsión dos frades da praza xa sitiada; ficou

famosa a frase (disque apócrifa) do galego: -“¡Váyanse con sus amigos los gauchos!” dita con nocturnidade e alevosía.

Morrerá Pampillo en 1854, deixando á posteridade algo ben máis memorábel para o devir nacional, cal foi seu fillo José Ramón Pampillo y Novás (1834-1894), primeiro taquígrafo no Parlamento uruguaio.

Tamén facemos omisión doutro “realista” sonado, o noso ben coñecido Joaquín de la Sagra y Périz (Coruña, 1784), que, unha vez declarada a República, pasa a ser figura indispensábel na vida pública do nacente país (Cróns. 6 e 28).

Pampillo e Chaín, ambos defenderon a coroa borbónica por dúas veces: contra os ingleses e contra os crioulos independentistas: gañaron aos primeiros, perderon cos segundos... vindo a daren nos “malos da película”.

Frase extemporánea: “Dícese que o Uruguai e a Arxentina están separados por un río, o río Uruguai, e unidos polo idioma. Co Brasil úneo o territorio, e o separa o idioma. Mais o conto non vos é tan simple.” (Traducido de Mario Delgado Aparáin, escritor uruguaio contemporáneo).

LXXVI. 4 mulleres 4

Estoutro Día da Muller fíxome facer unha listaxe das uruguaias fillas, netas ou descendentes de galegos que alcanzaron sona por calquera motivo: dei cun número raiano na cincuentena! Dese guarismo vou hoxe espigar ao chou catro, apenas catro. e non as máis importantes, tal vez si as máis *xornalísticas* ou *resultonas*. Duas do século XIX, duas do XX, estas aínda entre nós*.



Petrona Rosende Jordán (Petrona Rosende de la Sierra, 1787-1863) foi mestra, poeta e xornalista. Filla de Manuel (de Sales-Vedra) e de Rita (da Coruña, esta filla dun Giordano napolitano), casou co revolucionario José Agustín de la Sierra e, cando a dominación brasileira, houberon de exiliarse en Buenos Aires. Alí ela editou ata 18 números da revista “La Aljaba” (1830-1831), tribuna do seu pioneiro pensamento feminista, sendo considerada a primeira xornalista muller arxentina.

Como poeta, inda que de parco nivel, foi a primeira verseadora uruguaia do seu sexo, merecendo ser chamada “La Safo oriental”, con poemas de corte patriótico que a levaron a ser incluída en “El Parnaso oriental. Guirnalda poética de la República Uruguaya” (1835-1837), primeira antoloxia lírica deste país, publicada en B. Aires por Luciano Lira (con toda probabilidade outro galego oriundo). Mestra



*Carlota Ferreira, de Regúnaga,
por Blanes*



Nelly Grandal e seu home José Scheps


antes, tornou a selo á volta do exilio, morrendo, moitos anos despóis, viuva e pobre e precedéndoa dous fillos caídos nas guerras dese tempo.

Carlota Ferreira (c. 1838-post. 1908), filla de solteira, foi documentada como filla de seu abó materno, o pulpeiro Benito Ferreira Mouriño –de Paradela de Meis ou da Estrada-, recurso non infrecuente na época. (Ollo ao cambio no apelido). Muller multibiografiada e non de todo desvelada, da que se ignoran mesmo as datas vitais, libre ata o amoralismo, se aproveitando de certos homes para medrar social e económicamente.

Cun par de matrimonios aristocráticos (o primeiro co ministro Regúnaga, do que ficou descendencia), foi, viuva e cuarentona, modelo e amante do *pintor nacional*, Juan Manuel Blanes (1830-1901), sendo o seu retrato (1883), que a inmortalizou para sempre, un dos cumes da pintura clásica uruguaia, ao tempo de non ser quen de nos explicar onde residiría esa atracción fatal que exercía no sexo masculino.

Nelly Grandal Correa (Rocha, 1918) é a máis vella das sete “Viejas bravas”, volume de autoría colectiva, entrevistada que foi por Virginia Arlington cando contaba 98 anos. Filla de Juan José Grandal, chegado aquí aos 14, pertencéu ás primeiras xeracións uruguaias de mulleres arquitectas. Casada cun colega de profesión, instalaron un estudo do que saíron obras audaciosas e creativas. Aí vai unha anécdota que a retrata.

“A construción do laboratorio ficaba no Cerro [ela era novata] e chovía a cachón. Superado o estupor de ter que darlle contas a unha muller e, por riba, moza, o capataz escoitou as miñas observacións negativas, e así que virei cara ao coche, espetoulle aos operarios: “¡Me va a enseñar ésta a mí!” Ao que eu, xuntando forzas de



fraqueza, volteime e díxenlle que si, que lle ia ensinar.... E xa deixando a obra, percorrín entre a lama, tremendo, os 50 metros máis longos da miña vida”.


Poeta (e nai de poeta), narradora e historiadora, Ma. Amelia Díaz de Guerra (Maruja Díaz, 1924), é actualmente máis coñecida pola súa clásica “Historia de Maldonado”. Filla de Juan Díaz González, de Sirgueiros-O Incio, ven sendo sobriña de Manuel Díaz, “O Pequeno do Incio”, médico dos pobres e alcalde, asasinado polos falanxistas. Hai algún tempo deime o gosto de lle achegar a Maruja o libro d’O Castro a el dedicado.

Frase extemporánea: Uruguai, única oficina do mundo que alcanzou categoría de república (facendo referencia ao peso da burocracia oficial). (Mario Benedetti).

** No decorrer deste ano 2020 morre Maruja Díaz*

LXXVII. Apelidos galegos? e apelidos galegos!


Co irevir milenario das xentes, os seus apelidos vaneveñen adaptándose polas boas ou polas malas ao país de turno: é unha ben coñecida realidade a flutuación dos nomes de familia cando ingresan en territorios de linguas diferentes á nativa, no noso caso o galego-portugués, e isto agudízase cando o idioma do país receptor ten por norma proceder a tal



Fructuoso Rivera (fillo de Perafán de la Ribera)

adaptación, en aras da súa posición dominante e un chisco xenófoba –sen sábelo. E mirade que isto vai con todos: os portugueses tamén amañaron para si os castellanos Sarmiento, Albuquerque ou Mendoza (inda que este teña orixe euskera), en Sarmento, Albuquerque e Mendonça, e moitos outros... do mesmo xeito, contrariamente, que Magalhaes ou Da Silva [Velásquez] foron castellanizados.

Esa *tradución* para o español, típicamente decimonónica e aínda anterior, podémola ver aí mesmo, na Enciclopedia Espasa (xigante, paradigma de dicionarios e espello dos costumes da súa época), na súa versión dos nomes de pia, non tan grave



Cornelio Saavedra

como sería a dos apelidos, cos que nunca se atreveron estes documentos informativos, así: Guillermo Shakespeare, Juan Bautista Poquelin ou Gabriel D'Annunzio...

Todo isto ven a conto dun par de apelidos ancestralmente nosos que hoxe en día non semellan tal.

Vede aí o Perafán de la Ribera e o Maldonado.

Con todo o lexendario que aniña nas informacións antigas, e, portanto, collido con pinzas, aí temos que os vellos cronistas nobiliarios españois, moi anteriores ao ignorante



Alejandro Magariños Cervantes
(1825-1893)

desprezo que atacou Galiza desde o *século de ouro* (ver, p.e., Góngora) e despois, recoñeceron a raíz galega de moitos dos apelidos florecidos en Castela.

Así, de Maldonado din ser “de orixe galega, procedendo da liñaxe de Aldana, na persoa de Hernán (ou Fernán?) Pérez de Aldana, no século XII... quen trocou o apelido tras facerlle unha petición ao rei, que este lle concedeu de mala gana” (maldoouna)... Si, xa sei que parece conto de

vellas, mais vou ao feito de un xenealoxista castellano de antano recoñecer a galeguidade dunha liñaxe nobiliaria, non facendo máis que xustiza, poisque era pan de cada día, desde os longos tempos da chamada Reconquista. Pola nosa parte, temos o dato da relación de Maldonado con Aldao, e este saído do topónimo Aldán (o Aldana de máis enriba).

Por outra banda, fontes tamén vellas dan Ribera como “liñaxe nobre do reino de Galicia, algún de cuxos membros usaron o apelido composto Afán de Ribera, en aludindo a María Afán, aboa de Perafán de Ribera, primeiro “adelantado” de Andalucía (sepultado en Sevilla, 1410)... engadindo nós que Fr. José Crespo Pozo aporta a versión Perafán da Ribeira, en referencia á ribeira do Limia. (O primeiro presidente do Uruguai -1830-1834-, Fructuoso Rivera era fillo dun Perafán de Ribera, arxentino de orixe hispana).

Andaluces foron os Saavedra e os Magariños que a estas Américas meridionais viñeron. O patriota, de orixe boliviana, Cornelio Saavedra (1761-1829), que presidíu a *Junta de Mayo* porteña, neto dun sevillano de Utrera, ten abonda descendencia en ambas as ribeiras do Prata.

O chamado no seu tempo “rey chiquito”, o gaditano Mateo Magariños (1765-1838), avogado e opulento comerciante, un outro que (Crón. 75) abandonou Montevideo cando a súa caída en mans dos crioulos, deixou no futuro Uruguai numerosas e destacadas

xeracións (Cróns, 21, 62). O seu descendente contemporáneo, outro Mateo Magariños, dicía saber que, en recuando, a familia procedía de Padrón.

Anécdota literaria (o uruguaio contra o galego). Nos anos 80, Camilo J. Cela burlouse dos novéis escritores Llamazares e Muñoz Molina. Onetti púxose de parte destes e desafiou Cela coa súa abafante ironía, pois este era para el a metáfora do que nunca queredía ser, dedicándose, en solitario, a abaixar o padronés da súa peaña.

LXXVIII. Intelectuais e artistas españois por Montevideo



Iparraguirre en Gernika

Para que non digades que me paso mirando para o embigo, ben que sexa o embigo colectivo, hoxe vouvos levar nunha rauda viaxe polos persoeiros españois, fora os galegos, que moraron en Montevideo, máis ou menos tempo, deixando a súa pegada e levando con eles o regusto da vida amábel que aquí, maiormente exiliados, puderon gozar. (Outros houbo – p.e., Xirgu, Mora Guarnido...- que acabaron se radicando no país e, por tanto, non serán traídos a estas incompletas páxinas).

O máis antigo que nos aflora é o músico, poeta e aventureiro basco José Ma. de Iparraguirre (Urretxu, Gipuzkoa, 1820-1881). M. Santos Pérez dános miúda información sobre o autor do *Gernikako Arbola* (1853), que veu dar, recén casado en B. Aires (1859), ao departamento de Soriano, canda o seu curmán o gran terratenente Domingo Ordoñana Iparraguirre, despois de varios exilios provocados pola súa condición de carlista. Desde ahí ata 1877 morou en diferentes lugares, traballando no que podía para manter unha familia de oito fillos... o cal non foi óbice para que voltase daquela a Euzkadi, so pretexto de loitar polos *fueros*... deixando nestas terras muller e prole!

Outra de novelesca vida que pasou polo país, no período 1923-1933, foi Mercedes Pinto (La Laguna-Tenerife, 1883-1976), data aquela na que debéu exiliarse a raíz dunha súa conferencia en Madrid sobre o divorcio, escollendo o Uruguai, onde desenvolveu unha intensísima e revulsiva actividade pública. É bó citar algo que escribiu sobre nós (traducimos): “A emigración máis numerosa aquí é a galega, sendo a súa rexión a que



con máis forza se arraíza no corazón dos seus fillos: o galego é o máis patriota a respecto da súa pequena patria, o máis namorado da súa rexión”.

Algo máis tarde, a estadía de José Bergamín en Montevideo (Madrid, 1895-1983) xa é lexendaria: 1945 a 1954 son anos de froitosa creación deste intelectual de primeira fila. (O noso Roxelio Martínez Barreiro (de Cesantes-Redondela, 1923-2014), a quen alguén chamou “o último republicano español do Uruguai”, autodidacta como

era, compilou e editou boa parte dos escritos uruguaios de Pinto e Bergamín).

Cadrando os últimos anos con el, mais chegado moito antes, residíu aquí o escultor Pablo Serrano (Crivillén-Teruel, 1908-1985), que pasou, entre B. Aires e Montevideo, 25 anos da súa vida (1929-1955), sendo multipremiado e con obra en varios países de América, e numerosa aquí, onde podemos citar, entre outros, as monumentais portas en caoba do *Palacio de la Luz*.

E como obviar a Rafael Alberti quen, con M^a Teresa León e a filla Aitana, morou en Punta del Este, veráns da década do 1940, que esta lembra con nostalgia da súa nenez.



Pablo Serrano diante do seu Antonio Machado

Editor importante foi Benito Milla (Villena-Alacant, 1918-1987, quen residíu en Montevideo, outro exiliado, no período 1951-1967, ao promediar o cal (1958) fundou, coa poeta Nancy Bacelo, a *Feria Nacional de Libros y Grabados*, aínda hoxe actuante.

Máis modernamente, compre citarmos a José Estruch (Alacant, 1916-1990), o ben coñecido director e docente teatral, fillo do cónsul uruguaio naquela cidade, con grande actividade na súa residencia entre 1950 e 1968.

Finalmente fechamos esta relación co cidadán legal uruguaio Fernando Aínsa (Palma de Mallorca, 1937-2019), ensaísta importante, chegado adolescente coa súa exiliada familia (1951) e novamente exiliado da ditadura uruguaia (1973) a Europa, para non voltar máis: a Academia Nacional de Letras, da que era corresponsal, dedícalle a parte final da súa recente revista.

Que pléiade de figuras deambulando por aquel Montevideo, nonsí?


Nota humorística: “Chamarse un país *República Oriental del Uruguay* (oriental é unha referencia, Uruguai un río, república un xénero) é tanto como se, esvaída a palabra España, esa nación pasase a coñecerse como *Reino Meridional del Pirineo*” (Manuel Flores Mora, uruguaio).

LXXIX. Os uruguaioes escriben sobre Galicia III. E desde Compostela

Coa licencia do chefe do blog e de min propio, vou, por esta vez, botar man da lingua do imperio por ser absolutamente fiel ao estilo literario do uruguaio Gustavo Gallinal (1889-1951) que, reflexo da súa viaxe de 1912, publicou (Barcelona, 1914) “Tierra española”, parcialmente reeditado en 1967. No capítulo (afortunadamente escolmado na reedición, que me emprestou meu curmán) “Santiago de Compostela”, fai unha serie de reflexións moi agudas, máis para un mozo de 22 anos. (Mozo que, por certo, de familia empoleirada e de orixe astur, levaba o noso apelido Conlazo –variante arcaica de Colazo/Collazo- en terceiro lugar, por




*Gustavo Gallinal por
Fernando Fraga*



Arteixo, apelido hoxe extinto aí que aínda se dá aquí). Velaivái!

“En [as poesías de Rosalía dáse] como nota predominante, la suavidad del pensamiento y la expresión, suavidad que acaso exageramos nosotros engañados por el contraste de los arrastrados acentos de la lengua gallega con los breves y secos de nuestra habla castellana... Versos en que el pensamiento perenne de las miserias de su pueblo y de los propios dolores del poeta no revisten la forma común

de la queja, pero cuaja en duras estrofas como las del ‘¿Por qué?’ [“Follas novas”], de cortantes aristas de piedra.”



“Si no vienen [a Santiago] tantas peregrinaciones extranjeras como antes, salen [de España], en cambio, largas romerías de españoles que se van; en Galicia, particularmente, la cifra de la emigración es formidable: hablan los periódicos de 8.800 personas que en tres días han tomado pasaje en Vigo con destino a América... [así] durante mucho tiempo habrá razón para que la literatura regional, en íntimo contacto con el alma del pueblo, tenga como tema favorito no sólo las incertidumbres y tristezas de los que dejan su tierra, sino también el desamparo de los que quedan, de las familias deshechas, de las madres y las esposas abandonadas: por eso sospecho es popular [aquí] la Virgen de la Soledad.”

“Parece que lo que la piedad popular siente aquí y comprende mejor del cristianismo es la santificación del dolor y de la muerte: [por eso] esos grupos lastimosos de las capillas callejeras, envueltos en llamas pintadas muy al vivo por inhábiles pinceles, ante los cuales ponen los campesinos espigas de maíz... que el historiador Murguía atribuye a la supervivencia de olvidados mitos y creencias celtas.”

“La Galicia del siglo XII, en cuyos horizontes despuntaba una espléndida aurora, se complació en las escenas de glorificación que esculpió el maestro Mateo; la Galicia de hoy, la de las negras miserias, despoblada por las emigraciones, incapaz de alimentar a sus hijos, reza ante los altares de las ánimas y las vírgenes dolorosas de sus iglesias y de sus caminos.”

Mesmo con 22 anos (e catro anos antes, 1908), o primeiro Castelao preocúpase polo tema da emigración no seu “La vuelta del Che” (volta evidentemente desde un dos dous países do Prata). Non achades fascinante que un estranxeiro, de berce de ouro e

precoz bagaxe cultural –xa albiscado o futuro home público que foi-, interpretase e expresase tan certaíra como concisamente, en apenas unha ollada de viaxeiro, a realidade galega do tempo?

Frase extemporánea (traducimos): “Finlandia, Noruega e Suíza, en Europa, e o Uruguay, en América, son casos que fan pensar en que, se cadra, para estar ben rexidos, sexa recomendable non chegar nunca á elefantíase dos pobos”. (W. Fernández Flórez, *La conquista del horizonte*, 1942). (Coincidente co Einstein da nosa crónica 74).


LXXX. Dous cregos de antano

O primeiro é un case seguro galego - español di a Historia- dado o seu apelido bergantiñán: Frei Domingo Rama, mercedario, nado por 1776 e morto en 1844. En 1818 foi nomeado cura párroco de Colonia del Sacramento, onde ficará de por vida. O ano 1823, a pólvora depositada embaixo da sancristía en tempos dos portugueses explota, deixando o templo en ruínas.



O noso crego encárgase, con feliz final, de reconstruir a igrexa, segundo consta na sua lápida sepulcral, o que o califica como verdadeiro edificador do santuario que hoxe poden contemplar os numerosos turistas que acuden a esta pequena cidade con importantes testemuñas do seu pasado portugués e español. Pouco máis sabemos da

esforzada traxectoria deste relixioso.



Amenedo y sus fieles, reza o subtítulo de Brenda Pagola

Galego de nación era Manuel de Amenedo Montenegro (1756-1829), nado en Cullergondo-Abegondo, de familia fidalga, e chegado ao Prata co bispo galego Malvar, nunha das expedicións para a Patagonia (1778), sendo destinado á recién creada freguesía de San Carlos de Maldonado (1781). Del fica hoxe o templo da vila, de 1801.

Fundada que foi a cidade de Rocha (1792), don Manuel é nomeado tamén párroco da sua igrexa (1794), viceparroquia da de S. Carlos, distantes 70 quilómetros

entre si, e hoxe pertencentes a dous departamentos limítrofes. Case medio século, ata o seu pasamento, será, pois, cura de San Carlos.

A este home rexo tocoulle participar en dous feitos relevantes do seu tempo: un, o cuidado dos feridos da invasión inglesa de 1807, no que viu seriamente perxudicada a súa saúde. O outro, a revolución independentista, seguindo a pauta da maior parte do clero da época (ver Crón.75), ao se unir ao movemento, mesmo aportando económicamente e solicitando afervoadamente para si, ata conseguila, a cidadanía das Provincias Unidas del Río de la Plata (esta Banda Oriental incluída).


Dous tratamentos desparellos, non desesperamos de algún día saber algo máis de Frei Rama: a vigorosa personalidade de Amenedo, da que apenas demos unha pincelada, xustifica esta primacía informativa.

(Outros curas houbo, segundo fica dito, que se uniron ao movemento revolucionario, mais estes non galegos, apenas fillos: Lamas, Barreiro, Monterroso -nulo parentesco cun outro M. que anda por aquí-, ... son apelidos ben indicativos desa súa orixe).

Sobre a traicioeira condición do Río da Prata (traducimos): “O seu verdadeiro feitío imita moito o do escorpión coas baías de San Borombón (Arxentina) e Montevideo (Uruguai) a formaren as pinzas e o tramo final do río Uruguai a formar a cauda.” (Juan José Saer, *El río sin orillas*, 1991).

LXXXI. Presidentes: 11 + 3 non dá 14

Non digo nada novo se afirmo que ser presidente dun país é a maior honra que pode ostentar o cidadán dun estado democrático, poisque ven a significar que foi elixido pola maioría dos seus concidadáns: moi outra lexitimidade ten un monarca, que sai rei polo simple dereito de sucesión. Claro é que tamén hai presidentes de toda caste e mesmo algúns que representan auténticas dinastías... ao millor estilo monárquico. Mais este non é o caso.



Por iso a nosa lembranza de hoxe para aqueles uruguaaios fillos ou netos de galego ou galega, que chegaron a detentar a primeira maxistratura deste país. E faremos dúas excepcións, que son tres: a do recién chegado presidente Luis Lacalle (fillo) (2020-2025) –por non ficar claro que fose coruñés o tatarabó Carlos Lacalle de seu pai, Luis Lacalle (pai) (presidente 1990-1995)- e a do seu antecesor no cargo, Tabaré Vázquez (2005-2010 e 2015-2020), por xa termos falado del (Crón. 58).



Daquela, faremos o percorrido cara atrás, só indicando o correspondente período de goberno de cada un. Así topamos co presidente Xeneral Óscar Diego Gestido Pose (apenas 9 meses de 1967, por morte no cargo), fillo de galegos, o pai de Cangas de Morrazo, onde se concentra dito apelido.

Outro militar presidente foi o Xral. Arquitecto Alfredo Baldomir (1938-1942), fillo do coruñés Francisco e sobriño do mestre José Baldomir, quen foi o primeiro mandatario electo co voto feminino, recién conquistado. (Teríamos que computar un ano máis en que



Gabriel Antonio
Pereira

exercéu *de facto*). De Claudio Williman, presidente (1907-1911) tamén temos tratado (Crónica 44).

Julio Herrera y Obes Martínez foi un destacable presidente (1890-1894) –con dicir que morreu pobre abonda, nonsí?-, pertencente a unha familia *patricia* –tío dos tres curmáns famosos:

Julio Herrera y Reissig, poeta, Ernesto Herrera, dramaturgo e Carlos

María Herrera, pintor-, era neto de Juan Francisco Martínez Moldes,

vigués de Cabral, gran comerciante en Buenos Aires. D. Julio mesmo pasou á historia polo seu romance eterno coa moza Elvira Reyes del Villar (neta ela mesma doutro galego, o médico Pedro Antonio del Villar, de Filgueira-Creciente, aquí instalado), mortos solteiros os dous.

Caso non menos pintoresco é o de Francisco Antonino Vidal, médico, que ocupou cinco veces a escorregadiza presidencia, entre os anos 1879 e 1886... neto de Blas Vidal e Pascuala Gosende, dos Ánxeles-Brión. (Xusto é recoñecer que nesa época o voto cidadán estaba abondo limitado). Pedro José Varela, un breve presidente non moi valorado (1875-1876), era neto dun tal Pedro Varela, *español*. Pero máis breve foi Tomás Villalba, fillo do galego Antonio Villalba Coba: apenas días de 1865!


Importante, en troque, foi Gabriel Antonio Pereira (1856-1860), fillo do fidalgo coruñés Antonio Pereira Moscoso (Crónica 28).

Para compensar tanta xeira democrática, aí temos o chamado período militarista (1876-1890), detentada a presidencia da República por senllos ditadores (con algún breve lapso constitucional): Lorenzo Latorre, fillo do galego Lorenzo da Torre Insua, en cuxo mandato houbo destacados avances; Máximo Santos, moi amigo do luxo –chamado o *pequeno Napoleón III*, Crón. 39-, fillo do probabelmente ferrolterrán Bartolomé dos Santos Seijas; e Máximo Tajes, neto de Juan de Tajes, de Ponte do Porto-Camariñas (Crón. 9).

Unha de fútbol: Consultado o escocés John Harley (1886-1960), radicado no país, un dos iniciadores deste deporte aquí, sobre o motivo dos triunfos *celestes* (1924, 1928, 1930), dixo que “os uruguaiois naceron para o football” e esas vitorias baseáronse “na táctica, porque posúen a axilidade precisa e a inciativa oportuna; o xogo deles é elegante e alegre, carece de violencia, que é innecesaria, pois fanse máis *goals* coa abelencia que coa forza.”

LXXXII. Castelao e o Uruguai

Así se intitula, só que en español, o libro que o Prof. Zubillaga, co subtítulo “Etapas



de una relación entrañable”, publicou baixo o patrocinio da *Universidad de la República* e a Xunta de Galicia, en 2004 (ver Crón. 21), onde recolle, en 165 páxinas, os principais eventos do Guieiro en terras *orientales*, no período 1940-1948, eficazmente resumidos en seis páxinas de “Cronología”, e complementados cun “Apéndice documental” doutras 60 páxinas e outras 33 de ilustracións do máximo interese.

Non foi esta a primeira vez que o intelectual

uruguaio (con raíces maternas en terras de Ribadeo)

abordou a figura do rianxeiro: o Patronato da Cultura Galega, entre as suas duas ducias de publicacións, antes de “Castelao: prosa do exilio” (1976, do porteño-galaico Ricardo Palmás -1940-1996), tirara do prelo “El problema nacional de Galicia” (1974), asinado por Zubillaga, con numerosas e esperables referencias a Castelao.

Dos seus continuos arribos a Montevideo –desde Europa e América e, particularmente, desde Buenos Aires- poderíamos destacar, pola sua maior duración, catro estadias de Castelao en terras uruguaias:

1.Quince días de decembro de 1940: fala pola radio “Ariel” en tres ocasións (duas delas reproducidas no Apéndice) e dicta unha conferencia en Casa de Galicia.

2.Cinco días de abril de 1943, co obxecto de participar no magno acto de lembranza do 14 de abril de 1931, que ten lugar no Estadio Centenario (ver cartaz enriba, non

incluído no libro de Zubillaga) e no que interveñen, ante máis de 50.000 asistentes, Barcia, Miaja e Mz. Barrio (polos republicanos españois), Aldasoro, Serra e Castelao (polas súas tres nacións) e Batlle Berres (futuro presidente da República), Frugoni (presidente do Partido Socialista) e Sánchez (parlamentarios uruguaio). Texto del, de tres páxinas, tamén reproducido no Apéndice.



*Castelao e Virxinia en Punta del Este, s/d
(do arquivo de Manuel Suárez Suárez)*

3. Varias datas de 1944 e 1945, en que asiste á inauguración dos monumentos a Companys (1944) e á Árbore de Gernika e a Azaña (1945), así como á presentación do Consello de Galiza (15-11-1944).

4. Vinte días de xuño e xullo de 1945 en que inaugura a exposición dos seus álbums Nós e os tres de Guerra, e pronuncia importante discurso no 9º aniversario do Estatuto de Autonomía.



Os galegos do Uruguai pagaron ao líder nacionalista bautizando (1970) unha rua co seu nome e instalando en Rianxo un seu busto (1975), a rua a primeira no mundo, o busto, o primeiro na Terra Nai. (En tanto os veciños porteños teñen, hai anos, un monumento a Castelao na avenida 9 de Julio, Montevideo non conseguiu instalar un busto como o de Rianxo, xunto ao de Rosalía, na praza Galicia).

Frase extemporánea (traducimos): [Convivía connosco] “unha maravillosa rapaza, neneira nosa que fora, case tocaia de miña nai (mamá María Sánchez Maceiras e ela María Maceiras) e procedentes da mesma aldea de Galicia, ambas afervoadas partidarias da República española” (Mariano Arana Sánchez, 1999, intendente de Montevideo -1994-2004- e futuro ministro da Vivenda -2005-2008-, a máis de fillo adoptivo de Arteixo -2004).

LXXXIII. Tres, seis e trinta e tres



Desde a Santísima Trindade ata os Irmáns Marx...

moitísimo antes e moito despois, o número tres invade as nosas vidiñas. Eis o por que de nestas latitudes falarmos, a partir de certo feminismo lírico xurdido no século pasado, das tres poetas uruguaias clásicas: **María Eugenia** (1875-1924),

Delmira (1887-1914) e **Juana** (1892-1979) –sen necesitarmos apelidalas, mais que para vós as apelidarei: Vaz Ferreira, Agustini e Ibarbourou-, e máis da triloxía de poetas sudamericanas por excelencia: **Gabriela** (1889-1957), **Alfonsina** (1892-1938)... e outra vez **Juana** (ver Crón. 16).

A condición galega, por certo, está en Juana (seu pai Fernández) e moito máis recuada en Ma. Eugenia (irmá de Carlos, Crón. 74, sua avoa materna brasileira Freire de Andrade). Alfonsina Storni, nada na Suíza italiana (e tan popularizada pola canción de Ariel Ramírez -1921-2010- e Félix Luna -1925-2009-) e a chilena con ese pseudónimo, Gabriela Mistral, que ocultaba o seu nome, Lucila Godoy, xunto a Delmira cos seus xenes ítalo-xermánicos. (Alfonsina suicida, Delmira *femiciada*; a tentación de transcribir algunhas estrofas delas rexeitámola remitindo o lector a internet).

Ora, rizando o rizo, temos as datas patrias uruguaias –festivos denominados feriados-, que suman dúas veces tres... ao longo do ámago do calendario, de abril a setembro, todas en outono-inverno: dúas especiais en lembranza do



prócer José Artigas (**19 de Xuño** –de 1764-, natalicio, e 23 de setembro –de 1850-,

pasamento, se ben esta sen chegar a oficial, a aquela dándolle contido a xura ou promesa



Juana de Ibarbournou no papel-moeda actual

da bandeira por parte dos estudantes); duas do ciclo antihispánico (**18 de Maio** –de 1811, primeiro triunfo militar-, e o anterior **25 de Maio** –de 1810, a augural Xunta de Maio porteña-, feriado que fora moi celebrado

nas “Fiestas mayas”, caído en desuso, se ben se mantén no nomenclátor de vilas e cidades); e duas do posterior período antilusobrasileiro (**19 de Abril** –de 1825-, inicio da “cruzada libertadora”, e **25 de Agosto** –do mesmo ano-, acto solemne da *declaratoria da independencia*, do Brasil)... rematando coa celebración da *xura da constitución* da República (**18 de Xullo** –de 1830).

Mergullados no tema patriótico, sáenos ao encontro quen para os estraños son os pintorescos “Treinta y tres orientales” (ver Crón. 71). Para comezarmos, nin eran todos *orientales* (pois había entre eles varios occidentáis-arxentinos), nin se pode concluir que fosen exactamente 33, poisque hai máis de unha listaxe con lixeiras variantes (mesmo pénsase, sen moito fundamento, a cifra facer alusión á masonería). Entre eles estaba o galego-fillo, infortunado Manuel Freire (Crón. 65).

Pois estes “33” (xa vedes, outra relación co 3), capitaneados por Juan A. Lavalleja, procedentes da beira dalá do río Uruguai, desembarcaron aquel 19 de abril no Arenal Grande (ai, a Area Grande laxesa e a



Area Longa arousá), tamén coñecido como a Graseada (polo tratamento da graxa nos saladeiros da zona, que acabou se refinando en Agraciada!), e iniciaron así dita cruzada que culminou conquistando a Banda, tanto a separación do imperio brasileiro –segundo o


declarado aquel 25 de agosto- como, finalmente e contra o que nun principio era agardábel, a non incorporación desta Provincia Oriental ás *Provincias Unidas del Río de la Plata* (1828).

Desde entón a República ten tres bandeiras: a oficial (Crón. 38), a de Artigas e a dos *Treinta e Tres*... acabando estes dando o seu nome –sen o apelido *Orientales*- a un departamento do leste e á súa capital.

Frase extemporánea e anónima: A semellanza do que acontece con Letonia e Lituania, Uzbekistán e Kazajistán, Zambia e Zimbabúe... Uruguai e Paraguai sufren confusión pola maioría dos habitantes do planeta. Na actuación en Montevideo dos *Rolling Stones* (16-02-2016), Jagger saudou ao público cun “¡Buenas noches, Paraguay!”. Antes, con algún xornalista con sentido do humor, dérase o seguinte diálogo: -¿Siempre hace tanto calor en Paraguay? –Sí, sobre todo acá, en Asunción...

LXXXIV. Fidalgos emigrantes

Dalgúns xa falamos –inevitábeis reiteracións nestas crónicas con recorrente cariz emigratorio- e doutros falaremos agora. Nen todo o que emigraba era campesino ou mariñeiro, nen proletario, nen moza de servizo, nen fuxitivo da milicia ou do seminario, nen mesmo profesional aventureiro... tamén se deu a partida de fidalgos segundóns pobres... ou non tanto, que tamén os houbo: polos seus apelidos os coñeceredes.



Dos Amenedo Montenegro, Pereira Moscoso, *Francisco Gil Taboada de Lemos*



Torre da Penela

Piedracueva e Varela Bermúdez, Pz. del Villar e Rioboo, De Castro ou Da Porta Monterroso, mesmo dos Varela e Ulloa (este como funcionario), xa dimos noticia. Entre estes que viñeron como enviados da Coroa, non sendo en rigor emigrantes, estaban os dous que seguen.

Tal foi, para empezarmos, Francisco Gil Taboada de Lemos, orixinario do pazo de Soutolongo (Lalín, 1733), personaxe o máis empoleirado que por estes pagos pasou. Exerceu de gobernador das illas Malvinas, con sede no *Apostadero Naval* de Montevideo. (Cos anos chegará a vicerrei de Nueva Granada – Ecuador, Colombia, Panamá e Venezuela actuais- e aínda do Perú, e logo a ministro de Mariña na metrópole, morrendo en plena invasión francesa).

Case medio século máis tarde, temos por estas terras a José Gil e Gil Taboada (Mosteirón-Sada, 1782), cadete do rexemento da praza, morto, con apenas 24 anos e tres meses de casado, na incursión inglesa de 1807: polo tanto, o único dos dous que non deu



Mariño de Lobeira

retornado á terra nai...

Internémonos, pois, en terreo non oficial, no campo da emigración pura e dura. Onde nos limitaremos, como exemplo, a dúas figuras opostas: Márquez e Díaz. Caso pintoresco de vez o deste José Ramón Díaz Mariño de Lobeira, vigués que se abaixou a vivir do seu negocio, un prosaico “café con mesa de billar” na *Ciudad Vieja* montevideana, deixando herdeiros reducidos nominalmente a simples Mariños.

Canto a Claudio Márquez Pose e Bermúdez de Castro, oriundo de Corcubión (c. 1728), con vínculo materno en Romarís-Tines-Vimianzo e na Torre da Penela-Silvarredonda-Cabana, mandou ao fillo no seu testamento (1808) facerse cargo desta sua propiedade, manda que este nunca cumpriu indo a Galicia.

Deixáballo clariño “un vínculo de mayorazgo en el lugar de Romarís, a cinco leguas de la villa de Corcubión, compuesto de seis cargas de trigo de renta anuales, pagadas por tres caseros, una antigua casa solariega donde han nacido los Poses y Bermúdez y Varelas, con su escudo de armas a la puerta principal, casona de altos con un sobrado, aperos y una yunta de bueyes para su labranza, más dos casas en el mismo lugar” (cit. R. Goldaracena, 1976). Non achades que este ricacho pecou de inxenuo dúas veces?: primeira, pensando que todo aquilo de medio século atrás, podía seguir tal cual; segunda, coidando que o tal fillo lle ía seguir a corrente...

Importante terratenente, foi un dos que nunca voltou, deixando –a exemplo de moitos dos citados ao principio- longa e destacada descendencia, entre a cal paga a pena detérmonos en seu neto Ramón Márquez (1834-1875), mártir cívico na defensa do voto democrático que naquela altura estaba en perigo nesta novísima república.

Frase extemporánea (traducimos): “O Uruguai foi a Suiza de América (expresión verdadeiramente gafe, se temos en conta que o Líbano foi a Suiza de Oriente Próximo), e diso hai xa moito tempo. E dese tempo pasado, para o uruguaio de hoxe, resta tan só o pracer da nostalxia, de saber que noutrora foi un país incluso rico, amáis de modélico.” (Luis Goytisolo).

LXXXV. Unha Iberia americana?

Meu caro curmán Un, que é un tolo, deu en soñar un soño chamémoslle histórico que, segundo el, ninguén antes soñou. É dicir, que sería o del un soño orixinal e máis que orixinal. Ben sabes ti –dime- como o actual Uruguai, desligado do imperio dos Borbóns (1814), foi breve colonia luso-brasileira (entre 1820 e 1828, esta última data fluctuante segundo onde), ata se declarar provincia das do Río da Prata (1825) e república independente (1830), todo simplificado de máis.



*Arxentina (a sua “Mesopotamia”) no oeste
Uruguai (S) e Rio Grande do Sul (N) no leste*

Compre engadir que, naquel 1828, os rebeldes uruguaianos, nunha *razzia* do xeneral Rivera –ver Crón. 77, futuro e inminente primeiro presidente da tamén inminente nova República Oriental del Uruguay- *recuperaran*, no actual territorio riograndense, as *Misiones Orientales*, o que restaba de máis oriental das antigas e masacradas *Misiones* xesuíticas, extendidas entre o Paraguai, ás costas, e a Arxentina e o Brasil máis em baixo, coas fervenzas do Iguazú/Iguassu como fogoso pai augural e actual referente internacional da rexión. Audaz acción do rato que, moi axiña, foi retrousada para o león, devolvendo tal territorio ao imperio todopoderoso.

Pois, seguindo o relato de Un, temos que, entre 1835 e 1845, o actual estado brasileiro de Río Grande do Sul estivo separado do imperio dos Bragança, a formar a República Riograndense, coñecida como República de Piratiní, tal a sua capital. Entón, pergúntase o Un –e aquí ven o onírico do relato- se, en troques dos *orientales*. naquel

1825 (ver Crón. 83), proclamaren a separación da súa Provincia Cisplatina do Brasil, tivesen aguantado un pouco máis (o Un di “mais um pouco”)... non se podería ter dado unha liga gaúcha/gaucha cos dous territorios, o brasileiro e o uruguaiano, a integraren unha república gandeira e bilingüe, único exemplo de tal no mundo? Algo así como unha “Galicia bilingüe” (arredemo! aquí serían dúas zonas con cadansua fala), noutro tan diferente contexto, con capital en Montevideo/Montevideú, o grande porto a competiren, xunto co riograndense Porto Alegre, co empoleirado Buenos Aires.




As Misiones Orientales a formaren parte do Brasil, as Misiones Occidentales anexadas pola Arxentina... a costa do Paraguai, partidas polo río Uruguai

Fascinante historia-ficción! Xa se ten falado da rexión gaucha/gaúcha, a abranguer como un millón de quilómetros cadrados, neste caso reflectindo unha realidade etnográfica, que comprende a Mesopotamia arxentina –isto é, as provincias de Entre Ríos, Corrientes e Misiones, entre os ríos Uruguai e Paraná-, o Uruguai e máis o Río Grande do Sul (en cuxo norte nace aquel río Uruguai). Mais, sen irmos tan lonxe, sen cruzarmos este río Uruguai, senon tomándoo como a fronteira natural coa Arxentina que xeograficamente el é, teríamos ese mapa homoxéneo dun territorio ondulado e fértil... que por algo os reis e emperadores lusobrasileiros tentaran *redondear*.

Que xogo para a imaxinación un país coas dúas linguas románicas máis importantes a conviviren en pé de igualdade, como un exemplo transoceánico do que o iberismo clásico concebía para a península ibérica, con inevitábel capital en Lisboa, tendo Madrid e Barcelona como cidades equilibrantes! Unha




república, a soñada polo Un, que, cos 282.000 km.2 brasileiros e os 187.000 uruguaiois, viría sumando un total de 470.000 kms., a se seguir chamando, por puro sentido común, “Oriental do río Uruguai”. O Un, que acotío anda a desarmar fronteiras e compor países baseados nas culturas e idiomas de seu (América, África, etc.), relambíase comentándomo... ata que acordou! (E eu xa non estaba alí).



O río Uruguai abrazando dous estados

Frase extemporánea: “Vengo de un sitio perdido en el sur/ entre gallegos y tanos” [italianos]. (Tabaré Cardozo, cantautor, tango “Montevideo”, 2013).


LXXXVI. Algúns mexicanos, peruanos, uruguaianos...



Hai 101 anos morría, a cen metros desta vivenda (Crón. 1) o efímero embaixador mexicano Amado Nervo (1870-1919), poeta importante do modernismo, cuxo busto temos cada día diante nosa. Daquela vivía xa entre nós o xove poeta peruano Juan Parra del Riego (1894-1925), que aquí publicou o principal da súa obra. (Célebre o seu “Polirritmo dinámico a [Isabelino] Gradín, jugador de football” -1922-, goleador negro uruguaio -1894-1944- con ese apelido tan pontevedrés, poema que a mesmísima Berta Singerman recitaría, no teatro Solís, en presenza do emocionado destinatario...).

Parra foi o primeiro e breve home da escritora e activista uruguaia Blanca Luz Brum (1905-1985) quen, despois de vivir, recén viúva de vinte anos, un tempo no Perú e colaborar co propio marxista J.C. Mariátegui, pasou por outros catro matrimonios... e acabaría apoiando, décadas máis tarde, ao ditador chileno Pinochet (j). No ínterin, casara co muralista mexicano, seu terceiro home, David Alfaro Siqueiros (1896-1974) -de quen finalmente se divorciaría- e participara no nacemento do peronismo arxentino.

Siqueiros baixara ao Río da Prata en 1929 e nos seus anos porteños (antes de ser expulsado do país por comunista) creou (1933), cun equipo de pintores de primeira, na mansión bonaerense “Los Granados”, en Don Torcuato, o mural “Ejercicio plástico”, a cubrir os seis planos dun cubo-bóveda subterráneo, considerado un punto de inflexión no muralismo




americano. (Demolido o palacete, restou soterrada a tal obra de arte, ata que foi



excarcerada en 1991 e, tras rocambolesco proceso, requisada polo goberno e instalada aos fondos da Casa Rosada (2011), tendo dado tema para dous films de Lorena Muñoz e Héctor Olivera).

Era dono de “Los Granados” o uruguaio, magnate da prensa arxentina, Natalio Botana (a) El Tábano –anagrama do seu apelido (1888-1941)-, creador do xornal “Crítica” (1913), de quen Neruda (un dos asistentes ás veladas da finca) dixera que aquel era “un deses millonarios que só a Arxentina e os EE.UU. poden producir”. Botana, descendente do matrimonio galego Botana-Hervías, formaba extraordinaria parella coa feminista Salvadora Medina Onrubia (1894-1972). (Non está moi divulgado que no panteón dos Botana estivo sepultada -1938-1963- Alfonsina Storni, colaboradora de “Crítica”, outra das asiduas a “Los Granados”).



Fragmento do “Ejercicio plástico”

Sobre “Crítica”, a prologuista do libro do uruguaio Dr. Piñeyro do que tomamos moita parte da información, Sylvia Safta resume: ““Crítica” denunciou as torturas a presos políticos, apoiou os movementos antiimperialistas latinoamericanos e militou a prol da España republicana”. Canto á relevancia do matrimonio engade: “A morte temperá [en accidente de automóbil], o carisma e o poder xornalístico e político de Botana sumados á militancia anarquista e teosófica e ás excentricidades [da belísima] Onrubia alicerzaron o mito”.

Sen relación directa con todas estas inquietantes personalidades, outro peruano

contemporáneo de Parra avecindouse, despóis dunha delongada década europea, en Montevideo, desde 1950 ata o seu pasamento: Xavier Abril de Vivero (1905-1990), poeta, afín el tamén ao ideólogo Mariátegui, amigo de Vallejo e un dos primeiros estudosos da súa obra, é representante destacado do vanguardismo en Latinoamérica.

Pechamos con el, como abrimos con Nervo, esta *mélange* de figuras senlleiras que, sen gravitaren especialmente no Uruguai, tiveron co país un ou outro relacionamento que non os fai extraños á temática destas crónicas.

Frase extemporánea (traducimos): “O Uruguai, visto pola multitude de ollos estranxeiros, chámase a patria da amizade, como tal exenta ata a máis leve penca de xenofobia. Dicar amizade aquí é dicir entendemento cabal, confianza rápida e longa memoria, é dicir fidelidade.” (Gabriela Mistral, 1951).

LXXXVII. Cantigas de onte e de antonte

Que a pegada do pobo galego no Uruguai foi decisiva e aínda o é, cincuenta anos longos despois do cese da inmigración nosa a esta república, é algo que cremos venficando claro no decurso destas crónicas, cuxa razón de ser ela é. (Alguén chegou a definir Uruguai: a Galiza americana).

Durante máis de douscentos anos (mediados do XVIII a mediados do XX e máis) estiveron arribando os nosos a estas costas. Por suposto que o proceso flutuou, tendo os seus picos, algún, por exemplo, nos anos chamados da fame en Galicia –xusto ao promediar o citado período bicentenario.

Outra emigración masiva, esta dixitada, ten lugar coa serie de expedicións das familias (Crón. 22), con destino á Patagonia, e que resultou, en grande medida, redirecionada á ben máis amábel *Banda Oriental del Uruguai*, resolvéndose na fundación de varias cidades. Cen anos máis tarde aparecen moreas de intelectuáis e profesionáis



Gaspar de Vigodet



exiliados da I República española (Crón. 6).

Do groso da emigración, a das camadas populares, mesmo dan fe cantigas recollidas (J. Osinde) en Carballo de Bergantiños, como xa temos dito, unha das bisbarras de maior deslocamente para o Río da Prata. Velai vai un par delas, **creadas por galegos** (activas):

Hei d'ir a Montevideo/ a Montevideo hei d'ir/ hei d'ir a Montevideo/ que alí dan pan por durmir.

Hei d'ir a Montevideo/ anque sexa por un ano/ pois se non traio diñeiro.../ sempre son americano.

(Como vemos, unha cuadra rotineiramente idealista fronte a outra agudamente realista).

Mais en tempos recuados, na década de 1810, cando xa en Buenos Aires se constituíra a *Junta de Mayo*, Montevideo, que seguía a ser o derradeiro reduto español, tiña en Gaspar de Vigodet (Sarrià, 1764-1836) o último gobernador desta Banda (1810-1814). Por aquelas calendas circulaban os *cielitos*, danza propia do país, con letras patrióticas ou levantiscas, moitas debidas ao enxeño de Bartolomé Hidalgo (1788-1822), cantados polos sitiadores para os sitiados, dos que extractamos un exemplo que xa ten estudado o amigo Manolo Suárez... estas **creadas para galegos**... non galegos (pasivas):

Los chanchos que Vigodet/ ha encerrado en su chiquero/ marchan al son de una gaita/ echando al hombro un fungeiro (sic, con gheada).



F. Acuña de Figueroa

Cielito de los gallegos/ ay cielito del dios Baco/ que salgan al campo limpio/ y verán lo que es tabaco. (Crón. 55).

Outros *cielitos* aínda se referían a aqueles pseudo-galegos, este crudamente impiedoso:

Vigodet con sus gallegos/ morirán de consunción/ y este responso les cantan/ los libres de la nación.

E é que galego, xa daquela, designaba ao español, e concretamente, ao español realista (Crón. 75), tamén chamado godo.

A propósito de pseudo-galegos, o propio galego-fillo de salcedán Francisco Acuña de Figueroa (1791-1862, Crón. 62), en falando do filocántabro Gral. Lavalleja (1784-1853, Crón. 83), a berrar:



¡Cobardes gallegos! Con ciega osadía/ gritaba... y gallegos no había en la facción...

Juan Antonio
Lavalleja

deixa claro, bo coñecedor do que está a falar, o erro popularmente extendido ata hoxe.

Dato extemporáneo.- Hai, cando menos, catro núcleos no Uruguai con nomes a partir de outros tantos galegos. **Molles de Porrúa** (polo facendeiro corcubionés Juan Antonio Porrúa, 1786-1879), **Migues** (polo ferrolán da Graña Blas Míguez, 1786-1841), **Villa García** (por Doroteo García, 1807-1885, fillo do vilalbés de Árbol Ildefonso García) e **Parador Tajés** (polo galego-neto presidente xeneral Máximo Tajés, 1852-1912, oriundo da Ponte do Porto camariñá).

LXXXVIII. 7 apelidos galegos históricos e persistentes

Este volta non me puiden resistir á influencia de meu curmán e á súa teima onomatolóxica... total, outra crónica que vai cobrar el, poisque el é o pai do año! Como explicalo? Malia aquela antiga actitude vergonzante dos uruguaiois da considerada alta sociedade verbo dos ancestros galegos (só comparábel á que inda teñen determinados estamentos sociais de América Latina a respecto da súa ascendencia indíxena –cando a súa mestizaxe é tan obvia para os ollos que ven)... chegaron ata hoxe vellos apelidos galegos, detentados por dita franxa sociolóxica.



Ildefonso García Lagos

Estou a me referir concretamente aos compostos, que tanto *vesten*, así: os García-Lagos e García-Pintos, os Vázquez-Ledesma e Gómez-Platero, ou os Lorenzo y Losada e López-Lomba (ignoramos se estes López e Gómez serían tamén galegos; os Lorenzo foran antano uns Lourenço portugueses).

Agás os galegos Lomba, Losada e Platero, o resto corresponde a apelidos patronímicos (dous García e un Vázquez), nomes de familia xeralmente subestimados (e eliminados: [Martínez] Murguía, [Rodríguez] Castelao...), dada a súa superabundancia, sen se valorar seren, como medieváis, os máis antigos... e, nestes casos patronímicos que nos ocupan, sendo teimudamente conservados, atrelados cos seus complementarios menos comúns...

...Mais non só cando van en primeiro lugar: mesmo indo en segundo hainos que foron mantidos (Berro García e Scaron García –ambos galegos-, Requena García e Torres García, Matos Rodríguez...). Parellamente son lexión, desde antigo –en algo que o

curmán Un non se corta en calificar como desprezo á nai que os paréu!!- eses patronímicos a secas, sen segundo: Roque Gómez, Baltasar Pérez, Santiago Vázquez, Juan Miguel Martínez, Antonio Díaz, Adolfo Rodríguez –todos seis galegos de nación-, Joaquín Suárez ou Florencio Sánchez...

Vede aí, entón, media ducia de familias que chegaron ata a actualidade, identificadas con esoutros tantos apelidos nosos, tres patronímicos, tres doutras castes.



Salvador García
Pintos

O caso máis galego, por dicilo sintéticamente, é o dos García Lagos (cuxos dous galegos son) e por el comenzamos, pois, informando que se formou mediados do XIX, con Ildefonso García Lagos (1834-1929, relevante xurista, político e diplomático, neto paterno de Ildefonso García, de Árbol-Vilalva e materno de José Antonio Lagos, de Saxamonde-Redondela. Desde aquela, varias xeracións prestixiaron ese dobre apelido noso.

Anterior foi José Vázquez Ledesma (1792-1858), *constituyente* de 1830 (por tanto,



un dos pais da patria), fillo de Andrés Vázquez, de Curtis, quen transmitiu o composto por varias xeracións.

Logo temos a un tal Laureano Lorenzo y Losada, fixando os apelidos dos pais, sendo neto materno de José Losada [Lousada] Saavedra (Portomarín, c. 1757), con destacada descendencia.

Canto aos López Lomba de hoxe, aí temos ao abó Ramón López Lomba (1855-1940), avogado e diplomático, neto materno do ferrolán da Graña Vicente Lomba Díaz.

Pola súa parte, os Gómez Platero actuais proceden dun tal do último tercio do XIX, bisneto materno do ferrolán José María Platero Piñón (1798-1855).

Pouco posterior foi Salvador García Pintos (1891-1956), médico, docente e político conservador, tanto, que está en marcha o seu proceso de beatificación, bisneto do ourensán José García del Valle, e cuxos descendentes seguen a utilizar o tal composto.

Ledesma, Pintos, Lorenzo (estes dous galego-portugueses), Platero (un Prateiro castellanizado?) apelidos diversos a apuntalar os nosos antergos nomes de familia: como eses apelativos de antigos inmigrantes nosos seguen aquí, invencíbeis a través dos séculos!

Outra cantiga emigrante: Virtudes tenvos a ruda/ virtudes ten o romeu/ e virtudes as mociñas/ que van p'ra Montevideu.

LXXXIX. 4 exiliados de luxo



*Couceiro, Coruña,
1977*


Fora García Durán (Crón. 35), Miguel Vázquez Valiño (de quen falaremos outro día) ou Rogelio Martínez (Crón. 78), reunimos hoxe catro figuras galegas do exilio, das cales unha só, Tobío, acabou voltando a España (que non a Galicia): o propio Tobío, Díaz e Couceiro (todos tres dun mesmo tempo) e Somoza (uns dez anos máis vello).


Pedro Couceiro Corral (Perucho, Coruña, 1905-1982), pertencía a ese campo tan alleo a nós como é o científico: Gurriarán ilústranos sobre isto, en tanto Suárez Suárez nos achega o Couceiro galeguista e músico. Licenciado en Medicina (que nunca exercéu) e Química por Santiago, foi bolseiro en

Alemaña, dedicado á investigación no terreo da Bioquímica (en temas tanto vexetaís canto animáis), ata que a guerra do 36 o mobilizou a favor do goberno lexítimo, tendo logo que se exiliar, xunto coa dona, Elvira Durán, a París (Instituto Pasteur) e Montevideo (1940).

Aquí fundou, despois de coestablecer un Laboratorio Proteo, os *Laboratorios del Sur*, focados na sanidade animal, coa elaboración de produtos fitosanitarios para o gando vacún. Falaba alemán, inglés e francés e disfrutaba tamén co violino. Compre destacar o ser cofundador (1950)

da audición radiofónica Sempre en Galicia, da que foi editorialista por décadas. Obtivo a





Vieira de Prata do Patronato da Cultura Galega (1978) e antes logrou viaxar á Terra (1977).

Vidas paralelas en tres acontecementos, Luis Tobío Fernández (Viveiro, 1906-2003, Madrid, Crón. 59), chegou a Montevideo o mesmo ano que Couceiro e foi como el cofundador de Sempre en Galicia, mesmo tendo residido en Alemaña algún tempo: de resto, máis nada. A singularidade de Tobío radica en ter vivido en Montevideo 22 anos para finalmente voltar aló.

Licenciado en Dereito e docente na Universidade compostelá, decantouse pola carreira diplomática (un de cuxos seus destinos foi Bulgaria). Dantes fora cofundador do Seminario de Estudos Galegos (1923). Exiliado na capital uruguaia, coa sua dona Ma. Carmen Soler, desempeñouse como colaborador do prestixioso xornal “El Día”, mentres se mantiñan coas suas traducións do inglés e do alemán para a porteña Editorial Sudamericana... rematando como publicitario na delegación do internacional Laboratorio Roche. (En 1949 consegue a cidadanía legal).

Xa residindo na capital española, obtería a Vieira de Prata 2000 e o nomeamento para el do Colexio de ensino primario de Viveiro. Das suas moitas publicacións, é de destacar a especialización de Tobío na figura do conde de Gondomar. E as suas amenas e informativas memorias (*As décadas de T.L.*, O Castro, 1994, nas que lle dedica a Montevideo máis de 150 das 700 páxinas), de onde tomamos datos varios.

O seguinte en arribar a estas hospitalarias costas (1948) foi Alfredo Somoza Gutiérrez (Coruña, 1892-



Alfredo Somoza

1951), expresidente da Deputación coruñesa, que salvou a vida, incrivelmente agochándose na propia cidade durante 11 anos (i), ata lograr fuxir e radicarse en Montevideo, onde o agardaban sua muller Ángela Roibal e a sua filla Manuela. (Angelita sería convidada especial no acto de inauguración da montevideana rua Castelao, 1970).


E velaí como Somoza -sobriño-segundo de Castelao, por seu pai Somoza Rodríguez- foi o terceiro destes en cofundar a audición Sempre en Galicia, no ano do pasamento daquel, co título da sua obra maxistral. (O Lcdo. Sixirei ten biografiado, 1987, a este coitado cabaleiro que tan pouco tempo disfrutou da sua liberdade e familia).

Chegamos así ao último en arribar ao Uruguai (o mesmo 1951, un mes andado do pasamento de Somoza), cal foi Xerardo Díaz Fernández (O Son, 1907-1992) quen anos despois (1955) conseguiu traer onda el a muller (Carmen Moreira) e fillos cativos. Mestre de profesión, desempeñouse como funcionario da Xustiza, até ser preso polos alzados do 36, pasando 4 anos nos cárceres de Compostela e Coruña, conseguindo, unha vez liberado, titularse de Procurador (1949)... sen poder exercer. É así como se decide a se exiliar.

Aquí se manterá dos máis diversos traballos, entre eles o máis acorde coa sua formación, o de contábel, sendo o único destes homes que, malia a sua dilatada vida, non tornou á Galiza, tendo dedicada (desde 1992) unha praza da sua vila natal. Para o seu país e para a memoria democrática pode mostrar o grande mérito de ter publicado, alén dun volumen de *Contos* (1986), a triloxía d'O Castro: *Os que non morreron* (1982, memorias da cadea), *A crueldade inútil* (1985) e *Desde la diáspora* (1991). Sendo esta última, ao xeito da de Tobío, un relato dos seus anos uruguaiois. (Ao igual que Pondal quen, con once anos, oi falar dos fusilamentos de Carral, Díaz lembraba, cos seus oito aqueles crimes que documentou no volume de 1987, *Nebra, historia dunha infamia*). Todo isto valeulle a Vieira de Prata deste mesmo ano. (Díaz tamén tiña a cidadanía legal e militou na política progresista do país).

Citas extemporáneas: As mulleres deste país [Uruguai, 1865] son xeitosas, francas, sensíbeis e máis *instruiditas* que as daló (Pérez Galdós). Que mulleres as uruguaias! (Unamuno). (Cit. Luís Tobío, quen engade): Como na miña terra, tiñan [as mulleres} alí [no Uruguai], naquela sociedade, un peso e unha influencia que non se dan dadoito noutros sitios.

XC. Estancieros e filántropos




*Francisco Dorrego –
Hospital Español*

Nen todos os estancieros (facendeiros) galegos foron filántropos... nen todos os filántropos galegos foron estancieros. A non ser que nos paremos na figura do hoxe esquecido Francisco Dorrego (Padrón, 1837-1931), que reuniu ambas características. Dono de miles de hectáreas de campo en Paso de los Toros (cidade onde ten unha rua, datos do amigo C. Arezo), deixou grandes legados para numerosas institucións, algunha tan importante como o Hospital Español de Montevideo (onde se pode ver o busto que reproducimos, por xentileza mancomunada da dupla A. Turnes-L. Blau), achándose, na sede do propio *Ministerio de Salud Pública*, unha placa ben elocuente: “Francisco Dorrego: fue generoso con la miseria humana”.

De resto, e co risco de sermos reiterativos, velaí unha serie de vellos terratenentes, dacabalo dos séculos XVIII e XIX, tales: Márquez (Crón. 84) ou *Farruco* Rodríguez (Crón. 3), Ortoño (Crón. 42) ou Pereira (Cróns. 6 e 81), mesmo Porrúa (Crón. 87) ou Ortiz de Taranco (cróns. varias), todos eles tratados por nós desde outros puntos de vista que este de gandeiros e/ou propietarios de latifundios.

A eles podemos engadir a Manuel Vázquez de España (Sumio-Carral, 1735-1812), “o primeiro galego de Tacuarembó”, quen posuía senllas estancias dunha e doutra banda do río Negro, e acabou casando unha súa filla co porteño-catalán Pedro Casavalle, dono dos terrenos nucleares do barrio montevideano deste nome.

E tamén ao seu paisano, quince anos máis novo, Manuel Nieto Abelenda, que arribara aquí (1772) como soldado, chegando a ser cabildante da novel Montevideo, en cuxo desempeño propuxo, co consabido éxito, a creación do *Cuerpo de Blandengues de la Frontera* (1797), instituto moi beneficioso para a protección de estancias como a súa, marxe meridional do mesmo río Negro (outra vez no Paso de los Toros, como anunciando ao futuro Dorrego). Nieto, finalmente, resultou concuñado daquel Farruco Rodríguez, cuxas terras estaban ao sul da grande e citada corrente fluvial.



Xa no XIX pleno temos ao ourensán Francisco Vázquez y Vázquez (1793-1869), gran comerciante e facendeiro en Paysandú, beiras do río Uruguay, que exercéu como *alcalde ordinario* (e agora aparece o filántropo), restando del o legado do reloxo da torre esquerda da igrexa sanducera (1888), derramada que foi a súa avultada fortuna.

Vázquez lévanos ao segundo capítulo desta crónica, cal son os filántropos, estes xa de condición urbana, dos que sería o primeiro, cronolóxicamente, o noso vello coñecido coruñés Joaquín de la Sagra, ponte cos que seguen, a maioría actuante no XX, o primeiro, o *galego* de Cádiz José María Buyo (Cróns. 17 e 40) e o tamén xa tratado por nós Vicente Arcos (Cróns. 10 e 65). É, xa introducidos no século pasado, cando surxe, entre outros, o mecenas Canabal.

Jesús Canabal Fuentes (Amenal-Pereira-O Pino, 1897-1985), chegou a Buenos Aires en 1910, pasando logo a Montevideo, onde se estableceu como industrial papeleiro,

fundando (1937), cos seus irmáns José, Andrés e Manuel, a *Industria Papelera Uruguaya*, S. A. (IPUSA), que permaneceu na familia ata 1994 e tiña importante fábrica en Pando (Canelones), da que saían os produtos marca *Suevia*, operando, ao tempo como imprenta.

Máis tarde integrou o grupo creador do *Banco de Galicia* (1956-1966), que chegou a ter oito sucursais e acabou formando sociedade co *Banco del Trabajo Ítalo-americano*, ata desapareceren (Crón. 19, ilustración). Mecenaz da cultura galega, Ministro Plenipotenciario do goberno da República española no exilio (1958-1962), foi Medalla Castelao 1985 (Galicia) e antes Vieira de Prata 1969 (Montevideo). A título póstumo (2006) foi nomeado fillo predilecto do Pino, e dado o seu nome á praza da capital do concello natal. (M. Losa publicou a súa biografía en dúas edicións sucesivas, Montevideo, 2007 e Vigo 2010).

Compre salientar que o espírito masónico alentou en varios destes benfeitores.

Observación extemporánea: [A vasta colección] quixotesca de Arturo Xalambrí (1888-1975) valeulle a Montevideo o título de cuarta cidade cervantina (despóis de Alcalá-España, Guanajuato-México e Azul-Arxentina)... o cal se sumou á “cantidade de bibliotecas públicas, edicións de libros e presentación de obras teatrais por número de habitantes” para lle conferir á capital uruguaia e ao país un posto especialísimo no conxunto das nacións máis cultas do planeta. (Extractado de Loreto Mármol, 2020. Aporte de X.P.Mondelo).

XCI. Músicos uruguaiois de xinea galega



Na recuada crónica 11 falábamos de Soliño e dos Collazo. Hoxe tornamos a eles e máis a outros autores con algo de galego, centrados, pois, na música, quer popular, quer académica.

Apenas daremos un pantallazo sobre os irmáns Juan Antonio (1896-1945) e Ramón Collazo Patalagoity (1901-1981), fillos do galego Antonio e de nai basca. Do primeiro, morto aínda novo, quedounos un conxunto de músicas imperecedoiras, tales os tangos *Niño bien* (1927) e *Garufa* (1928). Canto a Ramón, moito máis cercano a nós, pianista e compositor, a máis de animador, con Soliño e Fontaina, da “Troupe ateniense” (1922, organizada ao abeiro do *Club Atenas* de baloncesto, de 1918), foi recoñecido dándolle, segundo dixemos, o seu nome ao *Teatro de Verano* montevidéano.

Entre outros compositores da chamada *música típica* rioplatense poderíamos citar, de pasada, a Enrique Saborido (1877-1941) ou ao director Francisco (Panchito) Maquieira Sobreira (1903-1977), “El Bandoneón Oriental”. Varios destes músicos eran ao tempo letristas, quer dicir,



autores que, sen chegaren á categoría de poetas *full time*, deixaban a súa inspiración

literaria gardada ou envolvida na arca ou artesa da música, e son frecuentemente



ignorados, por ser a melodía o máis envolvente e memorizábel. (Así pasa co poeta uruguaio Romildo Riso -1882-1946-, autor de “Los ejes de mi carreta”, universalmente coñecido na súa versión de milonga cantada por Atahualpa Yupanqui).

Outro protagonista musical e popular montevideano foi Carlos Goberna (1940) quen, con

Óscar Ruben Bosolasco Leis (a) Óscar Leis (1941), crearon (1964) o conxunto melódico de ares tropicais *Sonora Borinquen* (acaso algo emparentada cos *Lecuona Cuban Boys* que, na súa xira de 1941, estrearan “Carnaval del Uruguay”, do seu director A. Oreffiche, un clásico desde aquela), sonora, ata estes días da man de seu fillo, que temos gozado actuando na rua, a recorrer a xeografía urbana dacabalo dun camión. Goberna, con ese apelido típico da bisbarra viguesa, foi nomeado *Ciudadano ilustre de Montevideo* e ten un dos soles chantados no pavimento da peatonal Sarandí, entrada da Cidade Vella.

Dando un salto mortal nos xéneros musicais, vaíamos agora á música clásica ou académica que, despois de varios *maestros* de orixe italiana (tales Giribaldi, Sambucetti, Fabini, Ascone...), deu, no século pasado, a figura de Héctor Tosar Errecart (1923-2002, outro galego-euskaldun, neto de galego), considerado o máis importante compositor da segunda metade do XX.



Antes del houbera un León Ribeiro Freire (1854-1931), neto dun portugués Freire

de Andrade, ou un José R. Usera Temes (1867-1938, tal vez tamén neto), autor da patriótica e clásica marcha “Mi bandera”, de bela melodía. E un pouco máis acá deste, o case ignorado Alejandro Peñasco Martínez (1914-1979) que, sen antecedentes galegos coñecidos, deu en compor “Tres canciones sobre poemas galaico-portugueses del siglo XIV” que lamentamos non ter ouvido.

Cómprenos citar, como remate, o caso de Bernardo Freire (1894-1983), músico cedeirés que, no seu medio século de radicación neste país, foi director de duas formacións, a *Banda Municipal de Montevideo* (1953) e o primeiro da *Orquesta Sinfónica da AUDEM –Asociación Uruguaya de Músicos-* (1956), quen acabou voltando á vila natal.

Frase non tan extemporánea: “Yo era el pianista de tal audición [radio Ariel, *Airiños da miña terra*, 1935-1937] y me sentía completamente feliz de entrar en contacto con la música popular gallega, arcaica, deslumbrantemente pura y hermosa en su casi incambiada raíz primitiva. Muiñeiras, pandeiradas, los dulces y emotivos alalás, todo me emocionaba al extremo y me hacía deplorar no haber sido gallego para trabajar sobre ese riquísimo y casi virgen material. Siempre pensé que a los gallegos les hace falta un Manuel de Falla para que su música diga su voz por todo el mundo. En esa época aprendí a querer como si fueran mías la poesía y la ternura del pueblo gallego.” (1978, Jaurés Lamarque Pons, 1917-1982).

XCII. Lorca e o Uruguai

“Lorca y Uruguay” intitúlase o máis que interesante volume da autoría de P. Rocca e E. Roland, editado en España (Alcalá la Real, Jaén, 2010), base desta crónica. Sen se cingir á estadía do andaluz universal nesta república, os autores fan un ensaio panorámico




Palacio Urtubey, futura Legación da República española

sobre algúns antecedentes da viaxe (1934) relacionados con xentes uruguaianas que o poeta, dunha ou doutra maneira, tratou.

A primeira é a figura do vangardista pintor e deseñador Rafael Barradas (1890-1929) –a quen resultaría imposíbel disociar do cónsul-poeta noso coñecido Julio J. Casal, supostamente, a quen o propio pintor presentaría a Lorca-, contactos todos establecidos no Madrid dos anos 20, recién instalado este alí. En troque, sería superficial a súa relación con Torres García. Si máis cercana co esquecido poeta uraguaio Carlos María de Vallejo (1889-1946). E sen chegar a se producir unha entrevista solicitada por outro uraguaio cal foi Alberto Nin Frias (1879-1937), embora este residente en Buenos Aires cando a estadía daquel.

Alén disto, o poeta clásico do noso parnaso, Julio Herrera y Reissig (1875-1910) foi unha admiración temperá de Lorca, quen chegou a lle dedicar “a la manera de Herrera” o soneto “En la tumba sin nombre de Herrera y Reissig en el cementerio de Montevideo”. (Desde 1943 no Panteón Nacional).

Efectuado o periplo transatlántico, e despois de tres meses na capital arxentina, o



noso poeta é chamado a Montevideo, onde estaban daquela dous seus amigos españois, o escritor e xornalista Pepe Mora Guarnido (1895-1967, radicado aquí de por vida) e máis o crítico teatral Enrique Díez Canedo (1867-1944), por entón encargado de negocios da legación da República española, neses anos sita no vello palacio Urtubey (esquina Bvar. Artigas e Av. Rivera, hoxe desaparecido, e que algúns anos foi coñecido popularmente como “Castillo Baldomir”, por ter residido nel o presidente deste nome, noso coñecido da Crónica 81, dato

debido ao amigo Prof. Juan A. Bresciano).

Lorca pasará alí algunha xornada, se ben residindo no luxoso Hotel Carrasco, nas aforas mariñas desta mariña capital, nos 18 días que aquí habitou (30 de xaneiro a 16 de febreiro), o país en plena ditadura de Gabriel Terra. O seu principal anfitrión será o escritor Enrique Amorim (1900-1960) e sua dona, -o roncagliolesco “amante uruguayo” que, ao meu ver, nunca foi-, a quen é debida a curtametraxe documental sobre os movementos do poeta en Buenos Aires, meses atrás. E quen promovéu o seique primeiro monumento mundial a Federico, Salto, 1953, a cidade natal de Enrique, beiras do río Uruguay.



Margarita Xirgu nunha escena de “Bodas de sangre”, na inauguración do monumento-paredón de Salto

Malia o que se ten afirmado e nos conta unha placa no citado hotel, Lorca non rematou nese lugar o texto de “Yerma”, tales foron de axitadas as xornadas do asediado poeta en Montevideo, onde chegou a impartir catro conferencias, tres no tamén desaparecido teatro “18 de Julio” e a restante no exclusivo “Club Uruguay”, centro social maior da capital.

No edificio “Torre de los Caudillos” (emprendemento da empresa “González Conde, construcciones”, fundada por un ourensán deses apelidos), que veu substituír o belo palacete Urtubey, lembrando o centenario do poeta, pódese ler un seu poema, grabado en bronce –“Poesía es lo imposible hecho posible. Arpa que tiene en vez de cuerdas corazones y llamas...”-, en tributo rendido “a quien llenó nuestras horas de insomnio y nuestras almas de gozo, (quede aquí) el recuerdo de su estadía en este solar.”


Como mostra da vixencia de Federico (no teatro uruguaio, nas actividades culturais, docentes e académicas en xeral), queremos dar cabo a esta crónica, resaltando o seu verso “A las cinco en punto de la tarde”, transmitido, na voz de Ruben Castillo (1922-2002),

por radio “Sarandí”, o invernalluns 9 de xullo de 1973, como consigna convocante dunha manifestación –que foi masiva- contra o golpe de estado do 27 de xuño anterior, a encher a avenida principal, 18 de Julio, da capital, no que alguén chamou o “dieciochazo” (Crón. 39). O cal foi como unha prefiguración do “Grândola, vila morena” portugués de abril do 74: alí deu pé á democracia, aquí foi o último berro da democracia, afogada brutalmente polos seguintes doce anos.

Frase ad hoc: “Al lado de la prodigiosa voz del siempre maestro Rubén Darío y del (sic) extravagante, adorable, arrebatadoramente cursi y fosforescente voz de Herrera y Reissig y del gemido del uruguayo y nunca francés Conde de Lautréamont, cuyo canto llena de horror la madrugada del adolescente, la poesía de Pablo Neruda se levanta con un tono nunca igualado en América, de pasión, de ternura, de sinceridad”. (F.G.Lorca na presentación de Neruda na *Universidad Complutense de Madrid*, 06-12-1934).

XCIII. 12 máis 1 narradores uruguaios do XX

Na crónica anterior aludimos ao anfitrión lorquiano por excelencia e hoxe imos repetir o seu nome no grupo máis ou menos arbitrario que escollemos, simplemente para que o incauto lector poda consultar esta ducia extensa (na que hai apenas e inxustamente unha única muller) nas páxinas da interrede ao uso: vede aquí unha guía descarnada como simple base para se internar no pracer de leituras ignotas.



Eduardo Acevedo Díaz

Imposíbel obviar, para comezarmos co século XX, unha figura como **Eduardo Acevedo Díaz** (1851-1921: naturalista en *Brenda*, *Ismael*, *Nativa* ou *Soledad*, publicadas entre 1886 e 1894), de lonxe o máis destacado romancista da centuria anterior. (Por certo que era neto do coruñés Xral.

Antonio Díaz, un daqueles "Sete de San Nicolás" da Crón.

6).



Filme sobre conto de J. J. Morosoli (2003)

Coa súa primeira obra nese mesmo século (*Campo*, *Gurí* -guaranismo por neno-, *Gaucha*, do período 1896-1899), internémonos no seguinte coa figura do criollista **Javier de Viana** (1868-1926), sen dúbida o máis prolífico contista. **Carlos Reyles** (1868-1938, autor de *Beba*, *La raza de Caín* ou *El terruño*, todas publicadas entre

1894 e 1916) desenvolve un certo materialismo vitalista e sicolóxico. O universalmente disfrutado **Horacio Quiroga** (1878-1937, con *Los arrecifes*



Enrique Amorim

de coral, Los perseguidos, Cuentos de amor, de locura y de muerte ou *Cuentos de la selva*, editados entre 1901 e 1918) pon o ramo a tanta beleza (o seu retrato na Crón. 53). Todos tres da xeración do 900.

Xa de cabeza no século XX, chegando a ser, como o resto, contemporáneos –inda que non coetáneos- nosos, temos ao **Juan José Morosoli** (1899-1957) de *Hombres, Los albañiles de Los Tapes* ou *Muchachos* (1932-1950).

Rigorosamente coetáneo del foi o noso aludido *ut supra* **Enrique Amorim** (1900-1960), autor de *La Carreta, El paisano Aguilar* ou *El caballo y su sombra* (1932-1941).

Francisco Espínola (1901-1973) marca un fito de modernidade e maxisterio para varias xeracións, pertencendo el mesmo á chamada “del Centenario”. Son títulos seus *Raza ciega, Sombras sobre la tierra* ou *Don Juan el Zorro* (póstuma). (Faleceu na mesma noite do día do golpe de estado que deu lugar á ditadura de 1973-1985).



Armonía Somers

Outro innovador, o raro **Felisberto Hernández** (1902-1964), agasalounos *Por los tiempos de Clemente Colling*, ou *Nadie encendía las lámparas*, mesmo *La casa inundada*. Contos seus antolóxicos: *Las hortensias* e *El cocodrilo*.

De **Juan Carlos Onetti** (1909-1994) pouco e nada compre dicir, tan coñecido e cercano a nós e vós. (Meu curmán Un non gusta del e eu gozo con citalo aquí, como era de forza).

Armonía Somers (Armonía Etchepare, 1914-1994) é outra orixinalísima, inquietante prosista, en *La mujer desnuda* ou nos contos de *El derrumbamiento* ou *Solo los elefantes encuentran mandrágora*.

Carlos Martínez Moreno (1917-1986), coa sua novela *El color que el infierno me escondiera* culminou unha enorme obra narrativa, morrendo no exilio.

Julio C. da Rosa (1920-2001), contista singular, dun criollismo actualizado, deixounos, por exemplo, *Juan de los desamparados*. Estes tres compoñen, entre outros, a xeración do 45. E el está de centenario neste 2020...

... Ao igual que **Mario Benedetti** (1920-2009), quen integra, xunto con **Eduardo** (Hughes) **Galeano** (1940-2015) a dupla mundialmente máis popular entre os escritores uruguaioas destas décadas, nos que sería redundante abundar.

Galeano, con **Mercedes Rein**, **Mario Levrero** ou **Cristina Peri Rossi** (a única sobrevivente destes) formou nas fileiras da prolífica xeración do 60, cos que pechamos esta máis que sintética paseata pola narrativa deste país no século XX, deixando de lado a toda unha numerosa, posterior e actual pléiade de creadores literarios do Uruguai.

(Traducimos): “En Montevideo tivemos sempre tantos galegos que cando agora imos a Galicia parécenos estar entre montevidéanos. Non é casual que os compañeiros que achei en terra coruñesa me parecen os máis integrados e campantes de todo o exilio uruguaio espallado por España”.
Mario Benedetti, Madrid, 1984.

XCIV. Nomes galegos do Uruguai

Tendo tratado os apelidos galegos no Uruguai e máis certos nomes típicos do país, hoxe, por suxerencia do curmán Un, traemos ao blog algúns nomes galegos do Uruguai, quer dicir, nomes de pía. É así que, décadas antes da posibilidade legal de os galegos da Galiza levar nomes propios autóctonos, xa se facía isto, coa mesma vocación, chamémoslle patriótica, nestes países que forman a Galiza da diáspora.

Hai, neste campo, como sabemos, nomes máis ou menos *occidentais*, comúns ás nacións europeas, na súa versión galega e/ou portuguesa: Xoán/Joao, Iria, Martiño/Martinho, Brais/Braz, Comba, Cristovo/Cristóvão, Minia, Paio, Uxío, Sabela, Iago... e tamén os arcaicos: Duarte, Roi, Ilduara, etc. ou mesmo mitolóxicos, tal Breogán...

Neste sul de Sul-América, galegos houbo, maiormente os de mentalidade política ben asumida, noutras palabras, os que de galegos exercían que, cando exercían de pais, como proba suprema de amor á Terra nai, aplicaron aos fillos nomes desa patria lonxíncua (Crón. 34).

Andan por aquí persoas que se chaman **Rosalía** ou **Flavia**, especificamente por Rosalía de Castro e por Iria Flavia (sendo este un complemento do citado Iria). (O infortunado padronés ou mellor, iriaflavense Castro Padín da Crón. 27 puxéralle Rosalía –de tal xeito, R. Castro- á súa filliña máis nova). Mesmo temos algunhas **Sabelas** e **Suevías**, ata **Galicia** e **Galiza**.

E **Lugo** chámase o fillo de dona Celia Bello e do galeguista lugués de primeira liña, Manuel Meilán Martínez (1904-1994), presidente do Patronato da Cultura Galega (1981-





*Aquela efímera moeda “austral” argentina...
co “galego” Rivadavia como protagonista!*

1989) e Vieira de Prata 1990 desa institución e antes disto Medalla Castelao 1987, e moito atrás, colaborador de Castelao e, morto o Guieiro, outro cofundador (Crón. 89) da audición radiofónica *Sempre en Galicia*, seguindo no ar viva a súa voz

setenta anos despois: “Bos días, galegos, eiquí Sempre en Galicia...”, co fondo da *Muiñeira de Chantada* interpretada ao piano polo coruñés Emilio Pita (1909-1981), residente principalmente en Buenos Aires.

Celta coñecemos dúas mulleres, así como un home **Céltigo**. E, como non, **Breogán** máis de un. **Medulio** Pérez foi un cidadán que xa temos mentado (Crón. 6), e mencionámolo agora, na medida en que, dada a súa problemática situación xeográfica, se trate dun topónimo noso.

Ora, en liña co costume americano de lle pór a nenos varóns recén nados como nomes de pía apelidos de próceres (Crón. 56), aquí temos, cando menos, a un **Líster** e a un **Castelao**... dándose neste eido un caso curioso cal é o do uruguaiano Héctor **Rivadavia** Gómez Sanguinetti (1880-1931), xornalista e político, ideólogo, fundador (B. Aires, 1916) e primeiro presidente da CONMEBOL (Confederación Sudamericana de Fútbol/Confederação Sul-americana de Futebol) quen, como delegado da AUF (Asociación Uruguaya de Fútbol), conseguiu para este país a sede do campionato mundial de 1930. Pois resulta que este home levaba ese segundo nome en honra do persoeiro arxentino dese apelido, apelido que no Río da Prata adquiriu tal versión a partir do pai daquel, o monfortino González de Ribadavia...

Só nos resta, abordar o terreo dos alcumes ou, mellor, diminutivos, onde é salientábel como neste Uruguai aínda se dan algunhas Finas (Josefinas galegas ou desta

orixe), mesmo tendo coñecido nós unha Marica (de familia de moito acomodo) que levaba, sen unha explicación clara, tal hipocorístico que, incluso en Galicia vai caíndo en desuso...

Frase extemporánea: “Nesta América cuxas veas levan moito sangue da nosa estirpe, sinto unha emoción grande ao voltar a esta cidade, despois de corenta anos nos que o mundo deu moitas voltas e a cultura galega adiantou moito na súa consolidación, e en boa medida gracias ós galegos da diáspora”. Xosé Neira Vilas, Montevideo, 1998.

XCV. A coruñesa Celedonia, de vitimaria a vítima



Aspecto moi millorado da que fora mansión dos Salvañach-Wich, co seu excepcional miradoiro

A crónica 27 informounos de dous galegos asasinados (1897,1901). Hoxe

informamos dunha coruñesa ultimada moito antes (1821), apenas coruñesa, pois de galega non tiña nen vivencia nen proxenitores (tales Lecocq e Pérez Brito antes – Crón. 59- e despois dela

Menéndez Pidal, conformando o que


adoitamos chamar *aves de paso*). Con efecto, Celedonia Wich de la Torre (bautismo en San Nicolás, 1780-1821) nacera na Coruña, onde moraban seus pais –casados un lustro atrás en Betanzos-, el suízo, ela leonesa, e emigrados, dalí a dous anos, a esta Banda Oriental.

Pasado pouco tempo, ingresa tamén aquí Cristóbal Salvañach, valenciano de Alcoy/Alcoi, quen acabará sendo gran empresario e ostentando cargos civís e militares na Montevideo colonial. Casan (1795) Celedonia e Cristóbal e instálanse nun comprido edificio que, cos anos, compraría o primeiro presidente da República, noso coñecido Xral. Rivera (Crón.77) e habitaría coa sua dona, Bernardina Fragoso (filla dun galego de Pardemarín-A Estrada). Casona que hoxe alberga o Museo Histórico Nacional (a sua sede principal).

Chegan a procrear catro fillos e viven na maior abundancia. Mais, abolida a dominación española (1814), Salvañach ve mermado o seu peculio e alónxase do país, nun episodio nunca explicado... para morrer nalgunha paraxe da África: quedan os rapaces, con idades entre os 12 e 2 anos, a cargo da nai.

A novelista Susana Cabrera Garrido (de pais de Vigo, antes Cabreira), no seu romance “Las esclavas del Rincón” (2001) (Rincón, pola batalla homónima, actual nome da rua onde vivía esta familia), tenta analizar a complexa e torturada personalidade desta muller abandonada que, por esas circunstancias e polo seu propio carácter, aplica, por dicilo suavemente, un rigor extremo aos seus escravos. (Antes de Cabrera, 1976, o tratadista Ricardo Goldaracena, coa solvencia e galanura de seu, desenvolverá brevemente o drama).

Así é como, no inverno de 1821, asasínana algunhas desas escravas (outra volta África nesta biografía!), feríndoa de morte con garfos de mesa e guindándoa desde o alto ao patio central da casa, ante os ollos de Carmen, a filla máis nova, de oito anos. María Mariquita e Petrona Encarnación (negras) e máis Luciano



(mulato, fillo desta), chamábanlle aos executores, que, tras un prolongado xuízo, son sentenciados (agosto de 1822): aquelas a “muerte de garrote y a falta de ejecutor a que sean fusiladas por la espalda y durante tres días sus cuerpos exhibidos al pueblo” e o rapaz “después de presenciar el suplicio de sus cómplices, a tres años de presidio en África, y condenado a trabajos forzados, con prohibición de retornar a este Estado [nese momento colonia portuguesa], bajo pena de vida”. Certificando o *escribano de cámara*

Joaquín de la Sagra, o tamén coruñés noso coñecido.

Execución que é efectivizada na mañá do 2 de abril de 1824, malia a defensa maxistral oficiada por Lucas J. Obes, presonaxe de moito brillo na época, quen dixo: “El miedo de las esclavas a su ama y el pánico por sus continuos arrebatos de ira, les provocaron la sensación de vivir diariamente bajo una gris llovizna de horror”.

A Montevideo concedéraselle (1791) o monopolio na introdución de escravos (negros) na rexión e tal foi o tráfico que se estima, para 1805, que un tercio da poboación da cidade era desa procedencia (tanto da occidental como da África oriental). Un longo proceso de vinte anos deuse, con sucesivas leis que ficaron en papel mollado, ata culminar, na década de 840, na abolición da escravitude (en tanto no veciño imperio brasileiro aínda aconteceu isto en 1888, o que rematou coa fuxida, no período anterior, de escravos para este país).

(Na Coruña do XVIII temos visto algún que outro casamento de negros, escravos de funcionarios americanos, así en 1742, 1767 e 1800, anos que pautan, na igrexa de Santiago da Cidade, senllos enlaces de escravos entre si, ou con mulleres brancas).

Dos fillos Salvañach-Wich alcanzou sona Cristóbal (doce anos no momento do crime), que chegou a ministro e contador da República. Parte da fortuna do pai foran os campos que posuía, desde 1801, na actual segunda sección do departamento de Tacuarembó, que Celedonia nunca debéu pisar, trasmán como ficaban: hoxe subsiste naquela toponimia agreste a *cuchilla de Salvañach*, é dicir, a cadea de lombas ou pequenos cerros á que por aquí se chama cuchilla.

Frase extemporánea: “A miña convivencia coa Galicia emigrada fíxome sentir unha plenitude interior que xamáis esquencerei. Sempre pensei que Galicia, a Galicia verdadeira, ten tres dimensións: a campesiña, a mariñeira e a emigrada. Alá faltábame a experiencia da Galicia emigrada. Agora, despois de mergullarme cordialmente nela, síntome máis galego, síntome plenamente galego. Penso que esta experiencia marcou o meu espírito para sempre”. Ramón Piñeiro, Montevideo, 1980.

XCVI. Antigas familias galegas... repetidas



O oriental Santiago Vázquez (n. 1787)

Sentado que antigos somos todos, desde descemos dos primeiros bípedos humanos africanos, queremos neste caso referirnos a familias que, desde antigo, teñen presenza importante, para ben ou mesmo para mal, na sociedade uruguaiana cando de orixe galega. E xogaremos cunha ducia, a partir dun apelido que se repite en núcleos familiares en absoluto emparentados (dándose isto, claro é, con varios

outros clans de destaque non galegos, tales os dos Herrera andaluces e os De Herrera canarios), nun período, digamos, fundacional da República, que vai desde 1771 a 1840.

Naquel 1771 casan aquí Ana Hernández e **Juan de Castro**, natural de Bastavales (actual concello de **Brión**), quen foron pais do patriota Mateo de C., abós do Xral. Enrique C. e bisabós de Juan José C. (Crón. 9). Terá que pasar case medio século (1819) para que se unan en matrimonio a *orientala* Ma. Genoveva de Castro co seu curmán **Agustín de Castro**, nativo de Lestrove-**Dodro**, tronco dunha importante prole, tales, entre outros, seus fillos Carlos, Agustín, Juan Pedro e Prudencia, que deron orixe a extensa xinea entre a cal os Castro Caravia e os Capurro C. (Cróns., 6, 28, 29, 71, 73).



O Vicario José Benito Lamas (n. 1787)

En 1775 o **coruñés** de berce **Manuel Vázquez** contrae matrimonio con Josefa Pagola e serán ancestros dos Vásquez (sic) Acevedo e Acevedo Vásquez, e máis dos Vásquez Varela, ramo de intelectuáis de primeira liña. (Cróns. 6, 29, 61). Cinco anos máis tarde, **Juan Vázquez**, de Camporredondo-**Ribadavia**, únese aquí coa **sadense** Rosa Feijoo, e serán pais do *constituyente* Santiago Vázquez e abós de Adolfo Rodríguez V. Clan galego por ambas partes. (Cróns. 9, 28, 88). Outro **Vázquez**, **Andrés**, de **Curtis**, casará en 1790 con Inés Ledesma, enxendrando a outro *constituyente* de 1830 José V. Ledesma, e serán abós de Prudencio Vázquez y Vega. (Crón. 88).



O oriental Juan Benito Blanco (n.1789)

Lamas floreceron ata hoxe duas familias principais (como os Herrera, de opostas opcións políticas). **Domingo Antonio Lamas**, de **Redondela**, casa aquí (1783) coa súa paisana ferrolá Francisca Regueira, a formaren outro núcleo familiar galego cen por cen. Serán pais dos patriotas da primeira hora José Benito (crego, Crón. 80) e Luis, tamén coautor da primeira Constitución, e pai do patricio Andrés Lamas Alfonsín. Todos pertencentes ao hexemónico *Partido Colorado*. En troque, deron orixe a unha familia do *Partido Blanco* **Benito Lorenzo Lamas**, antural de Reigosa-**A Pastoriza**, que casou (1801) con Tiburcia Palomeque, sendo pais do Xral. Diego L. e abós do Cnel. Diego L. e de seu irmán Alfonso Lamas Delgado.

De Loño-**Vila de Cruces** era **Alonso da Contiña Blanco**, quen (visto que lle traducían a *Cuentas* o enxebre apelido!) acabou desbotándoo, casando (1784) con Ángela



O coruñés Antonio Díaz (n.1789)

Farías, sendo pais de Juan Benito B., o cuarto *constituyente* desta listaxe!, e abós de Juan Ildefonso B. (Cróns. 6, 65). Si era **Blanco Pablo**, da **Coruña**-cidade, quen tomou estado moito despois (1840) coa crioula Rita Fernández, dando vida a Juan Carlos Blanco e sendo abós dos Blanco Acevedo. (Crón. 47).

Pedro José Díaz, de Leiro-Miño, casa aquí (1789) con María Jordán (nada na **Coruña**) e procrean ata hoxe unha familia da que destacamos a seu neto Teófilo E. Díaz. (Crón. 58). Pola contra, **Antonio Díaz** (da **Coruña**-

capital) casa (1823) con Dionisia Gómez, e serán pais dun segundo Antonio D. (fillo) e abós de Eduardo Acevedo Díaz (Crón. 93).

Monteros temos a catro galegos, dos que destacamos a: **Juan Montero Montojo**, de Oural-**Ortigueira**, que casa aquí (1800) con Ana Rodríguez e son ancestros dos Montero Bustamente. En tanto **Antonio Montero**, da Graña-**Ferrol**, casaba, 17 anos máis tarde, con Matilde Raña e terán importante descendencia. (Crón. 29).

Quen siga estas páxinas verá que de varios destes galegos temos tratado dunha ou doutra maneira... sempre contando co *Tío Google* para ampliar datos: moito matrimonio para mín, dime, algo amolado, o solteirón de meu curmán Un. *Que me perdoe... non volverá a acontecer*, como dixo o outro de cuxo nome non me quero lembrar...

Reflexión extemporánea: Malia na España se chame “tacita de plata” a Cádiz, alguén púxolle igual apelativo a esta capital sulamericana, coa variante autóctona de “tacita **del** Plata”, segundo a canción que di “ Montevideo,/ bella tacita del Plata/ bajo tu cielo de estrellas/ se vive y se sueña/y todo es amor”. (“Mi Montevideo”, tango-candombe de Romeo Gavioli, 1913-1957).

XCVII. Dous docentes precursores

Para nos situar historicamente, colocámonos hoxe en plena Guerra Grande (1843-1851) con Montevideo sitiada polas forzas federais (que nunca a tomaron) ata que estas foron derrotadas (lembrede a “Nouvelle Troie” da Crón. 54). Pois un crego e un case crego son esta volta os nosos protagonistas, un nado na beira oriental, o outro na occidental do río Uruguai, nos tempos finais do dominio hispano, e os dous galegos-fillos, puntáis que foron no ensino secundario público da futura *República Oriental del Uruguay*.



Lorenzo Antonio Fernández [e Larrobla] (Montevideo, 1792-1852) figura no noso nomenclátor apenas como Lorenzo Fernández (homónimo dun futbolista olímpico, 1900-1973, de pais redondeláns!). Despóis de casar moi novo e ficar viúvo logo, foi ordeado sacerdote en Salta (Arxentina, 1817), sendo o primeiro cura párroco de San Francisco (na Cidade Vella montevideana, 1840) e, morto o vigairo Larrañaga, o segundo vigairo (1848-1852) da Igrexa católica uruguaiana.


Non menos importante foivos a sua actividade política, iniciada como



partícipe no proceso de elaboración da primeira Constitución (1828-1830), se ben abandonou as deliberacións en 1829 (remítovos aos *constituyentes* da crónica anterior). Durante o sitio á capital, onde resistía o chamado Goberno da Defensa, será vicepresidente da *Asamblea de Notables* (1846), o precario poder lexislativo, e senador (1848). É entón cando é designado reitor (o primeiro) da nacente *Universidad de la República* (1849-1850), a cal botou a andar, malia a brevedade do seu mandato.

Resta dicir que D. Lorenzo era fillo de Juan Fernández, de Beira-Carral.

Pola súa banda, Luis José de la Peña [e Rivademar] (Buenos Aires, 1796-1871) recebeuse (1818) de Filosofía e Teoloxía en Córdoba del Tucumán (para a disterar da



andaluza Córdoba la Llana), se ben axiña deixou a carreira eclesiástica. En desacordo co goberno de Juan Manuel de Rozas (no seu tempo: Rosas), emigrou a Montevideo, onde residíu ata a caída do ditador (1839-1852), sendo de informar que xa estivera anteriormente nesta Banda, concretamente como mestre na Mercedes oriental (1830).

Iniciado aquí o sitio, dedicouse a organizar o ensino público secundario, sendo o primeiro reitor do *Colegio Nacional* (1849). Ano este en que foi membro do primeiro *Consejo Universitario*, sucedendo o cargo que (1847) tivera no *Instituto de Instrucción Pública*. Fundada a universidade, desempeñouse como catedrático de Filosofía (1849-1852), en tanto exercía como (segundo) vicerreitor da institución (1850-1852), data en que, tal como dixemos, volta á Arxentina onde, nas dúas décadas seguintes, ocupará cargos relevantes (entre os cales o de ministro de Relacións Exteriores) e actuará repetidas veces como diplomático... ata morrer na epidemia de febre amarela.

De la Peña figura no noso nomenclátor cos nomes alterados, mais resaltado o seu título: Dr. José Luis de la Peña, sen segundo. Resta dicir que era fillo de Marcos José de


la Peña (da Pena?) Fernández, de Bouzas-Vigo, e neto do tamén galego Fructuoso Rivademar (apelido hoxe restrinxido ao concello de Ribeira, de onde probabelmente fose este).

A falta de maiores sabencias, ocórresenos que os dous docentes deberon ter estreita relación, inevitábel dado o terreno común no que desenvolveron a sua actividade, mesmo a falaren do común paisanazgo de seus pais...

Concebida co nacemento da República, houberon de pasar dúas décadas para que a universidade nacera

Dato triste e indignante: No Uruguai hai 195 cidadáns detidos desaparecidos pola ditadura 1973-1985, amáis doutras decenas en Arxentina (110), Chile e o Paraguai. Ata o momento apareceron, gota a gota, algúns corpos sepultados en unidades militares, mais este país, exemplar por tantas outras cousas, xa foi emprazado pola Xustiza internacional a conta da sua débeda no cumprimento deses esclarecementos.

XCVIII. De boliches e cafés




Gran café, café, café-bar, bar (tamén baar)... velaí unha escada descendente dos establecementos privados –ao tempo públicos- que, na linguaxe popular -coa excepción do primeiro, con ese hiperbólico *gran-* se engloban baixo o nome de *boliche*...

(Notaríades a ausencia en riba e na realidade montevideana case absoluta do termo *cafetería*). Agás destes (case todos ubicados nas esquinas das mazás urbanas) están os *boliches-almacenes*, simplemente *almacenes*, que se limitan ao rubro comestíbeis, despois de ter oficiado de locais mixtos de despacho de bebidas, moi relacionados coas antigas *pulperías* rurais... onde se bebía e se vendía de todo.

Na Cidade Vella montevideana –outrora o cerne urbano- temos o tradicional Café Brasileiro, secundado na extensa xeografía capitalina, en cadanseu barrio, por outros como o Vaccaro de Goes, o Apolo da Unión ou Los Yuyos do barrio Atahualpa (reino dos augardentes de toda a gama imaxinábel), grande parte deles operando tamén como *restoranes*. (Non abordamos aquí os modernos pubs ou discotecas). Os temas uruguaiois “Un boliche” (tango) ou “Los boliches” (fermosísima canción) dan fe dese ambiente, como moitas narracións e mesmo ensaios contemporáneos (por exemplo, as





Francisco San Román


“Crónicas migrantes” de Armando Oliveira).

Na crónica 4 enumerábamnos, ao chou, algúns de onte e de hoxe con nome comercial galego: Añón, Outes, Tasende, Facal, Trigo ou os varios Torrados, aos que agora engadimos o Chez Piñeiro *pociteño*, e tamén os galegos camuflados baixo nomes tales o Gran Sportman estudiantil (en fronte da Universidade), o Fun-Fun (recén reinstalado, coa súa exclusiva bebida “uvita”) ou o Expreso Pocitos, ou, o pai de todos, o Almacén del Hacha, en dita *Ciudad Vieja*, onde tantos outros houbo, pois era o lugar de arribo e, frecuentemente, de apousentamento dos recén chegados inmigrantes... a maioría fundados ou

propiedade deses paisanos... co infaltábel dono xunto da caixa, tras a barra ou *estaño*.

Así é que os nosos connacionáis tiveron grande presenza neste campo, e vai chegando o momento de falarmos da desaparecida cadea dos Torrado (fundada polo pontecesán Gerardo Torrado Pailos), que nos trae á memoria a que foi desmesurada cadea dos almacéns Manzanares, S.A., da nosa crónica 59... e seguir falando do Tasende, de 1931, beiras da tan mentada Cidade Vella (coa súa única *pizza al tacho*); do Facal, de 1944, reciclado hoxe (nun local trasladado do Cordón á zona centro), con especial dedicación a Carlos Gardel, emitindo continuamente as súas cancións e coa estatua sedente do “Mudo” ou “Mago” (de 2015) diante da súa fachada...

José Trigo, das Pozacas-Cerqueda-Malpica, tamén posuía varios establecementos do ramo, algúns con bó nivel, dos que foi sucesor o efímero Bar Coruñés-Bar Republicano, do barrio Sur, de seu fillo uruguaio, quen facía gala desa ideoloxía: “Nuestro amigo José” (1983) foi a semblanza que lle dedicou Carlos Mendive a aquel pai. (En dita nosa Crón. 4



citamos a Manuel Touriño, o *bolichero* a quen o mítico cantautor Zitarrosa lle agasallou a súa canción “Para Manolo”, con versos galegos).

E así é como chegamos ao inevitábel Al Tupí Nambá. Fundado en

1889 polo miñorano Francisco San Román [e Valverde], “el rey de los cafeteros”, segundo foi nomeado polos tertuliáns intelectuáis que, como no posterior café Sorocabana, facían competencia ás tertulias de librarías (como Barreiro y Ramos) ou, con posterioridade, editoras (como Banda Oriental). El e seu irmán Severino, dono do Polo Bamba, marcaron fito na historia cultural e social, mesmo política da cidade. (O Tupí, veciño do teatro Solís, evócanos a “La novela del indio Tupí-Namba”, con ese acento trocado, do coruñés Eugenio Fernández Granell). San Román, participante el propio nesas tertulias, tan estimado era que o mesmísimo escultor Juan Manuel Ferrari o inmortalizou de corpo enteiro no bronce. Nos comezos do XX o local foi reformado ata acadar un nivel de luxo *oriental*.

A nosa paisana coruñesa Alicia Martínez, que morou aquí en 2015 como aluna de Arquitectura, fixo “Memorias de agua”, un fino traballo fotográfico sobre estes boliches que acabou plasmando nun libro. Boliches que, segundo contábamos na Crón. 65, foron propostos como “de interese histórico”, e non é para menos.

(Traducimos): “A primeira vez que fun a Galicia estiven recorrendo as viliñas de Pontevedra e Ourense, descubrindo tabernas e cafés que se chamaban *Uruguay*, ou *Venezuela* ou *Mi Buenos Aires querido*... e por todas partes había banderíns de Peñarol e Nacional e Boca, e todo iso era dos galegos retornados de América que sentían agora a nostalxia ao revés”. Eduardo Galeano, 1989.

XCIX. As Xornadas Patrióticas Galegas de Montevideo

Parellas ás de Buenos Aires, as *Jornadas de Cultura Gallega* naceron en Montevideo o ano 1956, por iniciativa de Casa de Galicia e do noso vello coñecido miñense Antón Crestar Faraldo. Así foi como entre o 5 e o 23 de xullo dese ano




houbo unha exposición de pintura e artesanía galegas, unha velada musical no Teatro Solís e, entremedias, o día 13, unha conferencia de Ramón Suárez Picallo (daquela residente na capital porteña) na institución antedita.



M. Vázquez Valiño ao pé da estatua de Rosalía, inaugurada o 30-11-86

Lamentabelmente apenas temos datos das seguintes xornadas (escápasenos se R. Otero Pedrayo, S. Martínez-Risco e E. Blanco Amor en 1959, 1961 e 1962, así como Emilio Álvarez Blázquez, neste ano, darían as suas palestras no marco delas); daquela cinguirémonos a enumerar como tal vez o máis salientábel, a presenza nesta cidade e evento de intelectuáis vindos da Galiza –e algunhas veces desde a beira veciña- a disertaren (en combinación co *Centro Gallego* de B.A.): Paz Andrade (1966), Alberto Vilanova (1967), Celso Emilio Ferreiro (1968), X. Alonso Montero (1969, voltaría en 2008), Basilio Losada (1970), Victoria



Armesto (1971), Emilio González (1972 e 1984), Manuel Espiña (1973 e 1981), R. Carvalho Calero (1974), S. Martínez-Risco (1975), Rodolfo Prada (1976), García Sabell (1978), Chamoso Lamas (1979), Ramón Piñeiro (1980), Filgueira Valverde (1983), Carlos Casares (1985), Xavier Castro (1986), Neira Vilas (1989)... Xusto Beramendi (1999)...

Igualmente deuse a presenza doutras figuras galegas por fora destas Xornadas e datas: Núñez Bua (1966), Méndez Ferrín (1968 e 2006), Lueiro Rei

(1968 e 1972), L. Seoane (varias veces), como Emilio Pita, A. Pérez Prado (1969 e 1994), Alonso Ríos (1977), Sixto Seco (1979 e 1985), González Garcés (1982), Freixanes (1989), X.R. Barreiro (1991, etc.), M. Rivas (1991 e 2009), X.L. Valcárcel (2005), Suso de Toro (2007), os irmáns Pérez Leira, etc., etc.

(Nese propio ano inicial 1956 celebrárase, en B. Aires, o importante e internacional I Congreso da Emigración Galega). Por suposto que as Xornadas –a certa altura (1965) organizadas polo *Comité de Sociedades Gallegas* e máis adiante pola *Unión de Sociedades Gallegas* (USG) e o Patronato da Cultura Galega- comprendían outras actividades. Por exemplo, as exposicións bibliográficas (1961, nas VI Xornadas, falando L. Tobío, a piques de deixar este seu país de residencia, (Crón. 89), ou outra en 1975). Por exemplo a ofrenda, diante da sepultura de Luis Fernández Bermello, aos galegos mortos no Uruguai.

Non cabe dúbida que é fillo destas Xornadas –un mesmo grupo de galegos

exercentes en toda as iniciativas- o Patronato da Cultura Galega, xurdido en 1964. E ahí van algunhas das suas accións e actividades non tratadas ata agora nestas crónicas. É 1965 cando, xunto a outras 15 sociedades galegas de Montevideo (feito pouco rexistrado), asina unha solicitude dirixida ao cardeal Quiroga, manifestándolle a preocupación por o idioma do país ter sido ignorado entre as linguas vernáculas con dereito a se activar nas prácticas relixiosas polo concilio Vaticano II.

En 1969, a propia institución logra (Crón. 10) da *Intendencia Municipal de Montevideo* (concello) nada menos que a concesión de oito novas ruas, tales: Castelao, Curros, E. Pardo Bazán, Antonio L. Pereyra, Joaquín de la Sagra, Valle Inclán, Lugo e Santiago de Compostela. Nesa década a finar, xurden aquí diversas editoras, polo xeral de vida efímera: Eds. Banco de Galicia, Eds. Hoxe (da AUHGA: *Asoc. Uruguay de Hijos de Gallegos*), Eds. Ronsel (de Casa de Galicia) e a única duradeira Eds. do Patronato da Cultura Galega.

Na década seguinte dáse o feito (Crón. 82) do busto de Castelao, moldeado naquel augural 1956 polo escultor Escudero. E, a un ano do centenario (1986), inaugúrase o busto de Rosalía (Crón. 17), replicado (1988) na praza Galicia de Maldonado, promovido tamén pola USG, á sazón presidida por Roberto Santos Collazo (Coruña, 1940), ano este no que se consegue, polos mesmos, a praza Galicia da capital.

O busto de Rosalía foi moi airexado polo xornalista Miguel Vázquez Valiño (Sabardes-Noia, 1910-1990), exiliado e activista a través de *El Diario Español* e do seu *Suplemento Gallego* (este de 1979 en diante), pluma omnipresente a prol da Nosa Terra, e, por suposto –co cal nos trabamos o rabo-, tamén das Xornadas de que tratamos, como integrante da Comisión de Cultura de Casa de Galicia. Desde o tan citado Patronato, en unión do seu directivo Albino García Cochón, foi axitador constante e frustrado da idea de pór o citado busto do Guieiro acarón do de Rosalía. En consonancia con todo isto, será Vieira de Prata 1985.



Dato musical: 85 anos separan dúas pezas musicais que estranxeiros dedicaron a este país. En 1928 os españois Villajos (mús.) e Bolaños e Jofre (letra) deron a coñecer o *chárleston* “Al Uruguay” (Al Uruguay-guay yo no voy-voy porque temo naufragar). En 2013 o ruso Aleksey Igudesman e o inglés R. Hyung Joo, crearon o *hit* “Uruguay es el mejor país” (mejor que Francia y que París).

C. A cidade uruguaia vaivén e a galega Tui



*Fundación da Nova Colónia do Smo.
Sacramento*

Meu curmán, que é un trasno, levaba anos procurando un artigo perdido: este día, remexendo papéis, atopouno e ven me dar a vara para que o divulgue, aproveitando que estamos no 20º cabodano do seu autor, o Prof. José Luis Pensado. O tal texto foi

publicado en 1995 e como o acho pouco coñecido permítome usalo como base desta derradeira crónica.


Resulta que no *tratado de Madrid*, suscrito entre España e Portugal en 1750, esbozábase un proxecto do máis pavelo: a cambio da Colonia do Sacramento (no Uruguai), os portugueses adquirían Tui e Celanova, capando Galiza polas suas partes baixas! Cousa que non callou pola intervención dos xesuítas que ollaban con pavor outras cláusulas do tratado referentes á cesión ao imperio dos Bragança das *Misiones Orientales* (Crón. 85)., as cales, ao cabo do tempo, igual acabaron en mans de Portugal/Brasil.



Dedúcese de Pensado -quen glosa aquí un informe do Padre Sarmiento- que debeu

ter parte en tal pre-tratado a raíña, muller de Fernando VI, Bárbara de Bragança, morta en 1758 (e cuxo mausoleo radica no convento das Salesas, non lonxe da que o amigo Fernández Ferreiro calificou como *a rua dos galegos*, val dicir, San Bernardo, por onde vagamos nós mesmos durante os nosos anos naquela capital).

É curiosísima a vida desta Colonia de vaivén: fundada polos portugueses en 1680 (case cincuenta anos antes que Montevideo), na súa ambición por posuír a Banda Oriental do Uruguai, ese mesmo ano foi reconquistada polos españois, para, en 1683, ser conquistada novamente por Portugal, e así, alternativamente, sendo: 1705 (de España), 1715 (de Portugal), 1762 (España), 1763 (Portugal)... e definitivamente 1777 española. A propósito, nunha destas loitas deuse o dramático feito de algúns meses seguir guerreando (e morrendo os pobriños de sempre) pola vila, despois de ser asinado un daqueles tratados de paz, dada a lentitude de circulación das noticias provenientes da metrópole.



Suliñadas, de esquerda (oeste) a dereita (leste) as cidades de Colonia, Montevideo, San Carlos e Chuy

Nese propio ano, os azorianos de Rio Grande do Sul que foran (1763) poboadores da recente San Carlos de Maldonado, voltaron uns para aquela zona portuguesa, ficando outros na futura cidade uruguiaia: nesa zona limítrofe, a fronteira acabou fixada, máis ao leste, no río Chuy, actuais cidades xémeas de Chuy/Xuí.

Aquela Nova Colonia do Sacramento lusa (Crón. 80), a 180 kms. ao oeste de

Montevideo e a só 50 (en liña recta) de Buenos Aires, mar (ou río da Prata) por medio. é hoxe un dos fitos históricos e turísticos do Uruguai, sendo, desde 1995, o seu pintoresco casco vello Patrimonio da Humanidade.

Frase extemporánea (traducimos): “Montevideo é a capital dun país que, máis que un nome, ten unha situación (República Oriental del Uruguay) e está bañada por un mar proceloso que nom é mar, porque lle chaman río -o Prata-, no que xamáis se encontrou o menor vestixio do cobizado metal que lle dá nome” (Guido Castillo –1922-2010-, uruguaio exiliado en Barcelona, 1975).

ÍNDICE ONOMÁSTICO

Abreviaturas.-

Áz. Álvarez

Bdz. Bermúdez

Blqz. Blázquez

Dgz. Domínguez

Evz. Estévez

Fz. Fernández

Ga. García

Glz. González

Gmz. Gómez

Hiz. Hernández

Lz. López

Lzo. Lorenzo

Mdz. Méndez

Mgz. Míguez

Mnndez. Menéndez

Mz. Martínez

Nz. Núñez

Rrz. Ramírez

Rz. Rodríguez

Schz. Sánchez

Srz. Suárez

Vlsqz. Velásquez

Vsqz. Vásquez

Vz. Vázquez

A

Abal 35

Abeijón 26

Abelenda 18

Abente Haedo 59

Abente y Lago 59

Abril 86

Acevedo Díaz 93

Achugarry 53

Acuña de F. 62 65 87

Aguiar, F.E. 65

Aguiar-Mella 58

Agustini 83

Aínsa 78

Alberti 35 78

Albo 17 40

Aldao (ap.) 77

Aldasoro 82

Alfaro S. 86

Alfonso X 21	Astigarraga 21
Alfonso XIII 27	Áz. Bengochea 46
Aller 35	Áz. Blanco 66
Alonso Montero 19 99	Áz. Blqz., E. 99
Alonso Ríos 30 99	Áz. Romero 69
Alzáibar 29	Azaña 82
Amenedo 21 67 80	
Amorim 92 93	B
Andersen 10	Bacelo 78
Añón 26	Baker 48
Apolant 21	Baldomir, A. 81 92
Arana 82	Baliñas 51
Araújo, Rq. 69	Balsas 26
Arcos 10 65 90	Barcala 73
Ardao, Arto. 21	Barcia 82
Arenal, Á. 58	Barradas 92
Arenal, C. 21 33 58 64	Barreiro de W 11
Arezo 90	Barreiro y R. 28 58 62 98
Arigón 26	Barreiro, Ml. 80
Ariosa 26	Barreiro, X.R. 99
Arlington 76	Batlle Ibáñez 53
Armesto, V. 99	Batlle y O. 9 25 33
Arocena 54	Batlle, L. 82
Artigas 33 37 65 83	Bauzá 62
Ascone 91	Bayardo 21
Asorei 60 67	Bayce 47

Bdz. Flia. 65 69	Bresciano 92
Becerro 6	Brito 6 59 95
Bellán 21	Brito del Pino 28
Belloni 36 70	Brum, B.L. 86
Benavides 50	Buceta 26
Benedetti 1 9 21 23 30 32 41 76 93	Budiño 49
Beramendi 99	Buela, Jna. 68
Berdía 73	Busto 62
Berea 43	Buyo 17 40 90
Bergamín 78	
Blanco (flia.) 96	C
Blanco (h) 65	Cabano 48
Blanco (p) 6	Cabrera, Q. 53
Blanco Acevedo 47	Cabrera, S. 95
Blanco Torrado 30	Cáceres, E. de 36
Blanco Torres 64	Cacharavilla 42
Blanco-Amor 15 35 74 99	Caldeyro 40
Blanes 76	Calvo-Sotelo, L. 28 68
Blau 90	Camba 68
Bolívar 75	Camblor 31
Bonet 51	Camoens 37 72
Borges (abuelo) 41	Campos 6
Borges 40 41	Canabal hnos. 90
Borrazás 4	Canabal, Xs. 90
Botana 86	Canabal. Jqn. 28 40
Bragança 100	Canaro 26 53

Candeau 70	Castro, Rosalía 5 10 17 23 33 34 79 82 99
Canosa 53	Castro, Xvr. 99
Canoura 48	Cea 26
Capelán 53	Cebrián 74
Cardillo 53	Cela 77
Cardozo, T. 85	Chaín 75
Carré, L. 35	Chamoso 99
Carreira 27	Chavarría 53
Carril 35	“Che” 33
Carvalho Calero 99	Chenlo 53
Casal, J.J. 23 26 30 42 65 92	Collazo hnos. 91
Casaravilla Lemos 42	Collazo, Ma. 68
Casaravilla, C. 42	Collazo, R. 11
Casares, C. 99	Colleoni 32 36
Casares, M. 32 74	Companyys 82
Casavalle 90	Compte. L. 70
Castelao 10 11 17 21 30 34 35 60 67 79 82	Contursi 48
88 89 99	Cores, H. 19
Castillo, G. 30 100	Cornide 21 22
Castillo, Ruben 92	Cortinas 9
Castro (flias.) 96	Corujo 26
Castro Áz. 60	Cotelo, Rob. 30
Castro futbol. 26	Cottens 30 42
Castro Lz. 6	Couceiro 89
Castro Padín 27 94	Cousillas 59 70
Castro, J.J. 9	Covián 15

Crespo Pozo 77	De Sgo. Malpica 26
Crestar 4 58 60 99	De Toro 99
Crosa Peñarol 26	Del Barco 72
Cubela 70	Del Puerto 72
Curros 11 30 33 99	Delgado, M. 75
	Dgz.Santamarina 60
D	Díaz (flías.) 96
D'Annunzio 77	Díaz (p) 88
Da Contiña 36	Díaz (pcio.) 24
Da Rosa 93	Díaz Baliño, D. 35
Dacal 26	Díaz de Guerra 76
Damiani 53	Díaz Glz. (hnos.) 76
Darío, Rubén 74 92	Díaz Mariño 84
Darriba 30	Díaz Vélez 48
Darwin 45 55	Díaz y Díaz 39
De Castro (p) 29	Díaz, Aº 6 28 93
De Castro 6 28 29 71 73	Díaz, Ave. 51
De la Peña 97	Díaz, Camilo 60
De la Sagra 6 28 59 75 90 99	Díaz, Cr. 65
De la Sierra, J.A. 76	Díaz, Pastor 44
De la Vega 50	Díaz, Pº J. 58
De los Ángeles 51	Díaz, Teófilo 58
De Mattos 27	Díaz, Xerardo 89
De Mello 51	Dieste (p e hh) 59
De Nava 53	Dieste, R. 36
De Pena 40	Díez Canedo 92

Dobarro 35

Dobarro y Pichel 18

Donatello 32

Dorrego 90

Dos Santos 27

Drexler 53

Dubra, A. 28

Ducasse 54

Dumas 54

Durán, J.A. 68

E

Einstein 74

Elío 75

Escudero 99

Espina 53

Espíndola 57

Espínola, A. 6

Espínola, F. 93

Espiña 99

Estramín 51

Estruch 78

Evz. (p) 39

Evz., F. 24 39

Evz., M. 29 31

Evz., P. 31

Expósito 18

F

Fabini (hnos.) 69

Fabini, E. 91

Facal 4

Faget 3 25

Falú 50

Fariña Varela 46 61

Feijoo, Pe. 21

Feria 53

Fernando VI 100

Ferrari, J.M. 98

Ferreira 76

Ferreiro, Bto. 76

Ferreiro, C.E. 11 35 99

Ferrol, M. 22

Fierro 53

Figari (h) 73

Figari (p) 73

Figueroa fútbol. 26

Filgueira 26 99

Flores Mora 78

Floridablanca 9

Fonseca (hnos.) 73

Fonseca, Glo. 73

Fontaina, P. 46

Fontaina, R. 11 91

Formoso 27

Fr. Bento 8

Frade 6

Fragoso 37

Franco, Rn. 46

Fregeiro 42

Freire (p e h) 65

Freire (p) 61 83

Freire, Brdo. 91

Freixanes 99

Frugoni 33 68 82

Fz. Bardesio 53

Fz. Bermello 21 65 99

Fz. Ferreiro 100

Fz. Fisterra 26 65

Fz. Flórez 79

Fz. Granell, E. 98

Fz., Cris. 60

Fz., Dioni. 46

Fz., Lzo. Fútbol 26 97

Fz., Lzo. Anto. 97

Fz., Pepe 60

Fz., Vte. 35

G

Ga. (hnos.) 62

Ga. Claudio 46 51 68

Ga. Cochón 99

Ga. de Castro 15

“Ga. Durán” 35 89

Ga. Fz. 46 47

Ga. Glz.-Ledo 58

Ga. Lagos 47 88

Ga. Pena 48

Ga. Pintos 88

Ga. Sabell 99

Ga. Sáiz 35

Ga., Die. 72

Ga., Doro. 87

Ga., Fdo. 67

Ga., Hip. 67

Ga., Ilde. 87

Ga., P.M. 75

Gaboto 72

Galdo 40

Galeano 93 98

Gallinal 79

Gamallo 17

Gandós 11 29

Gardel 33 45 70 98

Garibaldi 26	Goldaracena, R. 95
Garzón 9	Gondar 42
Gaspar, S. 30	Góngora 77
Gavioli 96	Gosende, P. 81
Gestido, Ó. 81	Goytisoló, L. 84
Gestido, Á. 26	Gracia, Scho. 32
Gil de Lemos 46	Gradín 86
Gil Salguero 21 42	Granada 46 59 62
Gil Taboada 84	Granda 50
Gil y Gil 84	Grandal 76
Ginastera 50	Gravina 53
Giribaldi 91	Guillén 51
Glz. Blanco 67	Gurriarán 89
Glz. Conde 92	
Glz. Garcés 35 99	H
Glz. Lz., E. 99	Habegger 17
Glz. Tuñón 51	Harley 81
Glz., Armando 53	Hermida 35
Glz., Cs. 51	Herrera (os 3 curmáns) 81
Gmz. (p) 29 75 88	Herrera y Reissig 92
Gmz. Caramés 30	Herrera, Julio 81
Gmz. Platero 88	Herrera, L.A. 70
Gmz. Sanguinetti 94	Hidalgo 55 87
Gmz., F.A. 29	Hudson 54
Gmz., Ldro. 28 65	H., Felisberto 93
Goberna 91	

I

Ibáñez, Chicho 30

Ibarbourou 12 16 35 83

Ibargoyen 53

Iglas. Montero 39

Iglas. Rendo 32

Iglas. Vilas 30

Iparraguirre 78

J

J. Aréchaga 59

Jagger 83

Jaurena 53

Jobim 50

Juega, J. 59

L

Lacalle (p e h) 81

Ladra 30

Laforge 54

Lagos 47

Laguarda 72

Lamarque 91

Lamas (flias.) 96

Lamas Ferreiro 62

Lamas, J.B. 80

Lapido (pcio.) 39

Larrañaga 97

Larreta 30

Latorre 81

Lautréamont 54 92

Lavalleja 83 87

Lecocq (h) 28

Lecocq (p e h) 59

Lecocq (p) 28 29 95

Leiras 52

Leis 91

Lemos 46

León, M.T.

Lepera 48

Levero 93

Linares-Rivas 60

Lira 76

Líster 34

Llamazares 77

Lobo, M. 100

Lodeiro 26

Lojo, M. X. 35

Lomuto 48

Lorca 74 92

Losa 90

Losada, B. 99

Lueiro 99	Manzi 48
Lugrís, F. 59	Maquieira 48
Luisi 46	Marañón 6
Luna, Fx. 83	Mariátegui 86
Lz. Lomba 88	Marmier 60
Lz. Silveira 30	Mármol, L. 90
Lz., Solano 36	Maroñas 18
Lzo. Losada 88	Marra 30
Lzo., Á. 27	Martí, A. 22
	Martí, J. 40
M	Marx (ii). 83
Ma. Antonieta 54	Maseda 35
Maceiras 26	Matos Rz. 8
Machado (p) 54	Mdz. Ferrín 99
Machado, Anto. 78	Mdz. Magariños 67 73
Madariaga 74	Mdz. Nz. 46
Magalhaes 72 77	Medina, S. 86
Magariños Borja 21	Meilán 21 94
Magariños Cervantes 62 77	Melo, virrey 9
Magariños, M. 17	Mendive 98
Majfud 53	Mérica 18
Maldonado (ap.) 77	Mgz, B. 87
Mallo 35	Mgz. futbol. 26
Malvar 80	Mgz. Pcio. 39
Maneiro 26	Miaja 82
Manzanares 59	Michelangelo 32

Milán 53	Murado 52
Milla 78	Murguía 79 88
Mistral 83 86	Mz. Barrios 82
Mitterrand 20	Mz. Moldes 81
Mnndz. Pidal 54 95	Mz. Moreno 53 93
Moas 26	Mz. Oca 52
Molina Foix 74	Mz. y Glz. 43
Mompou 51	Mz.-Risco, S. 99
Montero (flias.) 96	Mz., Alicia 98
Montero, Aº 29	Mz., J.M. 88
Monterroso (h) 80	Mz., Roge. 78 89
Monterroso (p) 46	
Montes 43	N
Montsalvatge 51	Naya 26
Mora Guarnido 78 92	Neira 46 94 99
Moraña 53	Neruda 86 92
Morelos 9	Nervo 1 48 86
Morenza 64	Nieto Abelenda 90
Morosoli 93	Nieto futbol. 26
Moure Mariño 43	Nieto mtro. 6
Moure, E. 15	Nin Frias 92
Mqz. Pose 84 90	Noriega 51
Mqz., R. 84	Nóvoa, E. 30 73
Mujica 33	Nóvoa, Joel 73
Muñoz Molina 74 77	Nóvoa, Joselo 73
Muñoz, L. 86	Nóvoa, L. 30 67 73

Nz. Búa 99

O

Obes 95

Ojeda 53

Olivera, H. 41 86

Olveira & Naón 66

Olveira 98

Onetti, 30 41 77 93

Ordeñana 78

Oreffiche 91

Oreiro 53

Ortega y G. 74

Ortoño 42

Osinde 87

Otero Pedrayo 19 74 99

Otero, Bella 21 30

Otero, Ml. 67 73

Ott 53

Oyarsun 15

P

P. Sandú 8

Pacheco, Mchor. 54

Páez V. 21

Páez, Agó 71

Pailós 11 40 67 70 73

Palacios 53

Palleiro 53

Palmás 82

Pampillo (h) 75

Pampillo (p) 75

Pardo-Bazán 46 51 99

Parra 86

Paseyro 53

Passarella 53

Patiño, R. 74

Paz-Andrade 99

Pena, Anto. 73

Pensado 100

Peña Novo 64

Peñasco 91

Perafán 77

Pereda Valdés 51

Pereira (h) 28 81

Pereira (p) 6 81 90

Pereira Navia 46 99

Pereira, C. 30

Perelló 30

Peri Rossi 30 93

Piaggio 47

Pichel 51 66

Piedracueva 46 58 61

Pigafetta 72

Pinochet 86

Pinto 78

Piñeiro, Rn. 95 99

Piñeyro, A. 86

Piñeyrúa 21

Pita, Emilio 94 99

Platero 46 47

Pondal 57 89

Ponte Tenreiro 58

Poquelin 77

Porley 67

Porrúa 87 90

Posadas Parque 39

Posadas, C. 21 30

Pouso 26

Prada, R. 99

Pradera 50

Puga, Also. 69

Puga, Anto. 69

Puga, Boris 69

Pujol 32

Purriel 40

Pz. (h) 65

Pz. (p) 46 75 88

Pz. Fontana 6

Pz. Galdós 89

Pz. Leira hnos. 99

Pz. Prado 99

Pz., Ls. 35 60

Q

Quijano 53

Quintillán 30

Quiroga 53 54 93

Quiroga, cardeal 99

Quiroga, M. 69

R

Rabal 41

Rabuñal 26

Rama, Á. 36 47

Rama, C. 47

Rama, Dgo. 80

Recamán 26

Regueiro 26

Regules 9

Regúnaga 76

Rein 93

Rey, Adfo. 5 74

Reyes, E. 81

Reyes, Hcio. 71	Rosende 76
Reyles 9 93	Rrz., Ariel 83
Ribeiro, L. 91	Rrz., C.M. 62
Ribero 48	Rubatto 71
Riguera 44	Ruffinelli 53
Risso 47 91	Rz. Barreiro 11 17 60
Rivadavia 94	Rz. Castillos 50
Rivas, M. 99	Rz. Monegal 53
Rivas, Sfn. 40	Rz., Adfo. 88
Riveiro, Bn. 30	Rz., Celes. 27
Riveiro, Bno. 30	Rz. "Farruco" 3 90
Riveiro, M. 30	Rz., Manane 30
Riveiros 42	Rz., Senén 28
Rivera, F. 9 77 85 95	
Rivero, futbol. 26	S
Rivero, R.M. 8 53	Saavedra 77
Riverós (h) 42	Sábat 53
Riverós (p) 42	Sabat Pebet 21 66
Rocca 92	Saborido 91
Rodil 75	Saer 80
Rodó 62	Saítta 86
Roland 92	Salgueiro 42
Roldán 53	Salinas 44
Romero Gmz. 70	Salvañach (h) 95
Rosales 21 30	Salvañach (p) 95
Rosas 97	Salvo 24 39

Sambucetti 91	Seoane, Mxa. 8
Sampayo 53	Serebrier 53
Samuelle 21	Serra 82
San Luis 60	Serrano, J.M. 62 78
San Martín 36	Serrano, P. 17 58
San Román hnos. 98	Serrat 48 74
Santamaría 26	Severo 16
Santomé 49	Shakespeare 54 77
Santos Gayoso 64	Sigüenza 35 64
Santos Pírez 78	Silva Valdés 50
Santos, Bmé. 39	Silva, J.M. 21 70
Santos, Máx. 39 81	Singerman 86
Santos, Rto. 99	Sixirei 89
Sarmiento, P. 100	Sixto Seco 99
Scheps 76	Soca, S. 47
Schz. Mosquera 64	Soliño 11 12 70 91
Schz. Seijas 66	Solís 72
Schz., Amador 82	Somers 93
Schz., Fco. 21	Somoza 89
Schz., Flor. 68 88	Sosa 53
Scorza 47	Sotomayor 67
Seárez 60	Sotuyo 42
Senra 66	Srz. Picallo 99
Seoane Pita 37	Srz., Goyo 9
Seoane, Gelo 5	Srz., José 35
Seoane, L. 10 19 49 99	Srz., Jqn. 88

Srz., Leonor 41

Srz., Ml. 48 82

St. Bois 40

Storni 83 86

Suñer 6

Supervielle 53 54

Suras 30

T

Taibo rematador 4

Taibo, futbol. 26

Taibo, Nacho 5

Tajes, F. 65

Tajes, M. 9 39 81 87

Taranco 21 29 59 67 90

Tasende 4

Terra, Gbl. 92

Tobío 59 89 99

Torrado 4

Torrado, Grdo. 98

Torrente (h) 27

Torres Ga. 73 92

Tosar 91

Touriño, M. 4 98

Traba 47

Trelles 12 17 21 35 66

Trigo 4 98

Trobo 53

Troitiño 12 17 68

Troitiño, Jna. 75

Troncoso 25

Turnes 90

U

Ulive 53

Unamuno 89

Urtubey 92

Usera 91

V

Valcárcel, X.L. 99

Valle-Inclán 46 99

Vallejo 86

Vallejo, Cs. 92

Valls & Moragues 66

Varela Acevedo 61

Varela da Rama 61

Varela Feijoo 61

Varela Fuentes 46 61

Varela Gundín 61

Varela Radío 61

Varela Stolle 44 61

Varela y Ulloa 61	Viglietti 23
Varela, Cs.Ml.61	Vigodet 87
Varela, Flor. 61	Vilanova 66 99
Varela, J. Pedro 6 37	Vilariño 47 51
Varela, José A. 6 30	Villafínez 67
Varela, Jbo. A. 61	Villalba 81
Varela, Lzo. 35	Viñoly 53
Varela, Obd. 61	Vitale 47 53
Varela, P.J. 61 81	Vlsqz. 77
Varela, Seve. 26 61	Vsqz. Varela 61
Varela, W. 61	Vz. (flias.) 96
Varese 19 21 70	Vz. Cores 6 28 46 62
Vaz Ferreira 74	Vz. de España 90
Vaz Ferreira, M.E. 83	Vz. Ledesma 88
Vedía, E. 34	Vz. Piedracueva 58
Vedía, L. 34	Vz. Romero 36
Veiga, X. 72	Vz. Souza 35
Verdía 73	Vz. Valiño 89 99
Verrocchio 32	Vz. Vz. 90
Viana, Gob. 29	Vz.-Gmz. 28 68
Viana, Jvr. 93	Vz., Alejo. 63
Vidal, B. 81	Vz., Ml. 6 29 61
Vidal, F.A. 81	Vz., Rn. S. 40
Vidart 2 21 66	Vz., Sgo. 9 28 88
Vidarte 30	Vz., Taba. 58 81
Vigil, Consto. 64	

W

Wich 95

Williman (h) 44 81

Williman 59

X

Xalambrí 90

Xirgu 32 60 78 92

Xoán Paulo II 25

Y

Yupanqui 50 91

Z

Zitarrosa 4 8 98

Zorrilla 62

Zorrilla, J.L. 17 36